



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 19

Sesión Plenaria
7 de marzo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 3669, 10/PPLC-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

Punto 2. Comparecencias en pleno

2.1 1133 (10/CPP-000004)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

2.2 1135 (10/CPP-000006)

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 3. Mocións

3.1 5662 (10/MOC-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 4095, publicada no BOPG nº 57, do 01.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.02.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.2 5680 (10/MOC-000018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do Pacto local. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1510, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.02.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 694 (10/PPN-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.2 1347 (10/PNP-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscrición dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

4.3 2514 (10/PNP-000237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.4 3696 (10/PNP-000306)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

4.5 4321 (10/PNP-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

4.6 5105 (10/PNP-000425)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.7 5123 (10/PNP-000428)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.8 5245 (10/PNP-000440)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 5. Interpelacións**5.1 2080 (10/INT-000083)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

5.2 4113 (10/INT-000151)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

5.3 4594 (10/INT-000175)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política sanitaria na área de saúde de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

5.4 5139 (10/INT-000196)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 5695 (10/POPX-000019)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a evolución da condición da muller en Galicia durante os mandatos do actual presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

6.2 5740 (10/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para frear o retroceso nas políticas de igualdade de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

6.3 5774 (10/POPX-000021)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas elaboradas pola Xunta de Galicia para que os homes se involucren activamente na igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 5205 (10/POP-000668)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis

Sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

7.2 5678 (10/PUP-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da oferta de emprego público do ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.3 4808 (10/POP-000620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e catro deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.4 2660 (10/POP-000250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.5 4813 (10/POP-000621)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para as mulleres que traballaron nas empresas de confección e que están desempregadas na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.6 5590 (10/PUP-000061)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do mantemento da oferta pública de emprego anunciada para o ensino no ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.7 5773 (10/PUP-000062)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.8 3581 (10/POP-000418)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis**

Sobre a actividade levada a cabo no eido dos transplantes en Galicia no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.9 5095 (10/POP-000655)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis**

Sobre a situación do proceso de ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

7.10 5220 (10/POP-000670)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a garantía do cumprimento de todos os requisitos legais no concurso da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx.11.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 13.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 16.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 18.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 21.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 30.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 33.), Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 37.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 40.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 43.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 49.) Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 49.), o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 51.), a señora Chao Pérez (EM) (Páx. 53.), o señor Fernández Gil (P) (Páx. 54.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 56.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 58.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 72.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 75.), Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 78.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 82.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 85.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 88.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 88.), a señora Blanco Rodríguez (S) (Páx. 90.), a señora Vázquez Vero (EM) (Páx. 91.), a señora Rodríguez Arias (P) (Páx. 93.) e o señor conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás quince e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 103.) e Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 104.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do Pacto local. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 110.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 112.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 114.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 116.)

Votación das mocións

O señor Torrado Quintela (S) intervén para dar lectura ao texto da transacción. (Páx. 117.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte: aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 118.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do Pacto local: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 118.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente intervén para comunicar unha alteración no desenvolvemento da orde do día que consiste en que a pregunta ao Goberno que figura en primeiro lugar será substanciada logo das preguntas ao presidente (Páx. 118.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 123.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 125.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscripción dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Burgo López (S). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 132.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 134.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 135.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 138.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. López Crespo (P). (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 142.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 144.) e Sr. Merlo Lorenzo (EM). (Páx. 145.)

O señor López Crespo (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 147.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén nunha rolda por alusións. (Páx. 149.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 150.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 154.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 156.), Sra. Prado del Río (P). (Páx. 157.)

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 160.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión. Xa hai quórum.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* polo que non procedemos á súa lectura.

E entramos na orde do día co punto 1, que é textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Iniciamos, por tanto, unha rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Bos días a todos e a todas.

Señorías, debatemos hoxe por segunda vez en pouco máis dun ano unha proposición de lei para conseguir que Galiza teña a xestión da AP-9 e que este sexa o primeiro paso para conseguir non só unha AP-9 galega senón unha AP-9 galega e libre de abusivas peaxes, que son unha auténtica estafa.

No primeiro momento esta foi unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que, felizmente, tivo a unanimidade deste Parlamento. Porén, a unidade das forzas políticas galegas para conseguir a xestión da AP-9 topouse cun veto no Congreso. Un veto que para nós é un acto de desprezo ao Parlamento, mais que, sobre todo, é un acto de desprezo a Galiza e a todos eses galegos e galegas que cada día teñen que pagar relixiosamente unhas abusivas peaxes. Non esquezamos que hai 22.000 galegos e galegas que están atrapados na AP-9 e que esta autoestrada recada aproximadamente máis de trescentos sesenta mil euros ao día en peaxes. Polo tanto, entendemos que a nosa obriga como representantes do pobo galego é facer todo o que sexa necesario, todo o que estea ao alcance das nosas mans para acabar con esta situación e para acabar co auténtico atraco que constitúen as elevadas peaxes da AP-9.

E permítanme que lles explique en tres datos por que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que a situación da AP-9 é un auténtico abuso e un auténtico dislate:

Primeiro, porque non ten ningún tipo de sentido que sexa máis caro viaxar desde A Coruña a Vigo, que son 130 quilómetros, que desde A Coruña a Madrid, cando son 500 quilómetros.

En segundo lugar, porque a AP-9 non é que estea amortizada, é que está requeteamortizada. Desde o inicio da súa construción levamos pagados máis de dous mil cincocentos millóns de euros en peaxes. No último ano do que temos datos oficiais, a AP-9 recadou en peaxes máis de cento trinta e dous millóns de euros. E nese ano 2015 os accionistas repartíronse 44,6 millóns de euros en beneficios, é dicir, que un de cada tres euros que pagan os galegos e galegas en peaxes na AP-9 se converte en beneficio neto para uns accionistas que creo que viven moi lonxe deste país.

E, en terceiro lugar, un dato que é significativo: en todo o Estado español só hai tres autoestradas que teñan unhas peaxes cuxa concesión remata nos setenta e cinco anos, que é o máximo que legalmente está permitido. E, ¡que curiosidade!, por xenerosidade do Estado dúas desas autoestradas están en Galiza: unha é a AP-53 e outra é a AP-9. Eu non sei se a algunha das súas señorías lle parece racional ou normal esta situación; xa lles digo: ao Bloque Nacionalista Galego isto parécenos un auténtico escándalo.

Do mesmo xeito que consideramos vergoñento e antidemocrático o veto de Rajoy e da presidenta do Congreso, a deputada electa pola provincia de Pontevedra, Ana Pastor, a unha lei que aprobamos por unanimidade nesta Cámara. Un veto que non só é antidemocrático senón que ademais está xustificado sobre falsidades e mentiras. Mentiras como que a AP-9 nos conecta con Portugal, cando todas e todos sabemos que esa conexión se fai a través da A-55; mentiras como que a AP-9 é a que dá entrada aos principais portos e aeroportos de interese xeral, porque en ningún deses casos se fai directamente a través da AP-9; ou a mentira —eu xa diría— superior ou sublime, como é que a transferencia da AP-9 supón un incremento do gasto público que pouco máis que vai deixar o Estado español na UVI desde o punto de vista do equilibrio das súas contas públicas.

Todo isto fíxose a través dun informe —imos chamarlle así porque eu creo que é unha categoría demasiado elevada para ese papel que se remitiu ao Congreso dos Deputados— no que realmente todo o que se dicía alí non tiña nin pés nin cabeza. Fomento para calcular o que nos di que é o custo do rescate da AP-9 utiliza un método que non é o que contempla a lei. O método que utiliza Fomento é dicir cal é a media de ingresos da AP-9 nos últimos anos, e iso calcúlao polos anos que lle restarían de concesión. Sen embargo, a lei para prever como se calcularía o rescate prevé outro método, que daría unha cifra moi inferior da que nos fala o Goberno no seu informe.

Pero hai unha cousa que sae a relucir detrás deste informe e que a min hoxe tamén me gustaría destacar. E é que realmente se nos acollemos ao que di oficialmente o Ministerio de Fomento teríamos que pedirlle unha responsabilidade moi grande ao señor Aznar, porque cando privatizou a AP-9 privatizouna por 1.500 millóns de euros, e agora veñen e dinnos que dez anos despois custa tres veces máis a de como vendeu a AP-9 o señor Aznar. Non sei se temos que pedirlle que pague do seu peto a diferenza do que nos adebeda aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

Mais tampouco nesta explicación —non sei se a van facer agora outra vez os señores do Partido Popular— son capaces de explicarnos por que é un gran negocio rescatar as ruinosas autoestradas madrileñas e, sen embargo, é un negocio fatal rescatar a AP-9, que é unha vía

central para o noso país e que liberala de peaxes significaría, desde o punto de vista económico e social, unhas vantaxes moi importantes.

Con todo, desde o Bloque Nacionalista Galego congratulámonos de que se manteña a unidade das forzas políticas neste tema no país, que non aceptemos o veto e que poñamos en marcha unha nova estratexia, que sen renunciar a nada nos permita que xestionemos desde Galiza a AP-9 como primeiro paso para acabar coas abusivas peaxes que teñen que pagar cada día miles de galegos e de galegas. Entendemos que do punto de vista legal esta lei xa non pode ser vetada e agardamos que o Partido Popular respecte o pobo galego e que non lle dea un novo portazo con mentiras e falsidades á transferencia da AP-9. Porque, miren, hai moitos anos que os vascos e cataláns xestionan autoestradas similares á AP-9, e a pregunta é: ¿por que a Cataluña e a Euskadi lles dixeron que si e a Galiza lle din que non?

En todo caso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—e con isto remato— eu creo que esta unanimidade é tamén unha responsabilidade para o Goberno da Xunta de Galiza, e en concreto para o presidente Feijóo, ausente neste debate. Esta unidade require que o Goberno se empregue a fondo con firmeza na defensa desta transferencia, que non se volva repetir a vella historia de que as forzas políticas galegas votan aquí unha cousa e o contrario en Madrid, que non se repita un veto que non ten sustento desde ningún punto de vista. E agardo que Núñez Feijóo teña en boa consideración que a unidade que hoxe temos e fraguamos neste Parlamento é unha responsabilidade engadida. E que se lle din que non a esta transferencia da AP-9...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non só lles están dando un portazo aos galegos e galegas, senón que tamén están demostrando que hai votos aquí que se fan de maneira pouco consistente e que o Goberno galego, á hora da verdade, claudica cando se trata de defender os intereses deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente.

Señoras e señores deputados, con esta proposición de lei que imos apoiar todos os grupos, dirixida ao Congreso dos Deputados, propomos que a Comunidade Autónoma asuma a titularidade da AP-9 e a Xunta de Galicia teña, por tanto, as competencias sobre esta infraestrutura.

Transformamos a proposición orixinal, que non foi tramitada polo veto que introduciu o Executivo de Mariano Rajoy. E transformamos esa proposición eliminando aqueles aspectos

que poden dificultar —digamos— que sexa tomada en consideración polo Congreso dos Deputados para facilitar que esta iniciativa chegue a bo porto.

Unha das dificultades que vai permanecer —pero eu creo que non é tal— é a súa condición de parte da Rede de estradas do Estado. Xa indicaba a portavoz do BNG que hai precedentes: a AP-8 foi transferida á Comunidade Autónoma do País Vasco, a A-17 e a A-19 foron transferidas á Comunidade Autónoma de Cataluña, e formaban parte da Rede de estradas do Estado. Por tanto, temos precedentes xa que permiten superar esa dificultade que estaba incluída no veto que introduciu Mariano Rajoy. A pregunta sería: ¿por que Galicia non pode ser tratada igual que estoutras comunidades autónomas?

Hai que dicir que a AP-9 forma parte da Rede transeuropea de transportes. Pero tamén sabemos hoxe que coa transferencia ás comunidades autónomas seguirá tendo a mesma condición, nada cambiará neste sentido. Por tanto, aquí non temos ningunha dificultade.

Xa hai anos os intelectuais en Galicia tiñan saudades da existencia dunha cidade central que puidera ser comparable a Barcelona, a Bilbao, a Sevilla..., que tivera a mesma dimensión e a mesma potencia urbana. Hoxe en realidade esa cidade xa existe. Sen decatármonos, no occidente de Galicia apareceu un fenómeno urbano que vai desde Ferrol até a fronteira con Portugal, até Tui, que xustamente é esa cidade que estes intelectuais hai décadas demandaban. E a AP-9 pois é a rúa central desa cidade, que conecta todos eses fenómenos urbanos case sen discontinuidade desde Ferrol até Tui, que conecta seis das oitos áreas urbanas máis importantes de Galicia, conecta os tres aeroportos que ten a comunidade autónoma, conecta os portos de interese xeral que hai en Galicia, coa excepción de San Cibrao, e a través das vías autonómicas —sete moi importantes— irriga —diríamos— o conxunto do territorio e chega bastante máis alá desde Vilalba até A Guarda. Por tanto, é unha infraestrutura de primeira dimensión para o noso país, é a base do artellamento territorial da Galicia occidental, e esa é a súa función principal.

No informe que fai o Goberno de Mariano Rajoy dise que ten unha función de conexión internacional con Portugal. O cal significa un erro de feito, porque a que conecta con Portugal directamente coa ponte de Tui é outra vía diferente á AP-9. A AP-9 non chega até alí, queda a uns quilómetros desa conexión.

Pero máis alá desta cuestión importante de se é ou non unha conexión con Portugal, o certo é que a función principal desta infraestrutura é a conexión das cidades, das áreas urbanas entre si e da chegada e saída de tráfico desde estas áreas urbanas a outras zonas de Galicia e tamén fóra de Galicia; esta é a función principal. E pola ponte de Rande circulan cada día —segundo os aforos que están alí colocados— unha media de 55.000 vehículos, o cal é unha cifra elevadísima. Pero poucos quilómetros ao sur, dentro da mesma AP-9, o aforo C-518-3 marca un tráfico de 12.500. Se a conexión externa con Portugal fora o relevante, se os tráficos de longa distancia foran o relevante, pois non podería haber esta gran diferenza de aforos.

A AP-9 é, sobre todo, un instrumento, unha articulación territorial de Galicia. Isto é o que xustifica que pidamos esta transferencia, que pidamos a competencia sobre esta infraestruc-

tura. Pero a AP-9 pode xestionarse mellor. Esa vía de comunicación preferente presenta deficiencias e insuficiencias. A primeira, e máis importante, é a lonxitude concesional. A prolongación da concesión no ano 2000 até o 2048 foi un erro maiúsculo, foi un erro porque é certo que tiña algunhas compensacións en forma de obras, pero como negocio é un negocio ruinoso, perdemos moitas cousas, entre eles os cuantiosos beneficios da empresa, que é un custo neto para esta comunidade. A transferencia, se se fixera antes dese momento, co seu compoñente de proximidade e de control desde Galicia, tería feito imposible a prolongación desa concesión.

Pero o funcionamento actual da AP-9 o que significa é que os usuarios, a través das peaxes que pagan, están pagando as obras de mellora da autoestrada, evitando que recaian sobre os orzamentos xerais do Estado. E, fíxense vostedes, o imposto de sociedades, que paga a sociedade concesionaria, nutre as arcas da Administración xeral do Estado, e é superior aos pagos por bonificacións que fai a propia Administración xeral do Estado nalgúns tramos da AP-9.

Digamos que sen esa autovía, perdón, sen esta autopista, se esta infraestrutura fora unha autovía, a Administración xeral do Estado perdería cartos. As peaxes son excesivas, ademais, a produción hortofrutícola do Bierzo chega en mellores condicións á Coruña que a produción do Rosal, un paga peaxes —a galega— e os outros non. A produción metalúrxica do contorno de Valladolid ou de Palencia chega a Vigo en mellores condicións que a de Ferrol, a de Ferrol paga peaxes, a outra non.

Isto é o que significa a AP-9, por iso temos que facer un esforzo difícil de redución das peaxes; a transferencia non nos permitirá reducilas directamente, non é unha consecuencia directa, pero si vai permitir discutir nas comisións mixtas de transferencias as obrigas da Administración xeral do Estado.

Eu fago xa unha suxestión para esa negociación. Un cálculo rápido do que significa o imposto de sociedades, a pagar pola empresa concesionaria de aquí ao remate da concesión, indícanos que vai estar por riba dos 500 millóns de euros; poñamos isto en valor nesa negociación e traslademos isto á rebaixa das peaxes.

A transferencia é posible politicamente, porque a maioría do Congreso dos Deputados xa se pronunciou nesta dirección. Pero a tarefa inicial de Alberto Núñez Feijóo, e da Xunta de Galicia, é vencer a resistencia do Grupo Popular no Congreso dos Deputados a asumir esa transferencia. Se hai consenso, tamén en Madrid como hai aquí, a negociación será máis rápida, a transferencia farase...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...en mellores condicións e conseguiremos xestionar antes esta infraestrutura, o que redundaría nunha mellora das condicións das peaxes que deben pagar os galegos e galegas por usar a AP-9.

Os obxectivos —e xa remato, señor presidente— teñen que ser: conseguir aprobar a transferencia no Congreso dos Deputados, canto antes e a ser posible por unha ampla maioría;

garantir unha boa negociación na Comisión Mixta de Transferencias, para poder rebaixar as peaxes a continuación; e asegurar unha mellor xestión desde a proximidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, bos días a todos e a todas.

Hoxe estamos a debater esta proposición de lei, que nós imos apoiar, porque o Partido Popular español non tivo vontade política para aprobar a anterior proposición de lei que se aprobou neste Parlamento por unanimidade.

Ese Partido Popular, e Goberno español, que utilizou para bloquear o debate desa proposición de lei a manipulación e a mentira, porque no Congreso non tiña garantida a maioría para facer o que querían facer, que é dicirnos que non. E por iso estamos aquí, esa é a primeira noticia.

A gran noticia de hoxe é que a pesar de contar co apoio do Partido Popular a esta proposición de lei non temos garantido que o Partido Popular, o Goberno popular, o señor Rajoy e o señor De la Serna vaian apoiar a tramitación desta lei. O Partido Popular, o garante da unidade de España, di unha cousa en Galicia e non sabemos o que vai dicir en Madrid. A non ser que hoxe salte a sorpresa e o voceiro do Partido Popular anuncie algo, viremos aquí coa incógnita de saber se isto prosperará co apoio do Partido Popular español. É dicir, o Partido Popular de Galicia serve para colocar a Tellado na executiva do Partido Popular, serve para colocar ministros, pero non serve para mellorar a vida dos galegos e das galegas, (*Aplausos.*) ¡está moi ben!

Segundo o señor Tellado depende, esperemos que haxa sensibilidade en Madrid, ¡moi boa xestión, si señor! A día de hoxe estamos esperando pola sensibilidade no Partido Popular para que non utilicen a mentira e a manipulación para vetar o debate. É asombrosa a posición do Partido Popular de Galicia, que era a quinta esencia do Partido Popular en España, o gran donante de diñeiro do Partido Popular en España e que tanto peso debería ter en España. Para isto ningún, polo que vemos. Ese é o gran negocio de hoxe, a gran noticia.

Outra noticia é que tivemos que asumir por responsabilidade, para tratar de avanzar na consecución do goberno total da AP-9, e rebaixar a posibilidade condicional que se establecía na anterior lei dun rescate. Ese rescate condicional que apoiou o Partido Popular na lexislatura pasada e que, en cambio, utilizou para desviar a atención e dicir que nós falabamos de rescate e que iso custaba moitísimos millóns de euros, e que a ver de onde iamos sacar os millóns de euros, se da sanidade, se dos servizos sociais, etcétera.

Iso dixo o PP para desviar a atención, e dicía que non era bo negocio e que estabamos enganando a xente. Ben, o que si lles digo é que o mal negocio, o pésimo negocio, foi o que fixeron vostedes no ano 2004: regalarlle a prezo de amigo a Sacyr Vallehermoso —un dos que do-

aban diñeiro ao Partido Popular, que aparecen nos papeis de Bárcenas—, demostrado, esta infraestrutura, e agora estamos pagando as consecuencias os galegos e galegas. Ese é un mal negocio, non este. (*Aplausos.*)

Si, a prezo de amigo, a prezo de amigo, en poucos anos, en catro anos, Sacyr Vallehermoso vendeullo a Citigroup e obtivo, sen facerlle nin unha obra de mellora á infraestrutura, case 1.000 millóns de euros de plusvalías. Se iso non é corrupción, pois non sei o que o é.

Ben, e ademais, ¿teñen vostedes calculado o custo do rescate, señores do Partido Popular? Se vai intervir o señor Fernández Prado que me diga se teñen calculado o custo do rescate. Porque eu, como un goberno responsable, supoño que terán que ter previsto e calculado ese custo do rescate para ver se é bo negocio ou mal negocio para os galegos.

Eu dígolle uns datos de Audasa, da concesionaria: a taxa de beneficio foi durante o ano 2015 do 46% dos ingresos; é dicir, case a metade do que se recada por peaxes son beneficios. 28 euros de cada 100 dos últimos cinco anos foron repartidos en dividendos, entre os accionistas, 132 millóns de euros en peaxes supuxeron 44,6 millóns de euros en beneficios netos no ano 2015. Mellorará este paraíso de beneficios, sen comparación en toda Europa, porque se prevé unha recuperación dos tráfico e, aínda por riba, porque se incrementará o 1 % das peaxes para pagar as obras da ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago.

Audasa é a concesionaria con menor número de empregados por quilómetros de autopista no Estado —0,37 traballadores fronte ao 1,05 da media estatal—, con falta de man de obra e a concesionaria con maior número de reclamacións dos usuarios, pese a non ser a máis grande en número de quilómetros, etcétera. Vostedes regaláronlle un negocio enorme a unha empresa privada, señores do Partido Popular, e estamos pagando as consecuencias.

E xa que estamos co dos negocios, o que sería tamén pésimo negocio non é o rescate, que nós avogamos polo rescate; nós cremos que sería bo negocio o rescate despois de vistos estes números da empresa, e os números que vai haber de aquí a 2048. Nós defendemos o rescate, é unha proposta realista, é unha proposta moito máis beneficiosa para os galegos e galegas. Ese negocio, en vez de telo a concesionaria, queremos que o teñan os galegos e as galegas, avogamos por iso.

Pero o que é mal negocio é o que está plantexado polo Partido Popular. Na Lei de estradas do Estado teñen vostedes prevista unha autovía gratuíta paralela á AP-9, a A-57, da que xa se está facendo un tramo por Pontevedra. ¿Ese é un bo negocio? Unha autovía que en principio pode custar até 1.000 millóns de euros, co cal se podería afrontar gran parte do rescate, vaise utilizar en teoría para facer unha autovía paralela á AP-9. E digo eu, ¿e que pasará se empeza a funcionar esa autovía paralela e empeza a perder clientes a AP-9? Porque a xente vai ir pola gratuíta e non pola privada. Seguramente teríamos que rescatar con diñeiro público a AP-9, como rescatamos tamén as radiais de Madrid, grazas aos seus grandes negocios, onde os empresarios nunca perden.

En definitiva, o portavoz do Partido Popular que sustenta o Goberno debería de vir aquí e dicir que está seguro e sabe, e que ten o compromiso en Madrid, que isto se vai tramitar e

se vai aprobar. Debería vir aquí e dicir: temos calculado o custo do rescate, e dicir cal é o custo do rescate e dicir se é bo ou mal negocio para os galegos e galegas; e debería dicir aquí, tamén, se apoia ou non esa autovía gratuíta paralela —que quere construír— á AP-9 e, polo menos, que consta na Lei de estradas do Estado.

Pola nosa parte, nada máis, apoiamos esta proposición de lei por responsabilidade e porque pode servir —pode servir se hai sensibilidade, disque— para avanzar, pero non colma as nosas aspiracións, e non colma as aspiracións da xente de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Presidente.

Señorías, bos días.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular seguimos agardando polas desculpas ante as calumnias vertidas contra todos os membros do Partido Popular nas redes sociais chamándonos asasinados de mulleres. Estamos agardando. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: A pesar disto, quixera comezar felicitándonos e agradecendo a unanimidade e o consenso desta Cámara que recuperamos coa transferencia da AP-9 a Galicia, coa solicitude desta transferencia da AP-9. A pesar de que unha vez escoitados os voceiros non o parece, pero polo menos por escrito, e coa afirmación do seu voto, parece que si, que estamos de acordo. Porque, independentemente dos matices e as diferenzas que acabamos de escoitar aquí agora, a unanimidade desta Cámara ten a súa importancia e transcendencia política. E isto é o que debemos de reforzar. Ten moito valor e significado político tendo en conta a composición actual do Congreso dos Deputados.

Por outra banda —e tampouco é pouca cousa—, gustárame subliñar a importancia que tamén ten a coherencia do voto do grupo maioritario neste Parlamento, o Grupo Popular galego, que independentemente de se está en goberno ou en oposición mantén unha postura igual, constante e coherente solicitando a transferencia da AP-9, independentemente da visión que poidan ter os responsables do ministerio ou quen estea gobernando en Madrid, postura que outros grupos non poden dicir que manteñen se están en goberno ou en oposición.

Non se lles escapa, quero que estea ben claro, que se non tiveramos un compromiso claro con esta transferencia hoxe non se estaría tramitando e aprobando esta proposición.

Como outras veces que falamos deste tema, creo que é importante recordar que, independentemente dos matices ou da posición particular de cada grupo e das diferenzas, o que de

verdade queremos é conseguir canto antes o obxectivo final, que non é outro que a transferencia a Galicia, canto antes, da autoestrada AP-9. E por iso este acordo unánime ten o seu valor político, que temos que reforzar.

Como ben saben, hai unha semanas rexistrábase conxuntamente polos catro grupos unha proposición de tramitación dunha nova lei para solicitar ao Congreso a aprobación da transferencia e a titularidade da AP-9 a Galicia, na que se eliminaban os aspectos que serviron para xustificar aos servizos xurídicos do Goberno e da Mesa do Congreso o rexeitamento da tramitación da lei anterior.

Así, na proposición de lei que hoxe debatemos elimínase o prazo máximo de seis meses para o traspaso efectivo da AP-9, e incorpórase que este traspaso —literalmente— non suporá incremento ningún dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

Polo tanto, coa redacción do novo texto que asinan os 75 deputados galegos, o Goberno central terá menos argumentos para dicir que non á petición da titularidade da AP-9. Esperamos que así esta nova proposición de lei avance na súa tramitación no Congreso dos Deputados unha vez que se excluíron estes impedimentos formais.

E tamén con esta proposición de lei os grupos políticos da oposición veñen clarificando a súa postura para deixar de enganar os galegos, porque queda claro nesta proposición de lei que o que se está a discutir é a titularidade da AP-9 e non a eliminación de peaxes. Con esta proposición de lei non se engana os galegos dicindo que se transfire a AP-9 e deixa de ter peaxes, porque houbo partidos que tentaron enganar dicindo que a transferencia significaría gratuidade de peaxe, cando isto non é así.

Hai un contrato asinado, que legalmente hai que cumprir, aínda coa xestión autonómica. Poderase mellorar algunha destas cousas, pero o contrato hai que cumprilo. Do mesmo xeito que a Xunta está a facer nas autoestradas galegas e que vai levar á comisión de seguimento, pódese mellorar o tipo e as peaxes, pero seguiremos tendo unha autoestrada de peaxe.

Volven enganar —e volvemos escoitalo sempre—, comparándoo co rescate das concesións de autoestradas de Madrid. Saben perfectamente que se fai por orde xudicial nun concurso e que, ademais, atendendo, como ben di o xuíz, un contrato-convenio firmado, que é unha obriga, como as mesmas obrigas que firmou o Bipartito, señora Pontón, as mesmas obrigas que firmou o Bipartito cando gobernaba, e hoxe teñen as concesións que están vixentes en Galicia, as mesmas que firmou o Bipartito.

Calquera rescate, señores da Marea, independentemente do custo, hai que sacalo doutras partidas. Como sempre, como xa lle dixen en orzamentos, deixen de facerse trampa ao socialitario e dígnanos de onde, de que partidas queren sacar o diñeiro para este rescate.

E permítanme que lles recorde que imos avanzando nestas transferencias. O pasado día 5 de decembro o presidente da Xunta mantivo un encontro de traballo en Santiago de Compostela co ministro de Fomento. Nese encontro tomouse a decisión de crear unha comisión bilateral

Goberno central-Comunidade Autónoma para compartir todas as decisións de xestión da AP-9, e nese tomáronse xa decisións importantes, como as bonificacións das peaxes da Barcala e ponte de Rande, que serán financiadas integramente pola Administración central.

O pasado 22 de febreiro a Xunta e o Ministerio de Fomento celebraron en Madrid a primeira xuntanza e tomáronse de novo importantes decisións para Galicia, como pode ser licitar xa este mes de abril o novo acceso á Cidade da Cultura en Santiago, aplicar as medidas precisas para paliar o impacto de ruído nas zonas afectadas no contorno de Redondela —unha solicitude deste Parlamento, que aprobou unha proposición non de lei por iniciativa do Grupo Popular— ou buscar abordar a situación do treito urbano da AP-9 en Vigo ou tamén as medidas a tomar e adoptar nas peaxes os días de moito tráfico, especialmente no verán.

Aínda con este acordo e que levamos avanzado moito, o Executivo seguirá demandando, igual que o Grupo Popular, a transferencia da titularidade da AP-9 a Galicia. É un obxectivo claro deste goberno e do grupo que o sustenta neste Parlamento. O outro día recordáballelo, porque aquí se escoitan moitas cousas de dicir que se hai agravios a Galicia. Pedimos que se respecten as decisións deste Parlamento, desta Mesa. Creo que tamén debemos respectar as decisións doutros parlamentos e outras mesas, aínda que non compartamos os criterios ou as súas resolucións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pero, por outra parte, tamén quería facerlles hoxe outra reflexión. Nós vimos aquí co interese claro de defender o interese xeral de Galicia como deputados e deputados; os deputados españois fano tamén dos intereses españois; ás veces non coinciden, non coinciden os enfoques, e por iso non se pode descualificar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...os deputados en Madrid.

Remato xa, presidente, simplemente recordando que o importante é manter esta postura unánime sobre a tramitación desta nova Lei de transferencia da AP-9 a Galicia. Esta unanimidade ten un valor e significado político importante e elimina os aspectos que xeraron oposición á tramitación da lei anterior, o que cremos que axudará a que esta nova proposición de lei avance na súa tramitación no Congreso dos Deputados. Noraboa a todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Habendo unanimidade na proposta, sometemos este texto lexislativo a votación.

Pechen as portas.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a debater agora o segundo punto da orde do día, comparecencias en pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten para isto a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bos días, señor presidente.

Señorías, o pasado 25 de setembro a cidadanía outorgou un respaldo maioritario ás políticas realizadas e ás novas propostas formuladas polo Partido Popular de Galicia e polo seu candidato Alberto Núñez Feijóo para construír unha Galicia en positivo, unha Galicia en positivo que seguise dando resposta ás necesidades e ás demandas da nosa Comunidade.

Como se ten manifestado con motivo dos cen días de goberno desta X lexislatura, non hai que confundir a confianza dada cun cheque en branco; ao contrario, toca asumir con responsabilidade e con intenso traballo a obriga de avanzar en proxectos aínda non concluídos e de afrontar outros novos camiños. Os galegos e galegas referendaron cos seus votos as políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia nos últimos oito anos, pero tamén marcaron os novos deberes e o traballo a realizar.

Toda acción de goberno está suxeita a unha avaliación continua ao longo dos anos e a unha avaliación final cando toca celebrar eleccións. Nesta comparecencias sobre as liñas de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quero reiterar o compromiso do Goberno galego na defensa da nosa cultura e da lingua propia e na aposta de futuro a través da educación e o sistema universitario; un compromiso que vén avalado pola maioría social de Galicia e polos resultados acadados nos últimos anos, sobre todo en materia de educación.

Estes dous elementos serven de renovada motivación para seguir aplicando políticas útiles e beneficiosas para todos. A cultura e a lingua propia son elementos vitais e relevantes para

o presente e o futuro do pobo galego. Ambas constitúen un soporte imprescindible para o avance de Galicia. Galicia, a través do seu autogoberno, debe aproveitar a fortaleza que supón o aprecio social polo valor da cultura e da lingua propia como factor da nosa identidade, ao tempo que ten que aproveitar a oportunidade que as mesmas supoñen como elementos diferencienciais e como porta ao mundo da lusofonía e outras culturas.

Os piares da política cultural do Goberno galego para os vindeiros anos estarán asentados en catro aspectos. O primeiro, apoiar a creación e difusión cultural de base que facilite o acceso á cultura no conxunto do territorio. O segundo, impulsar as industrias culturais e creativas, apoiando a creación e distribución dos sectores profesionais das artes escénicas, da música, do ámbito editorial e do audiovisual de Galicia. O terceiro, continuar co proxecto cultural, natural, tecnolóxico e emprendedor da Cidade da Cultura. E o cuarto, protexer e pór en valor o noso amplo patrimonio cultural.

Cremos que os dous primeiros aspectos merecen un traballo conxunto por parte do Goberno galego e dos sectores culturais de Galicia. Todos debemos participar da nosa cultura, e por iso no pasado mes de xaneiro xa anunciamos a intención de deseñar unha estratexia da cultura galega ata o ano 2021; un documento público que recollerá as principais liñas de actuación e as prioridades nas políticas e investimentos culturais. A Consellería impulsará este documento, que debe ser o froito dunha reflexión común e compartida entre todos os axentes e sectores implicados no ecosistema da cultura galega. O obxectivo debe ser contribuír a fortalecer a cultura conservada e difundida e tamén a reforzar o desenvolvemento e a consolidación da industria cultural como fonte xeradora de postos de traballo.

Temos ante nós un reto que non é doado, que require un compromiso e da responsabilidade de todos. Por primeira vez un goberno impulsará unha estratexia a varios anos que integre as perspectivas dos diferentes sectores da cultura. Neste semestre comezarán os encontros co sector para tentar avanzar na elaboración da estratexia cos axentes do amplo ecosistema cultural galego —institucións, asociacións, empresas culturais— para poder levalo a cabo.

Partimos de dúas premisas: garantir a máxima difusión da actividade cultural por todo o territorio e asentar un tecido social e empresarial neste ámbito. Todo isto queremos facelo con participación e tendo en conta os diferentes sectores da cultura do país: o editorial, as letras, o audiovisual, o musical, as artes escénicas, as artes visuais, o patrimonio cultural e, por suposto, as institucións da cultura.

Nesta estratexia terán cabida, entre outras accións, liñas de traballo a prol do libro galego e da lectura; unha tarefa común de toda a sociedade na que debemos implicarnos os axentes responsables das políticas culturais, sociais e educativas, por suposto, xunto con entidades asociativas e do sector privado empresarial do mundo do libro.

Co obxectivo de incrementar os índices de lectura da poboación galega, particularmente na lingua propia de Galicia, tal e como establece a Lei do libro, definiremos un plan específico da lectura que busque potenciar as estratexias de capacitación e competencia lectora.

A través das accións planificadas para este ano 2017 e no horizonte do ano 2021, imos centrar os esforzos, primeiro, en reforzar a industria editorial de Galicia; segundo, en impulsar a difusión do libro galego; e, terceiro, en dinamizar o ámbito lector entre a cidadanía.

No tocante ao sector audiovisual, temos iniciado os traballos para a elaboración dun plan audiovisual de Galicia, co obxecto de consolidar e dar seguridade a unha actividade dun sector produtivo que está chamado a desempeñar un papel relevante a nivel nacional e internacional.

Loxicamente, a acción política da Xunta de Galicia nesta materia abranguerá ao longo desta lexislatura outros proxectos, como son a posta en marcha da memoria dixital de Galicia. Trátase este dun proxecto colectivo de conservación, difusión e fomento do patrimonio cultural. É un proxecto a longo prazo, que se desenvolverá nun período mínimo de dez anos. Centrarase na dixitalización, conservación e preservación dos bens culturais e a divulgación electrónica dos activos resultantes.

Outro proxecto singular basearase no impulso de iniciativas que faciliten o acceso á cultura a toda a cidadanía. Potenciaranse as redes de programación e dinamización cultural profesional, a distribución dos espectáculos musicais e escénicos e a programación audiovisual por todo o territorio.

Impulsada esta, por suposto, por Agadic, é unha garantía de apoio ao acceso á cultura mediante a cooperación e a coordinación coas entidades locais. Impulsaremos as redes e circuítos profesionais de espectáculos existentes: a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Salas, Cultura no Camiño e Cinemas de Galicia. Queremos con isto chegar a todos os lugares de Galicia, dando uso á rica rede de equipamentos e contedores culturais espallados polo país.

A creación da marca Galicia Creativa terá como obxectivo tamén englobar e proxectar baixo unha mesma imaxe pública a creatividade nos diferentes ámbitos culturais e será tamén unha ferramenta para a proxección exterior da cultura galega que agrupará os proxectos sectoriais que neste momento definen a actividade internacional da cultura galega.

Nos vindeiros anos, e en liña co anterior, continuarase co proxecto multidimensional do Gaiás. A Cidade da Cultura, despois de cinco anos de funcionamento, é un proxecto en progresiva consolidación; un proxecto que opera como referente tecnolóxico, cultural e emprendedor, ademais de instalarse tamén como espazo natural, arquitectónico e paisaxístico.

As máis de catrocentas persoas que traballan diariamente no Gaiás, os máis de dous millóns de visitantes nestes cinco anos e as máis de 200 actividades anuais que se realizan neste recinto dan idea da progresiva consolidación do mesmo.

Ademais de continuar cos contidos e proxectos actualmente en vigor, centrados —como xa dixen— na cultura, no emprendemento e na tecnoloxía, buscarase avanzar an ampliación do bosque de Galicia coa intervención na ladeira sueste na súa segunda fase. Tamén se buscará afrontar a integración paisaxística do espazo central non construído e definir un plan de usos para a estrutura do espazo non rematado.

Asemade, o patrimonio cultural constitúe tamén unha peza fundamental da personalidade colectiva de Galicia e unha fonte de riqueza. Salvagardar os bens conservados e dar solución ás persoas, en colaboración coas distintas administracións, son algunhas das claves que guían o proceder en materia de xestión do patrimonio cultural. Nesta liña, durante a pasada lexislatura foi aprobada a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Ademais dunha simplificación normativa, a nova lei define novas tipoloxías patrimoniais, establece unha maior implicación e coordinación cos concellos e ofrece a máxima protección do patrimonio galego.

Nos vindeiros anos, o reto está en asentar as claves para un crecemento intelixente. E para a protección e reafirmación da nosa riqueza patrimonial imos iniciar —estamos iniciando xa— un desenvolvemento normativo da anterior lei, mediante a elaboración e a futura aprobación dos seguintes instrumentos: Convenio marco de habilitacións, en colaboración coa Fegamp, para que os concellos poidan autorizar intervencións en determinados bens patrimoniais e as súas contornas de protección. E dous decretos, o decreto polo que se crean e se organizan os consellos territoriais, o Consello Asesor dos Camiños de Santiago e a Comisión Técnica de Arqueoloxía, e tamén o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta- Igrexa Católica.

En colaboración con outras administracións, en concreto co Goberno central, pretendemos afrontar para o período 2017-2021 a execución dun plan de conservación dos bens de interese cultural do Camiño de Santiago. Trátase de planificar e realizar obras de conservación e rehabilitación dos bens máis destacados, con categoría de BIC, nos distintos tratados xacobeos, tendo, por suposto, como referente o ano 2021.

Temos a responsabilidade de, entre todos, acadar unha Galicia que respecte o seu patrimonio cultural e tamén o seu patrimonio lingüístico. Cremos que a lingua debe ser un espazo que debemos expandir, baseado máis no que nos une que no que nos separa.

O galego, como lingua propia de Galicia, supón unha das nosas principais fortalezas como pobo. A política lingüística da Xunta debe seguir afondando na idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito da sociedade e para todas as funcións. Crear actitudes positivas cara á lingua propia e renovar o compromiso da ampliación dos seus usos da sociedade guiarán o traballo de dinamización do galego ao longo da nova lexislatura.

O galego é patrimonio de todos e de todas, non é dun grupo político ou dunha ideoloxía. A lingua non pertence a ningún dos que nos sentamos nesta Cámara, son os cidadáns, son as persoas en liberdade, os que manteñen viva, por riba de circunstancias históricas, políticas ou administrativas, a nosa lingua.

Segundo os datos do IGE, cada vez son máis numerosas as persoas que se expresan de xeito natural e espontáneo en calquera das dúas linguas de Galicia. E en canto aos datos de coñecemento do galego, máis do 90 % da poboación atópase capacitada para falalo, escribilo ou lelo. O reto actual pasa por xerar conciencia de que o galego é unha ferramenta que nos

axuda ao desenvolvemento persoal e profesional, tanto aquí como alén das nosas fronteiras, en concreto co mundo lusófono.

Dous plans buscan favorecer e dinamizar o uso do galego en dous ámbitos vitais para o futuro e o porvir da nosa lingua. Un xa aprobado, o referido ao tecido económico-empresarial, un documento consensuado con 314 axentes e que prevé 81 medidas. E outro que irá dirixido á mocidade; este farémolo coa Dirección Xeral de Xuventude e procuraremos o consenso coas entidades que teñen competencias no ámbito da normalización lingüística, coa RAG, co Consello da Cultura Galega, co ILG, e tamén coas máis activas nas cambiantes tendencias do mundo xuvenil.

Señora Rodil e demais grupos parlamentarios, diríxome a vostedes porque agardamos que os seus grupos reciban con agrado e apoién estes plans. Estamos facendo o que vostede propuxo na pasada Comisión 4ª e que, por certo, nós vimos defendendo nas últimas lexislaturas; é dicir, seguir o previsto no Plan Xeral de Normalización Lingüística do ano 2004: desenvolver os seus sectores máis básicos e adaptar este plan á realidade actual, e, sobre todo, traballar naqueles puntos onde se fai máis preciso incidir.

Asemade, tamén adicaremos unha especial atención aos neofalantes. Moi recentemente houbo un acordo parlamentario, e somos conscientes de que debemos facer un maior esforzo para animar e para entender a aquelas persoas que, non sendo o galego a súa lingua inicial, intentan e se esforzan por comezar a empregalo.

E, por suposto, seguiremos a traballar nun apartado que arrancou na pasada lexislatura coa aprobación da coñecida como Lei Paz Andrade; é dicir, a aproximación á cultura lusófona, a aproximación á lingua portuguesa. Por certo, a aproximación a esta lingua e a esta cultura fíxonos gañar prestixio dentro e fóra de Galicia. Neste sentido, a incorporación de Galicia á CPDP ou a colaboración co Instituto Camões ou co Goberno portugués están empezando a dar uns froitos moi positivos. Este concepto tamén nos vai axudar á internacionalizar o noso idioma, unha oportunidade que, por certo, non teñen as outras linguas cooficiais do Estado, ao tempo que tamén é unha oportunidade para o posicionamento dos nosos sectores produtivos nos importantes mercados lusófonos do mundo, estando algúns deles nas economías máis emerxentes do planeta.

Señorías, tras referirme ás liñas de actuación en materia de cultura, patrimonio e lingua, paso agora a expor as políticas que queremos poñer en marcha nos vindeiros anos para garantir un ensino e un sistema universitario de calidade, equitativo e adaptado ao mundo moderno.

A mellora da nosa educación é un proceso progresivo no tempo, fundamentado nun modelo educativo propio que na actualidade nos ofrece uns resultados satisfactorios en calidade e equidade. Os últimos datos do Informe PISA e do abandono educativo temperará así o acreditan, e sitúannos como unha comunidade —sen falsa modestia— avantaxada dentro do Estado español.

Hoxe Galicia ten un abandono educativo temperán dez puntos inferior ao do ano 2009, acadando practicamente o obxectivo fixado pola Unión Europea para o ano 2020, que era o 15 %. No último trimestre do ano pasado, tiñamos o 15 % e unhas poucas décimas.

Hoxe o alumnado galego está mellor preparado en matemáticas, ciencia e lectura, e así o demostra o Informe PISA, que aprobamos cun sobresaliente, sobre todo, en canto a equidade se refire. E hoxe o noso sistema significa unha aposta clara e decidida polo plurilingüismo, polas TIC e as destrezas tecnolóxicas, pola inclusión e integración, pola potenciación da FP, tamén pola autonomía dos centros e por lograr un bo clima de convivencia que, sen dúbida, contribúe a mellorar e a promover a mellora continua do ensino.

Nos últimos anos afrontamos unha verdadeira revolución silenciosa, pero aínda queda camiño por percorrer para consolidar un ensino galego máis moderno, xusto socialmente e de calidade. Os cidadáns están a apoiar o que se fixo nos últimos anos, pero somos conscientes de que estamos ante unha avaliación continua. As políticas educativas requiren sempre dun novo pulo, dun novo impulso, para abordar dun xeito integral e transversal as posibilidades de mellora que aínda existen.

Non podemos caer —non o facemos— na compracencia. Os logros que acadamos só poden marcar o camiño que hai que seguir. Faise precisa e case obrigatoria unha corresponsabilidade da Administración educativa e dos axentes integrantes do ensino: dos docentes, dos equipos directivos, alumnado, familias, no continuo e permanente proceso de modernización do noso sistema educativo.

Queremos reforzar aínda máis as competencias que adquire o alumnado galego para afrontar con garantías un mundo cada vez máis globalizado e tecnolóxico. Para isto, daremos un novo impulso ao modelo plurilingüe. O modelo educativo plurilingüe está a posibilitar polo alumnado unha adquisición de competencias lingüísticas en galego, castelán e linguas estranxeiras —fundamentalmente inglés, pero tamén en francés ou portugués— que, lonxe de estancarse, debe acadar novos niveis e estenderse ao conxunto do alumnado.

Nos vindeiros anos, a Consellería afrontará a renovación e actualización da aprendizaxe e potenciación de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos. Estamos traballando para iniciar no vindeiro curso 2017-2018 a progresiva implantación do sistema de plurilingüismo na educación infantil de 3 a 6 anos, e farémolo a través dun plan específico que tomará como punto de partida os propios CEIP que xa son plurilingües no nivel de primaria. Ao mesmo tempo, pretendemos seguir coa progresiva extensión dos centros plurilingües e coas seccións bilingües nos centros de ensino obrigatorio, e, por suposto, avanzar tamén nas ensinanzas artísticas, na formación profesional, no bacharelato e mesmo na universidade, fomentando, neste caso, que o SUG dispoña de graos tamén en inglés.

Ademais, para consolidar na sociedade a aprendizaxe de linguas estranxeiras, Galicia contará moi en breve con modificación das taxas das escolas oficiais de idiomas para potenciar e estimular o estudo de linguas estranxeiras.

Señorías, creo que podemos compartir a idea de que no mundo actual —queirámolo ou non— estamos nunha sociedade cada vez máis dixital, cada vez máis tecnolóxica, e o alumnado galego precisa de formación para adquirir as competencias dixitais e tecnolóxicas como un elemento básico da cohesión social e da igualdade de oportunidades. Por iso, necesariamente outras das liñas de actuación da Consellería será a reactivación da integración real

das TIC nun modelo propio do ensino dixital; un modelo que combine infraestruturas e conectividade axeitada, equipamento actualizado, formación do profesorado e xeración de contidos dixitais.

Porque non se trata só de propiciar o acceso a equipos informáticos e dixitais, senón que se trata dun verdadeiro enfoque de ensinanza e aprendizaxe que propicie a adquisición de competencias e habilidades no uso e no desenvolvemento dos recursos que ofrece o mundo dixital. Neste punto hai que salientar que, xunto coa Amtega, a Xunta de Galicia asinou recentemente un convenio para impulsar a iniciativa Escolas conectadas, cun obxectivo: que o cen por cento dos centros públicos teñan unha conexión, unha conectividade, superior aos cen megas. Por certo, xa está adxudicado a unha operadora que está comezando o despregue para ter esta rede perfectamente cuberta arredor do ano 2018.

Xunto ao reforzo das competencias dixitais, queremos que o alumnado galego amplíe os seus coñecementos matemáticos, científicos, tecnolóxicos e de programación a partir da introdución da robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia na educación primaria.

Xas desde o presente curso 2016-2017, o alumnado galego ten acceso á dotación de equipamentos e á inclusión de materiais de programación na ESO e de robótica en bacharelato, e traballamos para que o vindeiro curso tamén estea presente en primaria.

Xunto ás competencias dixitais e ás vocacións stent, a Consellería tamén está comprometida coa potenciación das competencias da comprensión lectora das linguas, algo que, por certo, vén avalado polos positivos resultados do alumnado do Informe PISA. Por iso estamos a dar pasos para continuar coa mellora da Rede de bibliotecas escolares de Galicia. Imos presentar en breve, neste mesmo mes de marzo, o contido do II Plan LÍA de bibliotecas escolares; un plan que seguirá impulsando a biblioteca como o corazón da lectura, da información e da aprendizaxe nos centros.

Outra das liñas de actuación que consideramos fundamentais é a de contribuír, dende a Formación Profesional, a impulsar a empregabilidade dos nosos mozos.

Nos últimos anos a FP —a Formación Profesional— gañou en prestixio e axudou a satisfacer as expectativas da inserción laboral do alumando. Os datos máis recentes mostran que preto do 80 % dos titulados de FP teñen traballo, teñen recoñecemento. Na semana pasada Galicia vén de recoller do campionato SpainSkills, que se fixo en Madrid, sete medallas. Creo que é un recoñecemento ao bo traballo que se fai nos centros educativos de Formación Profesional.

As políticas a desenvolver nos vindeiros anos pasan por reforzar a Formación Profesional en Galicia, co obxectivo de que sexa útil para as persoas, para os alumnos e para a sociedade galega e os sectores produtivos.

Apostamos por unha nova estratexia fundamentada en medidas como o deseño dunha oferta adaptada á contorna e o achegamento e apoio ás empresas, á innovación, á internacionalización e ao emprendemento, tamén á potenciación da rede dos centros integrados de FP,

dos CIFP, á xeneralización da FP dual, á orientación profesional e ao fomento da calidade, a innovación e o emprendemento.

Tamén actuamos para que as familias se sintan satisfeitas coa formación que reciben os seus fillos, ao dispor de programas educativos innovadores que propician unha aprendizaxe adecuada, nun clima de convivencia, equidade e xustiza social.

Consideramos prioritario manter aquelas iniciativas que están axudando á mellora e á calidade do ensino galego. En materia de innovación educativa, vemos moi positiva a participación de alumnos e centros en iniciativas como as accións de reforzo dos contratos programa —estamos a falar de máis de 100.000 alumnos, de 416 centros educativos e de máis de 180 docentes de reforzo— ou en actividades vinculadas ao Plan Proxecta, onde están implicadas moitas consellerías e hai máis de 90.000 alumnos participando nestes proxectos.

Tamén seguiremos a desenvolver, divulgar e consolidar as medidas agrupadas na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, que significou para o ensino galego dispor de plans de convivencia a nivel de centro e tamén avanzar na implantación dos diferentes protocolos: transexualidade, contra o acoso e o ciberacoso, TDH, autismo de atención domiciliaria..., en moitos dos cales fomos pioneiros no conxunto de España.

E, por suposto, non baixaremos a garda en materia de atención á diversidade e desenvolvemento dunha escola inclusiva. Galicia conta co sistema educativo máis inclusivo de España, e seguiremos traballando por mantelo, con 9 de cada 10 alumnos con necesidades educativas especiais integrados nun centro ordinario.

Por último, quero sinalar que a Administración educativa está a facer un importante —moi importante— esforzo económico, en materia de transporte e de comedor escolar, así como na concesión de axudas a libros de texto e material escolar para as familias que máis o precisan, concentrándose o apoio da Administración pública nas familias que máis o precisan. Trátase de liñas de traballo básicas para desenvolver un modelo educativo máis xusto socialmente.

Neste punto da comparecencia, quero manifestar que esta lexislatura debe servir para potenciar que os centros educativos de Galicia sexan verdadeiros espazos de aprendizaxe e innovación, e, sen dúbida, unha peza clave é o profesorado, que cumpre un labor fundamental, o máis prioritario, nunha educación en constante evolución.

Debemos axudar e facilitar que os docentes e os equipos directivos estean ao día e actualizados, e o traballo nos vindeiros anos pasa por renovar e actualizar a formación do profesorado, tanto no ámbito inicial, en colaboración coas universidades, como en todo o que ten que ver coa formación permanente, de feito, a Consellería está traballando, xunto cos decanos das facultades de Ciencias da Educación, para determinar que competencias e que destrezas son necesarias para o profesor do século XXI, e tamén establecendo un sistema de apoio, orientación e formación no desempeño de actividades directivas nos centros educativos, co obxectivo de avanzar progresivamente na profesionalización e na autonomía destes postos. Xa abordamos tamén coa Xunta Autonómica de Directores a intención de afrontar accións formativas para axudar e favorecer o seu traballo diario.

Creemos que hai marxe de tempo para poder convocar no ano 2017, coa axeitada e necesaria seguridade xurídica, unha oferta pública de emprego de 1.043 prazas para 25 especialidades en educación primaria, secundaria e FP. Galicia é a día de hoxe unha das comunidades autónomas cunha das taxas máis baixas de profesores interinos de España, e temos tamén a mellor ratio profesor/alumno de España, xunto con Asturias, pero é vontade da Xunta de Galicia poder impulsar —coa necesidade xurídica precisa— un proceso de oposicións no ano 2017, que contará, como xa dixen, con 1.043 prazas.

Como poden comprobar, señorías, seguiremos traballando a bo ritmo para mellorar o ensino galego, e neste obxectivo sería importante poder contar, primeiro a nivel estatal e tamén a nivel autonómico, con amplos pactos en materia educativa. A sociedade está a demandar acordos e está a demandar un gran pacto en materia educativa, e demanda un traballo en positivo que aproveite as oportunidades que nos ofrece a educación e que posibilite e dea estabilidade e certeza ao sistema educativo. Estamos nun momento esperanzador, no cal temos aberta unha liña de traballo onde se pode ver a posibilidade de chegar por primeira vez en España a un gran pacto educativo.

E, xa para rematar esta primeira intervención, quero referirme tamén aos proxectos que entendemos que son fundamentais para o sistema universitario. Apostamos por ofrecer a Galicia e á cidadanía en xeral unha universidade adaptada ao século XXI. Nos vindeiros anos seguiremos a apoiar os nosos universitarios, os nosos estudantes universitarios, mantendo a política de taxas actual. Galicia ten as taxas máis baratas do conxunto do Estado. Temos a universidade máis equitativa dende o punto de vista do acceso universitario, e tamén temos bolsas complementarias para que ningún estudante quede fóra do sistema universitario por causas económicas. Ademais, queremos tamén recompensar o esforzo do estudantado, e queremos potenciar, reforzar e recoñecer o traballo dos alumnos excelentes.

E, xunto a estes retos, tamén nos plantexamos unha serie de retos de lexislatura que entendemos fundamentais: por unha parte, a mellora no mapa de titulacións, e, por outra, a consolidación dun modelo de investigación universitaria diferenciada, singular e internacional.

O SUG precisa definir unha oferta académica de graos e de másters que dea resposta ás demandas sociais. A Consellería e as tres universidades xa iniciamos os traballos de modernización e mellora do mapa de titulacións, baixo catro ópticas: a primeira, determinados títulos singulares; a segunda, homoxeneizar contidos básicos e diversificar mediante orientacións os títulos multiplicados; a terceira, introducir novos títulos con perfís profesionais de futuro e alta empregabilidade; e a cuarta, apostar pola especialización dos campos.

Este é un proxecto ambicioso, valente, pioneiro en España, e hai que ter en conta no mesmo os ritmos precisos para poder levalo a cabo dun xeito consensuado.

Por outra parte, e no tocante á investigación, o SUG concentra o 61 % dos investigadores da nosa comunidade e conta con importantes estruturas en diferentes áreas: bioquímica, biomedicina, tecnoloxías, medio mariño, etc.

É o momento de consolidar unha estratexia galega de investigación no ámbito universitario e de converter os centros singulares na mellor carta de presentación do Sistema universitario galego.

No pasado mes de xaneiro distinguimos a excelencia e o talento que conforman os recentemente nomeados como centros de investigación singulares de Galicia: o Citic, o Ciquis, o Cimus, o Cinbio e o Ecimat, e as denominadas agrupacións estratéxicas consolidadas: o Citius e o Atlantic. Estes sete espazos de investigación disporán de financiamento estable ata o ano 2019, en concreto, con máis de 13 millóns de euros, que beneficiarán os 700 investigadores que conforman estas sete unidades.

Esta aposta pola investigación quere ser un recoñecemento ao seu esforzo realizado ata agora, pero sobre todo para relanzar os seus proxectos enfocándoos no eido internacional.

E remato xa esta primeira intervención. Como ven, señorías, temos marcada unha ambiciosa folla de ruta para os vindeiros anos, e estamos seguros de que se nos centramos máis no que nos une que no que nos separa, se respectamos as lexítimas diferenzas e, ao mesmo tempo, traballamos por Galicia en positivo, temos por diante, sen dúbida, moito traballo, pero os cidadáns estarán atentos, saberán detectar os erros e saberán valorar os acertos, e, sen dúbida, estaremos apostando e mellorando o presente e o futuro de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Xa é a segunda vez que di vostede o «da revolución silenciosa», señor conselleiro, e eu creo que silenciosa non, sería máis ben a revolución dos caladiños. Voulle pór un exemplo recente, ademais, ao fío dunha das cuestións que vostede puña enriba da mesa, e da que teremos oportunidade, ademais, de falar na sesión de mañá, a través de preguntas formuladas polos distintos grupos e que está máis de actualidade que nunca. E é precisamente esa convocatoria das oposicións en materia de ensino, que foi, ademais, anunciada xa con anterioridade pola súa consellería, por vostede mesmo e polo Goberno do Partido Popular. Un goberno que, desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, está actuando de maneira conivente co Executivo español diante dunha chantaxe coa que se pretende usar as persoas que queren concorrer a esas oposicións como moeda de cambio nun proceso de negociación dos orzamentos do Estado. Un Partido Popular en minoría dentro das Cortes Españolas que disloca a incapacidade negociadora dentro das Cortes Españolas, a 500 quilómetros de distancia de aquí, do noso país, e onde se está a tornar aos opositores ou ás persoas que queren opositar ou concorrer a esas oposicións nunha sorte de escudos humanos. Estase a xogar con persoal interino, con persoas que se atopan actualmente no desemprego e mesmo con outras que

deixaron o seu posto de traballo para pórse a estudar, xerando, ademais, unha incerteza, cremos que premeditada, que ten por obxecto exercer presións sobre o contrario, xa digo, nas Cortes Españolas.

E, no medio desa partida, vostedes usan como arma política o futuro de milleiros de persoas neste país. Non hai nin unha soa razón legal —nós non estamos de acordo co argumento que sostén o Partido Popular— para non convocar as oposicións. Non se pode apelar a unha seguridade xurídica, porque os orzamentos do ano 2016 foron prorrogados a comezos do ano 2017, e con eles a taxa de reposición do exercicio anterior. De facto, os seus homólogos en Madrid —podiamos lelo estes días na prensa do noso país— xa dan por perdidas as contas do 2017 e andan á procura de conseguir ou poder chegar a un acordo para o seguinte ano, xa coa ollada posta no ano 2018.

De feito, nós entendemos, polo transcurso dos propios acontecementos, que anunciaron a convocatoria sabedores disto. Foron os seus en Madrid os que os deixaron un pouco en cirolas, ou case poderíamos dicir co cu ao aire, e, coma sempre, vostedes optaron por bailarlle a auga ao Ministerio de Facenda neste caso —nin sequera ao Ministerio de Educación, senón ao Ministerio de Facenda— en troca —entendemos nós— de defender os intereses deste país.

Nós emprazámoslos a algo, emprazámoslos a seren valentes, a lanzar unha mensaxe de confianza, con absoluta claridade, ao pobo galego e a convocar as oposicións xa. Pódolles asegurar e atrévome —cun pouco de confianza, ademais— case a falar no nome do resto das forzas políticas da oposición de que non lles pode caber a menor dúbida de que contarán co apoio unánime desta Cámara para convocar xa esas oposicións, (*Aplausos.*) para deixar de actuar á merced dos intereses do señor Montoro e de deixar de xogar coas persoas que están a agardar esas oposicións como auga de maio.

Pero tamén hai que dicir unha cousa, e queremos dicila con total clareza desde o Bloque Nacionalista Galego, pero xa con ánimo de estendelo a todas as forzas políticas con representación nesta Cámara: as chantaxes da Facenda española deixan en evidencia o apertado corsé desta autonomía, que supedita calquera decisión política galega aos intereses particulares e mesmo partidistas do Estado español. Aquí non se respecta nada, nin sequera gobernos cumpridores, por non dicir servís. Soberanía política é o que precisa Galiza para non ter que estar ollando de esguello constantemente a ver cal é a ocorrencia que ten o Partido Popular ou o Executivo español en cada momento.

E a convocatoria das oposicións —entendemos en educación, pero tamén noutros sectores da nosa Administración— é unha necesidade para este país, non un antollo, toda vez que levamos anos a ver como esta taxa de reposición imposta destrúe postos de traballo entre o profesorado.

E eu non lle compro ese argumento —imos chamarlle así— das ratios, conselleiro, porque sabemos perfectamente que a dispersión poboacional —e sobre todo os centros de ensino que aínda se manteñen no rural— báixalles, e moito, a porcentaxe de estudantes por docente. As necesidades do ensino público neste país —entendemos desde o BNG— urxen algo máis que agardar polos ditames de Madrid a respecto do ensino. E iso botámolo un pouco en falta, tamén, na súa intervención.

Diante dunha LOMCE que supostamente ten os días contados, mais que non sabemos se sufrirá simplemente unha leve maquillaxe, un lavado de cara ou se, realmente, mudará de espírito, cremos que é o momento de facer valer as competencias que ten este país en materia de ensino e que ten, ademais, a obriga de exercer o Goberno, que vostede representa hoxe aquí, para iniciar o camiño —entendemos desde o BNG— para a redacción dunha lei de educación galega. Un instrumento legal co que desenvolvermos, cando menos, as competencias que ten Galiza nesta materia —e que non son poucas—, acaba ademais vostede de referirse a moitas delas.

Un proxecto lexislativo que estea inserido na nosa realidade social, cultural, económica, lingüística..., e que contribúa a tecer un sistema educativo no que o ensino conforme un servizo público, universal e gratuíto desde os 0 aos 18 anos.

Entendemos que as escolas infantís, neste senso, van alén de garantir o dereito de conciliación para contribuír á exploración e ao coñecemento da realidade que rodea as crianzas, a comezar, precisamente, pola lingua propia, diante —como estamos a ver— dunha ruptura na transmisión xeracional do galego, como puidemos comprobar cos datos publicados polo IGE referidos ao ano 2014.

Precisamos, ademais —entendemos—, unha lexislación propia, entre outras cuestións, para atendermos un dos trazos fundamentais do noso país, que é o rural, e que botamos un pouco en falta na súa intervención, cremos que estivo absolutamente ausente. Entendemos que un dos problemas a superar, ou unha das eivas a superar, para ir estreitando un pouco esa fenda que se abre entre a urbe e a aldea pasa, inescusabelmente, por garantirmos o acceso ás escolas e aos centros de ensino de proximidade tamén nas comarcas do rural, e nomeadamente naquelas comarcas da montaña.

Hai que facer un plan específico que atenda a realidade demográfica e social que viven as comarcas do rural e da montaña do noso país, e que non nos atopemos con casos —por pór un exemplo concreto que coñeceremos moitas das persoas que estamos aquí— nos que haxa crianzas que teñen que desprazarse en viaxe de autobús entre os 50 minutos e a hora, como acontece entre Doiras e San Román de Cervantes, nos Ancares, por exemplo, para acudir á escola.

Pular polo despregamento dos centros rurais —entendemos— garantindo que a escola sexa un servizo de proximidade e non unha eiva ou un freo para que moitas familias poidan asentarse, ficar no rural, ou incluso, outras moitas, regresar a el se así o desexaren. Se é certo —como se nos repite ata a saciedade— que esta vai ser a lexislatura do rural, aí teñen unha man tendida por parte do Bloque Nacionalista Galego para deseñar un plan específico que atenda esa realidade concreta que tan característica é do noso país.

«Esa lei de educación galega cremos que tamén debe alicerzar a Galiza do futuro; o noso futuro como país, o noso benestar, a nosa convivencia e o noso progreso están moi vencellados, moi relacionados co noso ensino». Non sei se lles soan estas palabras, pero están estractadas literalmente do *Diario de sesións* e pronunciounas vostede o ano pasado na súa comparecencia parlamentaria. Fronte a eses valores confesionais de elite españolizadores,

emanados da LOMCE, e que levaron precisamente a que esta lexislación fose masivamente rexeitada nas aulas e nas rúas, nós cremos que hai que desenvolver na Galiza unha lexislación asentada na coeducación, a igualdade, a tolerancia, a equidade, a xustiza social e o respecto e a inclusión da diversidade, a comezar pola identidade propia.

Parécenos estupendo que se vaia redixir no Estado español ou explorar un pacto estatal para o ensino, fagan o que consideren oportuno. Mais nós entendemos que non debemos bater, non debemos caer de novo na mesma pedra cun marco que menoscabe as competencias galegas en materia de ensino, que xa lle digo que desde o noso punto de vista son moitas e deberían estar, dalgunha maneira, trazadas arredor desa lexislación propia.

Non me queda moito tempo, vostede ten máis do que as forzas da oposición para posicionarse. Pero si quixera facer unha mención específica a unha cuestión que vostede puxo enriba da mesa e que na Comisión 4ª temos debatido xa en máis dunha ocasión a respecto da dinamización, chámalle vostedes normalización lingüística na lingua tradicional deste Parlamento ou deste país. Nós dámoslles a benvida, de novo, nese afán por desenvolver accións e políticas normalizadoras despois de oito anos de ausencia, practicamente non houbo ningún tipo de acción dirixida. Pero dígolle o mesmo —e xa remato— que lle dixen ao voceiro do Partido Popular nesa comisión: nós entendemos que non se está a desprezar o Plan de normalización lingüística, que se están poñendo enriba da mesa accións dirixidas á mocidade, dirixidas á comunidade ou colectivo de neofalantes sen que exista unha planificación estratéxica que integre o conxunto de accións cunha vocación normalizadora e que abranga o conxunto da poboación, a comezar, nós seguimos insistindo no mesmo, polo estudantado.

Hai que derrogar —e insistimos cada vez que temos oportunidade— o Decreto do plurilingüismo. Agora dinos vostede que o van levar ás escolas infantís, eu aí xa non sabía se levar as mans á cabeza. Nós entendemos que hai que restituír os espazos de uso tradicional da lingua galega, a comezar pola escola, que é un dos principais axentes de socialización no noso país. Mal imos se lle restamos espazos habituais á lingua galega para garantirmos que sexa considerada unha lingua útil, unha lingua viva como é. E aí si que creo que estamos todas de acordo.

Polo de agora máis nada, graciñas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, moi bo día.

Señora Rodil, temos que agradecerlle ao señor conselleiro que tardase quince minutos en falar da revolución silenciosa, tampouco foi chegar e dicilo.

En todo caso, señor conselleiro, permítame dicirlle, con cariño e con confianza: benvido á república independente da túa consellería, porque fixo vostede unha exposición que parece

o catálogo de Ikea. *(Risos.)* É tal o número de medidas, *(Aplausos.)* de programas, de iniciativas que ten en marcha a Consellería de Educación, e que veu vostede aquí tratar, que nos deixou —ou polo menos a min— francamente asoballados.

Mire, por seguir a orde da súa intervención, empezou vostede polo mundo da cultura. ¿Que quere que lle diga? Acaba de anunciar un plan estratéxico cultural, avisaremos o fogueteiro, porque este mesmo anuncio xa o fixo vostede hai tempo e resulta curioso que despois de oito anos de goberno veñan facer un plan, o cal quere dicir que, efectivamente, antes non o tiñan e, polo tanto, era todo improvisación no mundo da cultura, ir poñendo parches, como vimos denunciando, permanentemente, por parte deste e outros grupos parlamentarios.

Desde o ano 2009 ao 2017 os orzamentos de Cultura descenderon un 55 % —isto é fácil comprobalo—, unha diminución que quintuplica a dos orzamentos da Xunta. Polo tanto, dicir que a cultura é unha prioridade ou que foi unha prioridade resulta aritmeticamente insostible.

Abandonáronse as empresas culturais. Fala vostede da Cidade da Cultura como un elemento singular dese ecosistema cultural da nosa comunidade autónoma, a Cidade da Cultura, que representa —e sabémolo ben todos—, aínda sen obras, un 17 % do total dos orzamentos dedicados á cultura.

Fala vostede dun plan milagroso de recuperación do patrimonio cultural, dixitalización incluída, cando o patrimonio cultural da nosa comunidade autónoma —e sabémolo ben, sen ir máis lonxe, os que vivimos en Lugo— está totalmente abandonado; multiplícanse as denuncias das asociacións pola falta de coidado dese patrimonio. E un 30 % dos bens de interese cultural resulta que están destruídos e algúns deles, lamentablemente, xa non existen. Pero non temos tampouco gran problema para dedicarlle centos de miles de euros, en cantidade de tres —ou sexa, 300.000—, a algún singular cantante ou artista para pagar as súas actuacións. Mentres tanto, con eses cartos ao mellor rescatabamos unha parte importante do noso patrimonio. Esa é, en realidade, a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola cultura.

Falou vostede, a continuación, da nosa lingua. Efectivamente, é un patrimonio común, ningún ten porque admitir que é un patrimonio exclusivo dunhas siglas. Pero o certo é que as súas políticas están provocando un proceso de desgaleguización da nosa sociedade. E isto non é que o diga o Partido Socialista de Galicia, é que as voces de alarma veñen de institucións culturais como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, outras asociacións culturais, universidades, evidentemente partidos políticos, sindicatos e outras organizacións sociais.

O galego é a única lingua do Estado español cooficial que perde falantes, e esa é tamén unha realidade. Agora resulta que di vostede que van poñer en funcionamento un plan de potenciación do uso do galego na mocidade. Lembrará vostede que iso mesmo xa o dixo na súa comparecencia de marzo do ano 2015. É dicir, dous anos despois —porque estamos en marzo do 2017— imos poñer ese plan en funcionamento, ou vaino poñer o Goberno da Xunta de Galicia. Dous anos despois, e agora di: «imos facer», ¿e logo que estiveron facendo durante

estes dous anos? Porque a Consellería era a mesma, o Goberno era o mesmo e o partido que sustenta o Goberno era o mesmo. Esta é a realidade.

Fala vostede de necesidade de consenso sobre a lingua, por suposto que si. Pero, como xa se lles explicou, por parte da señora Rodil, ese consenso pasa por derrogar ese decreto do plurilingüismo, decreto fracasado desde o punto de vista de dinamización da lingua galega, pero decreto fracasado, tamén, desde o punto de vista da súa esencia de plurilingüismo nos centros educativos. E sábeno vostedes á perfección, porque resulta moi complicado crer que calquera alumno ou alumna desta comunidade autónoma que polo mero feito de recibir unha hora de ensinanza en lingua estranxeira se lle dea a un centro educativo a etiqueta de centro plurilingüe vaia contribuír de verdade á adquisición de destrezas suficientes das catro destrezas nesa lingua estranxeira. Pero, bueno, vostedes reparten etiquetas e a min non me preocuparía que repartisen etiquetas se detrás da etiqueta houbera un contido certo, pero a realidade é que non hai ese contido.

No mundo da educación —e teño que ir moi rápido, porque, como se dixo, dez minutos non chegan para nada e son catro temas; porque a súa consellería é unha consellería grande, evidentemente, con moitas competencias— falou vostede da necesidade de pactos. Si, claro que si, todos os grupos lle ofrecemos pactos, todos os grupos da oposición presentamos iniciativas, e practicamente todas acaban tendo o mesmo destino predeterminado, e é ser rexeitadas.

Ofrecémoslles un pacto sobre a recuperación do Programa de gratuidade dos libros de texto, e consideraron vostedes pertinente que non saíse a adiante. Recentemente un pacto para regular a impartición de materias afíns por parte do profesorado, tamén consideraron pertinente que non saíse a adiante. Hai dous meses ofrecémoslles que se aprobase unha proposición non de lei para prohibir nos centros educativos a repartición de determinados materiais de contido claramente homófobo, e vostedes consideraron pertinente non aprobar esa proposición non de lei. Pregúntome que farán se o famoso autobusiño laranxa empeza a circular pola nosa comunidade autónoma e a pasearse por diante dos centros educativos. Ao mellor nese momento é competencia das policía locais dos concellos, (*Aplausos.*) non é competencia da Consellería de Educación que non se repartan eses materiais nos centros; ese é o consenso que vostedes queren.

Non, o consenso non é nin o que vostedes queren, nin o que quere o Bloque, nin En Marea, nin o Partido Socialista; o consenso é chegar a posturas comúns e estables. Niso vostedes non son, precisamente, un interlocutor cualificado para falar de consenso.

Falou vostede aquí da formación profesional dual. Mire, non sei se os membros da Cámara o saben, vostede sábeo, eu sei porque forma parte da miña profesión; para estabilizar a oferta da formación profesional dual do curso 2016-2017 —que é no que estamos— tiveron vostedes que publicar tres ordes, tres. Iso quererá dicir algo da improvisación con respecto á formación profesional dual ou da dificultade de poñela en marcha, porque publicaron unha orde en xuño, outra en agosto e outra en setembro. Por certo, a de setembro cun único centro; deberon conseguir convencer ese centro para que se incluíse na formación profesional dual.

Por certo, fala vostede da potenciación da Rede de centros integrados de formación profesional. Bueno, ¿como é que un dos argumentos máximos para converter institutos de educación secundaria en centros integrais de formación profesional é que se imparta a formación profesional dual, cando nesas ordes aparecen nada máis e nada menos que seis institutos de educación secundaria, que non son centros integrados? Fan vostedes unha vinculación falaz entre unha cousa e outra.

Recentemente denunciámos, a semana pasada, dentro dese I Plan de actuación de igualdade de centros educativos 2016–2020, un plan estratéxico sen orzar, sen que exista no Plan de formación do profesorado ningunha actividade específica para levar a cabo ese plan; é dicir, é un plan baleiro, un plan que é un brinde ao sol, por dicir: publicamos un plan, pero non imos facer gran cousa con el.

Falouse aquí da situación do profesorado con respecto á oferta pública de emprego. Non o vou repetir porque o explicou á perfección a señora Rodil. Pero ¿cando pensan vostedes recuperar as condicións laborais do profesorado previas aos recortes consecuencia desa crise?, ¿cando van recuperar os seus horarios?, ¿cando van recuperar os seus salarios? Diso non dixo nada, ¿para iso non teñen un plan? Teñen todos os chivatos en verde, como nos di aquí o señor conselleiro de Economía cada vez que comparece, ¿e non teñen un plan para recuperar a situación do profesorado?

¿Teñen vostedes previsto falar algún día en serio de quitarlles os concertos aos centros que segregan por sexo ou seguen considerando que é algo natural e inherente á realidade social? (*Aplausos.*) ¿Vano facer algún día? Non. Tampouco dixo nada diso, porque, evidentemente, aí si que teñen un plan, e teñen un plan ideolóxico, e saben vostedes que determinados votantes que necesitan comungan con ese tipo de centros.

Teño que ir rematando. Con respecto ás universidades —que foi o último do que falou vostede—, no ámbito económico, as universidades de Galicia, as tres universidades, están nun nivel de financiamento similar ao ano 2006. Iso tamén o sabe vostede, que ademais pertence a ese colectivo.

En canto ao persoal, que non o dixo, falou de non sei canta ocupación, non sei cantos equipos de investigación. Pero o certo é que, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, entre os anos 2010 e 2015 —gobierno do Partido Popular nesta comunidade autónoma, non o nefasto Bipartito—, perdéronse na universidade da orde de mil persoas entre profesorado e persoal investigador. (*Murmurios.*)

Veu aquí vostede falar da marabillosa equidade e do acceso á universidade en condicións de igualdade. E eu dígolle —coñéceo vostede— que, segundo os datos da CRUE, a contía das bolsas estatais se reduciu en Galicia un 21,32 %, a maior redución de toda España. Esa é a realidade da universidade que deixan vostedes despois de oito anos de goberno.

Polo tanto, para pechar o catálogo de IKEA, eu na contraportada poría: «Revisen vostedes as calidades do produto antes de mercalo».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día, señor conselleiro.

Como aquí se dixo, comezamos a nosa intervención dous anos despois da súa primeira comparecencia como conselleiro, na que xa advertía da que ía ser a liña principal da súa actuación. E isto parece o día da marmota, porque falou naquel momento de continuidade, e hoxe volveu facelo. Si, xa sabemos que é porque os votaron, e, como todo o mundo sabe, o Partido Popular gañou as eleccións por ter a mellor xestión posible do sistema educativo, ¡que dúbida cabe! É por iso que o xoves, pasadomañá, teñen convocada unha nova folga no ensino, e xa perdemos a conta de todas as que teñen no seu haber. Pero, certamente, deben convocalas porque a súa xestión e o seu modelo educativo son incontestables e incuestionadas. Insiste vostede no da revolución silenciosa. Debe ser o seu chiste favorito ou que os vidros de San Caetano son tan gordos que non escoita absolutamente nada; igual o xoves si. (*Aplausos.*)

Continuidade e seguidismo, faltoulle dicir. Porque se hai algo que define o seu labor é, dende logo, a continuidade das políticas equivocadas das dúas últimas lexislaturas, e, por suposto, seguidismo e obediencia total cos seus xefes en Madrid. Nisto, dende logo, son vostedes únicos, teñen a dubidosa honra de ser unha das poucas comunidades que aínda non cuestionou a LOMCE, unha lei elitista, confesional, centralizadora e privatizadora, que ata gobernos do Partido Popular cuestionaron; vostedes non, vostedes, coma sempre, silencio. O mesmo que pasa coa oferta pública de emprego: silencio e obediencia aos ditados de Madrid.

Señor Román, hai un problema: vostede non é delegado do Ministerio de Educación, é conselleiro do Goberno galego. E a súa primeira obriga sería atender as necesidades do ensino público galego, que —como sabe— son enormes despois de tantos anos de recortes. Sabe perfectamente que non varían se Rajoy é capaz ou incapaz de negociar os seus orzamentos, van seguir sendo as mesmas. Polo tanto, a súa falta de concreción a este respecto non só é un menosprezo á incerteza na que viven opositores e interinos, senón un desprezo tamén ao sistema educativo no seu ensino, que non pode depender de que os seus colegas en Madrid se senten a negociar.

Así que é certo: no continuísmo e na obediencia cumpriu. No que non cumpriu tanto foi no novo impulso que anunciaba aquel primeiro día, e que por moito que un o busque non o atopa por ningunha banda. A non ser que co anuncio do novo impulso se referise ao ensino privado, que aí, dende logo, que o houbo; no modelo lingüístico, pero fracasado, ao mellor tamén; ou na Cidade da Cultura, ese aeroporto sen avións que tanto lles gusta, que non só financian con un de cada tres euros, un de cada tres euros que dedican a actividades culturais no país, senón que teñen ata que darlle o que lles sobra do ticket eléctrico. Isto si que é un verdadeiro compromiso coa cultura do país, o mesmo que demostra gabándose de subir un

escaso 1,76 % no orzamento de cultura tras un recorte en termos reais de case o 65 % dende o 2009.

Por favor, non volva sacar peito das actividades culturais que realizan na Cidade da Cultura, sexa rigoroso. Sabe vostede que nesas duascientas actividades das que se gabou se inclúen cousas como a presentación de coches, ¡presentación de coches! Se o fai teña a valentía de vir explicarnos cal é o modelo cultural que xustifica como actividade da cultura a presentación dun vehículo, porque, dende logo, casa pouco co que entendemos os demais por modelo cultural. E oxalá aproveite tamén e sexa quen de explicarnos que modelo cultural é o que xustifica que o diñeiro da cultura, tan escaso, vaia para financiar o mantemento de servizos informáticos de toda a Xunta de Galicia, porque deste xeito xustificou o señor Fernández Gil no debate de orzamentos a partida que vostedes dedican á Cidade da Cultura. E de verdade que isto resulta incomprendible. ¡Oxalá —como digo— nolo poida aclarar na réplica!

Nomeou moitos plans e bos propósitos, pero, sinceramente, a cultura galega precisa menos palabras e máis recursos. E a planificación dunha consellería tamén: máis datos e indicadores concretos e menos declaracións de boas intencións. Nomeou tantos plans que é imposible facerlle caso ao catálogo de IKEA.

Datos máis alá do fracaso escolar, explicado nesta Cámara ata a saciedade, que depende totalmente da conxuntura económica na que estamos. Vostede pode sentirse moi orgulloso polo traballo feito. ¡Parabéns! Non se conforma quen debe, senón quen quere.

Comprenderá que non imos entrar nas súas valoracións subxectivas, porque aportan realmente pouco ao debate. O que precisamos, señor Román, son datos medibles. Vostede non pode pretender subir aquí e dicir que o plurilingüismo está dando uns marabillosos resultados. ¿Con base en que?, ¿con base nas avaliacións que non se realizaron incumprindo o seu propio decreto? (*Aplausos.*) E, xa que estamos, ¿pode dicirnos cando ten previsto realizar esas avaliacións? Porque igual vai sendo hora. Se quere falar do que nos une, retire o decreto e volvamos á senda do consenso do Plan de normalización.

Datos e non palabras. Porque se nós dicimos que vostedes teiman na privatización do ensino público, e deixámolo aí, vostede podería contestar, como de feito o fai, que estamos cos tópicos e os slogans. Pero se imos aos datos, a realidade é a que é, e evidenciamos que estamos a falar dunha situación con datos concretos. Nos últimos cinco anos pecháronse case trescentas sesenta unidades no público e abríronse 222 entre a privada e a concertada; ese eufemismo co que vostedes esconden o ensino privado que pagamos todas e todos nós. Nós a isto chamámoslle «privatización» e chamámoslle «facer negocio cos nosos dereitos». Vostede póñalle o nome que considere, pero son datos.

Ou cando falamos dun modelo educativo con acenos machistas non o dicimos por dicir, falamos dun modelo educativo que consagra os centros que segregan o alumnado por sexo, en contra do criterio de tribunais e, por suposto, en contra de calquera experto ou experta en igualdade; non é crible. E non se debería poder dicir sen ruborizarse que vostedes teñen un compromiso co ensino en igualdade mentres financian centros que segregan nenos e nenas. Por iso queremos aproveitar, unha vez máis, esta tribuna para pedirles que reflexionen sobre

este punto. Neste ano que toca revisar os concertos teñen ocasión de demostrar con feitos, e non con palabrería barata, que de verdade están comprometidos por un ensino en igualdade. Non dean un euro máis a centros que segregan o alumnado, non dean un euro máis a eses centros machistas que deciden que é para as nenas e que é para os nenos. *(Aplausos.)*

Pero sigamos cos datos. Vostede non quixo falar do recorte en persoal docente que fixo do ensino un dos servizos máis precarizados, que máis padeceu as consecuencias do austericidio que nos impoñen. Hoxe temos uns mil douscentos docentes menos que antes da crise. E a escusa de que se fixo máis con menos non é máis que iso: unha burda escusa, por non dicir: unha burda mentira. Porque a media do alumnado por docente, de acordo cos datos do propio Ministerio, pasou en Galicia de 8,7 en 2009 a 9,8 en 2016. E non imos entrar no engano das ratios de alumnos por aula, que xa se explicou aquí innumerables veces que están maqui-llados pola dispersión territorial. Iso no público, porque na privada, dende logo, as ratios descenden. E a non ser que queira vir falarnos dunha innovación pedagóxica que descoñecemos, en función da cal o resultado da calidade educativa é moito mellor cando se ateigan as aulas, asuman por unha vez que con menos se fai menos.

Tampouco falou da precarización do emprego público, pois vostedes destruíron postos de traballo estables trocándoos por persoas en situación de interinaxe e substitucións. Deste xeito, nas dúas lexislaturas que levan enriba, teñen o logro de case ter triplicado a taxa de interinidade. ¡Fíxense en que ese Goberno tan malo do Bipartito conseguira baixar a menos dun 5 % a interinidade no ensino, e vostedes en dúas lexislaturas déixano por riba do 13 %! Aumentou en nada menos que en oito puntos, e isto de media. Porque sabe perfectamente que en centros específicos e centros do rural a inestabilidade é moito maior, o que ten unha merma importante na calidade do ensino. ¿En canto se reduciría a taxa cos anuncios de emprego público? En absolutamente nada. Este é o modelo laboral para o ensino do Partido Popular: máis paro e máis precariedade.

Debemos falar tamén da perda de dereitos laborais e económicos do profesorado, de como aumentaron as horas lectivas, dificultando a realización de tarefas fundamentais para poder afondar nun ensino personalizado, os tan importantes labores de tutorización ou a atención específica a cuestións como o acoso escolar, o ciberacoso ou a violencia machista xuvenil. Os plans están moi ben, pero o que fai falta, señor conselleiro, é que os profesores teñan tempo para aplicalos. Ou debemos falar de como rescataron bancos á custa dos salarios que lle quitaron ao profesorado, falar de como entre recortes nas pagas extra e conxelacións salariais lles fixeron perder dende que vostedes gobernan entre un 25 e un 26 % de poder adquisitivo, máis de un de cada catro euros.

O seu goberno ten contraída unha débeda enorme co profesorado deste país, por iso o seu discurso da recuperación casa moi mal co escaso diálogo que manteñen cos axentes sociais para tratar de devolverlles o que lles quitaron, o que nos quitaron a todas e a todos, xa que recortando dereitos ao profesorado recortáronnoslos a todas e a todos nós, porque o menoscabo nas condicións de traballo das ensinantes ten un efecto directo na calidade do ensino. E, sinceramente, dámos o mesmo que diga que Zapatero foi o primeiro en recortar, porque nós non somos abandeadas daquel Goberno, e o máis que podemos facer é lamentar a ente que fan co Partido Socialista cando de recortes se trata.

Deberíamos falar tamén do aumento das ratios por aula ou do despropósito que supón non contar para as ratios o alumnado que repite curso, cando precisamente sería un esforzo extra; ou da insuficiencia das becas, dos repagos en comedores, das probas de acceso á universidade e de como o seu contido non se coñeceu ata hai apenas quince días —ten razón vostede de estar contento e sacar peito a mediados de febreiro—; do ostracismo no que ten o Consello Escolar de Galicia; da falta de coberturas das prazas nos equipos de orientación específico; do abandono universitario por razóns económicas; da tesoirada nun 33 % dos fondos para a I+D+i, que nos condena a un futuro con menores expectativas.

Mais polo de agora non me queda moito tempo. A verdade é que ter soamente dez minutos para abordar unha comparecencia deste tipo é un tempo claramente insuficiente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, gustaríame sinalar que os deputados e as deputadas do Grupo Popular seguimos agardando polas desculpas ante as calumnias vertidas contra todos os membros do Partido Popular nas redes sociais chamándonos «asasinos de mulleres». (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Dito isto, gustaríame continuar coa intervención sinalando unha cuestión. Eu creo que estamos, ademais, nun día, nunha data que é a véspera dunha data simbólica e moi significativa para a cultura e a literatura galegas: mañá cúmprense cen anos do pasamento de Eduardo Pondal, e a verdade é que Eduardo Pondal, en *Queixumes dos pinos* e en moitas outras obras, daba unhas visións do crepúsculo e retrataba o crepúsculo dun xeito moi belo, e, nese sentido, gustaríame traer uns versos para iniciar a intervención de Eduardo Pondal, que dicía: «Cando é día e non é día, cando se ve e non se ve, cando reza aquel que cre e a nosa fantasía finxe o que é e o que non é.» Iso é un pouquiño o que temos que vivir aquí permanente nesta Cámara cada vez que interveñen os grupos da oposición. Estamos pintándonos unha realidade (*Aplausos.*) que realmente escapa, escapa moitísimo da que perciben os galegos e as galegas.

E digo que esa realidade que nos pintan vostedes escapa moito da que perciben os galegos e as galegas porque precisamente son eles os que se encargan de determinar que este ten que ser o grupo maioritario de representación da vontade do país e vostedes teñen que ser os grupos que representan, dende logo lexitimamente, a unha parte importante da cidadanía do país, pero non dende logo a maioritaria. Nese sentido tamén teñen que ter un respecto cara ao que presentamos e representamos os demais.

Señor Álvarez, falaba vostede así nun ton moi jocoso do catálogo de Ikea e dábanos ao final da súa intervención unha recomendación falando de revisar a calidade do produto antes de

mercalo. Mire, dende logo os galegos e as galegas demostraron ser consumidores moi responsables cando no pasado mes de setembro elixiron que produto tiñan que mercar e poñer este grupo como grupo de representación maioritaria na Cámara. (*Aplausos.*)

A verdade é que se fixo tamén moita broma coa revolución silenciosa, o concepto de revolución silenciosa. Evidentemente, vostedes, os grupos da oposición, son máis propensos a ese estatismo da pancarta; é dicir, poñémonos detrás dunha pancarta pero para que nada cambie. Nós preferimos facer as revolucións silenciosas, é dicir, sen facer moito ruído, ir mudando as cousas para mellor. Esa é a postura que ten este grupo e a liña na que entendemos que ten que seguir o Goberno galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu comprendo que moleste, comprendo que moleste, comprendo que doa, porque a veces a realidade é incómoda e neste caso é un deles.

Falaron vostedes en moitas das súas intervencións acerca da convocatoria de oposicións. Fundamentalmente a señora Rodil se centrou nesta cuestión e incluso chegou a mencionar que non sería correcto xogar coas persoas, que se estaba dalgún xeito xogando coas persoas, cos opositores.

¡Home!, eu creo que todos podemos coincidir no feito de que o que sería dende logo xogar coas persoas sería non dotar o proceso de selección de persoal da máxima seguridade xurídica, e se todos entendemos que non se debe xogar coas persoas, teremos que velar porque os criterios de seguridade xurídica sexan os máximos posibles.

E, ademais, resúltame profundamente chamativo que vostede fale de xogar coas persoas, porque voulle recordar, xa que tamén falaron de argumentos que se esgrimiron no debate de orzamentos, o que vostedes plantexaron no debate de orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia. O BNG plantexou retirar a totalidade dos fondos destinados ao ensino concertado. ¿Sabe o que suporía iso? Iso si que sería xogar coas persoas, porque suporía deixar sen centro escolar decenas de miles de alumnos e deixar sen posto de traballo decenas de miles de profesores. Iso si é xogar coas persoas. Polo tanto, non veñan dando leccións daquilo no que despois, cando teñen ocasión de formular a súa postura política, o que fan é dende logo absolutas temeridades.

Eu creo que debemos ter presente que na comparecencia do conselleiro se falou de moitas cuestións importantes para o ámbito de competencia da Consellería. Apenas mencionaron ou pasaron así un pouquiño de esguello —se me permiten a expresión— pola Estratexia da cultura galega 2017-2021. Eu entendo que a vostedes non lles interesa falar da Estratexia da cultura galega, porque estamos a falar dun proceso participativo, dun proceso no que se pretende recoller as achegas de todo o tecido, tanto económico como social, do ámbito da cultura e, polo tanto, un documento que ao final ten que ser o resultado do traballo feito entre todos, man con man, para definir cal é o camiño que ten que seguir a cultura galega cara ao horizonte 2021.

E xa sei que a vostedes lles gusta máis non a política participativa e non a política cultural participativa, senón por exemplo a política de «ordenos e mandos». Voulles poñer un exemplo. Hoxe, cando viña para aquí, atopaba un exemplo moi curioso nun deses concellos, es-

tamos a falar dunha cidade, unha cidade moi importante, da capital de España, gobernada por un destes partidos de novo cuño, que decidiu unilateralmente, sen o consenso de toda a comunidade, de todo o tecido cultural, retirarlle o nome de Max Aub e de Fernando Arrabal a dúas salas de El Matadero, dunha das infraestruturas culturais do concello de Madrid. A verdade é que resulta significativo como predicamos por un lado que somos defensores da política participativa e cando temos que tomar as decisións facemos xustamente o contrario.

Neste sentido, aquí en Galicia temos un goberno responsable que avoga pola participación de todos os axentes culturais implicados no sector e, polo tanto, pretende deseñar e elaborar unha estratexia que conte co máximo consenso e que permita poñer en valor todo o que se fai e todo o que se fai moi ben por certo no sector cultural en Galicia.

Pero é que, ademais, vostedes non falaron nada das políticas que anunciou a Consellería a prol do libro e da lectura, do apoio ao sector audiovisual, da posta en marcha da memoria dixital de Galicia, da creación da marca Galicia Creativa. En patrimonio cultural apenas pasaron así tamén un pouquiño por riba da cuestión, obviando aspectos importantes, como por exemplo o plan de conservación dos bens de interese cultural do Camiño de Santiago.

E despois estamos, coma sempre, tamén nun dos temas máis manidos e máis recorrentes, que é o debate da confrontación ao redor da política lingüística. E eu non me cansarei de repetir, cada vez que subo a esta tribuna e cada vez que teño ocasión de falar nesta Cámara, que a política lingüística ten que ser unha política precisamente de consenso e non de confrontación. E temos un documento de consenso e un marco de consenso —falou diso o conselleiro—: o Plan xeral de normalización lingüística, do ano 2004. A señora Rodil na súa intervención dábanos a benvida a ese plan. Non nos ten que dar a benvida a un sitio do que nunca marchamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós estamos precisamente no desenvolvemento dese plan en todo momento. E, de feito, vostede sabe moi ben que ese plan tamén foi, por unanimidade evidentemente, aprobado baixo un goberno do Partido Popular.

Nós —xa digo— entendemos que hai que seguir desenvolvendo o previsto no Plan xeral de normalización lingüística. Por certo, medidas que traemos para desenvolver ese Plan xeral de normalización lingüística, como pode ser o caso do Plan de dinamización do galego no ámbito da mocidade, e despois temos que atoparnos con que o Bloque Nacionalista Galego vota en contra dese plan. Pois, evidentemente, ¿quen sae do marco do Plan xeral de normalización lingüística? Pois probablemente neste caso non sexa o grupo maioritario.

Hai que sinalar tamén e poñer en valor —e eu creo que así o fixo o conselleiro— a importancia da nosa lingua para o vínculo coa lusofonía. Nese sentido temos unha ferramenta moi importante como é a Lei Paz Andrade, unha ferramenta que ademais puxo en valor tamén o presidente do Consello da Cultura na súa comparecencia de orzamentos na Comisión 4^a, e que é o marco excelente para precisamente dotar a lingua galega e os galegofalantes dun espectro amplo de relación no ámbito non só galego, senón no ámbito internacional. E nese sentido nós cremos que hai que poñer en valor estas medidas que se levan a cabo, hai que poñer en valor este texto lexislativo e, polo tanto, desenrolar políticas e desenrolar accións, tal como sinalaba o conselleiro, neste ámbito, nesta dirección.

Tema de educación. Evidentemente, nós entendemos que é fundamental no ámbito da educación garantir un ensino e un sistema universitario de calidade, e, nese sentido, entendemos tamén que moitos dos datos que se están a recoller ultimamente, tanto datos do Informe PISA como datos de abandono temperán, veñen certificar que algo se está facendo ben.

Evidentemente, na educación, como en todos os ámbitos da vida, nunca se pode dar nada por feito, senón que sempre queda moito camiño por facer, moito camiño por percorrer; en definitiva, é un proceso de constante mellora. Pero, evidentemente, cando os datos din que se está na boa dirección, tampouco hai por que ser alarmistas e pretender cambiar aquilo que funciona. Nós entendémolo así.

Non falaron nada do novo impulso..., ben, si, falaron, pero veladamente, do novo impulso ao ensino plurilingüe, da estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia, do novo plan de bibliotecas escolares, da potenciación da FP.

Nós entendemos que a formación profesional ten que estar pegada ao territorio. As titulacións de formación profesional que se imparten nos diferentes centros teñen que ter un vello e unha unidade co territorio no que se imparten, porque iso permite dinamizar o tecido económico, o tecido social. En definitiva, teñen que ser tamén unha forma de relación entre a sociedade e a escola, e, nese sentido, nós entendemos que é importante o achegamento e o apoio á empresa, á innovación, á internacionalización e ao emprendemento da formación profesional.

Falouse tamén da inclusividade do sistema educativo galego. Como ben sinalaba o conselleiro, estamos no sistema educativo máis inclusivo de todo o ámbito nacional, e iso é posible grazas a ferramentas como a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020.

En definitiva, como lles dicía antes, eu creo que temos que deixar xa a un lado —e xa con isto remato— determinadas visións catastrofistas da realidade e determinados cadros... Eu faláballes na Comisión 4ª dunha volta á señora Rodil tamén de que pretendían permanentemente pintar unha Comala, facendo alusión a aquel texto de Juan Rulfo, *Pedro Páramo*; vostedes están permanentemente intentando pintar unha Comala, converter Galicia en Comala, e verdadeiramente Galicia é un país con futuro, Galicia é un país con esperanza e Galicia é un país traballador e que sabe elixir e decidir politicamente o que lle convén en cada momento e así o demostra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quixera facer unha reflexión antes de comezar a responder, e é unha reflexión creo que xenérica, e parte do seguinte. Obviamente, temos diferenzas políticas e de percepción

do que sucede no país. Iso é moi bo, iso é moi bo porque sen dúbida nunca hai unha única solución para un problema; eu creo que iso é tremendamente positivo. Pero, ao final, sempre hai un xuíz que é implacable, ese xuíz é o tempo. O tempo ao final dá e quita razóns e é un xuíz implacable.

Eu, que xa empezo a ter certa experiencia nesta Cámara, asistín a moitos debates, a moitísimos debates, nos que se cuestionou absolutamente calquera iniciativa política impulsada por este partido ou por este goberno en materia de educación. Todas foron cuestionadas cunha ferocidade e potencia pola súa parte. Curiosamente, cando se implementaron, se desenvolveron, se puxeron en funcionamento e se viron os resultados, dun xeito automático a crítica mudou. Xa o Plan Proxecta non era malo, xa os contratos programas non eran malos, xa os CIFP non eran malos, ou eran poucos. É dicir, cambiaron o seu discurso cando viron que as políticas e as iniciativas impulsadas por este goberno estaban ben enfocadas. E sempre, sempre vimos esta forma de proceder por parte dos grupos da oposición. Co cal ao final, como xa dixeran, o tempo é sempre o mellor xuíz.

Señorías, as políticas —as de calquera goberno, por suposto— son sempre sometidas a unha avaliación continua; estamos falando, en educación, dunha avaliación continua, e ao final hai unha avaliación final. E a avaliación final é o proceso electoral, e creo que aí a nosa nota afortunadamente dos últimos anos —non digo afortunadamente para o Partido Popular, afortunadamente para Galicia— ten superado o clima catastrofista que vostedes nos presentan.

Señorías, vou organizar a resposta facendo un bloque daqueles temas que trataron os tres grupos políticos con insistencia e, posteriormente, irei responder, tamén no tempo que teño, aos casos concretos de cada un dos grupos.

Un dos temas que plantexaron as tres formacións da oposición ten que ver coa oferta de emprego público, coas oposicións. Creo que a nosa postura é coñecida. ¿O Goberno da Xunta de Galicia quere oposicións? Si. ¿O Goberno da Xunta de Galicia está a facer todo o que ten que facer para impulsar as oposicións? Si. ¿O Goberno da Xunta de Galicia quere seguridade xurídica? Si. ¿O Goberno de Galicia ten o máximo respecto polos opositores e quere impedir que se xere algún tipo de problema cos opositores nunha oposición sen seguridade xurídica? Si. ¿Gústanos a incerteza? Non. Dígolle que non nos gusta a incerteza. Pero tamén lle digo: ¿estamos traballando, estase traballando para intentar dotar de certeza xurídica este proceso? Si. Co cal, señorías, eu creo que é importante que sexamos conscientes do que estamos dicindo, porque vostedes, por certo, nalgúnhas comunidades autónomas onde goberna o Partido Socialista con esas formacións de esquerda que teñen diferentes nomes segundo en que territorio, pero que teñen un paraugas común, nalgúnhas comunidades autónomas, convocaron, ou din que van convocar, e noutras non convocan. ¿Que dirían vostedes —imaxinen, porque xa pasou— se convocan as oposicións? ¿Mobilizamos quince mil ou máis xoves que teñen posta a súa esperanza vital neste proceso selectivo se ao cabo de «x» meses, polas circunstancias que sexan, esas oposicións son declaradas nulas? ¿Que dirían vostedes?

E tamén lles digo: pasou, pasou en Andalucía no ano 2012, sen ir máis lonxe, que chegou ao Constitucional. Co cal eu creo que a nosa vontade está claramente manifestada. Fixemos

todo o que está na nosa man. Na pasada semana, na propia mesa sectorial, puxemos en marcha un número de prazas, 1.043: 540 en secundaria, 80 en FP, 400 en todas as especialidades de primaria e 23 para profesores de música e artes escénicas. Co cal teñan a certeza de que a vontade deste goberno é impulsalas, coa seguridade xurídica precisa, para non meter os opositores nun calexón sen saída. Tamén lle digo que, unha vez que teñamos a certeza e a seguridade xurídica, ao día seguinte Galicia está en condicións de convocar unha OPE, que entendemos que vai posibilitar que haxa máis de mil novos profesores funcionarios no sistema público.

E miren, hai aquí unha cuestión que cuestiono. Fálase de precariedade. Señorías, vostedes aquí dixeron que era importante ter datos, e eu vou poñer encima da mesa datos. Galicia ten unha taxa de interinidade do 13 %, das máis baixas do Estado, que se incrementou nos últimos anos, pero ¿por que se incrementou nos últimos anos? Porque deberían saber —sábeno, o que pasa é que non o din— que dende o ano 2010 houbo unha taxa de reposición, impulsada por un goberno socialista, que imposibilitou convocar prazas de oposición, e tivo que ser un goberno do Partido Popular, cando chegou ao Goberno do Estado, o que levantase a taxa de reposición, primeiro ao cincuenta por cento e agora ao cen por cento.

Co cal, señorías, creo que vostedes están plantexando datos e obviando que foron vostedes, foi o Partido Socialista quen puxo en marcha esa taxa de reposición. E ese é un dato real, é un dato real, absolutamente real. ¿Ou vostedes van negalo agora? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Home! Pois se vostedes negan agora que a taxa de reposición do ano 2010, onde se fixaba o dez por cento, a fixo un goberno socialista, pois é mellor marchar cada un para a súa casa, porque non merece a pena estar aquí, (*Murmurios.*) se vostedes están cuestionando algo tan obxectivo e real como iso. ¡Home!, podemos discrepar noutras cousas, pero niso non podemos discrepar. A taxa de reposición do dez por cento púxoala o Goberno Zapatero; se discrepamos niso, ímonos xa, porque non ten sentido que esteamos aquí.

En todo caso, eu pídolles, señorías, que non xoguemos cos opositores. ¿Oposicións? Si. ¿Con certeza xurídica? Si. E ¿estase traballando para logralo? Si. E vostedes creo que teñen pouca memoria, porque se tivesen memoria, hai uns meses, só hai uns meses, estaban vostedes cuestionando, tamén con gran ferocidade, que se estaba tardando moito en pór en marcha a proba de —vostedes dicían reválida— segundo de bacharelato. Díxose: estase traballando para ter en tempo as probas, e publicouse hai moi pouco no boletín.

Co cal, señorías, eu dígolles que estamos nos prazos, que estamos traballando e que non xoguemos coas ilusións de miles de xoves, que é moi importante que teñan unha certeza xurídica nun paso tan importante como o que queren dar, que é presentarse a un proceso selectivo.

O segundo grande asunto que plantexan vostedes ten que ver co pacto educativo, o que vostedes cuestionaron. É certo que España, no período democrático, ten un hándicap no eido educativo, que foi a incapacidade de pór en marcha un gran consenso educativo no ámbito estatal. A nosa historia democrática está *jalonada* de sucesivas leis orgánicas —por certo, todas socialistas, excepto a última—, que entendo que non deron os resultados precisos; se non, non sería necesario telas cambiado tantas veces.

Pois ben, estamos ante unha oportunidade, temos un marco no cal é posible buscar un acordo, e neste pacto de Estado no tema da educación estase traballando, e débese traballar penso que con tranquilidade, fóra da confrontación e tamén dando certeza ao sistema, e aquí Galicia ten moito que dicir e vai aportar, por suposto, unha colaboración real e responsable. Porque tamén, sen falsa modestia, nalgúns ámbitos temos experiencia e temos bos resultados: no plurilingüismo, na convivencia, na educación inclusiva, no equilibrio das linguas cooficiais, na especialización dos campus universitarios, no financiamento por resultados, e creo que aí podemos aportar.

E falouse tamén da folga. Miren vostedes, respectamos, por suposto, a folga —non pode ser doutra maneira—, pero tamén lles digo que quizais non sexa acertado o momento. Lamentamos o momento da convocatoria, porque estamos nun clima que non demanda folgas, e eu entendo que determinados grupos vaian á folga pois para facerse oír, aínda que teñan outros mecanismos. Pero tamén espero que outros grupos non estean xogando cunha dobre baralla, cunha baralla pedindo consenso e con outra baralla pedindo ou facendo chamamentos á folga; espéroo, porque sería unha cuestión que realmente os situaría nunha situación moral moi difícil de manter.

Respecto xa aos casos concretos de cada grupo, e comezando polo BNG, revolución silenciosa, señora Olalla Rodil. No pasado período de sesións este tema era habitual, había un deputado compañeiro seu de provincia que tamén o cuestionaba. E eu voulle dicir que estamos orgullosos de lograr esta revolución silenciosa. ¿Por que? Porque fomos capaces de transformar e de lograr unha mellora integral do sistema educativo dun xeito non caladiño, como dixo vostede. Por certo, aí saíulle un pouco o ramalazo dese complexo de superioridade: son caladiños, caladiños como o país dos ananos; saíulle aí un ramalazo de certo complexo cando dixo: non, non é unha revolución silenciosa, é unha revolución dos caladiños. ¡Home!, se o di co sentido que eu agardo que non o dixera, pois sairíalle ese ramalazo que espero que non sexa así, porque se fixo unha revolución da man das familias, da man dos alumnos, da man dos profesores, da man dos equipos directivos e da man da Administración, e fomos capaces —os datos están enriba da mesa— de revolucionar o sistema educativo, para ben. E fixémoslo sen algaradas, fixémoslo sen ruído, fixémoslo con moito, moitísimo traballo, con moita, moitísima responsabilidade e con moita complicidade: dos centros, dos profesores e dos directores. E iso si foi e é unha auténtica revolución silenciosa. *(Aplausos.)*

¿E cal é a súa preocupación? Unha lei galega. A preocupación do BNG en educación é unha lei galega de educación. Vostede non falou en ningún momento da baixada do fracaso escolar, non falou das mellores das competencias, non falou das novas metodoloxías de aprendizaxe, non falou de formación do profesorado, non falou de innovación pedagóxica, non falou do reforzamento da formación profesional, non falou absolutamente de nada; só falou de ter unha lei galega. Pois ese é o modelo educativo do Bloque e o seu; respectámolo, aínda que entendemos —e non só o entende este partido, senón que o entenden os galegos— que están equivocados só con esa proposta.

E respecto ao Partido Socialista, catálogo de Ikea. Eu creo que houbo un proceso electoral onde vostedes saben que houbo unha formación política que si utilizou un catálogo de Ikea —e, por certo, non llo compraron aos galegos—, serviu para que tivesen máis votos que vos—

tedes, iso si, pero non lle serviu para moito máis. Pero se vostede di no sentido de catálogo de Ikea que é pois unha exposición de produtos educativos moi amplos e para o conxunto da cidadanía, entón si, entón o noso programa electoral e a nosa política e a miña comparecencia é un catálogo de Ikea; e nese sentido, si; para o conxunto dos cidadáns é un amplísimo programa de accións e de traballo; nese sentido absolutamente lle compro esa afirmación. *(Risos.)*

Falou vostede dos bens de interese cultural. Vostede sabe que o mantemento dos bens patrimoniais, por lei, dende sempre, corresponde aos seus propietarios, e vostede coñece algún concello —estou seguro—, coñece perfectamente que non é o mellor exemplo para a conservación dos BIC que contén. Os propietarios dos seus bens son os que teñen obriga, e a vostede, que coñece os casos perfectamente, pediríalle que fose un pouco máis coidadoso.

Citou vostede tamén —falando da lingua— que se anunciaron dous plans. Efectivamente, nunha comparecencia hai xa tempo anunciei que se ían facer dous plans, por esta orde: primeiro, o plan no ámbito socioeconómico; segundo, o plan de potenciación da mocidade. O primeiro está feito, está aprobado, está impulsado, consensuado e con actuacións que se están levando a cabo; e agora imos comezar o segundo. Fixemos un, como dixemos, e agora imos facer o segundo, pero iso é algo lóxico, para facer primeiro un e despois o outro.

E fala vostede do plurilingüismo e di que está fracasado. Eu non sei se está fracasado ou se algunhas persoas poden entender que está fracasado, pero o que si sei que está sendo motivo de inspiración noutras comunidades autónomas e comunidades autónomas non gobernadas polo Partido Popular estanse inspirando neste decreto. E mire, está permitindo e permitiu un equilibrio das linguas oficiais, e permitiu que teñamos en Galicia neste momento o máximo coñecemento oral, escrito e lector en galego, que é o que ten que garantir o ensino.

O sistema educativo ten que garantir o máximo coñecemento do galego. O uso é unha cuestión individual, da liberdade de cada persoa, e esa é unha cuestión na que non coincidimos os partidos que defendemos a liberdade e os partidos que lle queren dicir á xente como teñen que falar; non coincidimos. Pero o sistema educativo está cumprindo coas súas funcións.

E falou vostede tamén de acordos parlamentarios. Mire, eu nas dúas pasadas lexislaturas fun deputado, trouxen a esta Cámara múltiples, pero múltiples iniciativas para impulsar diferentes proxectos, programas e accións en materia educativa e noutras materias, tamén en urbanismo e en ordenación do territorio.

E voulle poñer un exemplo que me veu agora á cabeza para que vexa tamén o ímpeto na procura de consensos que puxo en marcha o seu grupo. Eu lembro unha lei importante para o país, moi importante para o país, na cal se fixo un ditame. Nese ditame aprobamos o cen por cento das emendas plantexadas presentadas polo Partido Socialista. ¿Cal foi o voto do Partido Socialista? «Non», pese a aceptar o cen por cento das emendas que se presentaron a este ditame. E vostedes, en xeral, dinnos que consensuemos. Miren, é historia, son os datos que están encima da mesa, e iso realmente non se pode cuestionar.

E falou tamén de recuperar as condicións do profesorado; tamén o fixo a señora Luca Chao, de En Marea. Mire, nos últimos anos o Partido Socialista no seu ámbito meteulle a man no

bolsillo aos profesores —no sentido figurativo—. Resumindo, plantexou varios recortes salariais; o Partido Popular, tamén. Pero ¿sabe unha cousa? Polo Partido Popular recuperáronse todos e, non obstante, os impulsados polo Goberno Zapatero, ningún; esa é unha diferenza.

E volvo insistir e plantexar o da taxa de reposición: foi un goberno socialista quen a puxo en marcha, quen impulsou unha taxa de reposición que imposibilitou a convocatoria de oposicións e levou a que houbera un incremento do profesorado non funcionario, dos interinos.

Financiamento universitario. Creo que ter aprobado dous plans de financiamento universitario por consenso en momentos difíciles, co conxunto das tres universidades, significa que polo menos se fixo algo ben. ¿Que nos gustaría máis recursos? Tamén lle digo que por suposto, pero creo que algo se debería de recoñecer que se fixo ben.

E respecto ás becas, que vostede di que os galegos teñen as becas máis baixas do Estado, iso está en función do custo de matrícula, e os galegos teñen o custo da matrícula máis baixo do Estado, co cal obviamente a transferencia para financiar e sufragar os custos da matrícula son tamén os máis baixos, porque unha matrícula en Galicia custa, como media, un terzo, ao mellor, doutras comunidades autónomas, como Madrid —xa lle digo unha do PP— ou Cataluña, co cal obviamente a contía das becas vai en proporción ao custo da matrícula, e por iso son máis baixas, non porque non haxa un apoio, que o hai, pero simplemente é porque hai esa cuestión.

E a señora de En Marea, Luca Chao, fálanos de continuidade e dinos: «Vostedes son continuístas» —¡home, claro!—, «fan políticas continuístas, políticas equivocadas». Bueno, aí xa non estamos de acordo, porque, mire, preguntémonos sobre datos básicos para medir a calidade e a equidade do sistema. ¿Baixou o fracaso escolar nos últimos anos? ¿Cal é a resposta? Si. ¿Subiron os resultados educativos? ¿Temos mellores competencias educativas? Si. ¿O noso sistema é equitativo, o noso sistema educativo é máis equitativo que nos últimos anos? Tamén. ¿Hai máis igualdade de oportunidades? Si. ¿Hai máis oportunidades para o alumnado? Si. ¿Hai máis empregabilidade en FP? Si. ¿Estamos mellorando no eido universitario? Tamén. Son as políticas equivocadas que di vostede. Entón, a partir de aí, obviamente, permítanos que sexamos continuístas, porque, cando algo funciona e dá resultados, o mellor é potencialo, reforzalo, melloralo, pero mantelo, mantelo. Porque, se non, imos por un camiño que non ten moito sentido.

E respecto da Cidade da Cultura, eu invitaríaa a ir por alí, sinceramente a invitaría a ir por alí, porque ao mellor cámbialle a percepción.

Falou vostede de que se anuncian coches. ¡Fantástico! ¿Por que? Porque estamos promocionando un recinto arquitectónico de primeirísimo nivel. ¡Fantástico! Iso non é cuestionable nin é algo que denigra á Cidade da Cultura, ao contrario. Pero vostede non fala aquí do Spin que se fixo o ano pasado, por exemplo —non sei se lle soa, se o coñeceu—, ou do Womex, ou das actividades TEDx, ou dos «atardeceres do Gaiás», das Escenas do Cambio, das exposicións que se fan, das actividades que se fan para os nenos no Nadal, o magosto, carnavais... Non sei se as coñece, pero eu, sinceramente, invítoa a que vaia coñecer estas actividades. Estou seguro de que lle vai cambiar esa percepción.

E claro, vostede tamén fala de machismo, falounos de machismo. Sendo vostede de En Marea, ao mellor non é o mellor día para falar. Falou de igualdade entre as persoas, e falou de certas cuestións para as que, señora Chao, quizais hoxe non sexa o mellor día.

E tamén di que vostede descoñece cousas de innovación. Pois si que as descoñece, claramente as descoñece. E dígollo porque non hai moito tempo o sistema educativo galego recibiu 5 premios nacionais, ¡5 premios nacionais!, de diferentes centros en materia de innovación educativa en diferentes niveis. Bueno, pois si, francamente o descoñece.

Fala da concertada. ¡Home!, voulle dicir que, cando gobernaban as diferentes forzas de esquerda do Bipartito, se incrementaron, en catro anos, só en catro anos, as unidades concertadas en máis de 200 —213—. E en oito anos deste goberno privatizador, segregacionista, etc., 47. Fíxese, en catro anos vostedes —cando digo «vostedes» digo o arco parlamentario da esquerda— incrementan 213, e nós en oito anos incrementamos 47. Por certo, a inmensa maioría vencelladas á Formación Profesional; en concreto á Formación Profesional Básica, que dá cobertura a aqueles alumnos con máis necesidades educativas. E estes datos non son inventados, son públicos e están no *Diario Oficial de Galicia*.

E respecto das ratios —disto tamén falaron todos— parece que noutras comunidades autónomas non hai rural, en Asturias non hai rural, en Cantabria non hai rural, en Castela e León non hai rural, e claro os datos das ratios en Galicia son moi bos. É dicir, hai un profesor por cada 10 alumnos. En España estamos falando de case 13 alumnos por un profesor, e na Unión Europea estamos falando de case 15 alumnos por profesor. Co cal, señorías, son datos que sinceramente non teñen moito percorrido. E sinceramente ven ou teñen unha visión moi sesgada do que se está a falar.

En todo caso —e xa remato—, temos por diante unha folla de ruta moi complexa, é unha consellería con amplas competencias, como se dixo aquí, con moi amplas competencias, que requiren un traballo importantísimo xa non só do conselleiro e do seu equipo —un equipo moi cualificado e cunha gran motivación e ganas de traballar—, senón que todo isto non se podería facer sen a complicitade da enorme cantidade de persoas que están involucradas no sistema educativo e da enorme cantidade de persoas que están involucradas no ecosistema cultural. É un traballo complexo. Queremos e ímolo facer en positivo, querémolo facer en liberdade, e estamos seguros de que o noso modelo cultural e o noso modelo educativo posibilita unha cousa, que é a que máis nos importa: avanzar no futuro do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, temos só cinco minutos, así que irei un pouco rápido, case telegraficamente.

Non lle vou ter en conta a falta de respecto a respecto dos caladiños. Eu do único que lles vou advertir é que vexo que se lles está pegando o macarrismo do señor Tellado. (*Aplausos.*) E aí llelo deixo, aí llelo deixo.

E imos xa por partes. A respecto dalgunhas das cuestións que se puxeron aquí enriba da mesa, o señor Fernández Gil xa decidiu que a maioría absoluta do Partido Popular o autoriza para determinar como xestionamos o noso propio tempo. Autoorganización por parte das forzas políticas do arco da esquerda parlamentaria para determinar como xestionamos ese noso tempo e en que cuestións enfocamos a nosa primeira intervención, que é a máis ampla, como se pode comprobar.

Mire, a respecto do plan da cultura, nós non iamos inicialmente dicir nada. Pero xa que vos tede saca o tema, ¿sabe cando foi a primeira vez que escoitamos oír falar dun plan de cultura comprometido polo Goberno galego para impulsar e dinamizar o tecido e a industria cultural, o sector e demais? Mire, o 13 de marzo de 2013 díxoo o daquela conselleiro, Jesús Vázquez, na súa primeira comparecencia parlamentaria diante desta Cámara. (*Aplausos.*) E, aínda máis alá, o señor Anxo Lorenzo repetiuno e comprometeuno para o ano 2013 en sesión da comisión do 3 de abril de 2013. Catro anos despois, vólvenos repetir o mesmo aquí. ¿Que credibilidade lles temos que dar? E aínda nos piden que lles aplaudamos coas orellas. Cumpran vostedes cos compromisos que adoptan, executen os compromisos que asinan aquí diante polo menos —xa non lles digo no programa electoral, dígolles aquí diante de todo o mundo—. Eu, se poden *sonrojarse* así, minimamente, pois agradeceríallelo.

En referencia ás taxas de abandono escolar temperá, das que todas as persoas que estamos aquí non me cabe a menor dúbida de que nos aledamos enormemente, teñen que ver en boa medida —comentábo a compañeira de En Marea— coa realidade económica. E, polo tanto, en épocas de crise e de menor mobilidade do mercado laboral a xente aposta —algo do que tamén nos aledamos— por continuar a súa formación académica. Pero é que esas cifras que nos traen aquí correspondentes aos datos publicados no ano 2016 analizan exactamente aquelas persoas que tiñan por volta de 16 anos no período analizado, isto é, do 2008 ao 2014. ¿Que lei educativa rexía na comunidade galega de 2008 a 2014? Non era a LOMCE, nin era unha lei aprobada polo Partido Popular. Alegrámonos todas as persoas que estamos aquí, pero non nos queiran facer crer que é unha mostra, un reflexo, do éxito da súa política educativa, cando aínda non se comezou a avaliar a propia aplicación da LOMCE, que, como sabe, entrou en vigor con posterioridade a este período analizado.

Xa digo que nos alegramos, pero hai que poñer todos os datos enriba da mesa e non ser trapalleiros, non ser trapalleiros, nin querer vendernos gato por lebre —que na miña casa se producen conexos, ¿non?—.

E xa para rematar, tamén en relación con ese plan da cultura e todas as medidas enfocadas precisamente a dinamizar o sector editorial e o sector do libro, do que xa tivemos oportunidade de falar por unha iniciativa que presentou a deputada do Partido Socialista na propia comisión... Por certo, naqueles anuncios do señor Jesús Vázquez —¿quen se acorda del agora?, xa anda por Ourense—, naqueles anuncios de Jesús Vázquez, incluíase tamén un plan director do libro —13 de marzo de 2013, 13 de marzo de 2013—. Tráíoo aquí porque,

bueno, recentemente o Consello da Cultura de Galiza vén de publicar precisamente os datos referidos á realidade editorial do noso país, que avalían precisamente un período comprendido entre o 2008 e o 2015. E do que nos falan é dun descenso editorial do 24 % nos últimos anos, da perda de 1.000 títulos. A maior parte do que se publica na actualidade son publicacións referidas ao ensino e á literatura, é dicir, a material que se usa nas escolas. A respecto de publicacións científicas e técnicas en idioma propio —un dato bastante interesante— só houbo 17 no ano 2014, algo que nos debería preocupar se unha das cuestións que queremos poñer enriba da mesa é a viveza e a utilidade en todos os ámbitos da nosa produción do coñecemento da lingua propia. Tamén quizais teña algo que ver que, coa aprobación do «decretazo», nos planos científicos e tecnolóxicos non se poidan impartir as materias en galego. Digo «quizais», jeh!. Non sei, quizais, se avaliamos e traemos os datos da avaliación da aplicación do decretazo a esta Cámara, tamén poderíamos facer unha análise máis sisuda.

Non me dá tempo a máis, e non vou esgotar maior tempo. Eu o único que lles pido é tamén un pouco de decencia, ou, non sei, poñan o cualificativo que consideren oportuno, pero cumpran, polo menos, co que se comprometeron hai catro anos e non pretendan que aplaudamos coas orellas algo que xa escoitamos na anterior lexislatura.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que estiven tentado a pedirlle o dobre de tempo, porque, claro, é que me vexo na obriga de replicarlle ao señor conselleiro e ao seu alter ego, o señor Fernández Gil. Porque eu vin poucos casos de mimetismo tan extremo. De feito, isto foi igual que ver *Avatar* en versión Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*) O señor conselleiro sentado tranquilamente no seu escano e vostede facendo de conselleiro; é dicir, vostede contestándolles aos grupos da oposición en vez de falar da exposición do señor conselleiro. ¡Alá vostede! ¡Alá vostede! Evidentemente, forma parte da súa liberdade parlamentaria.

Mire unha cousa, señor Fernández Gil —dado que me vexo na obriga tamén de puntualizarlle algunhas afirmacións, despois irei con vostede, se non lle importa—, ¿está vostede seguro de que o Partido Popular nunca berrou detrás dunha pancarta? ¿Está vostede seguro? ¿Pode garantir neste Parlamento que o Partido Popular nunca se manifestou polas rúas en protesta de nada, gritando, berrando, ou como queira, detrás de pancartas? ¿Ou é que é exclusiva dos grupos da esquerda facer ese tipo de manifestacións —por certo, tamén lexítimas e autorizadas, tanto nun caso coma noutro—?

E xa para rematar, porque teño un tempo moi limitado —como todos, evidentemente—, di vostede que nunca marcharon do Plan de normalización lingüística do ano 2004. Iso creo que é un desdoubramento astral; é dicir, fóronse vostedes pero non se foron, estaban nos dous sitios. ¡Claro que se foron, home, claro que se foron! Fóronse co Decreto do plurilin-

güismo, evidentemente, se o sabemos todos; dun plan, ademais, que contaba coa unanimidade do Parlamento, de todas as forzas políticas. Foron vostedes quen quebraron ese consenso, ¡vostedes! Entón non diga que non se foron nunca do plan do ano 2004.

Señor conselleiro, falaba vostede de ferocidade por parte da oposición. ¡Home!, non se poña intenso, non se poña intensa, tampouco foi para tanto. (*Aplausos.*) É dicir, podemos defender con contundencia determinadas argumentacións, pero vostede non se poña intenso tampouco. Ferocidade non, ferocidade non.

E mire unha cousa, simplemente por unha cuestión de aritmética, para que lle sirva tamén ao señor Fernández Gil, a vostede mesmo e para as «n» —con «n» moi grande— veces que nos queda por oír isto neste Parlamento. Falan vostedes permanentemente da súa maioría absoluta. Collan, se fan o favor, os datos das eleccións autonómicas, da porcentaxe de poboación que os votou, dentro dos votantes, e verán vostedes que son o 47,53 %. E se iso o pasamos a unha nota numérica, desas de profesoras e profesores puntillosos que cualifican ata as milésimas, é un 4,753. ¡Insuficiente! ¡Insuficiente! (*Aplausos.*) Iso é un suspenso. Que teñen 41 deputados é evidente, iso non o negamos, pero tampouco veñan aquí a dicir que sacaron un 8,7, porque non é verdade.

Mire, outra cousa antes de que diga que é mellor que marchemos todos. Porque cando vostede fala de determinadas disposicións legais e di: ¡Home, se non estamos de acordo niso, mellor marchar!. Pois, mire, mellor imos marchar, porque resulta que a taxa de reposición autorizada polo Real decreto lei 20/2011, do señor Mariano Rajoy, foi do 0 %. ¡Do 0 %! E era un real decreto lei de Mariano Rajoy, non era do PSOE. ¡Caramba! (*Aplausos.*) Non, non cabecee, consulte vostede a lexislación. É que non estou inventando nada. ¡Está publicado no *Boletín Oficial do Estado*, caramba! Entón, non me diga que isto non é así, porque é así.

Mire, vou admitir, se quere —por facerlle un favor—, que o Partido Socialista, gobernando no Estado, meteu a man —en sentido figurado— no peto dos funcionarios públicos. Pero ¿sabe que? Que o Partido Popular tampouco llela sacou. ¡Ah, non! ¡Claro que non! Polo tanto, ao mellor resulta que esa medida foi necesaria nalgún momento. É que parece que soamente durante eses anos de goberno —e dígoo porque eu daquela estaba no meu posto de funcionario— se nos reduciu o salario; polo tanto, vostedes tampouco llela sacaron.

E mire, por último, para rematar, non se poñan catastrofistas, non se poñan de novo intensos. Nós claro que o fixemos —fíxoo a señora Rodil, fágoo eu, por orde de aparición, e seguramente o fará a señora Chao—, claro que recoñecemos os éxitos. ¿Como non imos alegrarnos de que existan cousas que vaian ben, que funcionan ben? Vostede, coma min, sabe que nos movemos nun mundo extraordinariamente complexo, que é o mundo da educación. E, polo tanto, aí non hai medidas a priori que teñan ningunha garantía de éxito. De feito, non hai practicamente ningún ámbito da vida no que a priori poidamos saber se as cousas van funcionar ou non. Admitan a crítica como corresponde, non só porque resulta que somos a oposición no Parlamento, senón porque, evidentemente, dentro do que é a función de goberno está admitir as críticas dos que tamén lexitimamente discrepan das medidas que se nos expoñen. E, polo tanto —insisto—, acepten a crítica e reflexionen —ou boten cálculos, porque ao mellor eu tamén me equivoquei— sobre o 4,753 de cualificación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Teño cinco minutos máis non só para dicir o que me faltaba senón para responder ao que vostede dixo, e mesmo para responder a cousas que vostede di que dixer e que eu non dixer; cousa que xa lle dixer nesta Cámara —por favor, tómennos en serio— que non volva facer. Non poña na nosa boca cousas que non dixemos, porque, segundo vostedes, dixemos non sei que sobre a innovación, que simplemente non é verdade. Só para puntualizalo. Dende logo, non deixa de marabillarme que poidan facer iso.

Permítanme a pregunta. Non é se queren convocar oposicións ou non. A pregunta é: ¿vanas convocar?, ¿si ou non? As opcións de «non sabe non contesta» ou «depende» non entran dentro das que puxemos nós enriba da mesa. A nosa única pregunta era esa. Se non quere contestar, bueno... Tiñan tamén a opción de chamar os seus xefes en Madrid e dicirlles que, se eles non o saben, poden abandonar a chantaxe. E poden, dende logo, tamén sacar un real decreto co que convocar as oposicións, nada máis. E xa que están e xa que lles gusta tan pouco, eliminen a taxa de reposición, que, como lles dicía, dámos igual se foi invento do Partido Socialista ou invento do Partido Popular. O caso é que é un invento caduco que constrinxe os servizos públicos básicos.

Se no que respecta ao ensino o seu discurso non nos merece outro cualificativo que o de puro anuncio propagandístico, porque non soporta a máis mínima confrontación coa realidade, se falamos de cultura a situación —permítame ser franca— é aínda máis vergoñenta. Fái-se realmente difícil que fale de compromiso coa cultura, porque —xa llo dixer— os datos son os que son. Vostedes recortaron un 67 % os recursos.

E, dende logo, non me explicou como é posible que partidas do orzamento de cultura se dediquen a presentacións de coches ou a pagar a intranet da Xunta. A cuestión non é se isto fai falta ou non. A cuestión é: ¿para vostede unha presentación de coches é unha actividade cultural? Para nós, non. Pero igual vostede ten un modelo cultural no que unha presentación de coches é unha actividade cultural. Deféndao.

Tampouco deu o máis mínimo sinal, na súa intervención, de ir mudar algo nestas decisións erráticas e inxustificables. Un dato máis: mentres vostedes seguen enterrando os nosos cartos na Cidade da Cultura para presentacións de coches e intranet —nada máis e nada menos que 1 de cada 3 euros de todo o que dedican a actividades culturais—, o 60 % das artistas deste país viven baixo o limiar da pobreza. Para nós isto chámase «culturicidio». Vostede pónalle o nome que queira. Oxalá lle sirva para unha reflexión. (*Aplausos.*)

Esmorece a cultura, menoscábase o dereito universal de acceso e, á par, destrúese un sector económico que representa o 2 % do PIB galego e o 3 % do emprego; cifras moi próximas ás doutros sectores moito mellor considerados por vostedes, como a pesca, que xera

o 2,1 % do PIB e o 2,9 % do emprego. Entón poderían preguntarse: ¿por que este desleixo e maltrato á cultura? Parecen, efectivamente, recortes políticos —como dicía a miña compañeira na pasada comisión— contra un sector que nin é submiso nin é do seu agrado. Agardamos, de verdade, que muden a óptica e comecen a considerar que o diñeiro que vai á cultura non é un gasto senón un investimento de futuro; que recuperen, cando menos, o nivel de investimento de 2008, que emprendan un diálogo urxente para revitalizar un sector que non pode seguir soportando o abandono e a centralización absoluta na Cidade da Cultura.

E outra proposta: xa que tanto queren respectar a cultura deste país e os artistas, déanlles rango universitario aos estudos, que, como saben, estano demandando. Algo semellante acontece coa política lingüística, dicíallo antes. Vostede pode sacar peito do modelo do plurilingüismo, pode ata dicir que somos un exemplo para todos. Pero ¿quen sabe e con base en que? Porque os datos de abandono da lingua galega están aí. Os nenos e nenas de 5 a 14 anos que falan galego pasaron de ser o 40,3 % no 2003 ao 25,11 % en 2013. Digo eu que quizais algunha responsabilidade sexa súa, porque foron vostedes os que impulsaron o «decretazo». Entón, se queren dicirnos que o modelo plurilingüístico funciona, traian os datos, fagan a avaliación que se comprometeron a facer.

Señor conselleiro, vostede poderá dicirnos que o único que facemos é dar unha visión apocalíptica. Pero o certo é que a súa satisfacción nos indica dúas cousas: que ou ben descoñece a realidade da que estamos falando —podería ser— ou ben que o obxectivo era exactamente o que se conseguiu: menoscabar o público degradando a súa consideración para facer negocios cos nosos dereitos. Decantámonos pola segunda. Deste xeito, a crise económica foi a escusa que querían, a que precisaban para aplicar as políticas neoliberais que queren derribar o Estado de benestar e facer negocios cos nosos dereitos. Elitismo e beneficencia, xa sabemos. Imposible negalo cando ata o seu xefe, Méndez de Vigo, dixo que hai demasiadas persoas universitarias en España. Isto aínda que estamos por debaixo da media europea, e isto sen explicar cales sobran, porque imaxinamos que os seus fillos non. (*Aplausos.*)

Vostedes recortaron, privatizaron e desprestixiaron o público. Desde En Marea imos seguir defendendo outro modelo. Por iso, si, lamentamos decepcionalo, o xoves estaremos nas rúas. Porque cadaquén decide os seus socios. Vostedes deciden que os seus socios preferentes son os bancos, son os colexios do Opus e son as empresas que fan negocio co ensino que privatizan. Nós preferimos que sexan as familias, o estudantado e o profesorado. Por iso o xoves alí estaremos. Se abre as ventás de San Caetano, igual escoita que seguiremos dicindo que non, que o público non se vende. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día novamente.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular seguimos agardando polas desculpas ante as calumnias vertidas contra todos os membros do Partido Popular nas redes sociais chamándonos asasinados de mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor FERNÁNDEZ GIL: A verdade é que hai varias cuestións a sinalar do que se desprende das anteriores intervencións dos diferentes grupos. Eu creo que, en primeiro lugar... Sinceramente non sei moi ben por onde comezar. (*Murmurios.*) Vou case comezar... (*Murmurios.*), si, si, vou case comezar polo principio, como se fan estas cousas.

Señora Rodil, vamos ver, en primeiro lugar, teña por seguro, a verdade, que nunca da miña boca escoitará dicir que vostede é macarra ou actúa dun xeito macarra, aínda que ao mellor en ocasións poida chegar a facelo. (*Murmurios.*) Teña por seguro que da miña boca iso nunca vai saír. (*Aplausos.*)

Falou vostede de aplaudir coas orellas —é unha expresión que repite reiteradamente— as políticas do Partido Popular. Evidentemente, ninguén lle pide que aplauda coas orellas ou con calquera outra parte do corpo as nosas políticas. Simplemente o que queremos dicir é que, cando algo funciona —e niso agradezo o comentario que fixo o señor Álvarez, porque si recoñeceu que en ocasións cando as cousas funcionan hai que saber dicilo, que non custa nada, que está ben— cando as cousas funcionan e se fan ben, pois están ben e non hai por que cambialas. E nese sentido nós entendemos que a posición política do BNG en moitas ocasións é simplemente negarse a asumir todo aquilo que funciona ben unicamente por defender un paradigma político que curiosamente a sociedade unha e outra vez se encarga de dicir que non lle interesa. Pero, bueno, ese é o seu camiño. Dende logo, continúen por el, que nós non temos ningún problema nin imos intentar evitar marcar a súa liña política nin cambiar a súa liña discursiva, porque evidentemente a liña que teñen é positiva para nós tamén.

A verdade é que, señor Álvarez, vostede sempre me di moitas veces, cando estou aquí, que teño o costume de falar de resultados electorais e que falamos moito da maioría absoluta. Sacounos agora ese dato do 47,56 % que vostede converteu nun 4,756. Pois permítame que dende a tribuna eu o felicite polos bos resultados do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Permítame. A verdade é que teñen un resultado para presumir, xa que, se no noso caso é un insuficiente, vostedes non sei se chegarían tan sequera ao moi deficiente que se puña daquela. (*Aplausos.*) Pero bueno, xa digo, a verdade é que resulta curioso nestas cuestións. Vostede subiu aquí, fixo unha intervención amena, incluso nos falou de películas, falounos de *Avatar*. Eu case o compararía cos discursos daqueles sofistas gregos que eran capaces de retorcer a verdade, ou retorcer a realidade, en función do interese argumental, e que incluso se permitían o luxo de dar aquelas leccións a outros pensadores ou a persoas que estaban no ámbito da política para, corrixindo os seus argumentos, que fosen capaces de convencer os demais. Mire, nós somos máis de ser que de parecer; (*Murmurios.*) é dicir, a nós gústanos máis a política de feitos que a política de sofismas, a política de slogans e a política vacía de contidos. Polo tanto, nós seguiremos no camiño de ser e olvidarémonos do camiño de parecer. Ese deixámosllo para vostedes.

A verdade é que eu, señora Chao, non me cansarei de sorprendeme da capacidade que teñen dende de En Marea de crear conceptos acabados en –cidio. É unha capacidade, dende logo, profundamente chamativa: «austericidio», «culturicidio»... Eu creo que algún día destes nos sorprendarán con «mareacidio», que será cando se coman todos vostedes a si mesmos. (*Aplausos.*) Pero, bueno, nese caso deixaremos ese concepto para cando o traian a esta Cámara e queiran falar del.

Miren, a verdade é que —xa para rematar— nós entendemos que —como dicía antes— nos debemos ao pobo, debémonos a todos aqueles que representamos, e, polo tanto, a política tamén se ten que medir con base en resultados e con base en feitos. Eu creo que fundamentalmente se ten que medir con base en resultados e en feitos. Polo tanto, cando algo resulta ben, cando algo funciona ben e cando a liña está referendada, ademais, polo consenso coa cidadanía, pois non nos pidan que cambiemos aquilo no que cremos e aquilo que nos están dicindo que facemos ben.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peché da comparecencia.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente, outra vez.

Bueno, señora Rodil, estea tranquila que o plan da cultura se vai facer. Estea absolutamente tranquila. E tamén fago unha reflexión que é sempre habitual. Se calquera variable educativa mellora —neste caso vostede citou o abandono temperá, que baixa—, o Goberno pasa por aí; agora, se empeorara, sería culpa radical do Goberno, non me cabe a menor dúbida. A iso xa estamos habituados, e agradecemos que siga na mesma liña.

Señor Álvarez —xa se dixo aquí—, menos mal que ten o Partido Popular 41 deputados, ¡menos mal! Pero quixera facer tamén outra pequena reflexión: vostede estrañouse de que o Goberno e o partido político que sustenta o Goberno coincidan. Estrañouse. Xa entendemos moitas cousas. (*Risos.*) Bueno, é un dato que realmente manifesta moito as situacións dalgunhas formacións políticas. E, claro, vostede tamén fai a súa conta e di: vostedes teñen tanto, vostedes e vostedes son todos o mesmo, acaso. ¿Ou vostede suma os seus votos e os seus escanos ao do Partido do Bloque ou do Partido de En Marea? Non o sei. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En todo caso, tamén señora Luca Chao, eu tamén só unha pregunta, pregunte vostede en Valencia ou nas Illas Baleares que están facendo coas opos. Aí teñen algo de responsabilidade vostedes, porque vostedes, como formación política —digamos— vencellada a Podemos, ou non sei se vostede particularmente, pero si o seu grupo, non sabemos se pensan que viven só nunha nube e que están illados do resto da atmosfera. Pregunte que se fai en Valencia e

nas Illas Baleares, pregunte, e despois falaremos do que queira: seguridade xurídica, certeza, do que vostede queira.

Pero hai unha cousa que ten que rectificar, porque é unha radical mentira. Vostede dixo que de fondos públicos da Consellería de Cultura se pagaban —díxoo literalmente— presentacións de coches. Chegou a preguntar se os fondos públicos debían pagar presentacións de coches ou se iso era un acto cultural. Está equivocada. A Cidade da Cultura deixa o seu recinto arquitectónico —fantástico, por certo— para que se fagan actividades promocionais. Estiven en moitísimas. Mire, eu lembro que fun a unha de coches de Coca-Cola, onde a rede de coches de Coca-Cola, cunha mensaxe en galego, jen galego!, se presentou na Cidade da Cultura. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aí non houbo e non se pagou absolutamente nin un euro de fondos públicos. Polo cal eu lle pido que rectifique esta cuestión, porque non hai ningunha partida cultural da Xunta de Galicia dedicada á presentación de coches.

Mire, despois do seu discurso, vostedes tamén teñen concellos onde gobernan. Entendo que tamén pode preguntar aí a súa situación no eido cultural, e tamén lle digo que lle chamen «neoliberais» como nos chamou a nós, porque se nós somos neoliberais no sentido pexorativo que vostede utiliza, vaia vostede a algúns concellos onde teñen responsabilidades de goberno e pregunten o que están a facer aí.

E, xa para rematar, quixera facer tamén unha reflexión xeral, tomar unha cita de San Agustín. Dinos San Agustín que para ir a calquera sitio vale calquera camiño. E a verdade é que despois de escoitalos a vostedes é que non sabemos por que camiño van. Tampouco creo que vostedes saiban onde queren ir, porque todo o que din, todo o que dixeron nesta xa longa comparecencia, se o confrontamos coa realidade, cae polo seu propio peso, cae. Porque aquí escoitamos moitas declaracións, moitos discursos demagóxicos, moitas soflamas partidistas —a da señora Chao foi emocionante—, pero cando comparamos e o vemos coa realidade cae.

Galicia mellorou o sistema educativo en calidade e en equidade nos últimos anos. *(Un señor deputado pronuncia a seguinte palabra: Non.)* Mentira enorme. Si, mellorou, e mellorou con menos recursos. Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que? Porque fomos capaces de facer as cousas mellor, mellor do que se facían antes. E os avances son paritarios en ambas as variables: en calidade e en equidade. É fundamental que vaian acompañadas. ¿Por que? Porque a calidade sen equidade é elitismo, e este goberno, este partido, non é elitista. Pero tamén a equidade sen calidade pois é unha especie de café para todos, é unha involución, é pan para hoxe e fame para mañá. Teñen que camiñar as dúas variables xuntas como o están facendo.

E, certamente, señorías, queda moito por facer, moitísimo por facer, pero temos que saber que camiño percorremos para chegar ao sitio onde queremos ir, e este goberno sabe onde quere ir, ten detrás unha traxectoria que nos avala, e os resultados, aínda que se neguen aquí, están encima da mesa: ¡incuestionables! Temos unha folla de ruta, temos un programa electoral. O propio presidente no discurso de investidura fixou os eixos polos cales debe percorrer a dinámica e a política educativa e cultural, e hoxe, nesta comparecencia, reafirmamos o camiño que queremos percorrer. E todos sabemos —nós polo menos sabémolo— que este camiño non o podemos facer sós, non o pode facer só un partido ou un Goberno. Na cultura

temos que ir da man dos diferentes sectores, nese plan da cultura que imos facer; en patrimonio, igual, cos propietarios dos bens, coas administracións; na lingua, co conxunto da sociedade; en educación, temos que ir coas familias, temos que ir cos profesionais, e sabémolo.

E todos sabemos que este camiño non é doado, pero hai que estar aí con valores, e hai que defender unha serie de valores que este partido defende: o esforzo, a motivación, a liberdade, o respecto, o cumprimento da legalidade, a aposta polos consensos. Porque, ao final de todo isto, o máis importante é o lugar ao que queremos ir, onde queremos chegar, e todo este camiño exige o que acabo de dicir. E o lugar onde queremos ir é un lugar, un país, onde a cultura e a educación sexan claves para ter unha Galicia mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: A segunda comparecencia é a do conselleiro de Política Social, quen ten a palabra para iso.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas.

Moi bos días, señor presidente.

Señorías, o benestar dos galegos e galegas e o progreso de Galicia é un compromiso ineludible que asumiu o presidente de Galicia e, por tanto, todo o seu Goberno. Un compromiso que, como non podía ser doutro xeito, fundamenta as liñas estratéxicas desta consellería para os vindeiros catro anos, e que por iso comparezo por petición propia para facer partícipes desas liñas estratéxicas dos próximos catro anos a todos os parlamentarios como representantes de todos os galegos e galegas, coa idea de que en política social, como noutras moitas áreas da nosa terra, é fundamental que avancemos xuntos, que as ideas que poidamos ter diferentes pensen sobre todo na persoa, porque a persoa é o noso ámbito de actuación máis importante.

Por iso queremos continuar apoiando as familias, e especialmente as familias que menos teñen, porque a recuperación demográfica é un dos retos máis importantes que temos por diante. Tamén temos que estar ao carón das familias de rendas medias, sobre todo naquelas familias de rendas medias que asumen día a día cargas familiares. Debemos tamén procurar unha maior integración social das persoas máis desfavorecidas, avanzar máis na ampliación das prestacións, ata que ningunha persoa que a precise quede sen ela. E afondaremos tamén en medidas que permitan que os nosos maiores gocen dunha maior calidade de vida e autonomía persoal. Igual que as persoas que teñen capacidades diferentes.

Hoxe, as persoas e familias deste país teñen máis ferramentas e instrumentos de apoio público que nunca, con maiores deducións fiscais para as familias con fillos, con máis prazas

públicas en escolas infantís, con máis persoas dependentes atendidas, con máis prazas en residencias e con máis prazas en centros de día, pero non abunda. Non estamos aquí polo que fixemos, senón que estamos aquí polo que temos por diante que facer. O noso compromiso é seguir traballando e contribuír á mellora da calidade de vida dos fogares galegos.

Hoxe é verdade que Galicia destaca entre as comunidades españolas non soamente por ser das poucas que cumpren o déficit económico, senón tamén porque o beneficio de cumprir o déficit económico nos permite ter mellores políticas sociais. É dicir, cumprir o déficit económico, dende o punto de vista social, é importante porque os maiores recursos que nos permiten cumprir ese déficit permítennos —como saben vostedes— destinar máis recursos á política social.

Presentei hai unhas semanas, cando estaban en tramitación os orzamentos, o orzamento desta consellería para o ano 2017, que acada a cantidade de 643,5 millóns de euros. É a cantidade máis alta da historia de Galicia destinada ás políticas sociais. Porque de políticas sociais pódese falar de moitas maneiras, pódense dicir moitas cousas sobre as políticas sociais, sobre as intencións que todos podemos ter máis ou menos estruturadas en programas, pero o que é certo e verdade é que sen o respaldo orzamentario as políticas sociais non teñen presente e, sobre todo, non teñen futuro. Sobre todo porque a lectura da superación da crise dende a Consellería de Política Social non se reduce ao cumprimento do déficit, a lectura da Consellería de Política Social da saída da crise, sobre todo, é que a crise xerou maiores desigualdades sociais. Polo tanto, os recursos que teñamos dispoñibles debemos, precisamente, encamiñalos con políticas públicas a reducir esas desigualdades sociais que todos vimos durante a crise e que en moitos casos quedaron en moitas familias, en moitas persoas, despois da crise.

Mentres haxa un galego con dificultades, aí teremos que estar todas as administracións públicas e aí terá que estar toda a nosa sociedade civil. Nesta tarefa non doada cómpre xuntar esforzos. Por iso, dende logo, quero reiterar o ofrecemento que estivo aberto na pasada lexislatura de acordos, de acordos en política social, que son acordos para atender mellor as persoas que peor o están a pasar. Así o fixemos no último treito da pasada lexislatura. E gustaríame destacar dous acordos creo que moi importantes:

O primeiro, a Axenda social única de Galicia, que marca os grandes retos para evitar as desigualdades sociais, asinada con todos os concellos de Galicia e asinada tamén coa Rede galega contra a pobreza. As medidas previstas nesa axenda estanse desenvolvendo, e o que precisamos é que este inicio de lexislatura nos permita avanzar precisamente nesas directrices que consensuamos.

E tamén outro acordo que creo moi importante é o acordo marco para a xestión compartida de escolas infantís e centros de día en toda a xeografía galega, coa idea moi importante que lles quería trasladar de que os servizos sociais non son da Xunta de Galicia, os servizos sociais non son das deputacións, os servizos sociais non son dos concellos. A idea que temos que transmitir entre todos, de verdade, é que os servizos sociais son das persoas, e especialmente das persoas que máis nos necesitan, porque esa é a nosa prioridade.

Entre as liñas estratéxicas desta consellería destaca a familia, destacan os nenos e as nenas que están nacendo hoxe, porque eses son o futuro da nosa terra. Nos vindeiros catro anos seguiremos traballando para impulsar a natalidade, para apoiar o coidado dos fillos e favorecer a conciliación, reforzando as axudas, os programas e os servizos para que Galicia siga sendo a comunidade onde maiores facilidades teñan as familias para ser pais e nais. Unha comunidade que aposte por dous conceptos importantísimos: o primeiro, o da conciliación e, o segundo, o da corresponsabilidade. Cremos que son dous aspectos fundamentais cando se está a falar de deixar atrás desigualdades.

Aspiramos a que Galicia sexa o mellor lugar para ser pai e nai, pero aspiramos sobre todo a que Galicia sexa o mellor lugar para ser neno ou para ser nena. Isto non se vai conseguir con improvisacións, con ocorrencias, e moito menos dun día para outro, sobre todo tendo en conta o que foi a nosa historia máis recente. Son obxectivos que están recollidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

E ao cumprimento deste obxectivo obedecen as contas desta consellería para este ano precisamente 2017. As partidas económicas asignadas aos nosos programas de familia, infancia e demografía superan os cento vinte millóns de euros, cun incremento importantísimo non xa con respecto ao ano 2016 senón co incremento importantísimo do ano 2015. Polo tanto, xa son dous anos de incremento orzamentario importantísimo, pensando en que as familias teñen que xogar unha parte importantísima no momento social en que nos encontramos.

Por iso queremos dotar as familias dos servizos, dos recursos e das medidas precisas para apoiar precisamente ese papel que veñen desenvolvendo na sociedade. Un papel imprescindible para que teñamos chegado ata aquí e, sobre todo, un papel moi cambiante que temos que ser capaces de proxectar no noso futuro. Cunha mención moi especial a dous tipos de familia que requiren atención tamén moi especial: por un lado, as familias numerosas e, por outro lado, as familias monoparentais, que son unha realidade que temos que ter cada vez máis presente. Despois tamén ás familias ante situacións de necesidade extrema, que son fundamentais para evitar un fenómeno que é, dende logo, dos máis importantes para esta consellería e para calquera goberno, que é o da pobreza infantil.

Dicía antes que tamén incrementar medidas de conciliación e corresponsabilidade, promover novos modelos de educación familiar para a mellora das pautas na crianza dos menores baseadas na aparenalidade positiva e sensibilizar a sociedade en xeral sobre a importancia da familia e a súa incidencia na estruturación da sociedade e, sobre todo, no noso futuro.

Por iso a finais do 2015 —como saben perfectamente— puxemos en marcha o Programa de apoio á natalidade, o PAN Galicia. E puxémolo en marcha para garantir os maiores apoios ás familias existentes nas comunidades de todo o Estado. Nesta lexislatura non nos quedamos parados e nos cen primeiros días de goberno melloramos a Tarxeta Benvida, para o que aprobamos un gasto plurianual de 18 millóns de euros, que nos vai permitir estendela aos nenos e nenas que nazen neste ano 2017. Unha partida que ademais se poderá incrementar no caso de que sexa necesario, co que garantiremos que todas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na orde recibirán esa achega económica mensual de 100 euros, anual de 1.200 euros.

Ademais, ampliamos os supostos que dan dereito a recibir esta tarxeta, recollendo como novidade, ademais das familias que estaban establecidas antes, aquelas que teñen un fillo ou adopten un neno e aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno menor dun ano, para darlle a importancia que require precisamente a potenciación que queremos facer da garda e de acollementos temporais, moi necesarios. Porque se estamos falando de potenciar a familia temos que acordarnos sempre daqueles nenos e daquelas nenas que non teñen familia e que, polo tanto, temos que demostrarlle que Galicia é a súa familia.

Tamén aumentamos os lugares nos que se pode utilizar a tarxeta, establecementos de puericultura, establecementos para a compra de determinados artigos moi relacionados coa maternidade e moi relacionados coa paternidade. Na actualidade —pódolles dar o dato exacto— máis de catorce mil trescentos fogares de Galicia están a beneficiarse das vantaxes da Tarxeta Benvida.

En segundo lugar, aumentamos os recursos e servizos de conciliación. Esa é a outra pata importantísima das políticas de familia:

En primeiro lugar, coa posta en funcionamento das primeiras trinta casas niño en concellos de menos de 5.000 habitantes. Obxectivo conseguido nos cen primeiros días de lexislatura, pero xa nos puxemos o obxectivo para este ano 2017, que é doutras trinta casas niño, que están coa partida orzamentaria correspondente xa nos presupostos aprobados desta Cámara. Isto é unha mostra inequívoca da aposta do Goberno por que as persoas que residen en concellos rurais teñan os mesmos recursos que nas cidades, nomeadamente no noso ámbito de actuación como consellería, no ámbito da familia e infancia. Ademais, constitúe un apoio a emprendedores en pequenos concellos que se converte nun novo xacemento de emprego.

En segundo lugar, en aras da conciliación, estamos favorecendo a conciliación achegando as escolas infantís tamén aos lugares onde traballan as nais, aos lugares onde traballan os pais. Demos xa as primeiras subvencións aos polígonos do Río do Pozo en Narón e no da Tomada na Pobra do Caramiñal, e hai partida orzamentaria para seis novas escolas infantís en polígonos industriais e parques empresariais nos orzamentos que temos aprobados para este ano 2017.

Ademais, en terceiro lugar, continuaremos impulsando a rede de prazas públicas e financiadas con fondos públicos en escolas infantís de 0 a 3 anos. Nestes cen primeiros días de goberno adxudicamos os contratos para a construción de dúas novas escolas infantís: en Mos, cun importe económico de 683.000 euros, e na Estrada, cun importe económico de 677.000 euros. Rematamos nestes cen primeiros días de goberno as obras da reforma integral da escola infantil do Grove, cunha aportación económica de 514.000 euros. E temos en marcha a construción de máis escolas infantís. Temos en marcha a construción dunha escola infantil importantísima en Ourense e estamos ultimando os emprazamentos de dúas novas, pactándoas cos concellos, nos concellos de Lugo e de Vigo.

Estas actuacións e as que se irán desenvolvendo nos próximos anos neste ámbito responden a un obxectivo ambicioso de goberno: aspiramos a que os 313 concellos de Galicia contén cun recurso de conciliación no horizonte do 2020, e tamén que cheguemos a ese ano cunha

ratio de cobertura de escolas infantís do 40 %. Neste momento estamos no 37 %, e a ratio recomendada de cobertura pola Unión Europea é do 33 %.

En cuarto lugar, cuarta medida de conciliación: o Bono Coidado, do que esperamos que se beneficien do mesmo ata tres mil familias.

En quinto lugar, o Bono Concilia. Con axudas directas a aquelas familias que quedan en lista de agarda en escolas e que reciben o importe económico equivalente para conseguir non ter lista de espera tampouco neste ano 2017.

En sexto lugar, estender a prestación por fillo a cargo para unidades familiares con ingresos que non superen os 22.000 euros, e que esperamos que chegue este ano a tres mil familias.

O noso convencemento é que apoiar as familias e crear o contorno social máis favorable para o seu desenvolvemento é a mellor maneira de contribuír ao benestar deste piar da sociedade.

A revitalización da poboación é outro asunto central non soamente en Galicia senón tamén no conxunto de España xa e en moitas rexións da Unión Europea. Esta é unha tarefa que debe comprometer a todos os representantes públicos que estamos nesta Cámara. Somos na actualidade a terceira comunidade co índice de fecundidade máis baixo do Estado e tamén a segunda comunidade cun maior índice de envellecemento.

Afrontar o problema demográfico é un dos eixes centrais desta consellería e de todo o Goberno, traballando en tres ámbitos moi importantes:

En primeiro lugar, no ámbito autonómico. Xa lles falei do Programa de apoio á natalidade.

E tamén no marco nacional. Aquí tivemos avances importantes despois da Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada no mes de xaneiro, da que resultou a iniciativa do presidente Feijóo: a creación dun comisionado específico para o reto demográfico. Serviu de moito o traballo de Galicia xunto ás comunidades de Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Asturias, Cantabria, La Rioja e Aragón. E o noso compromiso é seguir traballando con estas comunidades autónomas, nas que a súa cor política é diferente, para ser capaces de que os nosos acordos vinculen tamén a outras administracións públicas.

E despois, en terceiro lugar, no ámbito europeo, no que temos que estar traballando xa nas medidas de novo financiamento a partir do 2020, para que esas características especiais que ten Galicia —de envellecemento e de dispersión da poboación— se convertan tamén nunha oportunidade. Nunha oportunidade que nos permita obter máis fondos por esas particularidades, porque non é o mesmo prestar servizos con máis poboación maior e non é o mesmo prestar máis servizos con moitos núcleos de poboación como os que temos en Galicia.

Cómpre lembrar —como dicía antes— que o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos fundamentais a necesidade de que como administración contribuíamos a esa revitalización demográfica. Crear un contorno social que favoreza dende múltiples ópticas este obxectivo é un traballo que imos poñer por diante nestes catro anos. Porque o desexo do

Goberno é que nesta lexislatura xurda un gran pacto político e social a favor dunha lei de impulso demográfico. Simplemente facer o que fixeron outras rexións, outros estados europeos cando se deron conta de que isto era un tema estratéxico. Por iso modificaremos a normativa que regula o Observatorio Demográfico, coa inclusión do Consello Galego de Relacións Laborais, o Instituto Galego de Estatística, a Delegación do Goberno, a Federación Galega de Municipios e Provincias, as tres universidades galegas, as organizacións sindicais, o Consello Económico e Social de Galicia, expertos científicos no campo da demografía e espero e desexo que os grupos parlamentarios.

Señorías, cremos nas familias, calquera tipo de familia, como un dos piares que vertebran a nosa sociedade. Protexelas e garantir o desenvolvemento libre e integral das mesmas é obriga dos poderes públicos. Nesta lexislatura debemos avanzar —como dicía antes— no recoñecemento das familias monoparentais e das familias numerosas como familias de especial consideración. Na actualidade estas familias xa gozan a nivel autonómico de toda unha serie de beneficios aos que poden acceder dunha maneira transversal nos diferentes departamentos da Xunta, tales como na área social, deducións fiscais, preferencia na adxudicación de prazas en escolas infantís, valoración de situacións de exclusión social ou risco de exclusión social para acceder á renda social de Galicia. Consideramos que é necesario avanzar na elaboración e aprobación dun programa de apoio específico para eses dous tipos de familias que integre e faga visible as actuacións e os beneficios que dende os distintos departamentos existen e se van programar a favor destas familias.

A importancia destas medidas e propostas xustifícanse nun dato que lles vou dar a continuación: no ano 2008 contabilizábanse en Galicia algo máis de oitenta e oito mil familias monoparentais; na actualidade superamos as cento tres mil familias monoparentais. E outro dato tamén en familias numerosas: neste momento temos emitido títulos de familias numerosas por un importe de 21.600. Polo tanto, daranse conta perfectamente de que calquera política de familia ten que ter unha especial consideración a esa nova realidade, á realidade das familias monoparentais e monomarentais e tamén, por suposto, ás familias numerosas, porque non cabe ningún tipo de dúbida de que contribúen máis ao obxectivo da revitalización demográfica de Galicia.

Unhas pequenas palabras —como dicía antes— para falar da infancia, porque a Xunta ten ao seu cargo máis de dous mil cen menores neste momento. Pensando nos menores que máis precisan a nosa atención e apoio, apostamos por mellorar o apoio técnico e económico do acollemento familiar, o que se evidencia no incremento orzamentario recollido nas contas deste exercicio 2017, para alcanzar un importe de 2,4 millóns de euros. E nesta liña aumentamos tamén a partida para a mellora e mantemento dos centros de menores, ata situala en 28,4 millóns de euros, que redundará —estamos convencidos— nunha mellora de calidade do servizo, no que temos moito que avanzar e no que estamos avanzando decididamente.

Temos que seguir preservando os dereitos dos nenos. Por iso seguiremos desenvolvendo unha política de promoción do bo trato á infancia e á adolescencia, con programas de mediación, orientados a familias con fillos con condutas disruptivas, para facilitar o éxito escolar dos menores tutelados, para previr e intervir en casos de violencia filoparental, para o fortalecemento da integración social e laboral dos menores que cumpren medidas xudiciais,

para favorecer a parentalidade positiva, con programas de protección, asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato infantil.

En definitiva, señorías, estas son as liñas estratéxicas en materia de familia, infancia e demografía que marcarán as políticas sociais durante os vindeiros catro anos en Galicia. O obxectivo que perseguen é garantir o benestar das familias e dos nenos e nenas, así como contribuír á revitalización da poboación galega.

Loitar contra a pobreza, a exclusión social e a desigualdade constitúe tamén un dos obxectivos prioritarios deste goberno. Para iso debemos seguir poñendo en marcha servizos, medidas e programas que atendan, en primeiro lugar, as rendas máis baixas, dando así continuidade ao traballo que, da man dos concellos e das entidades sociais, xa ten comezado como principal ferramenta da Axenda social única de Galicia.

O labor dos vindeiros catro anos do noso obxectivo responde á literalidade, pero tamén ao obxectivo do artigo 25 da Declaración dos dereitos humanos: toda persoa ten que ter un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar e en especial a alimentación, a vestimenta, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, así como tamén o seguro de desemprego, enfermidade, invalidez, viuvez, vellez e outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade.

Así pois, a Xunta de Galicia e o resto de administracións, os nosos concellos, puxemos en marcha unha estratexia que neste ano acada os 107 millóns de euros de orzamento da nosa área de inclusión, que son 20 millóns máis que o exercicio pasado e 37 millóns máis que hai dous anos, e, xunto cunha maior dispoñibilidade económica, para facer fronte ao que dicía: que a recuperación nos permite ter máis recursos para afondar, precisamente, en combater a desigualdade.

A Xunta vai acentuar nesta lexislatura ese compromiso. E farémolo cos seguintes puntos de actuación: en primeiro lugar, continuar co impulso e actualización das medidas contidas na Axenda social única e na Estratexia social de inclusión de Galicia; en segundo lugar, desenvolvendo a Lei de inclusión social de Galicia; en terceiro lugar, reforzando os servizos sociais comunitarios; en cuarto lugar, ampliando os programas de apoio ás familias con risco de desafiuzamento; e, en quinto lugar, potenciando o papel dos equipos de inclusión sociolaboral que temos despregados polo noso territorio.

A Axenda social única de Galicia constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do sistema galego de servizos sociais, os da Xunta de Galicia e os das entidades sociais, precisamente para ser capaces de canalizar todas as nosas necesidades e canalizar todos os nosos esforzos.

A Axenda comprende medidas, como saben, de diferentes áreas: de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, de atención á dependencia, así como financiar programas e proxectos de inclusión social que desenvolven xa as corporacións locais, os concellos, e as entidades de iniciativa social.

Na actualidade, estase a traballar na inclusión de novas liñas de actuación no marco de coordinación que constitúe a Axenda. Trátase de impulsar, con outras dúas consellerías (coa Consellería de Economía, Emprego e Industria e a de Medio Rural), medidas e protocolos que permitan o acceso ao emprego de persoas que neste momento perciben a renda social de Galicia ou que se encontren en situación de risco de exclusión social. O esforzo económico da Xunta de Galicia coa inclusión é indubidable. Este ano os orzamentos da renda social de Galicia volven medrar, ata acadar os 57,5 millóns de euros. Tan só en dous anos, nos anos 2016 e 2017, incrementouse en dez millóns de euros a aportación económica para facerlle fronte a este dereito, a este dereito de moitas persoas que non teñen ningún tipo de ingreso.

Como dicía, temos por diante o desenvolvemento normativo da Lei de inclusión, o acceso a ingresos mínimos en situación de grave pobreza e exclusión, o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas capacidades e cualificacións e o dereito —unido á responsabilidade individual— de non permanecer nunha situación de dependencia crónica das prestacións públicas, que é tanto como tratar de evitar co desenvolvemento da lei a cronificación da pobreza, a cronificación de que unha vez que entras a percibir esta prestación non hai ningún tipo de futuro.

Para acadar integramente os obxectivos para os que se aprobou esta lei, é preciso polo tanto o seu desenvolvemento. Os novos tramos de inserción que incluiremos neste decreto é como os tramos de transición ao emprego. Ten moito que ver co que lles dicía antes, con reforzar os servizos sociais comunitarios.

Cómpre indicar, en primeiro lugar, que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, organiza os servizos sociais como un servizo público no que participan de maneira coherente, coordinadas, as administracións autonómicas e locais. Os concellos son tamén para a Consellería de Política Social a porta de entrada ao Sistema galego de servizos sociais, son o primeiro nivel de atención e caracterízanse sobre todo pola proximidade ás persoas usuarias.

Para garantir a eficacia das medidas que se poñan en marcha dende a Administración autonómica e poder facer unha atención social cada vez de maior calidade, reforzamos o persoal técnico dos servizos sociais dos concellos e das corporacións locais de Galicia, porque era un obxectivo que acadaramos na Axenda.

En 2016 incrementouse a contía que a Consellería asigna aos concellos para o financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios nun 22 %, destinando máis de 10 millóns de euros; é o maior incremento que se tiña feito en moitísimo anos.

Inclúe un incremento no financiamento polo persoal que xa existía, é dicir, incrementando os módulos nun 12 %, e incrementando novos traballadores dos servizos sociais das corporacións locais: 63 novos profesionais, en 35 concellos das catro provincias. Voulles falar dalgúns deles que tiñan unha necesidade moi especial en aumentar o seu persoal: Arteixo, Boiro, Ribeira, Vigo, A Coruña e Narón. A intención desta consellería é seguir intensificando o apoio aos concellos e seguir ampliando as aportacións que lles vimos facendo.

Outro eixe básico de intervención céntrase nas familias en risco de desafiuzamento, no que levamos unhas medidas a Consellería de Política Social e outras, como saben perfectamente, a Consellería de Vivenda e Infraestruturas.

O programa Reconduce é o máis importante da Consellería de Política Social. Facilita ás persoas e familias en risco ou en situación de desafiuzamento por execución hipotecaria da súa vivenda habitual servizos de atención social, apoio psicolóxico, orientación laboral e, cando se reúnen os requisitos específicos, información sobre os servizos de xustiza gratuíta, así como apoio na busca dunha vivenda alternativa. Tamén oferta asesoramento xurídico-económico, se é o caso, e funcións de intermediación coas entidades financeiras. Dende a súa posta en funcionamento, en outubro de 2013, ten contribuído a evitar 160 lanzamentos na nosa comunidade. Actualmente o programa desenvólvese integramente dende a oficina central que existe en Santiago de Compostela. Quérolles anunciar a nosa intención de estender as oficinas do programa Reconduce a seis novas oficinas, nas seis grandes cidades de Galicia que faltaban por ter este novo servizo.

Faláballes tamén de potenciar o papel dos equipos de inclusión sociolaboral. Temos unha rede, unha rede integrada por un total de 18 equipos de intervención, un equipo localizado no módulo 1 do centro penitenciario de Teixeiro e un equipo coordinador. Nestes equipos traballan un total de sesenta persoas con formación en disciplinas do ámbito social. O obxectivo do traballo dos equipos é o mesmo que o que lles dicía antes: evitar a cronificación da pobreza, acadar unha inclusión social activa e real, entendida como autonomía económica e social das persoas e familias, o que require, como poden imaxinar, un itinerario e procesos de inserción social e laboral por parte dos nosos profesionais.

O mantemento da rede de equipos comarcais por demarcacións que traballan baixo a supervisión única desta consellería a través do Consorcio, xunto cos implantados nas áreas urbanas con dependencia das corporacións locais, asegurará tamén non que teñamos grandes plans científicos, senón que sexamos capaces de estar no territorio, de aproveitar as potencialidades do territorio para as insercións laborais, igual que traballar conxuntamente coas administracións locais, coas administracións provinciais e con outras consellerías da Xunta de Galicia neste obxectivo.

Quero destacar, dentro do traballo dos equipos de inclusión, a iniciativa Nelson Mandela, un programa de preparación para a liberdade que se leva a cabo no centro penal de Teixeiro e no que na actualidade participan ao redor de setenta internos do módulo 1. Por medio deste proxecto lévanse a cabo actividades de escola de pais, alfabetización informática, club de debate, alfabetización básica de alumnos, o obradoiro da revista *Vis-à-vis*, os obradoiros ocupacionais, o curso de competencias persoais, o obradoiro de educación para a saúde, o club de lectura e o obradoiro de busca activa de emprego, que supón unha actuación moi avanzada e moi recoñecida dende o punto de vista da inclusión en Galicia.

Quérolles falar tamén doutro obxectivo de lexislatura: a elaboración e posta en marcha dun plan integral de atención ás persoas sen fogar. As persoas sen teito están nunha situación de vulnerabilidade severa. A falta ou precariedade da vivenda supón a acumulación de problemas e riscos asociados, que traspasan dende este a outros ámbitos na vida das persoas e

das súas familias. A Estratexia de inclusión social de Galicia xa conta con medidas orientadas a evitar ou reducir o dano que provoca. Entre estas medidas, destaca o apoio ao dispositivo de atención e acompañamento de persoas sen teito, que establece liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen teito a través do máis importante: dun traballo coordinado entre as diferentes administracións e as diferentes ONG que traballan nesta materia. Trátase, de verdade, de analizar a situación actual e traballar, en colaboración cos concellos e entidades de iniciativa social, para que entre todos poidamos evitar que en Galicia existan sen teito.

Non quero rematar este apartado da miña intervención sen poñer de relevo outras actuacións en materia de inclusión. Seguimos sendo unha das catro comunidades autónomas de España que paga o complemento das PNC, das pensións non contributivas, das que se benefician 40.000 galegos e galegas.

Continuaremos consolidando as partidas de inclusión social dos concellos, pero tamén as partidas das ONG, das entidades que traballan en moitos casos a pé de rúa, detectando moitísimas necesidades ás que ás veces nin a Administración local nin a Administración autonómica chegamos.

Estoume referindo aos incrementos orzamentarios previstos para os comités antisida da Coruña, para Padre Rubinos, para Ecos do Sur, para Cáritas, para Rexurdir, para a Fundación Secretariado Gitano, para o Proxecto Home, para a Federación Galega de Bancos de Alimentos e para a Cruz Vermella de Galicia.

Cómpre indicar que, ademais destes acordos nominativos, a Consellería de Política Social puxo en marcha o ano pasado, e continuaremos este ano, un convenio coa Rede galega contra a pobreza (EAPN) e outro con Emaús, para a segunda fase do proxecto INCLÚE, de innovación para a inclusión social.

Tamén quero destacar que dende a Xunta de Galicia seguimos traballando para a acollida de refuxiados a través de Cruz Vermella fundamentalmente, facilitando todas as necesidades que nos plantexan para demostrar que Galicia é unha sociedade acollidora.

Continuaremos co apoio aos albergues, comedores, centros de acollida e centros de inclusión, e queremos desenvolver outra das medidas previstas na Lei de inclusión: o selo de empresa inclusiva, poñendo en marcha tamén nesta lexislatura o Observatorio Social de Galicia.

Só recordar cal é a nosa filosofía, a nosa segunda filosofía, en materia de inclusión: os catro C. As causas que provocan a desigualdade, o compromiso de todos os sectores implicados, o compromiso orzamentario e, finalmente, o cuarto C é o C da coordinación. Conten con toda a disposición da Consellería de Política Social para que, nestes catro anos, avancemos moitísimo máis no C da coordinación con todas as entidades coas que xa estamos falando, precisamente para afrontar este novo inicio de lexislatura, e tamén cos concellos e coas deputacións de Galicia.

Outro campo de traballo da Consellería de Política Social son os maiores. Debémolles todo aos nosos maiores. A concienciación social en relación coa adopción de hábitos de vida sau-

dable, o aumento da esperanza de vida e a mellora da calidade de vida non son un problema, son unha oportunidade. Temos que afrontalo dende a Estratexia de envellecemento activo dende a innovación Horizonte 2020.

Xa polo miúdo, en materia de atención á dependencia podemos dicir que hoxe Galicia está moito mellor que hai uns anos. Podemos dicir isto porque é un dato obxectivo, pero tamén podemos dicir o segundo dato obxectivo: que nos queda moito por facer e que temos toda a disposición nesta lexislatura de dar avances importantísimos na atención á dependencia, que é tanto como devolverlles aos nosos maiores e ás persoas con capacidades diferentes todo o que aportan día a día na nosa sociedade.

Voulles dar o dato obxectivo, aínda que saben que non me gusta moito dar datos. Empezamos o ano, por primeira vez, por riba da media das comunidades autónomas do Estado en atención á dependencia, 72 %, cando a media do Estado é do 70 %. Hoxe Galicia atende a 49.000 persoas dependentes, que reciben servizos e atención.

Un reto importantísimo, o do financiamento. Aí tamén temos novidades, novidades moi importantes que quero compartir con esta Cámara. Galicia é unha das sete comunidades autónomas que forman parte da Comisión para a análise do sistema de atención á dependencia que puxo en marcha o Goberno central, segundo o acordo adoptado no último cumio de presidentes autonómicos.

Asistimos xa á primeira reunión constitutiva o 23 de febreiro, na que Galicia defendeu, co resto de comunidades autónomas —porque aquí hai unha coincidencia moi importante entre todas as comunidades autónomas—, que é necesario facer un diagnóstico moi importante neste ámbito e que aí nos estamos xogando consolidar de verdade non o sistema de dependencia, senón os dereitos dos nosos maiores e os dereitos das persoas que teñen algún tipo de discapacidade. *(Aplausos.)*

Non imos mirar para outro lado, non o fixemos na pasada lexislatura. Imos seguir traballando porque temos máis recursos, e ter máis recursos foi o que nos permitiu superar a media de atención das diferentes comunidades autónomas. Pero tamén hai unha realidade da que temos que falar e que xa lle expuxemos ao Estado. Os recursos dos galegos financian o 72 % do sistema, e os recursos do Estado o 28 % do sistema. Polo tanto, o que temos é que garantir un sistema máis xusto, e non lles caiba a máis mínima dúbida de que Galicia exixirá esa repartición máis xusta. E non lles caiba tampouco a menor dúbida de que para iso será importantísimo que teñamos presupostos xerais do Estado neste ano 2017.

Nós, no ámbito autonómico, nos cen primeiros días pechamos a proposta electoral do presidente Feijóo de que construiremos 7 novas residencias de maiores. Xa aprobamos o plan director do programa Como na casa para atender a 900 persoas dependentes, cun dato tamén moi importante, que este plan xerará máis de 500 novos empregos. O obxectivo de Como na casa é garantir a asistencia ás persoas maiores no contorno das grandes áreas metropolitanas, por iso se plantexan 7 novas residencias: 5 de 120 prazas en Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo; e 2 de 150 prazas, en Vigo e na Coruña.

Como novidade, todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas; contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan tamén deterioracións ou trastornos cognitivos severos, porque o que nos está indicando a práctica é que cada vez entran nas residencias persoas máis maiores e que, polo tanto, requiren uns servizos cada vez máis especializados, por iso elaboramos este novo plan.

Temos seleccionadas as posibilidades de ubicación nesas sete cidades. Na Coruña, na parcela próxima ao parque de Eirís; en Ferrol, no Boial; en Santiago, no barrio de Fontiñas; en Lugo temos o dobrete entre as posibilidades de recuperación do hospital de Calde e unha parcela en Montirón 1; en Ourense, na zona das Lagoas; en Pontevedra, no antigo Hospital provincial; e no concello de Vigo, nas instalacións desaproveitadas neste momento da ETEA.

A construción e entrada en servizo destes equipamentos permitirá un obxectivo de goberno fundamental, que é reducir as listas de agarda que existen en materia de prazas de maiores.

Temos rexistrada a lista de agarda, nas sete cidades e nas áreas metropolitanas, en 1.212 solicitudes. Crear esas 900 prazas, coas rotacións históricas desas residencias, garantíranos cubrir preto do 95 % da demanda existente.

Fixemos máis cousas nestes cen primeiros días. Rematamos a modernización e rehabilitación da Residencia da terceira idade de Caranza, en Ferrol. Puxemos en marcha 4 novos centros para a atención ás persoas maiores: o centro de día de Redondela, o centro de día da Pobra, o centro de día de Curtis e o centro de día de Maceda.

Outra das claves de acción social é dar resposta á asistencia especializada, e tamén nos cen primeiros días puxemos en marcha unidades de atención especializada ao alzhéimer en Santiago de Compostela, A Estrada, Marín, Tui, Ourense e As Nogais.

Nas próximas semanas, igual que xa estamos traballando coas entidades sociais, traballaremos cos concellos e coas deputacións para, entre todos, mellorar a atención aos nosos maiores.

Estamos dando o maior impulso da historia ao servizo de axuda no fogar. Diciamos antes que temos dúas características en Galicia que son moi importantes: temos unha porcentaxe de poboación maior máis alta que a media do Estado, e por outro lado, temos moitísimos núcleos de poboación. Pois ben, sistemas coma estes permítenos actuar en todo o noso territorio, actuar nas grandes cidades, pero tamén nas pequenas aldeas de Galicia. Por iso temos previstas, para este ano 2017, 1.700 novas altas neste servizo, para que en total teñamos 18.000 beneficiarios cun importe económico de gasto de 60 millóns de euros, cando o ano pasado eran 50 millóns de euros, e ademais facelo máis coordinados cos concellos.

Temos que desenvolver tamén cos concellos novos servizos para a atención ás persoas maiores: intensificar a accesibilidade universal, desenvolver a teleasistencia e os apoios baseados na tecnoloxía que fomenten a vida autónoma nos propios fogares, porque hai moita xente que quere seguir nos seus fogares, e hoxe hai avances tecnolóxicos. Esperamos para esta lexislatura avances moi importantes que imos coordinar cos concellos e coas deputacións, e esperamos tamén que eses avances tecnolóxicos leven un selo: o selo de empresa galega.

En sexto lugar, non só todo o que ten que ver cos nosos maiores é apoio tecnolóxico, por iso temos que garantir acompañamento e apoio emocional, outro dos retos que imos plantexar conxuntamente.

E outro máis que imos plantexar cos concellos e deputacións é a historia social única electrónica. Non pode ser que os nosos expedientes, cando estamos falando de xente que o necesita moito, sexan expedientes nos que o papel moitas veces acaba comendo o traballo dos nosos profesionais dos servizos sociais. Xa temos adheridos 50 concellos, e temos neste momento 500.000 historias sociais dixitais. Temos apostado por unha cousa, que é non crear unha nova tarxeta. Xa temos unha tarxeta, unha tarxeta que coñecemos moi ben en Galicia, que é a tarxeta sanitaria, o que queremos é aproveitar todas as vantaxes da tarxeta sanitaria para que tamén na tarxeta sanitaria estea toda a historia social. Verdadeiramente, isto nos permite non só deixar de ter tanto papel, porque ás veces un recoñecemento de discapacidade, un recoñecemento de dependencia, tarda meses dende que se emite o certificado médico ata que o recibe o traballador social, polo tanto, isto vai ser realmente, se mo permiten, moi innovador, e creo que nisto podemos poñer moitas expectativas.

Outro ámbito cunha consideración especial nesta consellería son as persoas con capacidades diferentes. Investiremos neste exercicio preto de 100 millóns de euros —moito máis que no exercicio anterior, e moito máis que o exercicio anterior— para manter a nosa rede de centros, para continuar coas axudas a entidades e a concellos, para crear novas prazas de transporte e consolidar os convenios que temos. Convenios coa Asociación Galega de Atención Temperá, coa Asociación Galega San Francisco, e os convenios nominativos coas federacións que atende o Cermei, coas Federacións de lesionados medulares e grandes discapacitados físicos, con Autismo Galicia, con Parálise cerebral, con Down Galicia, coa Federación de persoas xordas, coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, coas persoas con discapacidade intelectual, coas familias de alzheimer, coa Federación Galega de Dano Cerebral e coa Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas. Estas son, de verdade, as entidades que están loitando, as entidades que teñen conseguido facer efectivos moitos dereitos das persoas.

Vou rematando coa última área de atención da nosa consellería, coa área de xuventude, que afrontaremos dende a Estratexia da Unión Europea para a xuventude 2010-2018.

Tratamos de crear máis oportunidades, e con maior igualdade, para os mozos e mozas na educación ou no mercado de traballo e tamén animar os mozos e mozas a participar activamente na sociedade. Dúas liñas de acción: iniciativas específicas para a xuventude dirixidas a fomentar a aprendizaxe non formal, a participación e a actividade de voluntariado, o traballo con xoves, a mobilidade e a información; e as iniciativas intersectoriais de integración, que garante que se teñan en conta os problemas da xuventude á hora de formular, aplicar e avaliar políticas e accións noutros ámbitos tamén da Xunta de Galicia.

Neste marco as liñas xerais de actuación da Consellería de Política Social no ámbito da xuventude son: en primeiro lugar, reforzar a empregabilidade dos mozos e mozas e a adquisición de competencias naquilo que ten que ver coas competencias da Consellería de Política Social; en segundo lugar, fomentar a participación; en terceiro lugar, elaborar unha nova

estratexia en materia de xuventude, unha estratexia que ten que ser participada e que ten que ser das diferentes consellerías da Xunta de Galicia, das diferentes administracións públicas; en cuarto lugar, actualizar a normativa dos servizos e políticas dirixidas aos mozos e mozas; e, en quinto lugar, apostar polo voluntariado.

En canto a potenciar os programas que reforcen a empregabilidade, quero destacar o proxecto Lidera, o Plan de retención do talento mozo galego e o programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, que son prácticas formativas non retribuídas en empresas de países europeos, que está dando magníficos resultados; a iniciativa Xove, que son proxectos pensados e xestionados polos propios mozos; o programa Deseñando o teu futuro, que son estadias, visitas titorizadas a diferentes sectores empresariais para o momento anterior a elixir cal vai ser a túa expectativa de saída profesional.

En canto a fomentar a participación social xuvenil —que é un obxectivo tamén moi importante—, queremos seguir incrementando o programa de correspondentes xuvenís, incrementalo un 10 % cada ano desta próxima lexislatura. Queremos nesta lexislatura poñer en marcha o Consello Asesor Consultivo da Xuventude Galega. Queremos crear a figura dos embaixadores xuvenís no mundo. En terceiro lugar, deseñaremos e elaboraremos unha nova planificación estratéxica; por iso anunciar a elaboración nesta lexislatura do Plan estratéxico de xuventude 2017–2020; un plan estratéxico que debe favorecer o deseño das políticas de xuventude. E dicíalles tamén fomentar o voluntariado e a participación. É imprescindible a través destes novos programas.

Os programas de acompañamento a persoas maiores, voluntariado social. Diciamos antes a importancia que teñen os maiores na nosa sociedade. Queremos contribuír ás experiencias de intercambio interxeracional. Porque non só estamos aquí polo que os nosos maiores puideron aportar ao desenvolvemento de Galicia, estamos aquí tamén pola súa experiencia, estamos aquí polos seus valores. E iso é algo no que queremos integrar moitísimo máis a nosa xuventude cos nosos maiores.

En segundo lugar, tamén un novo programa de voluntariado ambiental, porque se algunha riqueza ten Galicia, da que nos sentimos moi orgullosos, é o noso magnífico contorno.

En canto ás accións de dinamización que sacaremos adiante nesta lexislatura, quero falarlles de dúas no ámbito de voluntariado, que é o carné de voluntariado e o mapa de voluntariado, xunto co Observatorio Galego de Acción Voluntaria.

Señorías, remato xa esta primeira intervención como a comecei. O benestar e o progreso de Galicia é o que guiará as políticas sociais para esta lexislatura. Neste obxectivo temos camiño andado e agora trátase de consolidar o feito de despregar novas medidas e proxectos. Galicia ten que ser o mellor lugar para nacer e queremos seguir a selo. Galicia dispón hoxe de máis instrumentos de apoio ás persoas con máis dificultades. Por primeira vez Galicia comeza o ano —como lles dixeran— cunha ratio mellor de atención á dependencia. E Galicia xa ten en marcha o plan director para construír sete novas residencias públicas nas sete grandes cidades de Galicia. Hoxe temos unha Galicia máis social que onte, pero o que agardamos é que, co esforzo de todos, nesta lexislatura, no ano 2020, teñamos aínda unha Galicia moito máis social.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Comeza a rolda dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Menos mal que nos facilitou o traballo, señor Rey Varela, é que acaba de facer un resumo de titulares para a prensa da súa longa exposición, porque, se non, sería difícil chegar a unha conclusión. Eu agradézolle este resumo en titulares.

Eu vou empezar por dicirlle que, claro, vostede hoxe chegou aquí e fíxonos toda unha descrición das liñas de actuación para a súa Consellería como se foran uns recién chegados. E, claro, a primeira cuestión é que estamos a falar de dúas lexislaturas despois, oito anos despois, señor Rey Varela. Entón, claro, vostede —é que empecei contando e logo non fun quen de seguir— dixo: «imos...», «imos...», «imos...», «imos...». ¿Non lle parecen demasiados «imos» para dúas lexislaturas despois de oito anos? ¿Non lle parece que aínda son demasiadas asignaturas pendentes as que vostedes hoxe dixo aquí que ía poñer en marcha, ou que ía implementar, ou que ía facer, despois de dúas lexislaturas, desde a volta do Partido Popular á Xunta de Galiza? Dende logo, no BNG parécenos que si.

E, claro, primeiro é que, efectivamente, oito anos despois, dúas lexislaturas despois, o mínimo é facer balance, porque vostede non presentou practicamente nada novo aquí. Fixo unha descrición de cousas que van continuar. Vai continuar facendo determinadas cuestións, non aportou practicamente nada novo, máis alá destes embaixadores, que supoño que é que lles van dar unha *banderita*, un pin, e os van mandar por aí a que digan: «son galego por aquí»; e logo xa nos explicará en que vai consistir isto dos embaixadores. Pero, máis alá diso, non fixo practicamente ningún plantexamento novo. Bueno, si, dixo que xa anunciaron que van facer sete residencias para persoas da terceira idade —sete—. E a min gustaríame saber se ese Plan Como na Casa vai seguir a mesma senda que, por exemplo, o dos centros de saúde, que no 2009 chegou Feijóo e anunciou que xa estaba en marcha o plan, naquel momento eran sesenta e non sei cantos centros de saúde, seguíronos anunciando un mes despois, dous meses despois, un ano despois, unha lexislatura despois, dúas lexislaturas despois...; e non están nin un terzo dos prometidos naquel momento.

Co cal eu o que lle quero empezar preguntando, xa que vostede comparece aquí —agardo que conteste algunha das preguntas que lle vaíamos formulando—, este Plan Como na Casa, ¿cando?, ¿con que sistema de financiamento?, ¿onde?, ¿para que data?

Porque mire, vostede fixo aquí unha descrición de onde teñen pensado, ¿non?, unha idea, dixo: temos unha idea. Entón, por exemplo, en Pontevedra a idea é que vai ser no actual Hospital Provincial e alí é que aínda non empezaron nin sequera coa primeira pedra do plan único do gran Montecelo. Entón, se aínda nin sequera está a primeira pedra e ten que facerse

o gran Montecelo para que despois o Hospital Provincial quede baleiro para ir para Montecelo, esta idea, esta en concreto, ¿para cando, señor conselleiro? Outra cuestión é ¿con que orzamentos? Porque dixó o outro día Feijóo —e vostede hoxe repetiuno—: imos ir colocando 48 millóns de euros; así, porque nos orzamentos deste ano non están. Entón, ¿é unha idea?; entón, ¿en que fase estamos?, ¿no anuncio?, ¿no anuncio do anuncio?, ¿no primeiro anuncio?, ¿no anuncio do primeiro ano, do ano cero? Gustaríanos, dende logo, que tivera un pouquiño de concreción e que non nos anuncien unha idea, porque de momento o que nos está anunciando é unha idea.

Pero, efectivamente, balance de dúas lexislaturas. Vostede hoxe non pode vir aquí e practicamente pretender poñer o contador a cero; empezamos aquí, chegamos aquí e imos empezar a facer política social. Porque, dúas lexislaturas despois, ¿cal é o resultado das políticas sociais do Partido Popular na Xunta de Galiza en oito anos? Dígoo porque haberá que avaliar o resultado desas políticas que se poñen en marcha neses oito anos, haberá que avaliar que resultado deron os plans e os «imos-imos», que vostede hoxe aquí dixó que van continuar con máis orzamento, con tal, pero haberá que avalialos.

E, entón, as preguntas son: ¿está mellor ou peor a sociedade galega con eses oito anos de políticas sociais? ¿Cal é a situación de pobreza en Galiza, señor Rey Varela? ¿Cal é a situación das persoas en situación de dependencia? ¿Cal é a situación das persoas con discapacidade? ¿Cal é a situación demográfica en Galiza? ¿Cal é a situación da mocidade? ¿Cal é a situación da conciliación en Galiza?

Eu vou darlle algúns datos. Mire, voulle dar primeiro datos da Rede Galega contra a Pobreza, que vostede mencionou aquí. ¿E que di a respecto de dúas lexislaturas, despois de oito anos de políticas sociais do Partido Popular? Pois di que en Galicia hai 702 persoas, o 25,7 % da poboación, que malvivía en 2015 en risco de pobreza ou exclusión, 106 persoas máis no ano 2015 que no ano 2014, e quen peor o está pasando. Estou falando de cuestións textuais da Rede Galega contra a Pobreza. Que as persoas en pobreza severa xa están no 4,8 %, cando era o 3,5 % un ano anterior, que son 38.000 persoas máis desde o 2014 ao 2015; que ter emprego xa non garante saír de pobre; que os novos empregos que se crean son precarios, de baixa calidade; que a pobreza laboral é un fenómeno en aumento, non está diminuindo coas políticas que puxeron en marcha, está en aumento. Di que a pobreza e exclusión se ensañan co 37,8 % da xuventude; di que por primeira vez aumentan os maiores en Galiza con pensións máis baixas.

¿Que di o Informe Foessa? Que a taxa de fogares galegos con todas as persoas activas en paro no 2009 era do 4,2 % e no 2016 do 13,7 %. ¿Que di o Informe Foessa? Que os parados de moi longa duración no 2009 eran o 13,7 % e agora son o 42,1 %. E que eses parados de longa duración que levan máis de dous anos de paro, que non teñen xa dereito a ningunha prestación por desemprego, son os que están ingresando nas listas de persoas que solicitan a Risga, señor Rey Varela.

Por iso vostede, que hoxe veña aquí e quite peito dicindo que aumentamos a 56 con non sei cantos millóns a Risga non é para estar orgulloso. Simplemente é porque os niveis de pobreza en Galiza son galopantes e polos dereitos que lles foron quitando a miles de persoas coas

súas reformas laborais. E a retirada de dereitos sociais leva a que hoxe o perfil de persoas que piden a Risga sexa de persoas que ata hai poucos anos tiñan un emprego e tiñan un plan de vida e que hoxe non o teñen. Esa é a auténtica realidade.

¿Que di o Informe do CES, señor Rey Varela? Dígolle informes diversos, para que non me diga que veño con un que é favorable á miña tese, dígolle informes variados. ¿Que di o Informe do CES? Pois o Informe do CES fala da enorme preocupación polo incremento das desigualdades. Di que o incremento dos niveis de pobreza e desigualdade social derivados da redución das rendas, niveis e duración do desemprego son alarmantes; di que é preocupante que 1 de cada 4 persoas están en situación de risco de pobreza ou exclusión social; di que aumenta o PIB en Galiza, pero que a remuneración por salarios continúa perdendo peso. ¿Que significa iso? Que esa saída da crise da que vostedes tanto presumen significa que é unha saída tremendamente desigual, señor conselleiro. É unha saída onde a riqueza se acumula cada vez en menos mans, onde os poucos de arriba teñen cada vez máis recursos a conta da maioría dos de abaixo. ¿Cal é o dato? Que, por exemplo, no Estado español 100 persoas, 100 fortunas, acumulan o 19 % do PIB, cando os 8 millóns de pensionistas do Estado español apenas representan o 12 % do PIB.

Eses son os datos da situación na que nos movemos. ¿E que di? Pois que o saldo migratorio é negativo, que hai un desastre demográfico, que hai unha malísima calidade no emprego, que o 30 % dos contratos non superan a semana de duración.

E fala das familias monomarentais, señor Rey Varela, porque hai que chamarlles familias monomarentais. ¿Por que? Porque no 80 % desas familias cun único adulto está unha muller á fronte. E significa que a pobreza en Galiza ten cara de muller e cara de neno, efectivamente, porque hai pobreza, e esa pobreza ten cara de muller. Non, claro, di que o 52 % dos fogares galegos compostos por un adulto, é dicir, monomarentais, están en situación de risco de pobreza e exclusión social, que debe ser un elemento preferente.

¿Que di o o informe do mercado de traballo da CIG? Pois que 2.011 persoas seguen no desemprego, o 43 % leva máis de dous anos e que quedan fóra desas prestacións os que lle dixen antes, que logo forman parte de todos eses miles de persoas que solicitan a Risga e que están en lista de espera; que o 30,7 % das persoas que teñen emprego en Galiza non chega ao salario mínimo interprofesional; é dicir, datos, dende logo, demoledores.

E a crueza destes datos, señor conselleiro, pon de manifesto a necesidade de articular un sistema público de benestar, pon de manifesto que esa debería ser a prioridade. Mais a realidade é que o Partido Popular non tivo isto como prioridade. A realidade é que o Partido Popular non articulou un sistema público, nin de escolas infantís, nin de centros de día, nin de residencias de maiores, e a realidade é que, oito anos despois, dúas lexislaturas despois, en Galiza non hai máis recursos públicos para atender as necesidades da poboación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...porque o PP está a executar un proxecto ideolóxico, un proxecto ideolóxico, señor Rey Varela: cambiar servizos públicos por beneficencia e privatización. Esa

é a realidade das políticas do Partido Popular. Porque non é un problema de recursos, é un problema de prioridades, é un problema de proxecto político do Partido Popular; un proxecto político onde lle quita dereitos á poboación, onde fai lexislación para rebaixar dereitos e quitar prestacións e logo implementa medidas de beneficencia, na súa inmensa maioría en mans de empresas privadas, porque, co retorno do Partido Popular á Xunta de Galiza, polo que apostou claramente foi por privatizar servizos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, señor presidente— básicos, converténdoo en negocios para as empresas, e aos que lles conceden axudas —bono conciliación, bono coidado no rural, casas niño—. Non é outra cousa que non apostar por un servizo público e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas. Moitas grazas, señora Prado. Remate xa, que non está no uso da palabra.

A señora PRADO CORES: ...social en Galiza e apostar por beneficencia e por entregarllelos ás empresas privadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra agora o Grupo Parlamentario dos Socialistas, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, xa case tarde, señoras e señores deputados. Bo día, señor conselleiro.

A verdade é que ao Grupo Socialista non deixa de asombrarnos escoitarlles dicir que, como agora pasou a crise —que é un feito bastante cuestionable pero que imos dalo por feito—, hai que investir, agora podemos investir en política social.

O Grupo Socialista, os socialistas en xeral pensamos que non hai que deixar que se consoliden as desigualdades, e vostedes deixaron, coa escusa da crise e dos problemas económicos, que se consolidaran gravísimas desigualdades sociais neste país. Esa é a realidade.

Ben, o tempo é moi limitado, e despois creo que vostede falou preto dunha hora, co cal intentarei ir aos temas que consideramos máis relevantes.

Lei de dependencia. Cúmprense dez anos dunha lei da que os socialistas nos sentimos especialmente orgullosos —e dígoos sempre e vouno seguir repetindo ao longo de toda a lexislatura—, unha lei que abriu unha nova fronteira, aínda por conquistar, unha lei que consolida, que consolidaba ou pretendía consolidar a cohesión social. Vostede veu aquí no ano 2016 para dicir que ía incrementar en 10.000 persoas a atención á dependencia —é o que figura nos diarios de sesións—. A nós non nos saían as contas, e xa llo diciamos daquela.

Os datos do Observatorio da Dependencia o que din é que, neste derradeiro ano, se incrementaron en pouco máis de 7.000. Non llo vou explicar, porque estou convencida de que sabe que hai persoas que renuncian a este dereito por non poder facer fronte aos copagos. As súas decisións acaban tendo consecuencias na vida da xente, esa é a realidade, e máis no departamento que vostede dirixe, e aínda máis cando se trata de dependencia.

Así, 34,9 millóns de euros é o que Galicia deixou de percibir dende a entrada en vigor do Real decreto 20/2012, ese real decreto de recortes en materia de dependencia. Con esa cantidade, señor conselleiro, vostede hoxe podería vir aquí presumir de que non soamente cumpriu a ratio das 10.000, senón que tería incrementado en 1.800 máis a xestión, a axuda a estas persoas. Tería creado tamén 1.500 postos de traballo.

E, por favor, non nos veña dicir agora que o orzamento en materia de dependencia depende da aprobación ou non dos orzamentos a nivel estatal, non nos diga iso, e non nos diga que para recibir o que nos corresponde con base na lei é necesario aprobar eses orzamentos. Iso é igual que o tema das oposicións: unha chantaxe política, señor conselleiro; unha chantaxe política. Porque o ano pasado había orzamentos e non os solicitaron, viñan aquí dicir que o pedían e chegaban a Madrid co rabo entre as pernas e non eran capaces de dar un golpe enriba da mesa para exixir o que merecemos. *(Aplausos.)*

Mire, o compromiso do Partido Popular coa dependencia témolo incluso por escrito. Todos os grupos políticos —todos— do Congreso dos Deputados, a excepción do Partido Popular e o PNV, asinaron un compromiso para devolver a dependencia aos obxectivos para os que se creou, para acabar coas listas de espera en dous anos, e repito: os únicos dous partidos que non o asinaron foron o Partido Popular e o PNV.

Segue habendo unha lista de agarda de máis do 26 % e un gasto por habitante inferior á media estatal, en máis de 400 euros. Se na dependencia é preciso que esta comunidade funcione como un reloxo, aínda o é máis en materia de pobreza. Cunha radiografía social que é peor que a estatal, en Galicia incrementáronse os fogares onde non se perciben ingresos neste derradeiro ano nun 13,1 %; en España diminuíron un 12,6 %. E ¿cal é a súa medicina? Segundo os datos presentados no Informe de rendas mínimas de inserción do ano 2015, o incremento do número de persoas que recibiron a Risga en Galicia é 6 puntos inferior á media estatal; é dicir, ante unha peor situación, peores medias; 5 de cada 1.000 persoas perciben unha Risga en Galicia, a media estatal é de 7.

Este goberno segue ao mesmo tempo consolidando a pobreza e cronificándoa coas súas axudas, señor conselleiro, cunha axuda mínima de 399 euros ao mes, lonxe, por exemplo —non lle vou poñer de referencia unha comunidade autónoma gobernada polo Partido Socialista, senón unha gobernada por vostedes— da de Castela e León: 426 euros ao mes. Iso está levando en parte a que a pobreza severa en Galicia se incrementa, e incrementouse un 4,8 % neste derradeiro ano, persoas con ingresos de menos de 330 euros ao mes.

E vén hoxe aquí volver repetirnos que vai desenvolver a Lei de inclusión, tres anos despois, unha lei de inclusión pola que, se vostede fixese os deberes, habería milleiros de persoas que non terían problemas durante estes anos, e refírome a persoas que tiveron que renunciar

a postos de traballo, porque, evidentemente, estou convencida, señor conselleiro, de que vostede pensa que unha persoa que traballa por horas e que gaña 120 euros ao mes non pode vivir con ese salario, e como non pode vivir con ese salario, necesitaría unha renda de inclusión social.

Pois ben, a súa desidia, a súa falta de interese —ou non sei ben como chamalo— fai que o atraso teña —vólvolle dicir— consecuencias na vida das persoas, de persoas que tampouco puideron durante estes anos convivir con outras persoas, en relación coa Risga —non se podían percibir máis de dúas Risgas por un fogar, agora xa hai unha sentenza do Xulgado do Contencioso número 1 de Vigo—.

E eu quéro lle preguntar, señor conselleiro: ¿van vostedes sacar, mentres non entra en vigor esta normativa de desenvolvemento da lei, algún tipo de orde interna para permitir que esas axudas cheguen agora mesmo ás persoas que conviven nun mesmo domicilio?

Para saír da pobreza, señor conselleiro, non axudan algunhas das medidas que toma o seu Goberno, un ticket eléctrico cunha redución dun 33 % —por certo, que preferiron desviar eses fondos para a Cidade da Cultura, que xa nos dixo aquí antes o conselleiro de Cultura que era un referente, e moi importante—.

Non presuma das axudas ás pensións non contributivas, porque baixaron máis de 2 millóns de euros no proxecto de orzamentos que presentou vostede, iso nun país onde só un de cada catro pensionistas supera os 1.000 euros e onde dúas de cada tres mulleres pensionistas non chegan ao salario mínimo.

Discapacidade. Orzamento un 40 % menor que no ano 2009, un 40 %; unha taxa de actividade a máis baixa, a máis baixa, señor conselleiro, de toda España, case 10 puntos inferior á media nacional —e non son datos meus, son datos do INE, que pode vostede comprobar—, e tamén a que ten máis parados de longa duración. ¿Que vai facer vostede para reverter esta situación? E ¿para cando ese plan de accesibilidade?

Mire, nós non pensamos que se creen oportunidades para a mocidade vindo aquí presumir do programa Galeuropa, e témosllo dito en moitas ocasións. Os mozos e mozas galegos están saíndo ante a falta de oportunidades e ante a desidia e ante as políticas que está poñendo en marcha e que puxo en marcha o seu Goberno. Que vostede veña aquí hoxe dicir que vai crear embaixadores polo mundo era o que nos faltaba por escoitar, señor conselleiro. É dicir, nós non queremos que se cronifique a presenza da mocidade galega no exterior, que é o que pretende esa medida. Nós o que queremos é que poñan en marcha programas para traelos de volta, señor conselleiro; iso é o que queremos e iso é o que lle vimos reclamando dende hai anos. Non queremos embaixadas, querémolos aquí e queremos recuperar (*Aplausos.*) ese talento que perdemos e que necesitamos como sociedade tamén.

En canto aos recén nados, recordo perfectamente, respecto do que vostede me dicía na Comisión de Orzamentos, o que eu dicía e volvo repetir aquí: que eu non teño fillos ou fillas e que dubidaba que os 100 euros ao mes foran suficientes para os gastos. E, efectivamente, eu non teño a experiencia, pero si que teño os datos: a Federación de Usuarios e Consumidores

di que os seus 1.200 euros ao ano son bastante insuficientes, señor conselleiro, porque un menor, un meniño, no seu primeiro ano de vida, necesita ao mes entre 1.900 e 2.500 euros, e isto non é a experiencia, estes son os datos.

E, por certo, por falar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), si, de ocorrencias, a ocorrencia que tivo vostede onte, porque agora parece que todo o mundo se levantou hoxe e se vai animar a ter fillos despois de que asinara un convenio para que se regalaran aos pais e nais que acaban de traer unha crianza a este mundo 150 botellas de auga; iso, señor conselleiro, no país dos mil ríos de Cunqueiro. Iso, señor conselleiro, si que é unha verdadeira ocorrencia.

En resumo, señor conselleiro, vostede intenta perfumar de política social o seu departamento, perfumar sen limpar as políticas que xeran desigualdade. Iso serve para facer publicidade, e mesmo pode aupar á Alcaldía de Ferrol, por suposto que si, a ser candidato por esa cidade. Pero, señor conselleiro, iso non serve para mellorar a vida das persoas.

E máis nada, polo de agora. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.

Bo día ou boa tarde, señor conselleiro.

Mire, eu agradézolle unha cousa nesta comparecencia, a diferenza doutras, que é que recoñeceu que a crise xerou —anotei exactamente— maiores desigualdades sociais. Coincidimos, coincidimos; no que igual non coincidimos é na diagnose de por que.

Non vou xa desgranar os datos, que xa foron aquí expostos. Tampouco faría falta que llo dixésemos os grupos da oposición, porque a propia Comisión Europea, no seu informe sobre a economía do Estado español, sinala que a pobreza, a exclusión social e a desigualdade se consolidaron, e isto aínda empeorou en Galiza.

Por certo, un dato relevante si lle vou mencionar, que é a perda de poboación activa entre a mocidade. Iso non se recupera con programas que son subvencionar a emigración. Iso recupérase con políticas reais de emprego para a xente moza.

Pero, en fin, dicía que non coincidíamos seguramente na diagnose, porque é que non foi só a crise a que consolidou as desigualdades; foron, precisamente, as políticas aplicadas durante a crise, o recorte de gasto público. Vostede presumiu de cumprir o déficit, pero é que foi precisamente o cumprimento do déficit, ese cumprimento do déficit imposto nos Estados do sur de Europa, o que consolidou as desigualdades.

E falemos sempre deste contexto, do contexto europeo, porque estamos asistindo á rapina dos poderes financeiros sobre os sistemas do Estado do benestar. A iso o noso país non é alleo.

Quería tamén sinalar que ese recorte, esa caída do gasto público, ese quitarlles recursos aos modelos de protección social, que nin sequera chegan como modelos de protección social, o que fai é recaer esas funcións nas familias; nesas familias que quere potenciar e coidar, precisamente, especialmente, nas mulleres, que son as que máis se ocupan dos coidados, e tamén fan recaer a caída dese modelo sobre un persoal cada vez máis estresado e saturado. En fin, para nós non só fan falta sistemas públicos de protección social, senón tamén outras políticas que non afonden no empobrecemento.

Pero indo a estes sistemas públicos de protección social, o que fai falta é financiarlos ben. Vostede referiuse ao financiamento autonómico e sinalou como unha oportunidade que nós teñamos unha taxa de avellentamento superior á media estatal, e que teñamos unha dispersión poboacional. Iso vostedes que ven como oportunidade, nós non entendemos que sexa así como se debe abordar o financiamento autonómico. O que precisamos é, precisamente, un financiamento adecuado e un marco político que nos permita implementar programas públicos destinados a corrixir estas situacións, a corrixir o avellentamento, a corrixir o desequilibrio territorial, non a corrixir a dispersión poboacional, porque o noso país é así.

Pero a este respecto o que si cómpre é unha ordenación territorial, e ese desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios, que son básicos para a prestación da protección social, ten que facerse adecuado á realidade do país, e aí nós estamos a prol de que se desenvolva o Estatuto de autonomía respecto da comarcalización. Non pode deseñarse unha rede de servizos sociais comunitarios sen ter en conta as características de Galicia.

E falando de servizos sociais comunitarios, presúmese de servizos sociais comunitarios cando a realidade —agardo que a coñeza— é que hai unha sobreesaturación de traballadores e traballadoras por esa, precisamente, burocratización que lle chamamos nós burocratización da pobreza; xa o sinalou, a excesiva atención a situacións de resolver cuestións administrativas, iso é o que está sucedendo cos traballadores e educadoras sociais deste país.

¿Como se compaxina iso con apostar polo benestar? Iso nós cremos que non só fai falta que a consellería aporte cartos a eses servizos, senón tamén que se devolva a autonomía municipal subtraída, precisamente, polos poderes financeiros dos que falabamos ao principio, de que se deixe á Administración municipal ter autonomía tanto para a contratación como, tamén, ter outro tipo de financiamento.

Estamos falando continuamente de financiamento, pero é que sen financiamento apenas a súa consellería servirá para aplicar coidados paliativos, e nós o que queremos é aplicar políticas que nos quiten a enfermidade dese devalo demográfico ao que vostede se refire. E vostede seguro que é un dos abandeirados do seu Goberno en reclamar outras políticas para que se deteña este declive demográfico, pero é que pensamos que erran o tiro. Nós miramos o declive demográfico como un síntoma, non como unha maldición. É un síntoma desa falta de emprego, de sermos un dos países coa peor taxa no que respecta ao emprego precario de toda a Unión Europea.

E falando de demografía, evidentemente que non se recupera con cestas benvida, recupérase con emprego e con servizos dignos por todo o territorio.

Aí tamén, no avellentamento, hai que ter en conta as pensións. Presumiron novamente de ter ese complemento para as pensións non contributivas, pero non presumen tanto de sermos o país coas pensións máis baixas do Estado. E é que case 500.000 persoas maiores están en risco de pobreza pola baixa contía das súas pensións. Por certo, tamén son obxecto de rapina deses poderes financeiros aos que continuamente nos referimos, porque é que está moi relacionado coa súa consellería. Son as políticas de protección social, é un dos eidos onde eses novos amos do mundo queren rapinar.

Persoal, relacionado con esta cuestión. Presumiron todos os conselleiros e conselleiras que pasaron por aquí do persoal público como garante de prestación de servizos, pero non din que a taxa de temporalidade no sector público galego medrou ata acadar o 24,5 % en 2016, superando a media estatal. Conxelaron os salarios de traballadores e traballadoras... Por certo, tamén presumindo de conciliación no persoal temporal dos centros da súa consellería, non se lles permitiu ás traballadoras interinas permutar postos de traballo, como si facía o persoal fixo, co cal se aumentou tres horas, en moitos casos, a xornada laboral; polo tanto, conciliación laboral aí, moi pouca. Lémbrolle, ademais, que a precariedade laboral no sector público é igual á precariedade dos servizos públicos, e así ten aumentado a taxa de accidentes laborais.

En fin, seguindo co fío e coas distintas cuestións que vostede numerou, é imposible resumir todo en dez minutos, xa me quedan apenas catro.

Direille que cremos que hai un descoñecemento da realidade de exclusión social. E non o cremos nós, tamén a entidade que citou, a Rede Galega contra a Pobreza, reclama que se faga un mapeo real das necesidades. Non estamos calculando, non estamos visibilizando exactamente, non temos na cabeza a realidade da exclusión social, que é inmensa. E a este respecto a Risga, que pretende ser unha renda que palíe esta exclusión social, o que está facendo é, simplemente, unha esmola. As contías, como xa se ten expresado aquí, son totalmente insuficientes. O desenvolvemento da Lei de inclusión social con ese decreto que anuncia chega, evidentemente, moi tarde, moi tarde. A pobreza severa aumentou e, ademais, tampouco nos sinalou se vai a consellería facer algo para que esa sentenza que vén recoñecer que a Risga é un dereito individual, que é un dereito subxectivo, se vai facer algo para que xa neste momento todas as persoas que están convivindo poidan cada unha delas cobrar a Risga.

Hai que tamén rematar a este respecto, isto está moi relacionado cos servizos sociais municipais, coa arbitrariedade na resolución sobre a Risga, porque son diferentes segundo as xefaturas territoriais, son feitas por persoal administrativo, non por persoal que teña coñecemento en servizos sociais. Isto xera moitas inxustizas, xera recursos, nova carga administrativa para o persoal dos servizos sociais comunitarios, novo colapso deses servizos fundamentais.

E chegamos á conciliación, á súa medida estrela. Nós xa lle dixemos no anterior pleno, non sei se estaba no debate, que non só vemos o ensino infantil como un recurso de conciliación, senón como un dereito ao ensino por parte deses nenos e nenas.

Pero falabamos naquel debate das casas niño. Eu pregunto por que presumen dese sistema cando a día de hoxe, penso que 7 de marzo, están as persoas que sustentan as casas

niño sen cobrar os meses de xaneiro e febreiro. Vostede dese conta da realidade desas 30 persoas que dixo que tiñan casas niño, a maioría mulleres e moitas delas mozas, e nas vésperas do 8 de marzo teñen que para poder afrontar eses gastos que seguen correndo aínda que a consellería non lles pague —segue correndo o gasto de alugueiro, o gasto de material, o gasto de pagar a cota de autónomas, seguen correndo—, para poder soste-lo ese servizo, teñen que botar man do seu contorno familiar. Isto non é emancipación, isto non é fomento do emprego do rural, esa medida estrela está pendente de revisión, está pendente de que teñan uns criterios claros para saber os propios traballadores e traballadoras da consellería que teñen que facer. É dicir, casas niño, agora comprendo por que esa proposición non de lei do PP que instaba a consolidar este recurso. Hai moito por onde mellorar.

Rede de recursos públicos de calidade, son fundamentais, hai que... Vostede presumiu de ampliar residencias. Galicia é a cuarta comunidade do Estado cunha menor porcentaxe de prazas públicas sobre o total. Isto implica, tamén, máis concertos con entidades privadas e concertos con entidades que explotan o persoal. Xa sabemos o que significa persoal explotado, non só para as propias traballadoras e traballadores, senón para o servizo. É unha rede pública, por certo, que hai que manter en boas condicións e evitar a continua ausencia de materiais básicos de traballo. É unha constante que os traballadores e traballadoras, tanto da sanidade como dos servizos sociais, che din que é que ata lles faltan cueiros.

En fin, xa non falamos da dependencia, xa foi suficientemente tratado, da falta de conexión de saúde mental e servizos sociais. Está clara a relación entre pobreza, trastornos de comportamento, exclusión social e suicidio, unha taxa que en Galicia, xa elevada, aumentou durante a crise. Necesítanse programas integrais de atención e prevención e necesítase desenvolver o Plan estratéxico de saúde mental.

E remato sinalándolle esas realidades esquecidas das que apenas tivo, ou non tivo, referencia na súa intervención.

Prostitución, ¿por que non dedica unha palabra ás persoas, maioritariamente mulleres, que exercen a prostitución e desexan saír desta situación? ¿Que previsións e axudas e que campañas de sensibilización?

O pobo romanés ao que se referiu, segue pendente a súa integración.

A diversidade funcional, a taxa de desemprego é máis do 36 %, é moi superior á media da Unión Europea, non están funcionando as actividades de inclusión.

E as prisións, séguesenos denegando ás deputadas e deputados que o solicitamos acceder ás prisións. ¿E que van facer para reclamar as competencias en saúde penitenciaria?, que mentres non o fagan seguiranse vulnerando os dereitos sanitarios das persoas presas en cárceres galegos.

E, finalmente, a acollida de refuxiados, non chega con dicir que se colabora coa Cruz Vermella, hai que ter un plan de acollida para esas persoas que nas fronteiras desa Europa que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERA: ...aplicou estas políticas que as obrigan a recortar están sendo desatendidas... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Santos, seguimos esperando polas súas desculpas, pola calumnia que verteu nas redes sociais a fin de semana. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión. Á cuestión, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Vou á cuestión, señor presidente.

Parece ser que á señora Santos lle provoca a risa que lles chamen... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Á cuestión, señora...

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...a compañeiros deste grupo asasinados de mulleres.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Pero, dende logo, a nós non nos fai risa. Polo tanto, deixe de rir e pida desculpas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Á cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Alá vostede.

Señor conselleiro, señoras e señores deputados, 100 primeiros días de goberno e a Xunta de Galicia ten orzamento para as políticas sociais, e, ademais, hoxe o conselleiro vén explicar a planificación para toda esta lexislatura en materia de política social.

Soamente este ano a Xunta de Galicia destina ás políticas sociais 643,5 millóns de euros. Estamos a falar de que o 2017 é o ano que máis recursos se destinan ás políticas sociais na historia da nosa comunidade, o ano que máis recursos se destinan a loitar contra a desigualdade e a exclusión social, a atender os nosos maiores, atender as persoas en situación de dependencia, apoiar as familias, apoiar a infancia.

E aquí escoitamos, despois de todo isto, a algún grupo da oposición que isto soamente responde a un plan malévolo da Xunta de Galicia para retirarlles os dereitos ás persoas e que

teñan que acudir á beneficencia. Por favor, un pouquiño máis de seriedade por parte dos seus plantexamentos, porque estamos falando de políticas sociais e estamos falando de persoas, sobre todo persoas que neste momento en Galicia necesitan da nosa axuda e necesitan da seriedade por parte dos partidos e dos grupos políticos que estamos aquí representados.

Máis recursos para as persoas en risco de exclusión social. No ano 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha a Estratexia de inclusión social 2014-2020, que conta con máis de 521 millóns de euros. E este ano o orzamento destina 107 millóns de euros para atender as persoas en risco de exclusión social; 20 millóns máis que o ano pasado e 73 millóns máis que no ano 2009. E a isto vostedes chámanlle recortar e chámanlle reducir dereitos ás persoas.

Ademais, púxose en marcha unha nova axenda social única en Galicia, ¿froito de que? Pois non do enxeño da Xunta de Galicia, senón da cooperación, da cooperación e do compromiso coa loita contra a pobreza e a exclusión social. E foi consensuada coa Fegamp, cos concellos, coas entidades sociais, porque a Xunta de Galicia cre na cooperación coas entidades sociais e a Xunta de Galicia cre na cooperación cos concellos. ¿E, en contraposición, que é o que están facendo vostedes? ¿Colaborar coas entidades sociais? Non. Vostedes estanlles reducindo as axudas ás entidades sociais todos os días. No Concello de Santiago eliminaron 47.000 euros das axudas ás entidades sociais que loitan contra a pobreza e a exclusión social. No Concello da Coruña aplicaron o maior recorte da historia das axudas dos últimos anos, recortándolles ás entidades sociais máis de 196.000 euros.

Polo tanto, nós estamos na cooperación coas entidades sociais e cos concellos, ¿con que están vostedes, reducíndolles as axudas ás entidades sociais que traballan para axudar as persoas que peor o están pasando? E logo resulta que perden subvencións millonarias europeas que veñen para axudar a esas persoas. Porque, concretamente, no Concello de Santiago perderon vostedes unha subvención europea de 5 millóns de euros para loitar contra a pobreza e a exclusión social. Esta é a súa seriedade e o seu compromiso coas persoas que máis o necesitan na nosa comunidade.

Estamos a falar que temos máis recursos para as persoas que perciben unha Risga. Concretamente, 57,5 millóns de euros este ano. Incrementáanse 5 millóns en relación co ano pasado e 65 millóns en relación co ano 2009.

E á portavoz do Grupo Socialista recordarlle que a Risga é compatible coas rendas de traballo. Cando se modificou a lei, fíxose compatible recibir unha Risga cun traballo temporal. E ademais hai axudas para a contratación de persoas perceptoras da Risga por parte dos concellos. E recórdolle que neste momento máis de 2.500 persoas que cobraron unha Risga foron contratadas a través dos concellos, e, ademais, as pensións non contributivas, das que vostede acaba de dicir que non son suficientes, só catro comunidades en España teñen o complemento das pensións contributivas, ¡catro! Unha delas é Galicia, e Galicia é a comunidade que máis paga por ese complemento das pensións non contributivas, e resulta que a vostede lle parece pouco, seguramente que lle parecía menos cando o Partido Socialista conxelou as pensións a todas as persoas da nosa comunidade e do noso país.

E falan vostedes de que a Risga tiña que ser maior, teñen que aclararse, porque entre vostedes andan discutindo se queren unha renda universal, se queren unha renda básica para todas as persoas, independentemente de se traballan, se non traballan ou cales son as súas condición económicas, pero logo poñen en marcha o seu proxecto estrela no Concello da Coruña prometendo unha renda básica a toda a cidadanía que a proxectan con 2,1 millóns de euros. Resulta que deses 2,1 millóns de euros gastan vostedes 1,8 para comprar bicicletas, e deses 300.000 euros que quedan vostedes conceden unha renda básica social.

De verdade, veñen aquí dar leccións, teñen que repasar primeiro o que fan vostedes nos seus concellos; repáseno, por favor. *(Aplausos.)*

E a portavoz socialista dinos que está orgullosa da Lei da dependencia. Mire, señora, nós tamén estamos orgullosos de que se aprobara unha lei da dependencia, pero co orgullo non se pagan nin se atenden as persoas en situación de dependencia; páganse con orzamentos e o seu orgullo foi aprobar unha lei que logo non tiña fondos absolutamente para atender ningunha persoa en Galicia.

E mire, este ano as persoas en situación de dependencia contan con 336 millóns de euros, cando gobernaban vostedes, ¿con canto se contaba? Con 126 millóns de euros. Entenderán vostedes que con esta diferenza se poden atender máis persoas dependentes en Galicia, concretamente no ano 2009 atendíase o 35 % das persoas que o necesitaban, e neste ano a ratio de atención está no 72 %, por riba da ratio media do Estado.

Máis recursos para axuda no fogar, máis recursos para a discapacidade, concretamente 95 millóns de euros, máis recursos para as familias, 123 millóns de euros, 10 millóns de euros máis que no ano 2016 e un 126 % máis que no ano 2009.

Amplíase o bono coidado con 2,4 millóns de euros. Estamos falando de que 3.000 familias, 3.000 familias galegas van poder acceder a este bono coidado. Estamos falando de que máis de 14.300 familias xa contan coa tarxeta benvinda, esa tarxeta da que vostedes se mofaron cando veu por primeira vez anunciála o conselleiro a este Parlamento, e agora din que eses 1.200 euros non chegan para a crianza dun fillo. Seguramente son insuficientes, pero cero euros, que é o que daban vostedes, seguramente chegan menos que os 1.200 que dá neste momento a Xunta de Galicia.

E miren, neste momento temos máis prazas públicas en escolas infantís, e falan vostedes de redución de infraestruturas sociais. 22.316 prazas en escolas infantís, superan catro puntos a cobertura recomendada pola Unión Europea, que é do 33 %; máis prazas públicas, 13.000 prazas públicas en infraestruturas sociais, un 55 % máis que no ano 2009. E agora veñen dubidar da construción de 7 novas residencias para maiores, con máis de 900 prazas públicas, cun investimento de 47 millóns de euros e coa creación de máis de 500 postos de traballo. Ao único que se limitan vostedes é a preguntar cando van entrar en funcionamento. Por certo, tamén preguntaban cando ían entrar en funcionamento as casas niño que non existían, e tamén se mofaban das casas niño, e agora, neste momento, hai 30 casas niño en funcionamento e outras 30 que se van poñer neste ano 2017.

Pero, claro, eu entendo que vostedes non entendan que para construír e poñer en funcionamento 7 residencias fagan falta 47 millóns de euros, porque, miren, se nos guiamos polas súas contas, vostedes no debate de orzamentos querían que se construíran 65 infraestruturas sociais, estamos falando de residencias e centros de día, con 10,8 millóns de euros. Se seguimos as súas contas, cando realmente farían falta máis de 100 millóns de euros, para vostedes con 47 millóns de euros que se van facer 7 residencias, coas súas contas faríamos 315 novas residencias en Galicia, pero é que as cousas non son así, as cousas son moito máis serias.

Polo tanto, revisen o seu modelo, porque —vou rematar cunha frase que non é miña, senón que é dun gran alcalde das mareas, concretamente do alcalde de Compostela— ás veces hai un discurso fácil —que é o que se utiliza hoxe aquí por parte dos grupos da oposición— e outras veces está a realidade. Hoxe o conselleiro viu explicar a realidade, a realidade das políticas sociais das persoas e de Galicia, e vostedes veñen facer un discurso fácil.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica, conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, eu non veño aquí dar titulares para a prensa, veño aquí para comparecer, por petición propia, para explicar as liñas estratéxicas da Consellería de Política Social para os catro anos. Supoño que vostede tampouco vén aquí dar titulares para prensa, senón para que entre todos os deputados sexamos capaces de poñer en común cales son as liñas estratéxicas dunha consellería moi sensible, que é a Consellería de Política Social, para os catro anos.

Despois dime que falo aquí como se foramos recén chegados. Efectivamente, somos recén chegados, estamos nunha nova lexislatura, chegamos aquí o 25 de setembro do ano 2016 porque os galegos nos pediron que iniciáramos unha nova etapa de catro anos en Galicia, e o balance foi o dos galegos, de verdade. Pódenos gustar máis ou pódenos gustar menos, pero expresaron coa súa vontade cal era o exame do balance, por iso eu lle falo de futuro, porque eu estou aquí para falar dunha lexislatura, non para falar do pasado.

En todo caso, tamén me di, señora Prado, que non articulamos un servizo público de benestar. Xa lle dixo algo a señora Rodríguez Arias, mire, é que non me vai ocupar máis de medio minuto, porque creo que non vale a pena, pero é que en escolas infantís pasamos de 12.000 prazas a 22.000 prazas en oito anos, en maiores pasamos de 6.000 prazas a 10.000 prazas, en centros de día pasamos de 975 prazas a 2.600 prazas e en centros de atención á discapacidade pasamos de 4.600 prazas a 5.100 prazas. Polo tanto, bueno, pode vostede pensar que era pouco, pero, xa lle digo, depende de en que indicador se basee, pois houbo un avance moi importante no sistema público de atención ás persoas que máis o precisan.

Pero é que non estamos aquí por isto, estamos aquí porque nos queda moito por facer e temos toda a disposición de investir estes catro anos en facer moitas cousas para os galegos e para as galegas, especialmente para os galegos e galegas que máis nos necesitan. Por iso, de verdade, non imos falar do pasado, imos tratar, entre todos, de falar do futuro.

Mire, en canto ao tema das residencias, que presentamos unha idea, mire, é que en cen días o que fixemos foi un plan director, feito por xente moi seria, por técnicos e profesionais moi serios, porque as cousas, xa digo, se poden facer de moitas maneiras, pero hai que ter primeiro un plan director para ir desenvolvendo todos os pasos para facer realidade este obxectivo nesta lexislatura.

Polo tanto, estamos empezando a lexislatura, a disposición son 900 novas prazas en residencias de maiores para os galegos, para evitar un dato que non é bo neste momento, que son as listas de agardas, que cremos que son moi mellorables. E despois, de verdade, nin para dar titulares de prensa nin para quitar peito, de verdade. Repase a miña intervención, pídollo de verdade, porque o que fixemos constantemente na intervención é ver propostas de mellora para o futuro, por iso tanto imos, imos, imos, porque temos moito por facer. E xa digo, non estamos aquí polo que fixemos, estamos aquí porque temos ambición de facer: unha política social moito mellor nos próximos catro anos. ¿Que hai situacións de necesidade e situacións de desigualdade? Mire, eu non vou entrar na guerra de cifras nin de Eurostat nin do INE, poderíamos facelo, pero creo que nos quita un tempo de ouro facer iso para realmente centrarnos no que podemos facer para axudar máis a toda esa xente.

Señora Blanco Rodríguez, coincido plenamente, a Lei da dependencia foi un gran avance, pero nin é o principio nin é o final a lei; creo que debemos seguir traballando entre todos, porque de feito se están analizando os dez anos de aplicación neste momento, os dez anos de aplicación desa lei. Eu non ameazaba para nada nin daba opinión velada dos presupostos xerais do Estado, pero descoñecer que para modificar o tramo de aportación nacional, que pode repercutir moi directamente nunha comunidade como a nosa —que aporta moito máis dos nosos fondos que dos fondos do Estado—, precisamos medidas de carácter orzamentario nacional, creo que é un tema evidente. Pero xa digo, eu non trato de condicionar nada, só manifestei unha realidade, o que aportan os galegos e o que aporta o sistema nacional. Coincidencia plena co que di. Temos que mellorar o financiamento e temos que mellorar o copago. Polo tanto, imos traballar nesta lexislatura para esas dúas cousas.

Daba un dato da Risga, deberíamos matizalo polo que ten que ver na porcentaxe de galegos que perciben a Risga. Hai que ter en conta, tamén, un efecto moi importante, que é poboación maior, que como saben non percibe a Risga e, polo tanto, xera, ás veces, nas comparativas unha certa discusión. Pero xa digo, eu non son moito de comparativas nin de estatísticas ¿por que?, porque é evidente que hai situacións de moita necesidade, e ao final creo que entre o que debemos facer e unha estatística creo que o temos que —ademais moi especialmente o Goberno, enténdoo moito máis nos grupos da oposición— facer é estar moi centrados no que temos que facer, máis que si é un punto máis ou un punto menos.

Non lle podo coincidir co que dixo da discapacidade. Hai moitas máis prazas de discapacidade agora que hai oito anos —xa llo dixen á señora Prado— en Galicia, e todas as entidades de

discapacidade teñen un apoio; bueno, non vou dar tamén porcentaxes, pero un apoio moitísimo máis alto do que tiñan hai algúns anos, e se non pregúntelle vostede ás entidades da discapacidade, que llo dirán. En todo caso, calquera situación de verdade que estou á súa disposición, porque na discapacidade, tamén, como noutros ámbitos, temos moito que avanzar, e canto máis poidamos avanzar entre todos moito mellor.

Señora Vázquez Verao, comezaba coincidindo comigo, preocúpame un pouco, pero non tanto, porque, efectivamente, eu falei da desigualdade, do incremento da desigualdade, xa digo, ¿para que imos ir a estatísticas?, creo que é un feito. Eu non me vou meter nas causas, porque é un tema excesivamente político, podendo falar de moitos programas que temos que desenvolver. E, como dicía antes, preferimos centrarnos na acción de como combater eses efectos que temos contrastados de que hai moita desigualdade, e o que temos que facer nestes catro anos é máis programas e máis orzamento para reducir a desigualdade.

Ten razón con algunhas cuestións que fala sobre traballadores da Consellería de Política Social, non llo vou negar, pero creo que tamén estamos avanzando moito en mellorar as condicións laborais e económicas de moitísimos, de centos de traballadores da Consellería de Política Social. Onte mesmo asinabamos un acordo moi importante, o conselleiro de Facenda e máis eu —agradézolle de verdade ao conselleiro de Facenda toda a disposición que tivo e toda a paciencia que tivo para conseguir este acordo—, con tres sindicatos galegos, coa CIG, coa UXT e con Comisións Obreiras, que creo que vai ser moi importante para mellorar as condicións dos traballadores que atenden a persoas, e como atenden a persoas son o noso principal activo. O noso principal activo é un pouco o orzamento, por suposto, pero tamén o son as persoas que traballan directa e indirectamente na nosa consellería, coidando os demais.

Fálame do tema das casas niño. Efectivamente, hai un atraso como consecuencia da apertura orzamentaria. Afortunadamente, temos os orzamentos aprobados. ¡Imaxinen a moitas administracións que non teñen os orzamentos aprobados os retrasos que lles provocan no aboamento de moitas facturas! Xa lle digo que en semanas estará solucionado. Foi aboado todo o investimento, segundo me transmiten, pero, en todo caso, tamén lle digo que, para cousas de carácter puntual como esta, non dubide en falar co conselleiro, porque, ao final, o conselleiro é o máximo responsable dunha gran estrutura, pero tamén está para as pequenas cousas, porque temos que ser capaces de atender os grandes temas e de atender os pequenos detalles.

Fálame —e a verdade é que non o utilicei na intervención e ten vostede moita razón, tomo boa nota do que me di— da coordinación sociosanitaria. É outro dos retos máis importantes para mellorar a nosa política social.

Fálame de que temos que mellorar a nosa actuación nos penais de Galicia. Aquí si que falei, na miña intervención, dunha experiencia creo que extraordinaria que estamos a desenvolver en Galicia, na que estamos traballando. Tomo nota do que me di, pero estamos traballando para ampliala a outros penais de Galicia.

Faloume de refuxiados. Eu fixen alusión a iso. O que podemos dicir é que Galicia, dende logo, é un pobo que ten toda a disposición de recibir coa máxima atención e os máximos dereitos,

sanitarios, educativos e sociais, as persoas que se acorden dende o punto de vista da Unión Europea. Sabe que esta é unha política que se marca dende Bruxelas, e nós o que podemos facer é poñer todos os recursos, precisamente, que teñamos á disposición dos que cheguen. O que lle podo dicir é que todos os que chegaron, da man fundamentalmente de dúas entidades, da Cruz Vermella e de ACCEM —ás que lles agradezo de verdade o traballo que están facendo día a día— hoxe teñen unha vida normalizada en Galicia, e esa non noticia creo que é a mellor noticia que podemos dar nesta comparecencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial dos grupos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, señor conselleiro, dicía a deputada do Partido Popular que hoxe vostede veu aquí falar de realidades. Eu tería que dicirlle que de realidade virtual, porque, ¡mire que ocorrencias temos de preguntarlle polo anuncio de sete residencias!; un anuncio que non está nos orzamentos, que non hai locais e demais... ¡Mire que ocorrencias temos de preguntarlle, cando, onde, de que xeito, con que orzamento, en que planificación e que cronograma! ¡Temos cada ocorrencia! ¡É que será o mínimo que pode a oposición preguntarlle a un goberno! Evidentemente, diante desas preguntas, temos a non contestación como resposta, pero é que parece evidente que temos que preguntar por estas cousas.

E logo vostede acaba de presumir de que vén aquí comparecer a petición propia para falar das liñas da Consellería. ¡É que a petición dos grupos da oposición non vén nin vostede nin ningún dos seus compañeiros e compañeiras, señor conselleiro! (*Aplausos.*) ¡É que só pode vir a petición propia! ¡É que, de verdade, non sei, ás veces paréceme que non sei se se queren rir un pouco de nós!

E eu alégrome de que vostede admita que queda moito por facer, porque, evidentemente, oito anos e dúas lexislaturas despois, é que lle queda moito por facer ao Goberno do Partido Popular.

E, mire, na loita contra a pobreza e a exclusión, o que hai que facer é unha política económica totalmente diferente, diametralmente oposta á que está a facer o Partido Popular. O que hai é que crer nas responsabilidades e potencialidades de Galiza, desenvovelas, deixar de actuar ao servizo do capital e exercer como goberno de Galiza, exixir o que nos corresponde e deixar de actuar con submisión e cos ditados de Madrid. Vostede dixo aquí que ían exixir, pero, bueno, entón, ¿vanse plantar diante do deseño que ten o Goberno de Madrid a respecto de Galiza? ¿Van exixir un sistema de financiamento onde Galiza teña algo que dicir e simplemente non aceptar o que digan desde Madrid? ¿Van plantarse e pular por un concerto onde nós tamén recademos e decidamos que facer cos nosos recursos? ¿Cando di que van exixir

refírese a iso ou a dicir aquí que van exixir e ao chegar a Madrid dicir amén ao que digan alí? Claro, porque se van facer o que lle acabo de dicir, pois vai ter, dende logo, o aplauso e o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Mire, o modelo económico e social do Partido Popular para Galiza é suicida, señor conse lleiro, é absolutamente suicida. E a crise demográfica non ten nada que ver co baixo índice de fecundidade; sabe vostede perfectamente que ten que ver coa situación económica, ten que ver coa economía. A situación demográfica non é un problema de indicadores, de índices de fecundidade, ten que ver coa economía.

Mire, onte a Televisión pública galega daba un dato: perdéronse en Galicia, no ano 2016, 1.300 mulleres autónomas, unha inmensa maioría no rural. Iso si que ten que ver coa de- mografía, que non haxa capacidade de desenvolver un proxecto de vida neste país. ¡Iso si que ten que ver coa demografía! E para poder facer proxectos de futuro é imprescindible facer unha análise da situación, para poder implementar políticas que modifiquen esa si- tuación, porque, mire, con tiritas e aspirinas non se sanda un enfermo grave. A situación de Galiza é de tal gravidade que non se soluciona con tiritas e aspirinas. E vostede o que veu hoxe aquí dicir son meros coidados paliativos para un enfermo que necesita medidas estru- turais, de calado, para ir na dirección totalmente contraria.

Vostede aquí dixo en varias ocasións: imos conseguir fondos, a ver se conseguimos fondos, a ver se... ¿E que lle parecería se, en vez de andar pedindo fondos, poñemos a Galiza a pro- ducir? ¿Que lle parecería se, en vez de andar mendigando fondos a cambio de dismantelar o país, puxésemos o país a producir, crésemos nas nosas potencialidades e puidésemos vivir e traballar dignamente na nosa terra? ¿Que lle parece como plan demográfico facer un plan de retorno da nosa mocidade e que poidan vivir e traballar dignamente na nosa terra? Esa realmente sería a auténtica aposta que terían que facer.

E, mire, hoxe aquí falouse de moitas cousas. É evidente que temos un tempo taxado e non podemos falar de todo, pero repetiron en varias ocasións o tema da cooperación cos con- cellos, do cal están moi orgullosos. ¿E por que, se fala de cooperación, aproba pola porta de atrás, na Lei de acompañamento dos orzamentos, un réxime de cofinanciamento cos con- cellos que o que pretende é que os concellos sexan simplemente paganinis? O que pretende vostede e o Goberno da Xunta é excluír os concellos da capacidade de decisión, de que poi- dan dicir nada a respecto do modelo de políticas sociais que a Xunta está implementando, que a Xunta tome as decisións, que faga as contas como ela considere, con escurantismo, e que os concellos paguen. Iso é o que vostedes chaman colaboración e traballo non sei que..., facerlles un auténtico trágala aos concellos e que eles non poidan dicir absoluta- mente nada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Co cal, eu o que lle pido é que cambie esa política de trágala e que deixen esa postura arrogante cos concellos, que non pretendan blindar as contas que lles presentan aos consorcios os concellos e que realmente dialoguen e falen cos concellos, que falen realmente cos concellos.

En resumo, eu lamento dicirlle aquí, señor Rey Varela, que, lonxe dunha política social, o que vostede ten na súa consellería é unha suma de centros, de centros de menores, de escolas infantís, de centros de día, pero non ten unha auténtica política social.

Para rematar, dúas preguntas, no tema Risga: ¿vai aceptar a sentenza do xulgado de Vigo? ¿E vai aceptar que nunha unidade familiar poida haber máis dunha Risga? ¿Como vai realizar a avaliación do que hoxe anunciou aquí?, ¿en que espazo temporal?, ¿de que xeito? ¿E como se van poder verificar todas as cuestións que hoxe dixo aquí?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu non coincido con vostede a respecto dos datos, sempre pensei —e creo que o comparto cos meus compañeiros e compañeiras do Grupo Socialista— que os datos amosan a realidade, e que iso é necesario para facer unha diagnose, e iso é o paso anterior tamén para despois saber cales son as medidas que hai que aplicar.

En canto á Lei da dependencia, volvemos ao mesmo debate de sempre coa deputada do Partido Popular, que xa está o disco raiado do mesmo debate. Está o disco raiado, porque, mire, a Lei de dependencia —e vólvollo dicir unha vez máis— é unha lei de aplicación progresiva, que, efectivamente, antes de que veña aquí e o diga, entrou en vigor no ano 2007 e que se foi aplicando progresivamente.

Pero, de todas maneiras, se quere un dato, voullo dar, señora deputada, xa que insiste sempre niso. O investimento por persoa no ano 2009 era de 6.459 euros por cada dependente ao que se atendía. No 2016 é de 6.041; é dicir, menos de 400 euros por persoa de investimento do Goberno bipartito a agora.

E non é un descoñecemento, señor conselleiro, da repercusión que ten o orzamento do Estado no resto das comunidades autónomas, eu coñezoo perfectamente. A min o que me chama poderosamente a atención —e permítame que llo diga así— é que se ligue unha cousa coa outra, cando vostedes están entrando dentro do seu propio partido en gravísimas contradicións.

Eu teño unhas declaracións aquí do secretario de Estado de servizos sociais onde di: «*El estado aporta los fondos necesarios para cubrir la dependencia. Habría que preguntar a las administraciones que ha ocurrido con esos fondos*». Claro, se vostede me vén dicir aquí que vai seguir reclamando o 50 %, o 50-50 que marca a lei, e ao mesmo tempo unha persoa do mesmo partido en Madrid di isto, pois, señor conselleiro, aclárense; ou é que vostedes cando chegan alí non fan valer o peso que teñen ou é que non o teñen ou é que directamente non os escoltan cando chegan alí.

¡E que inquietudes máis raras temos os deputados e deputadas da oposición que queremos saber, cando hai un proxecto da Xunta de Galicia, cando se vai facer ese proxecto, cando se vai poñer en marcha! É curioso que queiramos coñecer a data da posta en marcha das residencias de maiores, e máis cando acontecen cousas como as que, se repasan o *Diario de Sesións* de xullo do ano 2009, poderán comprobar. O que é hoxe voceiro do Grupo Socialista insistía na necesidade de facer a residencia de maiores de Santiago, que xa o Concello socialista puxera os terreos a dispor do Bipartito, e cando houbo cambio de goberno foi rexeitada polo Goberno do Partido Popular. Así que, claro, dende o 2009 ata o 2017, pois, señor conselleiro, permítame que lle pregunte eu neste caso cando vai poñer en marcha esa residencia, e máis se temos en conta que nese mesmo ano unha deputada que está agora neste hemiciclo, de Santiago, afirmaba que a residencia ía ser unha realidade de maneira inminente. A realidade de maneira inminente é que practicamente tanto esta deputada coma min imos estar xubiladas e a residencia vai estar pechada. (*Aplausos.*) Esa é a realidade á que nos estamos aproximando día a día. E todo iso nunha cidade como Santiago —e falo de Santiago porque, como sempre din que falo de Ourense, hoxe vou poñer en valor a capital—, con 20.000 persoas que superan os 65 anos de idade.

O mesmo ocorre tamén coas escolas infantís de Mos e da Estrada, que citaba o conselleiro, que xa figuraban no ano 2016 e que tiñan que estar postas en marcha hai un ano.

Permítame que lle volva preguntar polo tema da Risga e que insista en se se vai permitir que con máis dun familiar se siga percibindo esta renda.

E os últimos segundos da miña intervención, señor conselleiro, quero adicalos a preguntarlle sobre esas familias que están pendentes dunha adopción en Burundi e en Etiopía, que son persoas que levan esperando máis de cinco anos e que están pasando un verdadeiro calvario, que o están pasando fatal, señor conselleiro. Porque é certo que a encargada é a ECAI, pero vostedes non fixeron os controis que tiñan que facer para que estea ocorrendo o que está ocorrendo agora. E pídolle por favor que nos conteste se vai facer algún tipo de intermediación co Goberno de España para abrir unha vía diplomática e nese senso intentar solventar a situación destas familias.

Señor conselleiro, a nós, ao Grupo Socialista, atoparanos para chegar a acordos cando as súas propostas sexan valentes, invistan en materia de política social e sexan intelixentes; pero, sobre todo, señor conselleiro, cando teñan alma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, dime que non coincidimos no diagnóstico por diferenzas políticas, é evidente, estamos nun Parlamento, temos diferentes alternativas políticas.

E de alternativas quería falar, porque, dende logo, En Marea non veu só para criticar, tamén para achegar unha serie de cuestións que non son só técnicas, ou non só ideas técnicas para

paliar a desigualdade en Galicia, senón que son políticas e levan detrás unha carga política. En primeiro lugar, dende logo, supoño que non imos concordar, pero o que cumpría era derrogar reformas laborais e deter todas as políticas que por escusa da crise afondaron na desigualdade. Pero, en fin, voulle sinalar unha serie de propostas, tamén despois lle pedirei algunha explicación, a maiores, de cuestións ás que non me respondeu.

Pero quería comezar coas propostas, en primeiro lugar —como xa comentei—, é necesaria unha avaliación das necesidades sociais reais en Galicia, con protagonismo tanto dos servizos sociais municipais como das entidades sociais. Agardamos que se faga un mapeo real por municipios, que isto non pode agardar máis, á parte do impacto que tería isto na conciencia social sobre a realidade da pobreza, que é moita máis da que temos nós en mente.

En segundo lugar, tamén un plan de choque contra a exclusión material severa no marco dunha necesaria estratexia galega para as persoas sen fogar. A este respecto somos a segunda comunidade do Estado con maior número de persoas sen fogar en relación coa poboación, 133 sen teito por cada 100.000 habitantes. Fagamos un compromiso para mapear novamente ese mapeo, esa necesidade de coñecemento do territorio; mapear as necesidades reais que hai de recursos de baixa exixencia para estas persoas sen fogar. Mesmo queremos unha subcomisión parlamentaria ou unha ponencia nalgunha comisión para visibilizar a realidade da pobreza.

E, en terceiro lugar, outro dos pactos ou propostas que lle traemos, e agardo que concorde-mos toda a Cámara na súa necesidade, é visibilizar unha realidade aínda hoxe moi tabú e que incide no agravamento desta, que é un pacto contra o maltrato infantil e contra o abuso sexual na infancia. A situación da infancia —vostede mesmo o dixo na súa intervención—: hai máis menores tutelados pola Xunta, incrementáronse as chamadas ao teléfono do menor... Pero é que neste país non se realizan as investigacións necesarias para achegar datos en profundidade sobre os malos tratos e os abusos á infancia. Hai só estimacións que son estremecedoras: 1 de cada 5 menores sofre algún tipo de abuso sexual —1 de cada 5—, hai que ter un plan específico para atallar esta realidade.

Outra das propostas que traemos —política, esta é moi política— son cláusulas sociais na contratación pública. E pensen o que cambiaría a economía deste país, o que melloraría a vida da xente e tamén das persoas usuarias cunha compra pública responsable por parte da Administración con subministracións de proximidade. E tamén evitar concertos con empresas que explotan o persoal, porque non son admisibles as ratios de pacientes que ten o persoal das residencias e centros de día privados deste país e cos que se concertan prazas públicas.

E por último xa, pois por unha Risga das persoas. Mentres non chegamos a esa renda social non fai falta dar ese debate para cambiar cuestións da Risga que son tremendamente inhumanas. ¿Por que? Conteste —como lle pediron o resto de voceiras da oposición— se vai aplicar esa sentenza e garantir que as persoas poidan cobrar unha Risga aínda que convivan; e se se vai aplicar esa sentenza que lles deu a razón a dúas persoas que convivían e que cobraban Risga. E, tamén, responda se se vai desenvolver dunha vez ese decreto, que dixo que si, ¿cando? Porque non vale dicir pronto.

Igual que o tema das casas niño, que dixo que era unha cuestión menor. Bueno, para as persoas que están agardando cobrar non é unha cuestión menor, e en semanas supón, ao mellor, depender ou seguir dependendo dese contorno familiar. Xa digo, na véspera do 8 de marzo é triste que mulleres —e que son fundamentalmente mulleres novas— teñan que depender da familia ou de pedir cartos prestados para garantir un servizo. Iso non pode ser así. E iso responde tamén á improvisación, porque o propio persoal da consellería non sabe responderlles se van cobrar os dous meses, se de momento só un, se cando, que teñen que facer para xustificar as asistencias do alumnado, onde as teñen que rexistrar... En fin, hai moito por facer na mellora dese recurso das casas niño, que para nós —repetimos— debe ser dentro dun plan educativo da primeira infancia en Galicia.

E persoal público, o V Convenio ou acordo, sen tempo non era, ¿non? Á parte de que —xa se lle sinalou aquí a través da chamada Lei de acompañamento— modificaron condicións do persoal público sen negociación.

En fin, que nós traemos propostas, nós cremos que estas propostas mellorarían a vida da xente, si, pero o que máis melloraría a vida da xente sería deter as políticas que están afondando na desigualdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Permítame que recorde que seguimos agardando, señora Santos, polas súas desculpas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Descúlpese, señora Santos, aínda está vostede a tempo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Rodríguez Arias. Á cuestión.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Á cuestión, señor presidente.

Resulta que para os grupos da oposición, señor conselleiro, vostede non ten unha auténtica política social, ese é o problema. Ten vostede orzamentos, ten a Xunta de Galicia unha planificación non só para este ano, senón para toda a lexislatura, ten recursos para aplicar esas medidas en todos os ámbitos da súa consellería, pero, realmente, non ten vostede unha auténtica política social, ese é o problema que ten vostede na súa consellería.

E claro, esa afirmación da oposición fainos reflexionar; entón, se a política social da Xunta de Galicia, do Partido Popular, non é auténtica, pode ser que teñamos que copiar outro tipo de políticas sociais que realmente sexan auténticas. Políticas sociais como as que están levando a cabo en distintos concellos os grupos que aquí representan a oposición, políticas

sociais onde os concellos onde gobernan lideran o ranking dos concellos oficialmente pobres en servizos sociais; dende logo, penso que esa non é unha auténtica política social.

Concellos que están investindo menos que a media do Estado por habitante en servizos sociais. Estamos falando de que a media estatal é de 60 euros por habitante, e estamos falando de concellos como o de Vigo —que recordo que o seu alcalde dixo: «*las políticas sociales de Vigo son las más importantes de España*»—, pero logo cando ten que poñer cartos para atender as persoas de Vigo que máis o necesitan destinan 43 euros por habitante; e o Concello de Pontevedra, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, tamén 35 euros por habitante; e o Concello de Cangas, gobernado polas mareas, 32 euros por habitante; ou o Concello de Carballo, tamén nacionalista, 30 euros por habitante. Polo tanto, se a auténtica política social que vostedes queren que aplique a Xunta de Galicia é liderar o ranking das comunidades autónomas oficialmente pobres en servizos sociais, non o imos facer, non o imos facer. Polo tanto, este ano é o ano que máis recursos se destinan ás políticas sociais.

Falamos outra vez da Lei da dependencia, claro, cando nos tocaba a nós a aplicación era progresiva, ¿verdade, señora Blanco? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro. Cando o responsable de aplicar a Lei da dependencia era o Partido Socialista, claro, é que a aplicación é progresiva. Pois, mire, era progresiva porque os primeiros anos había que atender a quen máis o necesitaba. E logo, ao longo dos vindeiros anos, incluíanse dentro do Servizo de Atención á Dependencia as persoas cun grao menor. E cando vostedes tiñan que atender as persoas máis graves en Galicia, non as atendían. E cando vostedes tiñan que orzar cartos para axudar a esas persoas, orzaban 126 millóns de euros. E agora son 336 millóns de euros os que dedica Galicia para atender as persoas en situación de dependencia.

Pero, claro, era progresiva, entón, tócalle ao Partido Popular atender as persoas, porque cando estabamos nós como era progresiva... ¡Ah! Pero o Partido Socialista xa aprobou a Lei da dependencia, entón xa cumpriu coas persoas en situación de dependencia en Galicia. (*Murmurios.*) Non, coas persoas (*Aplausos.*) cúmprese atendendo as persoas. (*Aplausos.*) Atendendo as persoas, señora Blanco. (*Aplausos.*) Atendendo as persoas, señora Blanco, (*Aplausos.*) atendéndoas. (*Aplausos.*) Atendendo as persoas.

E, mire, a ratio da atención —recórdolle— no ano 2009 era do 35 %, hoxe a ratio da atención é do 72 %; por primeira vez Galicia supera a ratio do Estado, que é do 71 %. Polo tanto, efectivamente, aínda quedan persoas por atender, pero o que non pode é vir aquí e desacreditar o traballo e o esforzo que fixo o Goberno do Partido Popular por atender o máximo número de persoas posible.

E se queren falar de recursos, podemos falar de que a inclusión ten 9 millóns de euros máis que o ano pasado e 73 millóns de euros máis que no 2009; a Risga ten 5 millóns máis que o ano pasado e 65 millóns máis que no ano 2009; a dependencia ten 13 millóns máis que o ano pasado e 210 millóns máis que no ano 2009; en discapacidade dedícanse 2 millóns máis que o ano pasado e 30 millóns máis que o ano 2009; e en políticas de familia dedícanse 10 millóns de euros máis que o ano pasado e 126 millóns de euros máis que no ano 2009.

Polo tanto —para rematar, señor presidente—, neste momento en Galicia hai unha fronte común contra a exclusión social, unha fronte común contra a pobreza. Unha fronte común á que se están sumando a Xunta de Galicia, a Fegamp e as entidades sociais. Unha fronte común á que toda a sociedade galega lles está pedindo ao Parlamento de Galicia e aos grupos da oposición que se sumen. Por favor, non fagan demagogia e súmense a esa fronte común contra a pobreza e a exclusión social.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, dúas cuestións moi puntuais para poder contestar a cuestións que saíron na segunda parte das preguntas dos grupos. Polo tanto, as que se preguntaban sobre a Risga —a renda de integración social de Galicia—, o Goberno ten a vontade, por suposto —iso non ten ningunha dúbida—, de cumprir as resolucións xudiciais, pero tamén de desenvolver o Decreto —como dixer— de desenvolvemento da Lei de inclusión, para incorporar cousas que neste momento non están incorporadas na normativa xeral que regula a renda social de Galicia.

E, xa digo, creo que, ademais, non é unha cuestión do goberno, é unha cuestión de que os galegos temos unha gran renda social e que hai moitas administracións que nos poden copiar para determinar como se poden facer ben as cousas en materia de inclusión. Queda moito por facer, é verdade, pero tamén dixemos o dato, máis de 10 millóns de euros máis nos dous últimos anos que nos permiten desenvolver unha realidade política a través de programas económicos.

En canto ao tema das adopcións internacionais —que me preguntaban—, ao longo de todo este proceso —como se poden imaxinar— houbo unha comunicación permanente entre os directivos da Consellería de Política Social co Estado, co ministerio e con outras comunidades autónomas. Especialmente, dígolles dúas, de cores políticas diferentes: Madrid e Valencia, que se adiantaron unhas semanas á decisión de Galicia de pechar o OAI. Realizouse a consulta sobre a que me pregunta co ministerio sobre a posibilidade de continuar con esas tramitacións a través dun protocolo público, o ministerio contestou negativamente, porque os países de orixe non son países que teñan subscrito o Convenio da Haia. En todo caso, xa lle digo que o noso traballo de intermediación —como non pode ser doutra maneira— continúa.

Concretamente, o xoves desta semana, o xoves 9 de marzo, a directora xeral de Familia reunírase coa directora xeral no Estado, porque imos seguir explorando —como non pode ser doutra maneira—; estamos falando de familias —como se pode imaxinar— nunha situación xeral que ten mudado moito nestes anos. Polo tanto, o que non podemos tampouco é enganar as familias nin xerar expectativas que non podemos cumprir.

O que ten sucedido no ano 2012 en Etiopía é, dende logo, algo que non entra dentro dos parámetros de normalidade. É que nós temos esa vontade, obviamente, de apoiar en todo un proceso de adopción internacional as familias. Sabendo tamén —si que hai que facer sempre unha matización— que o noso obxectivo último a protexer son os nenos e as nenas, e que todo o proceso de adopción, dende logo, é moi favorable nas nosas políticas de familia, pero que ao final os nenos e as nenas son os que de verdade teñen que beneficiarse deste proceso.

Tomo nota do que se dixo aquí, tamén, como liñas de actuación e desenvolvemento por parte dalgúns grupos. Os temas de maltrato infantil e os temas de accesibilidade, xa digo, complementarios ás liñas que estamos creando, no segundo especialmente cos concellos. Nos temas de maltrato infantil temos experiencias, tamén, magníficas de entidades sociais que levan moito tempo traballando con menores e que nos poden axudar moitísimo neste camiño.

Non mo comentaron, pero eu apuntei na miña primeira intervención outra estratexia, ademais das de maltrato infantil e de accesibilidade, tamén moi importante, que creo que debemos desenvolver no futuro, xa o dixen, e é a de atención aos sen teito, onde creo que debemos coordinar entre todos os dispositivos que temos: ONG, concellos e deputacións, porque o obxectivo é que non se dea esta situación.

Falábanme tamén doutro tema, das cláusulas sociais de contratación na Administración pública. Mire, en Galicia demos un paso importantísimo no último terzo da anterior lexislatura, que é regular por lei o concerto social; polo tanto, o desenvolvemento desas cláusulas sociais terán ocasión de velo na Consellería de Política Social, e, dende logo, centraremos a nosa contratación non en empresas privadas, cando poidan concorrer con entidades de iniciativa social debidamente acreditadas en cada un dos sectores de actividade, fundamentalmente no ámbito da discapacidade, que é onde hai un maior avance das entidades sociais.

Polo tanto, agradezo moito as intervencións, os temas sobre os que temos que complementar o traballo dos próximos catro anos que temos por diante con ese obxectivo. Xa digo, non falar das causas, que tamén podemos seguir falando das causas, senón do obxectivo, e o obxectivo é que a Consellería de Política Social sexa capaz de canalizar moitísimos millóns de euros de todos os galegos para reducir as desigualdades. Iso faise cun orzamento que xa temos aprobado no ano 2017, que destina máis recursos para reducir as desigualdades, e cunha política ben administrada, tamén, dende o punto de vista de xestión; non todo van ser intencións, senón que temos que ser capaces de facer as cousas ben.

Con respecto ás residencias, o noso obxectivo, como saben, tamén é que nestes catro anos teñamos 900 prazas máis de residencias de maiores. Polo tanto, xa digo, temos aprobado un plan director, o seguinte serán os plans orzamentarios necesarios para toda a infraestrutura pública, como vostedes saben perfectamente, pero dean unha marxe de confianza, porque xa digo que temos catro anos para cumprir este obxectivo; non vaia ser que queiramos facer todo nuns meses e non nos deamos conta de que hai que programar moi ben cando se administran tantos recursos públicos e cando hai tantas necesidades.

De verdade que contamos, e xa o dixen antes, con magníficos profesionais. Eu quero agradecer o traballo do secretario xeral da consellería, dos directores xerais, dos altos cargos da

consellería, dos técnicos que temos na consellería, tanto en servizos centrais como nas delegacións territoriais; en cada un dos concellos de Galicia temos persoal da Consellería de Política Social, porque ademais dos grandes programas que facemos dende servizos centrais, tamén atendemos a persoas todos os días en todos os concellos do noso país. Eles son os que verdadeiramente nos axudan a facelo mellor. Eu quero agradecerlles, moi especialmente, xa digo, dende aos altos cargos ata ao último dos nosos traballadores directos e indirectos.

Pode ser que os gobernos teñamos máis alma ou menos alma, pero afortunadamente hai moita xente en Galicia, os nosos traballadores, que teñen alma, que teñen corazón, e por iso entre todos imos conseguir dar a mellor política social aos que máis nos precisan en Galicia.

Por iso, moitas grazas ao conxunto de deputados e de grupos políticos polas súas aportacións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as cinco menos cuarto. É unha tarde complicada a de hoxe, hai un acontecemento importante, tamén. Entón, suspendemos ata as cinco menos cuarto.

Suspéndese a sesión ás quince e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir, ao final da parte resolutiva, un novo punto:

«7.-Introducir a perspectiva de xénero creando un apartado específico para combater as violencias machistas e lgbifóbicas no deporte, que conte con equipa especializada no tratamento deste tipo de violencia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Boa tarde.

Parabéns a todos aos que, a pesar das horas...

Vou intentar seguir as recomendacións do presidente, que me indicou que fora xusto no tempo, que levamos un día apurado. Era mellor ter empezado ás dez e non ás dez e cuarto, esperando polo PP, que non chegou a tempo, pero, en todo caso, imos ir apuradamente.

Traemos hoxe aquí unha moción con vontade bastante construtiva que agardamos poida ser aprobada co voto favorable de todos os grupos. Cremos que o tema o merece e que é posible facer algúns avances positivos nesta cuestión.

O que plantexamos é unha realidade que nós vemos dende un punto de vista máis aló da lexislación existente. O outro día, no pasado pleno, na interpelación feita ao conselleiro, expuxemos algunhas cuestións que creo que é conveniente lembrar.

En primeiro lugar, queríamos destacar e destacamos o valor potencial do deporte; potencial no sentido de ser un elemento fundamental de socialización e de ser un elemento, un aspecto vital que ten un valor formativo moi alto. Probablemente despois da familia e da escola sexa o terceiro lugar máis importante en socialización e na aprendizaxe de valores colaborativos e probablemente dalgúns valores persoais que son importantes e que poderíamos utilizar para, a través do deporte, desenvolver. Existe tamén un valor de convivencia interxeracional que non é desdeñable.

Sen embargo, neste contexto que ten o deporte en si, federado, non federado, na competición, existen ámbitos ou contextos nos que se desenvolve algún tipo de violencia. É unha violencia que moitas veces non atopamos de maneira directa porque está certamente camuflada, e axúdase para camuflarse dunha certa tolerancia social que todos —todos, sen culpabilidade de ninguén, todos individualmente e colectivamente— aceptamos dalgunha maneira por non ser moitas veces conscientes do que ocorre.

Baste dar algún dato. Galicia é a terceira comunidade autónoma en número de encontros deportivos sancionados ou con incidencias, segundo a Comisión Antiviolenza de España. A realidade é a que está aí. Non se trata de sinalar que estamos ante un problema que invalide toda a actividade deportiva, senón da existencia de moitos problemas que, por dalos como habituais ou como máis frecuentes do existente, ou incluso moitas veces que se xustifican como que son parte do deporte e nos que se minusvalora a súa repercusión, non somos capaces de ver con toda a capacidade. Un recente informe da Unesco apuntaba a que esta realidade é evidente e que se dá moitas veces nos deportes máis masificados; tamén é unha cuestión evidente de número e, sobre todo, en deportes de afeccionados.

Tamén queremos destacar a importancia que se dá no deporte de base; sobre todo pódese demostrar moitas veces a non intencionalidade inicial desas condutas agresivas ou non edificantes que se dan moitas veces incluso en pais e nais.

Nós diferenciamos tres tipos de violencia: a intergrupala, a que se dá entre afeccións sobre todo, que é moi propia do deporte masificado e que está de maneira sucinta aproximadamente ben regulamentada. O único que nós cremos é que, se cadra, non está tan exixida en

termos das sancións que se aplican, e, ao darse unicamente ao alto nivel en clubs e en equipos que teñen máis potencial, sobre todo económico, que son, ao final, o fundamento das sancións, estas son pouco eficientes e non contribúen a mudar a situación. Pero, en todo caso, cremos que os elementos principais están na violencia que se produce en termos de xénero e de racismo, a discriminación e a falta aos principios de igualdade. O deporte está moi masculinizado, aínda que existe e existiron nestes últimos tempos moitos avances, e é importante destacalos, pero tamén existe moitas veces un racismo ao que os científicos sociais chaman «o racismo simbólico»; aquel que non o é pero que ao final adopta condutas de que si o é. E, polo tanto, debemos de ter atención a isto.

Existe un marco normativo, e o marco normativo é necesario, pero, neste caso, cremos que é insuficiente. Existen regulamentos sancionadores que son necesarios pero son insuficientes, e, ademais, no caso específico de Galicia, existen organismos excesivamente discretos, por exemplo, a Comisión Galega de Control da Violencia, da que non se coñece un funcionamento real e da que non se coñece probablemente nin a súa composición.

As sancións son, por tanto, un círculo vicioso, só se dan nun moi reducido número de casos, e alí onde se dan, ou nas situacións nas que se dan, non contribúen a modificar a conduta ou non contribúen a aprender condutas novas; polo tanto, non están sendo eficientes.

Si destacamos a necesidade de aspectos formativos. A necesidade de aspectos formativos sobre o deporte é importante non só no deporte de base, que, por suposto, senón tamén incluso no deporte afeccionado e —¿por que non dicilo tamén?— no deporte de alto rendemento, onde tamén segue sendo necesario formar e educar, non só polo valor propio das accións, senón polo valor exemplarizante que estas teñen sobre a xente, e especialmente en nenos e nenas que seguen ese tipo de deporte. Nós cremos que falta formación ante a violencia no deporte, e falta capacidade de afrontala dende un punto de vista pedagóxico. Creemos que este é o punto onde máis hai que afondar.

Polo tanto, en resumo, existe unha lexislación pensada sobre todo para o deporte máis visible, e nós cremos que é necesario profundar en todos os eidos deportivos e aproveitar o traballo e a potencialidade que ten para mellorar o aspecto pedagóxico e trasladalo ao deporte de base, ao deporte de afeccionados.

Polo tanto, traemos aquí esta moción cunha serie de propostas. En primeiro lugar, datos; sen datos é imposible mellorar. E existen poucos datos no que respecta a Galicia. O que non se mide non se pode mellorar, e nós plantexamos a necesidade de medir a situación: ¿cantos encontros deportivos foron sancionados? ¿Quen é e que labor fan as persoas que están con esa obriga de controlar eses escenarios? ¿Cales son as situacións que se están dando? ¿Que se está a facer? ¿Que podemos mellorar? En realidade, a capacidade de saber a realidade do que ocorre, porque o número de datos que temos é moi, moi pequeno. A maior parte, a inmensa maior parte das situacións que conteñen condutas violentas —léase entre grupos, léase que atentan contra a igualdade de xénero, léase que atentan contra a igualdade entre persoas, independentemente de cuestións como a raza—, non se denuncian, polo tanto, non quedan rexistradas; e, polo tanto, iso impídenos facer unha análise real. Nós cremos que é importante ter datos, tamén para saber se somos capaces de ter datos de maneira correcta.

Con eses datos plantexamos a incorporación de expertos, que si, xa o recolle a lei, pero que está sendo insuficiente, porque é probable que non se estea facendo ou non se estea facendo de maneira eficiente. Polo tanto, nós plantexamos a incorporación real de coñecedores do ámbito, de técnicos, que profunden neste sentido.

Plantexamos ademais a necesidade de diferenciar, porque existen, polo menos, dous grandes ámbitos no deporte: o deporte de adultos e o deporte de base. É certo que no deporte de adultos a sanción ten un carácter importante; como dicíamos, é necesaria, pero non debe ser a pedra angular da lexislación, non debe ser a pedra angular do funcionamento. As sancións corrixen, pero non ensinan. Cando desaparecen as sancións, volve o comportamento anterior, e nós necesitamos ensinar e formarnos uns aos outros na necesidade do respecto absoluto e, como dicía, especialmente nun eido como o do deporte, que ten tanta repercusión.

E necesitamos, ademais desas sancións neste deporte, normalmente no adulto, fundamentar a educación no deporte de base, en rapaces e rapazas; é imprescindible, nunca nos vai sobrar formación, nunca. E, polo tanto, nós no que pretendemos afondar é na necesidade de trasladar ao traballo real e aplicado non unha lei que quede gardada e que se aplique de maneira unicamente sancionadora, senón en desenvolver de verdade políticas formativas e educativas que utilicen o deporte para transmitir a educación en valores, que cremos que é posible, e que a través do deporte está máis que demostrado que é moi posible. Polo tanto, queremos diferenciar esas dúas condutas aplicadas fundamentalmente en función da idade, que é onde máis podemos traballar.

Polo tanto, para ser capaces de facer iso, necesitamos que as persoas que están dentro do eido deportivo sexan capaces de facelo e, polo tanto, plantexamos a necesidade de ampliar a formación. A formación de técnicos, a formación de xogadores non inclúe agora mesmo como unha realidade a ensinanza sobre a igualdade, sobre a tolerancia, sobre aspectos que moitas veces damos por sentados na nosa sociedade, e damos por sentados que os ensina outro. E si, claro que a familia debe de ser un lugar fundamental para esa ensinanza. A casa das persoas debe selo, como tamén o debe de ser a escola, pero non nos sobra facelo a través do deporte, que, como apuntabamos, é un dos elementos de socialización máis importantes dos nosos rapaces e rapazas. Polo tanto, a formación é ese camiño da mellora.

E, por último, plantexamos, iso si, que nalgunha medida exista a posibilidade de incorporar algúns recursos. Non plantexamos nada enorme nin desproporcionado, pero si que contribuíamos a que as federacións, os clubs —que ao final son os que artellan o 99 % da actividade deportiva—, os concellos e as federacións sexan quen de organizar e fomentar todos estes valores, pero que teñan algún apoio de recursos para facelo, porque son, probablemente neste sentido, os organismos que máis fan con menos recursos. Polo tanto, plantexamos esta posibilidade en cuestións simples como a incorporación de valores e do coñecemento do labor que se fai en educar a través das axudas que se propoñan para os clubs, para as federacións, e que se inclúan, polo tanto, estes conceptos.

Cremos que estes elementos son importantes e que son propositivos e, polo tanto, estamos convencidos de que todos imos propoñer e facer as aportacións no sentido positivo da cuestión. Como estou convencido —e xa na anterior interpelación o conselleiro así o amosou—

de que a intención vai polo mesmo camiño, agardo que sexamos capaces de chegar ao mesmo final que todos compartimos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Ao Grupo Parlamentario de En Marea parécenos acertada esta moción que trae o Partido Socialista de Galicia e ímola votar favorablemente, pero tamén aportamos unha emenda de engádegas que nos parece moi necesaria para avanzar na loita pola igualdade e contra as violencias machistas.

O deporte na sociedade constitúese como unha das ferramentas sociais, dinamizadoras e de gran poder transformador. A transmisión de valores como a concordia, a convivencia ou o respecto son a base fundamental nunha sociedade cun futuro de progreso, para que se poida chegar a unha sociedade igualitaria e equitativa para todas.

Utilizamos o deporte tamén como vehículo de comunicación, como ferramenta de mobilización social que reúne a comunidades para determinadas campañas e como un medio poderoso de crear conciencia sobre mensaxes clave en torneos ou eventos deportivos. E é por iso que debemos ter un coidado especial coas mensaxes que se transmiten dende o mundo do deporte.

Hoxe tráenos aquí falar de violencia, a violencia no deporte que se ve a diario, pero nós queremos, coa nosa emenda, falar da violencia que non é tan visible, daquela da que nos acordamos cando asasinan outra muller, ou a semana do 8-M, pero da que todos os anos se olvidan nos orzamentos. E sabemos todas que sen recursos non se poden desenrolar as políticas de igualdade. Todos os datos nos amosan que, coa redución dos orzamentos en igualdade, os casos de mulleres que sofren as consecuencias da violencia machista aumentan. E isto non é unha teima por politizar a loita pola igualdade, como di o señor Feijóo, isto é poñer enriba da mesa a principal eiva coa que nos atopamos para loitar pola igualdade: a insuficiencia no investimento. E iso responde a decisións políticas; son decisións que non buscaron o consenso na loita pola igualdade entre todos os grupos, foi unha decisión política que tomou unilateralmente o Partido Popular.

Na nosa emenda de engádegas a esta moción propuxemos crear un apartado específico, un equipo especializado na loita contra as violencias machistas, porque coidamos que é unha cuestión que debe ser referenciada de maneira específica. Non recoñecer a profesionalidade das mulleres no deporte é violencia. A falta de igualdade de oportunidades para homes e mulleres no campo do deporte é violencia. A invisibilización das ligas deportivas femininas

é violencia. Que se destinen tan poucos orzamentos de dinamización do deporte feminino para corrixir a discriminación con respecto ao masculino é tamén outra forma de violencia. A discriminación por cuestión de xénero é violencia tamén no deporte.

Non pode ser que unha muller ou nena no noso país vaia adestrar con risco ou medo ao abuso. Non pode ser que unha persoa trans non poida identificarse co seu xénero sentido nunha competición deportiva, ou que non poida utilizar o servizo acorde ao seu xénero. Non pode ser que unha persoa homosexual teña que soportar insultos homofóbicos durante o desenrolo dunha competición deportiva.

Ademais das medidas que poidamos desenrolar dende a Xunta de Galicia, nós pensamos que o camiño pasa tamén por que tanto os concellos como os clubs e federacións dispoñan de recursos para poder fomentar a concordia, a convivencia e a igualdade, porque o compromiso móstrase con orzamentos e non con declaracións de boas intencións. Pódese investir en que cada barrio e cada aldea teña un campo de fútbol de herba artificial ou en formación e prevención da violencia no deporte; pódese investir máis en facer portos deportivos para iates cada 10 quilómetros do litoral galego ou en prevención e loita contra as violencias machistas no deporte. Trátase de priorizar. O Goberno decide cales son as prioridades e que cuestións son menos relevantes e, polo de agora, os iates están tendo unha maior atención que a igualdade e a loita contra as violencias machistas no deporte.

Porque, aínda que o señor Feijóo diga que non se debe politizar a loita pola igualdade, a realidade é que a loita pola igualdade dispútase no político, por suposto. Oxalá houbera un consenso e o compromiso de todos os grupos, que non habíamos ter que comparar propostas, pero hai distintas propostas políticas para loitar contra a desigualdade e as violencias machistas. As do PP son as de baixos orzamentos, a redución en prevención, botarlle a pelota á sociedade e centrar a estratexia na vía xudicial, sen os medios precisos, e os recortes. E as de En Marea é, como propuxemos nos orzamentos para este exercicio, incrementar moi significativamente o investimento en políticas de igualdade; propuxemos ata triplicar o investimento en igualdade, entre outras cousas dunha reforma baseada na xustiza social.

As políticas de igualdade en En Marea propoñen traballar dende o sistema educativo, coeducación en igualdade. Propoñemos tamén coidar a perspectiva de xénero nos medios de comunicación, fundamentais na xeración de opinión. Propoñemos dar alternativas vitais para as vítimas de violencia ou, como no caso do que falamos hoxe, traballar decididamente en finalizar coa discriminación por cuestión de xénero no mundo do deporte.

E para todo isto fan falla, ademais de discursos, orzamentos suficientes. A Xunta de Galicia está moi lonxe aínda de amosar nos seus orzamentos un compromiso firme coa igualdade e contra as violencias machistas. Mostren con feitos o compromiso, e non con palabras e declaracións institucionais, invistan en loita pola igualdade, contra as violencias machistas e non en vantaxes fiscais para os grandes patrimonios e as grandes empresas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, moi boa tarde.

Parece que temos que ser áxiles, porque hai hoxe un grande acontecemento deportivo e temos que cumprir os tempos, así que imos á materia.

Imos apoiar esta proposta con algúns reparos, non tanto polo contido da iniciativa senón pola realidade á que nos temos que enfrontar e polas responsabilidades que teñen os gobernos, tanto o do Estado como o galego nesta materia, que non cumpren.

Efectivamente, temos un marco legal, tanto a nivel estatal como galego, unha lei contra a violencia, o racismo e a xenofobia no deporte e unha comisión estatal que traballa sobre estes temas, unha lei galega do deporte tamén, que preveu a creación dunha Comisión Galega de Control da Violencia, por certo, da que non sabemos nada, porque esa comisión precisamente tiña como obxectivo a prevención e a represión da violencia e tamén a análise das súas causas, que é un dos obxectivos que ten esta iniciativa.

Polo tanto, esa comisión, que se tiña que crear por medio dun decreto, aínda non se creou, e xa desde o ano 2012, que se aprobou a lei, van alá case cinco anos; entón, non sei se teñen agora intención de creala, pero xa sería hora de facelo.

E tamén a lei galega podemos dicir que foi amputada, precisamente nas cuestións que teñen que ver con esta materia, pola interposición dun recurso por parte do Goberno do Estado, que botou abaixo grande parte do contido do título IX, que fai precisamente referencia a esta cuestión, e fíxoo por non ter Galiza competencias nin en orde pública nin Policía Autónoma; supedita o desenvolvemento deste capítulo a que Galicia teña competencias nesta materia, teña unha Policía Autónoma, o cal é unha razón máis para reivindicar esta policía propia.

Nós o que vemos nesta iniciativa ou no debate sobre esta iniciativa e nas políticas en xeral e na loita contra a violencia é unha visión limitada desta cuestión. Pensamos que tanto as leis como as comisións están demasiado centradas na análise e na loita contra a violencia no deporte profesional, e especificamente no caso do fútbol, con toda a complexidade e os paradoxos que rodean o deporte profesional e o fútbol, porque, a fin de contas, o fútbol e o deporte profesional son reflexo dunha sociedade, a sociedade capitalista, este capitalismo depredador que se basea precisamente en exaltación de valores, que tamén están presentes no fútbol, contrarios á convivencia, contrarios ao respecto, contrarios á igualdade, contrarios á xustiza. Exáltase o éxito económico, o negocio, a competitividade extrema, a confrontación, e tamén é un espazo privilexiado para todo tipo de discriminacións, fundamentalmente de carácter sexista e machista.

E, ao mesmo tempo, o deporte profesional é unha canle para a canalización de certos conflitos sociais, de tensións e frustracións que están presentes na sociedade e que até certo límite se poden, dalgunha maneira, canalizar e dirixir a través desas expresións deportivas.

Fronte a esta visión centrada no deporte profesional e fundamentalmente no fútbol, nós compartimos que hai que darlle máis importancia e atención á prevención tanto no deporte profesional como tamén no deporte de base, nas escolas deportivas, no sistema educativo, a través tamén dos medios de comunicación, e facer un esforzo por promover valores positivos, a través da actividade física e do deporte, valores de convivencia, valores de cooperación, valores de respecto, de equidade e de non-discriminación.

Polo tanto, tamén neste sentido, atender non só a violencia grupal, tanto de carácter físico como verbal, senón a outro tipo de manifestación, de violencia simbólica —á que se fixo referencia tamén aquí—, facer un esforzo na prevención moito maior, desde logo, da prevención do racismo e a xenofobia, e prestar especial atención —tamén compartimos esta reflexión— á loita contra todo tipo de discriminacións sexistas e machistas no deporte, que teñen que ver coa dificultade do acceso das mulleres a todos os ámbitos da actividade deportiva e tamén a discriminación que sofren neste sentido.

E, neste sentido, parécenos que temos que ser absolutamente exemplarizantes á hora de perseguir e sancionar modelos negativos de violencia machista exercidos por parte de deportistas profesionais, de futbolistas profesionais concretamente, e tamén a apoloxía destas condutas por parte da afección. E vemos como, en cambio, se fai moito fincapé e se fan moitos esforzos en utilizar as leis e tamén os comités para perseguir a expresión de ideas políticas incómodas nos estadios, por exemplo, cando hai algo tan normal nunha sociedade democrática como unha pitada, por exemplo, ao himno do Estado ou á monarquía —iso non debería ser perseguido por ningún tipo de comité nin é ningunha manifestación de violencia por suposto— ou a prohibición de bandeiras nacionalistas galegas nos estadios.

Polo tanto, pedímoslles neste sentido aos que teñen responsabilidade de goberno que utilicen os esforzos, as enerxías, realmente para combater todas as formas de violencia e discriminación e que deixen en paz a nosa bandeira, que a deixen ondear nos estadios, que non lle fai mal a ninguén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Bará, o partido máis importante da semana foi o de Pontevedra en Villaviciosa —gañamos—, e vostede ten que sabelo porque é de Pontevedra e non é o Real Madrid, o Real Madrid, ese fútbol capitalista do que vostede está a falar, e non lembra o equipo da súa cidade, que gañou a fin de semana pasada. Señor Bará, lembre que é o mellor partido da xornada. (*Aplausos.*)

Quen lles fala pasa moitas fins de semana en campos de fútbol; polo tanto, podo escoitar, efectivamente, ese berros entre a afección, esas palabras malsoantes, dirixidas aos árbitros

e nalgúns casos incluso aos xogadores. Pero, non obstante, non quero deixar pasar unhas verbas que vostedes tamén coñecen: «senvergoña», «asasinos», «lixo homofóbico». Estas son algunhas das verbas empregadas por mulleres políticas dos partidos da oposición para cualificar os nosos compañeiros de bancada e, nalgún caso, incluso os homes en xeral. É así como algúns fomentan a tolerancia e a igualdade. Verbas agarimosas que destilan odio e que poden cualificarse como violencia verbal. Pero nisto non nos podemos deter, porque queda feo falar da violencia na política.

Pero, señorías, dese xeito, ¿a quen imos darlle exemplo? Falemos entón de deporte, sen esquecer recordarlle á señora Santos que debería desculpase do que falou dos nosos compañeiros; eles non son asasinos. (*Aplausos.*)

Falemos entón de deporte e da violencia no deporte. Traballar para acadar a mellor situación para o deporte galego será un dos principais obxectivos deste grupo parlamentario ao longo da nosa lexislatura. Facelo na maior harmonía posible cos grupos da oposición vai ser a nosa intención. O ton do señor Torrado vai nesa liña, como non podía ser doutro xeito; debemos pensar que está a falar de deporte. E ¿que é o que implica o deporte e que valores predica o deporte? O deporte é paixón, traballo en equipo, compañeirismo, esforzo, dedicación, sacrificio, responsabilidade e, ¡como non!, ilusión.

Ilusión é o que sentimos cando, como dixo na nosa interpelación ao Goberno o señor Torrado, imos camiñando cara a unha mellora no eido deportivo: mellora nas instalacións, na formación, nos resultados e na educación de todos os axentes que rodean o deporte galego.

Son moitas as competicións que cada semana se disputan en Galicia e moi poucas as condutas denunciadas como violentas. É certo que forma parte de noso traballo conseguir que cada día sexan menos e que sería perfecto que puidésemos ser un exemplo como comunidade no eido deportivo.

Pero, non obstante, señorías, non quería deixar de pasar a ocasión para dicir que non podemos criminalizar o deporte galego. A violencia está instaurada na sociedade en xeral, non é especialmente salientable a súa incidencia no eido deportivo. Os valores do deporte promoven xusto o contrario. Por isto, e tendo nas nosas mans as posibilidades de educar en valores —porque temos o canal, temos os xogadores, temos os deportistas, temos os clubs, que van ser imaxe e modelo a seguir—, fagámolo de verdade, sen facer demagogia, sen facer política, simplemente facendo deporte.

Estamos de acordo na súa iniciativa, señor Torrado, porque é desexable facer estudos que se centren nos comportamentos violentos que se rexistren na nosa comunidade. É bo reunirse para sacar conclusións e aportar ideas, estar preto das federacións, dos clubs, dos deportistas, colaborar con eles para mellorar a formación dos axentes que participan no eido deportivo e premiar aqueles que contribúan a fomentar a cultura da tolerancia e da igualdade.

Aproveito a miña intervención para comentarlles que a Comisión Galega para o Control da Violencia —esa pola que preguntaba o señor Bará e á que fixo tamén mención e mostrou o seu interese por coñecer na interpelación o señor Torrado— figura, efectivamente, no título

IX da Lei galega do deporte, pero, como vostedes coñecen, está a expensas de que nos transfiran as competencias en seguridade pública para poder, efectivamente, levala a cabo. Agora mesmo é a Comisión Antiviolenza estatal a que ten as competencias. Mentres non deriven á nosa comunidade e teñamos unha Policía Autonómica con esas competencias, non poderemos crear a dita comisión.

As demais vías actualmente vixentes para identificar e sancionar condutas violentas no deporte de Galicia mostran a súa efectividade. Temos no ámbito disciplinario regulamentos e sancións nos clubs, nas federacións, nos árbitros e no Comité Galego de Xustiza Deportiva; no ámbito sancionador administrativo, o Comité de Xustiza Deportiva; e, finalmente, no ámbito xurisdiccional-penal, todo aquilo que poida cualificarse como infracción penal ou calquera outro tipo de delito pois, efectivamente, vaise sancionar neste eido.

Por todo isto, e compartindo a súa aposta por educar en valores e promocionar todo o bo do deporte con formación e educación, detectando os problemas e fomentando novas ideas que axuden a eliminar a violencia dun modo máis efectivo, traballemos xuntos para facelo mellor.

En relación coa emenda presentada por En Marea, este grupo votará en contra, se se acepta polo Partido Socialista, loxicamente, e non podemos votar por puntos, porque a promoción da tolerancia e da igualdade xa están contidas nos puntos da moción do Partido Socialista e por coherencia coa mesma. O primeiro será facer un estudo e análise das condutas que se están a dar no deporte galego en xeral e cales son as que temos que reprobar e despois tomar medidas que melloren o que si se está a facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Murillo.

Réplica, grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

O deporte condiciona, ensina e marca tendencias. Tanto é así que vostedes falando de deporte masculino, o meu resultado da fin de semana foi que a Agrupación Deportiva Cortegada gañou a Lima Horta —ademais, gañámoslle ben—, e dáme rabia porque o entrenador do outro equipo era amigo meu. Pero baloncesto feminino de alto nivel, de máis nivel por certo que os clubs que citaron; pero, bueno, non imos entrar nese debate. (*Aplausos.*) Eu agardo que o Pontevedra ascenda, que así ademais arrastra e pode subir o noso tamén.

A verdade é que eu pensaba que íamos ter un debate un pouco menos animado, pero xa que hoxe falamos de Ikea, señora Murillo, vostede veu aquí e, en vez de comprar o catálogo de Ikea de ofertas, colleu un pouco así e máis ben quedou coas albóndegas de Ikea, porque meteu aquí unha serie de cousas que non tiñan moito tal.

Hai lexislación, e hai lexislación galega, e funciona, pode funcionar. Outra cousa é que non se teñan competencias en cuestións de seguridade, que é outro debate. Hai lexislación. Incluso o maldito Goberno Zapatero —téñolle que recoñecer unha cousa: nin na comparecencia do señor conselleiro, dúas veces o outro día, nin vostede hoxe mencionaron o Bipartito, e quérollo agradecer sinceramente, porque, *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* tranquilo non, porque aínda poden volver falar, salvo que o presidente lle deixe, que, como é presidente, está sendo moi laso habitualmente coa bancada popular, pois igual lle deixa falar do Bipartito, e quérollo agradecer, porque o ton da conversa é grato; se alguén quere mencionar o Bipartito, estamos a tempo— creou a Lei do 2007, con dous decretos que desenvolvían as comisións estatais, pero a lei que vostede cita, evidentemente, con título IX, a Lei do deporte, ten tamén algunha competencia, como dicía eu, o Comité Galego sobre o Estudo da Violencia, que non ten definido nin sequera os seus membros, e polo tanto é posible avanzar nese sentido.

En todo caso, sobre a emenda, eu creo que é necesario axustala, porque non podemos incorporar a ningún plan, porque a proposta non é un documento en si, pero eu creo que é posible axustar e engadir ao final unha reformulación, que, se o compañeiro voceiro de En Marea neste tema ten a ben, se pode incluír como perspectiva unha proposta que inclúa, evidentemente, a perspectiva que se menciona e que fale especificamente dunha cuestión de atender de maneira específica cuestións de violencias machistas e de identidade sexual, incluso que as persoas que formen esa comisión de expertos e estudos que garantamos ou que se garanta, evidentemente, que teñan esa perspectiva, que saiban entender esa realidade da maneira máis clara posible, para que a poidan incorporar nese estudo.

Eu creo que estudar, tendo esa perspectiva, sempre pode ser e podería —creo eu— conxuntar todas as perspectivas. De primeiro imos analizar, pero que á hora de analizar teñamos en conta que esa realidade existe, e eu creo que iso é posible e podemos transaccionar por aí.

Eu o único que digo é que creo que é posible —creo que temos unha grandísima parte de puntos en común— aprobar isto en conxunto de todos os grupos, a pesar das diferenzas dos equipos e das cuestións algunhas veces máis puntuais dalgúns feitos concretos, sobre todo porque haberá pais ou nais que nos vexan na casa, que teñan fillos pequenos, que no futuro incluso queiran plantexar a posibilidade de facer deporte, e temos que darlles as garantías, que eu creo que se fai en moita medida, pero darlles a garantía completa de que traballamos para que a través do deporte tamén se lles ensine e tamén se lles contribúa a educar nos valores necesarios; a esas nais que nos poden estar vendo e que teñen nenos de 3 anos agora, pois entón que digan: creo que se están facendo cousas para que, a través do deporte, tamén os nosos rapaces e rapazas teñan unha mellor educación. E nese sentido eu creo e teño a convicción de que imos chegar a un acordo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Entón, incorporamos un punto novo coa transacción que van propoñer. Vale, correcto.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do Pacto local

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista trae hoxe aquí ao Pleno a moción derivada da interpelación presentada no Pleno anterior, sobre o desenvolvemento do Pacto local, Pacto local que, como xa manifestei na interpelación ao señor conselleiro, foi asinado no ano 2006 e que hoxe, once anos despois, segue sen estar totalmente desenvolvido e sen un programa para o seu desenvolvemento total.

Como xa puxen de manifesto na miña anterior intervención, os socialistas cremos que o Pacto local ten tres asuntos de vital importancia e que deben ser asumidos na súa totalidade para poder avanzar e chegar a novos acordos que permitan aos concellos adaptarse ás necesidades dos veciños e das veciñas no século XXI; tres puntos fundamentais como son: fixar por lei a participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma, asumir os custos de mantemento dos centros de saúde que aínda están a cargo dos concellos e asumir os custos de mantemento dos centros de ensino de educación primaria que aínda soportan os concellos galegos.

Na intervención do señor conselleiro no Pleno anterior manifestábanos que durante os oito anos de goberno do Partido Popular, do Goberno do señor Feijóo, e sendo el vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, se tiña adiantado moito no desenvolvemento do dito Pacto local. Ademais, dicíanos que en tres anos o Goberno socialista non fixera nada, só asinar o Pacto local co presidente da Fegamp, e que o Fondo de Cooperación Local hoxe é o mesmo que hai oito anos.

Hoxe non está o señor conselleiro, pero seguro que vostedes lle poden trasladar a miña dúbida. Eu creo que o conselleiro non tiña os datos na man naquel momento e, polo tanto, equivocouse. Porque miren: a participación definitiva do Fondo de Cooperación Local no ano 2005 era de 80.440.512 euros, no 2006 incrementábase en máis de 14 millóns, no 2007 incrementábase en máis de 15 millóns e no 2008 incrementábase en practicamente 10 millóns. Polo tanto, do 2005 ao 2008, en tres anos, o crecemento é de 39.247.322 euros, é dicir, un 49 % de crecemento, case un 50 % máis do que tiña consignado a Xunta do PP no ano 2005.

Se temos en conta o importe inicial e nos remontamos ao 2001, en só sete anos incrementouse nun 266 %, e se vemos a contía provisional do 2016, vemos que esta contía baixa en case 7 millóns de euros respecto ao consignado no 2008. Polo tanto, eu preguntaría ao señor conselleiro, pero pregúntollo tamén á bancada do Partido Popular: cos datos na man, ¿poden vostedes seguir afirmando que blindaron a contía do Fondo de Cooperación Local para que

os concellos non notasen esa rebaixa? ¿Poden ratificarse no dito na interpelación feita por este grupo parlamentario? *(Aplausos.)*

Mire, quero saber quen mente e quero saber quen lle fai dano á política. Eu creo que neste caso son vostedes, cada vez que veñen aquí e intentan darlles un xiro ás cousas que se plan-
texan e non aportan datos para afirmar as acusacións que nalgúns casos aquí fan.

Dígolles máis: este ano, nos orzamentos da Xunta de Galicia, que medraron nun 2,5 % e segundo vostedes a economía crece a bo ritmo, ¿por que non se reflicte este incremento na consignación orzamentaria para este ano para os concellos?, porque o fondo principal segue sendo o mesmo, 112.972.806 euros; é dicir, os concellos galegos no seu conxunto seguen a recibir case 7 millóns menos que recibían no 2008.

Pero dígolles máis: hai unha parte, que é o fondo adicional, un fondo adicional que é algo menos de 2,5 millóns de euros, pero eses 2,5 dedícanos vostedes a esas fusións voluntarias de concellos; é dicir, detraen de fondo de todos os concellos 2,5 só para catro concellos. É verdade que foi unha medida estrela, que se nos presentou, eu non estaba aquí nesta Cámara, pero a todos os deputados e deputadas que naquel momento estaban, era a medida estrela, con ela remataban todos os problemas das entidades locais galegas e ademais ía supoñer un aforro enorme simplemente por fusionarse. Pois non debe ser exactamente así, porque a consecución destas fusións é que alí onde vostedes gobernan e teñen orzamento o que fan é unha inxección indecente de cartos, en detrimento dos ingresos do resto dos concellos galegos.

A verdade é que eu, que son bastante municipalista, animaría a todos os concellos: ¡veña, a fusionarse!, todos, ¡ala, ala!, sen ton e sen son, chega papá Xunta e vainos encher de cartos, porque o que non se fusione vai ter bastante menos.

Polo tanto, creo que o outro día o señor conselleiro estaba errado e os seus datos non eran de todo correctos. Xa sei que un erro o ten calquera, pero os datos é o que teñen, que están aí e ás veces non son os datos que queremos, senón os que hai.

O conselleiro insistía en que nós en tres anos non tiñamos feito nada, pero mire, nós, en tres anos, deixámoslles todo preparado para asumir fundamentalmente 3 puntos. Incrementamos o Fondo de Cooperación Local en practicamente 40 millóns de euros e tiñamos tomado o acordo coa Fegamp para asumir os custos de mantemento dos centros de saúde e os custos de mantemento dos centros de educación primaria. Pero —insisto— oito anos despois deses tres anos en que non fixemos nada, vostedes volven gobernar a Xunta e o Fondo de Cooperación Local baixa case 7 millóns de euros e os custos de mantemento dos centros de saúde e os custos de mantemento dos centros de educación primaria seguen maioritariamente a cargo dos concellos.

Por certo, ¿por que non nos facilitan os datos? Díganos cantos centros de saúde teñen asumidos a día de hoxe e cantos centros de educación primaria teñen asumidos a día de hoxe. Queremos sabelo. Fagan gala desa transparencia da que falan, da que presumen, pero que despois nunca aplican. As preguntas son claras e son concisas: ¿cantos? Respóndanme, por favor: ¿cantos?

Saben vostedes que a situación financeira dos nosos municipios é moi complicada, saben vostedes que ás veces chegan a situacións extremas e saben vostedes que non teñen marxe de manobra para poder atender as demandas da súa cidadanía e que, ademais, moitas veces non poden nin sequera afrontar correctamente as competencias propias que teñen asignadas, e, polo tanto, teñen aínda máis dificultades para atender as obrigas ou competencias que se lles dan que son doutras administracións.

Os socialistas non queremos cidadanía de primeira e cidadanía de segunda, segundo o concello no que vivamos. Nós si apostamos firmemente polo municipalismo e todos estes datos que lles acabo de formular así o demostran.

De todos os xeitos, eu confío en que esta moción sexa aprobada por unanimidade, por todos os deputados e deputadas desta Cámara, incluídos os do Partido Popular, fundamentalmente despois das verbas do outro día do señor conselleiro e dos acordos aos que creo que se está chegando coa Fegamp.

Eu xa digo que a maioría dos que aquí estamos tivemos ou teñen algunha responsabilidade municipal aínda a día de hoxe. Sabemos que non se ten producido a segunda descentralización. Sabemos que a Lei de facendas locais ten que ser mudada. Sabemos que os concellos teñen que asumir, con poucos, moi poucos recursos, as competencias propias e as impropias, porque se deben á súa veciñanza. Pero nós pedimos nesta moción, sinxelamente, que a Xunta asuma as competencias que lle corresponden en educación e en sanidade e, polo tanto, que asuma os custos de mantemento, polo que a nosa petición nesta moción é que convoquen a Comisión Galega de Cooperación Local de Galicia, tal como lle pide a Fegamp reiteradamente, e que durante catro anos non se fixo, e que presenten na primeira metade do ano 2017 un plan de desenvolvemento, con datas de execución, para asumir dunha vez por todas os custos de mantemento dos centros de saúde e os custos de mantemento dos centros de educación primaria.

Creo que vostedes tamén apoian isto —polo menos é o que din— e espero que esta moción saia aprobada por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Imos apoiar esta iniciativa, aínda que tamén o faremos dunha maneira crítica, cun si crítico, porque, efectivamente, hai dez anos xa que se asinou o Pacto local, que era froito de boas intencións, de mellorar a situación dos concellos, pero realmente o balance nestes anos é modesto; hai moitos incumprimentos nos prazos e nos acordos alí establecidos. E eu creo que hai responsabilidades compartidas, máis desde logo por parte do Partido Popular, porque leva gobernando máis tempo ao longo destes dez anos, a maior parte do tempo, e porque, ademais, foi tamén corresponsable de moitos cambios lexislativos que modificaron as regras de xogo e prexudicaron gravemente a capacidade de actuación dos concellos para dar resposta ás necesidades da poboación.

E refírome fundamentalmente ao cambio de modelo de financiamento autonómico. En primeiro lugar, no ano 2009, que prexudicou os concellos. Tamén, desde logo, a modificación do artigo 135 da Constitución, que é unha cuestión recorrente que sae aquí, pero a realidade é que se puxeron de acordo o Partido Popular e o Partido Socialista para facer esta modificación exprés, que tivo moitísimas consecuencias negativas, entre elas a imposición dunhas condicións aos concellos, por exemplo, de estabilidade orzamentaria e de control do déficit público e tamén de priorización do pagamento da débeda cos excedentes —digamos—, co superávit da xestión municipal.

E tamén despois, máis tarde, neste caso responsabilidade do Partido Popular, a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local no ano 2013, que tamén impón un marco moi férreo e ríxido en materia de gasto público, de endebedamento e de contratación de persoal, polo tanto estrangulando dalgunha maneira a capacidade dos concellos para actuar en todos estes ámbitos, polo tanto modificando as competencias da Administración local e chegando a unha situación actual de confusiónismo e de mestura de competencias que están compartidas entre distintas administracións.

Efectivamente, creouse a Comisión Galega de Cooperación Local, pero os resultados podemos dicir que son pobres, que hai moitas cuestións pendentes en materia de competencias e tamén sobre todo en materia de financiamento. Creouse, xa hai oito anos, un grupo de traballo sobre financiamento local, que non deu ningún froito. E tamén está sen resolver aínda a cuestión dos custos de mantemento dos centros educativos de ensino infantil e primaria e tamén dos centros de saúde. E tamén se creou, por exemplo, unha Comisión técnica para o estudo do ciclo da auga e se anunciou un pacto local da auga, que tamén non chegou aínda a ningún resultado práctico. Por non falar tamén do Fondo de Cooperación Local, que aínda ten moitas demandas pendentes por parte dos concellos que están sen atender.

Polo tanto, nós entendemos que este debate hai que enmarcalo nunha cuestión que é absolutamente clave para actuar no ámbito da Administración local, que é a do financiamento. Temos que rematar con este modelo de financiamento local, que é moi discriminatorio e inxusto para os concellos galegos. Recentemente a Fegamp fixo un estudo con base nos resultados a respecto da participación nos ingresos do Estado entre 2004 e 2015 —é dicir, ao longo de once anos—, que revela un resultado negativo para Galiza de 1.400 millóns de euros, 1.400 millóns de euros menos dos concellos galegos ao longo de dez anos, o cal é moi grave.

O actual modelo prima a poboación, beneficia os concellos de máis de 500.000 habitantes. E hai casos absolutamente sangrantes, como, por exemplo, a comparación entre os ingresos que ten o Concello de Zaragoza, que son 12,6 millóns máis que os sete principais concellos galegos xuntos, que teñen 324.00 habitantes máis que Zaragoza. Polo tanto, é absolutamente insostible esta situación, hai que acabar con ela; ten que haber, desde logo, un pacto para acabar con ela. Ese é o principal Pacto local que temos que abordar, que temos que aprobar, que temos que impulsar: acabar con esta inxustiza, con esta discriminación para os concellos galegos.

Polo tanto, aprobar novos criterios de financiamento baseados na dispersión poboacional, na extensión territorial e tamén tendo en conta o envellecemento poboacional de Galiza. E,

polo tanto, temos que resolver esas cuestións pendentes, que son moitas aínda, do Pacto local asinado en 2006, pero temos que avanzar na negociación e no impulso dun novo Pacto local que dea resposta a eses retos, a esas demandas e a esas necesidades que teñen os nosos concellos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, racanéanos os cinco minutos do paro de mañá, onde pedimos media hora para o paro feminino, e hoxe fálase de parar para ver un partido de fútbol. Nós cremos que a prioridade da actividade parlamentaria non pode quedar subordinada...

O señor PRESIDENTE: Non, pero aí confúndese, que eu non falei de parar, ¡eh!, en ningún momento, ¡eh! Perdoe, pero eu non falei de parar. Baixo ningún concepto. A orde do día mantense.

O señor VILLARES NAVEIRA: Sendo así, non haberá ningún problema en facer a media hora de paro mañá. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Prosiga, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moi ben. Non, se aquí só se pode falar do que vostedes din. *(Murmurios.)*

O PP está empeñado en dismantelar non soamente a democracia senón o país no seu conxunto, en todos os niveis, tamén a nivel municipal. Por iso sacaron adiante a Lei Montoro, a Lei 27/2013, que quixo deformar ata o grotesco a configuración da autonomía local, impondo un modelo ideolóxico recentralizador absolutamente das competencias e da capacidade que tiña dentro do ámbito da autonomía local cada un dos concellos do noso país, reducindo tamén as súas competencias e obrigando a unha serie de disciplinas de carácter financeiro que non tiñan por que asumir os concellos, porque non eran os culpables da situación que se lles pretendía imputar, que é destruturante da prestación de servizos de carácter esencial que tiñan atribuídos os concellos do noso país en relación co conxunto da poboación, algúns deles de carácter básico, e, en terceiro lugar, negador da diversidade política e ideolóxica que existe en cada un dos concellos, nos que non en todos goberna, afortunadamente, o Partido Popular.

Isto impediú, por medio desta lei, organizar adecuadamente a prestación de servizos no ámbito público mediante formas xurídicas de carácter público fronte á súa teimuda lea de privatizar todo o que teña que ver coa prestación dos servizos, para poder así facer negocio, impondo, polo tanto, un modelo neoliberal e privatizador na xestión dos servizos públicos. E todo isto a pesar de que esta mesma semana coñecemos que o Consello de Contas dixo que a privatización dos servizos de mantemento do Sergas non supuxo un aforro significativo e ademais supuxo un empeoramento notorio da calidade do servizo.

Polo tanto, un sistema que, levado ao ámbito municipal, trouxo tamén este carácter desastroso na xestión do servizo público. E que vemos que as institucións de carácter independente —polo menos mentres non fagan o mesmo que co Consello Consultivo de Galicia— seguen dicindo, polo tanto —que non é a Marea—, que a privatización de servizos públicos e a privación da esfera do público da xestión dos servizos públicos non está sendo eficaz para cumprir cos obxectivos constitucionais previstos neste caso tamén para os concellos.

En ordenación do territorio, tamén vinculado ao ámbito municipal, a súa incapacidade de pensar en clave de país levounos a propoñer disparates xurídico-administrativos, como foi o caso da fusión de Cotobade e Cerdedo, unha vergoña técnico-política que non resiste a máis mínima crítica. En primeiro lugar, desde o punto de vista xeográfico e socioeconómico, pois pertencen a comarcas diferentes e supoñen a vulneración incluso dos anexos previstos na Lei 6/1997, de desenvolvemento comarcal de Galicia, sen que existise unha previsión concreta sobre se ían modificar a Lei de comarcas de Galicia para adaptarse á fusión, a esta fusión ocorrente, ou se, pola contra, ían rectificar posteriormente esta decisión que unicamente traía como finalidade crear unha cortina de fume ante nada que traer no debate sobre o estado da nación.

Pero, desde o punto de vista da organización xudicial, tamén tiveron a ocorrencia de facer esta fusión a pesar de que se atopaban en partidos xudiciais diferentes, sen que estivese prevista na memoria da fusión tampouco unha modificación da planta de demarcación xudicial. Supoñemos que isto os levará a pedir o reforzamento dos xulgados de Pontevedra ou dos da Estrada.

Tampouco existe unha previsión na redimensión dos servizos sociais a nivel comarcal para artellar o territorio. E, por suposto, nada temos á man nin á vista sobre o novo modelo de financiamento local para Galicia que teña en conta —como tamén se dixo agora nesta tribuna— criterios endóxeos galegos que nos permitan ter un mellor financiamento para atender as necesidades e os requirimentos legais que temos asumidos por lei e no marco estatutario.

Ben, por iso nós apoiaremos. Parécenos un marco insuficiente pero parécenos necesario apoiar a moción para o cumprimento do Pacto local de 2006. Cómpre o desenvolvemento pleno do marco local, cómpre concretamente en relación co financiamento. Pero ante a asfixia á que se someteu os concellos para a prestación das finalidades que viñan establecidas constitucional e estatutariamente tanto en relación co mantemento dos centros de saúde como dos centros de educación primaria, entendemos que é fundamental ademais, porque os concellos cumpren unha función fundamental de prestación de servizos públicos, moitos deles de carácter fundamental, o exercicio das funcións de xustiza social, de redistribución de renda e riqueza, de políticas sociais, que durante estes anos de crise lle foron negadas á cidadanía, e que tiveron que acceder a moitos concellos do noso país as Mareas e os gobernos do cambio para poder prestar servizos sociais fundamentais, realización de dereitos fundamentais que estaba negando tanto a Comunidade Autónoma como o conxunto do Estado. E fixérono a partir de 2015, a pesar da ausencia de medios de carácter material e incluso imposibilidades de carácter persoal a que os someteron coa Lei 27/2013.

Por iso nós apoiaremos este Pacto local, este desenvolvemento do pacto mediante todas as medidas, particularmente as relativas ao financiamento. E consideramos, aínda así, que é insuficiente, porque existe unha realidade social que é necesario hoxe en día atender desde os concellos, porque as administracións que teñen as competencias atribuídas dende o marco nacional non o fan adecuadamente, pretendendo esmagar unha vez máis os dereitos das maiorías sociais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Convén aclarar que as previsións da orde do día se manteñen tal como lles comuniquei onte a todos os portavoces. Polo tanto, isto quero deixalo claro; a broma é a broma, pero o serio é o serio. Estase mantendo a orde do día.

Ten agora o turno a deputada do Grupo Parlamentario Popular señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular seguimos agardando as desculpas da señora Santos polas calumnias vertidas contra...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...compañeiros do noso partido *(Aplausos.)* nas redes sociais chamándolles nin máis nin menos que asasinados de mulleres.

Señor Villares, perdeu vostede unha oportunidade magnífica de pedir desculpas no nome do seu grupo. Supoño que o seu silencio non irá acompañado dun apoio cómplice ás verbas da súa compañeira no tuit desafortunado desta fin de semana.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Prado, á cuestión.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

Estamos debatendo hoxe unha moción como consecuencia dunha interpelación en relación cunha serie de preguntas que se lle fixeron ao conselleiro da Presidencia en relación co Pacto local asinado, como dicía a señora Martínez, no ano 2006 —hai dez anos, señora Martínez—, un pacto que supuxo un achegamento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡ah!, perdón; pois perdón, señora Rodríguez— de posturas tanto do ámbito municipal como do ámbito autonómico.

E naquel momento pois había dous partidos gobernando as diferentes institucións. Na Xunta de Galicia estaba gobernando o Partido Socialista, e vostede reivindicou a paternidade da sinatura do Pacto o Pleno pasado para o señor Touriño, e tamén recoñeceu que na Fegamp estaba como presidente un popular, que era o alcalde de Lalín, o señor Crespo. Eu non vou

reivindicar a paternidade para ningún dos dous, senón que vou poñer en valor que houbera un consenso por poñer enriba da mesa o financiamento de servizos importantes e fundamentais para os concellos galegos. Pero o que si é certo é que o que fixo o Partido Socialista, ou neste caso o Bipartito —¡falemos do Bipartito!, porque alguén botaba de menos que se falara do Bipartito—, naquel momento foi materializar unha sinatura. Pero, señora Rodríguez, no Pacto levábanse anos traballando nel, porque, claro, como vostede pode imaxinar, pois nuns meses que levaban vostedes no Goberno non se fixo e non se materializou todo o Pacto.

O que si é que durante o Goberno bipartito non fixeron practicamente nada, porque o Pacto non só hai que asinalo, señora Rodríguez: o Pacto hai que dotalo de orzamento e o Pacto hai que poñelo en marcha. E en todas as cuestións que está pedindo vostede agora pois neses tres anos que tiveron de Goberno bipartito non fixeron absolutamente nada, nin nos centros de saúde nin nos centros de ensino. De feito, o Partido Popular reclamou naquel momento ao Goberno bipartito que cumprira o Pacto local. E no ano 2009, cando entra o Partido Popular na Xunta de Galicia, quedaba sen cumprir o 85 % do Pacto local. E vostede sabe ben do que lle falo, porque vostede era responsable daquela materia.

E se no momento de maior bonanza económica en Galicia vostedes non fixeron absolutamente nada, agora véñenlle dicir ao Partido Popular que en plena época de crise fixera máis do que fixeron vostedes. E fixemos máis, señora Rodríguez, porque, mire, vostede facía referencia ao Fondo de Cooperación Local —80 millóns dixo vostede—. Eu sumei 80 millóns máis os 39 que foron incrementando desde o ano 2005, pois 80 máis 39 son 119. ¿Sabe cal é o orzamento para este ano do Fondo de Cooperación Local? 119,8. ¡Ah!, podía dicir vostede: claro, pero é que non subiron nada. Pero é que vostede sabe como se calcula o Fondo, e o Fondo calcúlase con base nunha porcentaxe de orzamento da Xunta. E, como vostede ben sabe, nestes anos o orzamento da Xunta mermou os seus ingresos. E se seguirmos a rajatabla as pautas para poñer o Fondo, hoxe tiña que ter 25 millóns de euros menos. E a Xunta non só non asfixiou os concellos senón que garantiu eses 119 millóns de euros, e este ano o Fondo sobe por riba do resto do orzamento da Xunta. Por tanto, creo que o compromiso é fundamental.

Pero é que, ademais, hai máis fontes novas de financiamento —e vostede sábeo—, como é o Fondo de Compensación Ambiental, con 77 millóns de euros máis, para cofinanciar proxectos de carácter medioambiental, co aproveitamento eléctrico da enerxía eólica. E avanzouse en moitísimas cousas —non teño moito tempo—, pero, como vostede sabe, no grupo de emerxencias supramunicipais, na xustiza de paz e asumindo xestións de centros de saúde. Preguntaba vostede cantos; pois 110, señora Rodríguez. E nos centros de ensino hai 6,85 millóns de euros cada ano para manter a calefacción ou a limpeza dos centros de ensino.

Mire, nós, se facilitan a votación por puntos, estaríamos dispostos a apoiar o primeiro punto da súa proposta e que se convoque a Comisión Galega de Cooperación Local de Galicia para estudar o desenvolvemento do Pacto local.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

En canto ao representante do BNG, cando di un si crítico polo incumprimento dos prazos, nós estamos totalmente de acordo, pero é que nós non somos culpables. Por iso presentamos unha interpelación e agora unha moción.

Nós, a pesar do que mantén o Partido Popular, en seis meses, asinamos o Pacto local. E é verdade que vostedes viñan traballando, pero é que, mire, ás veces é un pouco aburrido, pero se quere vólvolle ler o relatorio: desde o ano 1993, papeis, creación, comisión, traspaso, leis, reformas, non sei que, pero en realidade nada, nada, nada de nada. E no ano 2001 o que tiñan asignado do Fondo de Cooperación Local eran 32.652.890 euros, e nós, o Bipartito, en tres anos, o crecemento foi de practicamente corenta millóns de euros. Polo tanto, non pode dicir que non había pasta, que non había consignación orzamentaria. Aquí está. *(Aplausos.)* Non, non, pero é que a de agora non é a mesma.

Eu non sei moi ben como fai vostede as contas. Pero a contía provisional do ano 2016 é de 112.972.805 do fondo principal. Si, señora Paula Prado; si, señora. E o que quero dicir é que son 7 millóns de euros menos que no ano 2008. ¡Home!, pois estes son datos que nos pasa a Fegamp; polo tanto, a Fegamp tamén debe ter os datos errados. Creo que non estou de acordo.

De todas formas, é verdade que vostede me di que non nos pode dar... Non, non está na Lei de orzamentos. Esa é a contía que está na Lei de orzamentos. Polo tanto, rebato, sigo dicindo... Si, pero é que hai dous millóns e medio que vostedes non dedican ao Fondo de Cooperación Local. Non, non, non, vostedes ese fondo dedícanlo a esas fusións voluntarias deses catro concellos.

No caso de En Marea, que nos dicía que é un acordo insuficiente, nós tamén estamos totalmente de acordo en que é insuficiente, pero insistimos en que é necesario asumir definitivamente estas competencias para poder seguir pactando acordos para a cidadanía e para os concellos do ano 2017.

A verdade é que vostedes non queren nunca ningún acordo. Fálame de paternidade. Mire, a min dáme igual que sexa paternidade, maternidade ou todo o conxunto, dáme exactamente o mesmo. Eu o único que sei é que a realidade, os feitos son que durante vinte anos vós facedes que facedes, é dicir, non facedes nada, lavades a cara, aprobades acordos, e no papel está todo moi ben, pero non se ten materializado na realidade. E nós, en seis meses, collemos, asinamos —e non nos importa con que sexa un presidente da Fegamp do Partido Popular, dámos exactamente igual, porque nós si temos outra forma de gobernar—, aportamos cartos para o Fondo de Cooperación Local, para todos os concellos, *(Aplausos.)* para todos os concellos galegos. Pregúntelles aos seus tamén, pregúntelle, seguro que lle contestan exactamente igual.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Despois dicíame que incrementaron o Fondo de Compensación Eólico e algún máis que non lle acorda. É bastante curioso que non lle acorde, é que non o hai. Porque en todas as partidas —Si.— o único que fan é poñer subvencións en concorrencia non competitiva, para que cheguen antes os seus e leven as subvencións, ou subprimilas... Si, si, ou facer convenios nominativos... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...Polo tanto, traian datos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...traian datos, traian datos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Eu tiña a esperanza de que realmente aprobaran esta moción, porque non se pide nada máis e nada menos que o que está demandando a Fegamp e o conselleiro, e que o propio presidente da Xunta se comprometeu para aprobar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Procedemos a votar as mocións.

Comezamos, en primeiro lugar, coa Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor Torrado Quintela.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e prodúcese unha transacción incorporando un novo punto. Se nos quere ler esa transacción.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, señor presidente.

Na transacción inclúese a maiores dos seis puntos da moción un sétimo, que di: «Promover nas institucións que os distintos axentes participantes no eido deportivo atendan de maneira especial as posibles violencias producidas por motivos de racismo, machismo e/ou ataques á identidade sexual das persoas.»

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Votamos, polo tanto, esta moción coa emenda que se acaba de incorporar.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a Moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da señora Rodríguez Rumbo.

A deputada do Grupo Parlamentario Popular pediu a votación por puntos. ¿Non a acepta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, votamos tal e como está redactada a moción.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do Pacto local.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto cuarto da orde do día, comunicar unha alteración no desenvolvemento do pleno de mañá, que é que a pregunta ao Goberno que figura en primeiro lugar será substanciada logo das preguntas ao presidente.

Pasamos a debater agora as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Montserrat Prado Cores.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a epígrafe do punto 2 e mais a letra a) do texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«2.- A defensa dun marco de relacións laborais debe conlevar:

a) Que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior teñan prevalencia sobre o convenio da empresa.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

O vindeiro venres é 10 de marzo e é o día en que conmemoramos o Día da Clase Obreira Galega. A conmemoración do 10 de marzo é unha data de referencia da loita da clase obreira galega, que no ano 1972 deu un exemplo de loita, especialmente en Ferrol e Vigo, contra a ditadura e contra as súas políticas laborais e represivas. Ese 10 de marzo do ano 1972, dous obreiros, Daniel e Amador, foron mortos en Ferrol a mans da policía fascista no marco das loitas obreiras que se estaban a desenvolver en Galicia. Loita para ter dereito a negociar un convenio en Galiza, para mellorar os salarios, para reducir a xornada de traballo de seis días á semana. Unha loita que rematou cunha represión que custou dúas vidas obreiras, ducias de feridos e centos de persoas detidas.

O que representan Amador e Daniel, a súa loita, segue vixente agora. Corenta e cinco anos despois, a clase obreira galega seguimos a loitar practicamente polas mesmas cousas. As reivindicacións polas que foron asasinados seguen plenamente vixentes, seguen sendo actuais corenta e cinco anos despois. Amador e Daniel foron asasinados por defender os dereitos laborais, as liberdades e por loitar por un convenio propio.

No 1972 había unha ditadura do capital executada por unha ditadura fascista, e agora segue a haber unha ditadura do capital executada por unha democracia deturpada, por unha democracia formal. Hoxe vivimos nunha outra ditadura: a dos máis ricos, dos capitalistas, da banca, das grandes empresas, dos que defraudan 80.000 millóns de euros a través de filiais, de paraísos fiscais, e vivimos nesa ditadura onde cen fortunas no Estado español representan o 19 % do PIB, cando oito millóns de pensionistas no Estado español só representan o 12 %.

E os galegos e galegas necesitamos neste marco decidir por nós mesmos e por nós mesmas o noso futuro; ter a soberanía sobre o que nos é vital para unha vida digna; defender os nosos intereses como nación, fronte a un Estado español e unha Unión Europea que, dende logo, non contan con nós máis alá de facer todos os espolios dos que son capaces e de seguir a usarnos como man de obra barata.

Por esa razón, hoxe o BNG presenta no pleno máis cercano a este 10 de marzo esta proposición non de lei, que o que demanda é un marco galego de relacións laborais, demanda que

este Parlamento adopte a resolución de declarar a vontade de traballar cara á consecución dun marco galego de relacións laborais.

Esta iniciativa foinos trasladada tal cal pola Confederación Intersindical Galega, pola CIG, e o que fago eu en nome do Bloque Nacionalista Galego é a defensa literal da súa parte resolutiva, porque, dende logo, consideramos que este Parlamento é importante que asuma un papel activo na reivindicación e asunción das competencias precisas para un desenvolvemento económico e social de Galiza, un desenvolvemento económico e social propio e aut centrado. Dende logo, cremos importante que este Parlamento declare a necesidade de ter un marco propio de relacións laborais, que declare a vontade de defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais, onde os convenios sectoriais, provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior aos de empresa teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresas senón tamén sobre os convenios estatais.

Igualmente, os acordos sobre as materias concretas. Os acordos de estrutura a nivel de Galicia deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características, que reforcen a garantía da ultraactividade limitada do convenio colectivo. Os convenios sectoriais deben ter a consideración de dereito básico, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia, e deben contribuír a favorecer e a facer viable esta situación.

Facémolo porque temos moi claro —como dixen antes— que o noso futuro non pode estar en mans nin do Banco Central Europeo, nin do Fondo Monetario Internacional, nin da Comisión Europea, senón que temos que autorresponsabilizarnos do noso futuro e temos que ese futuro poder decidilo os galegos e as galegas. E demandamos nesta proposición non de lei que o Parlamento, como máxima expresión de soberanía do pobo galego, faga esta proclama de defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais.

Dende logo, o que pretende o BNG con esta iniciativa é superar unha realidade na que tomemos os ítems que queiramos tomar, calquera referencia comparada de Galicia coa media do Estado, a nivel de mercado laboral, no que se refire a salarios, a precariedade, a tensións, a sinistralidade, a emprego, a emigración, en todos e cada un deles a relación é negativa para Galiza, e pon de manifesto a evidencia de que hai factores estruturais que é necesario mudar.

Demandamos tamén nesta iniciativa que a negociación colectiva, como instrumento ao servizo fundamentalmente da clase traballadora, que foi dinamitada a través das diferentes reformas laborais, pois que volva ter o peso que sempre debeu ter. A negociación colectiva non é outra cousa que un acordo entre partes, un acordo entre a patronal e os traballadores e traballadoras para evitar, por un lado, a conflitividade, pero tamén como un instrumento para dar certo grao de protección á parte máis débil nesa relación laboral. E a parte máis débil nesa relación laboral é a clase traballadora. As diferentes reformas laborais —como dixen— o que fixeron foi dinamitala, deixar os traballadores e traballadoras, dende logo, nunha situación de tremenda desprotección e debilidade. Por iso, dentro da parte resolutiva desta iniciativa, o que demandamos é que se cambie esa situación.

En suma, o que fixo esa forma laboral foi deixar a clase traballadora desprotexida. De feito, ¿cal é o mecanismo de defensa que lle queda a un traballador ou traballadora no marco da

súa empresa nunha situación de total soidade para defender os seus dereitos laborais? Pois, realmente, practicamente ningunha.

Demandamos tamén un marco de relacións laborais onde os convenios se negocien aquí, en Galiza. É preciso que os convenios se negocien aquí no noso país, porque encontrámonos diante de situacións, por exemplo, convenios como os de químicas, onde están incluídas actividades como pinturas, plásticos, gomas e ao mesmo tempo está o sector auxiliar da automoción en Galiza. Non ten sentido que estean nese mesmo convenio e que ademais ese convenio sexa un convenio de ámbito estatal. Podemos falar do convenio do sector do téxtil, onde están no mesmo convenio as persoas que están nun pequeno taller de costura ou unha empresa que faga asentos de coches para Citroën. Dende logo, as necesidades, os problemas non teñen nada que ver uns cos outros e é preciso un convenio propio aquí en Galiza.

Ou podemos falar do caso paradigmático do sector da conserva. ¿Como a estas alturas lle cabe na cabeza a alguén que sexa un convenio de ámbito estatal o convenio da conserva, cando están en Galiza o 70 % ou o 80 % dos traballadores, fundamentalmente das traballadoras están en Galiza, e que sexa un convenio que se negocie en Madrid, onde a maioría das veces non saben case onde queda sequera o mar nin cal é o problema da conserva de Galiza?

Dende logo, son cousas nas que é preciso facer modificacións lexislativas, como as que estamos demandando nesta iniciativa, para que se cambien. E é necesario que sexan os convenios negociados en Galiza, para reverter as modificacións introducidas coas reformas laborais, para modificar a situación de que a ultraactividade só teña vixencia dun ano. Pois se antes eran os traballadores e traballadoras os que denunciaban os convenios para poder negociar convenios novos e poder introducir melloras, resulta que con esta modificación agora son os propios empresarios os que denuncian o convenio. Pasado un ano, resulta que se fai contador a cero e hai que empezar a negociar un novo convenio onde o adquirido anteriormente desapareceu do mapa; hai que partir de cero. Dende logo, consideramos no BNG que este non é o escenario idóneo para a clase traballadora de Galiza.

Polo tanto, con esta iniciativa o que dicimos é que este Parlamento non pode ser unha correa de transmisión do que decidan en Madrid ou do que decidan en Bruxelas, o que pedimos e demandamos con esta iniciativa é que nos autorresponsabilicemos e de que Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sexa quen tome as decisións. O que pedimos é que o Parlamento galego, o Goberno galego, os traballadores e traballadoras galegas teñan instrumentos para impulsar un marco galego que permita salarios dignos, que permita unhas relacións laborais que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sexan diametralmente opostas ás que existen neste momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do grupo emendante, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Esta proposición non de lei presentada polo BNG creo que é ben acaída, dado que esta mañá falabamos en política social de riqueza, que mañá imos falar de igualdade da muller, de igualdade tamén no ámbito laboral, porque eu creo que convén sempre que teñamos a oportunidade facer balance, neste caso precisamente do que foi a reforma laboral do Partido Popular neste período 2011-2016. E para iso voume limitar a recoller tres magnitudes de datos estatísticos oficiais —de Eurostat, do INE e da EPA— para visualizar unha vez máis, porque se non vivimos nun espellismo permanente, cal é a realidade do mercado laboral e cal é a realidade do emprego tras estes últimos cinco anos de reforma laboral:

Unha primeira magnitude: horas traballadas e número de persoas asalariadas, é dicir, creación de emprego. Mentres as persoas na Unión Europea creceron nunha magnitude de 3,3, en España esta magnitude decreceu 2,5. Mentres as horas traballadas na Unión Europea creceron 2,5, en España estas horas reducíronse 3,4. España é, en datos Eurostat, o antepenúltimo Estado da Unión Europea en creación de traballo, unicamente superado por Chipre e por Grecia.

Segunda magnitude: variación e distribución das rendas, é dicir, distribución da riqueza en España. A remuneración dos asalariados neste período retrocedeu en 12.300 millóns de euros, 2,3 de minoración, mentres os excedentes empresariais incrementaron en 17.500 millóns, é dicir, un crecemento de case o 4 %, cando na zona euro o crecemento salarial sempre está sendo superior ao excedente empresarial. Resulta así que España na zona euro é o quinto país onde se produce un maior transvasamento de rendas de asalariados ao excedente empresarial.

E terceira magnitude: horas habituais traballadas e persoas empregadas, é dicir, calidade de emprego en España. A tempo completo temos unha redución durante este período 2011-2016 dun 3,6 %, mentres que os traballos a tempo parcial creceron en número de persoas ocupadas un 14,2 %; é dicir, por cada hora de perda de emprego temporal perdéronse 304 horas de carácter estable. O aumento das persoas con xornada a tempo parcial e a diminución de quen traballa a tempo completo xeran precisamente este espellismo de recuperación do mercado laboral.

Máis datos: arredor de tres millóns de españois deixaron a clase media. Medimos clase media polo grupo de fogares cuxos ingresos están entre o 75 % e o 200 % da renda mediana, para ingresar precisamente nas clases baixas. E catro de cada dez persoas viven nunha situación de pobreza, falta de oportunidades e exclusión social moi grave.

Algúns datos máis: a brecha de xénero, da que de forma intensa se falará nas intervencións de mañá, da participación da muller no mercado laboral, é de dez puntos de diferenza co

home; tres de cada catro persoas a xornada parcial son mulleres. Elas unicamente ocupan un de cada catro postos directivos ou de xerencia. E negámonos a falar de cotas. Segundo os datos de 2015 da Axencia Tributaria, o salario medio anual das mulleres era nun 22 % inferior ao dos homes, e un 36 % das asalariadas non superaban o salario mínimo interprofesional. En 2015 o 22,48 % das mulleres galegas estaban en risco de pobreza ou exclusión social, fronte ao 21 % de 2014, é dicir, que segue crescendo este indicador.

Algún outro dato importante para enmarcar a nosa posición nesta proposición non de lei é o custo salarial máis baixo, é que Galicia ten o custo salarial máis baixo por comunidades autónomas, só por riba ten a Castela-A Mancha, Canarias e Estremadura. O noso custo salarial en termos mensuais é de 1.596,18 euros. A isto podémolle chamar competitividade e produtividade ou devaluación.

Nós neste sentido, e para posicionarnos e xustificar a nosa emenda ao grupo proponente, entendemos que un marco laboral superior como o do Estado, un marco europeo ou un marco supranacional sempre presenta características de máis fortaleza e capacidade de negociación dos traballadores e dos axentes sociais. Compartimos claramente que a lexislación laboral sexa competencia básica estatal desde unha perspectiva social e de solidariedade entre todos os traballadores e os axentes sociais de todo o Estado. Entendemos que na competencia de execución da lexislación básica estatal que corresponde a Galicia se pode artellar perfectamente un marco propio de relacións laborais na nosa comunidade autónoma desenvolvendo as potencialidades e sinerxías propias, mais sen esquecer os marcos normativos e convencionais superiores, que poden aportar condicións máis beneficiosas, resultantes de máis capacidades de negociación por parte dos axentes sociais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Neste sentido —si, señor presidente— temos que reivindicar unha vez máis o acordo polo emprego acadado polo presidente Pérez Touriño cos empresarios e os sindicatos en 2007, que precisamente recollía as bases para unha negociación colectiva en Galicia. Por iso o sentido da nosa emenda é que, evidentemente, os convenios sectoriais provinciais e autonómicos ou doutro nivel superior teñan prevalencia sobre os convenios de empresa, pero limitar ese punto nese sentido. Por iso nós solicitaríamos neste aspecto, se por parte do grupo proponente o teñen a ben, a votación diferenciada deste apartado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

Pareceume moi oportuna a referencia da deputada do BNG ao 10 de marzo, á loita dos traballadores e traballadoras de Ferrol. O 3 de marzo tamén, en Vitoria, foron asasinados cinco traballadores cando era ministro do Interior o que era o ministro do Interior.

E para aqueles que contan a película de que a democracia veu a España por unha concesión divina, a loita dos traballadores e das traballadoras, as mortes, os asasinatos de Vitoria ou de Ferrol demostran que non, que foi o esforzo teimudo da clase traballadora o que fixo que o ditador morrera na cama pero que a ditadura morrera na rúa. *(Aplausos.)* E eu como son do mesmo sindicato que Amador Rey e Daniel Niebla pois tamén dende esta tribuna, diante do 10 de marzo, quero falar e dar os seus nomes aquí, porque eses son os heroes que construíron a democracia neste país. *(Aplausos.)*

Non vou eludir o tema que plantexa o BNG nin mesmo a parte na que existe certa diferenza. Nós estamos a favor do marco galego de relacións laborais; creo que o conxunto dos traballadores e traballadoras do país están nese proceso. Ese marco é un proceso en construción. O Consello Galego de Relacións Laborais é un marco galego de relacións laborais, o Consello Económico e Social éo, a negociación colectiva que se realiza en Galicia éo, e de feito a maioría dos traballadores e traballadoras asalariadas do noso país teñen as súas condicións de traballo reguladas nun convenio provincial negociado nas catro provincias do noso país. Agora ben, o marco galego vai coexistir sempre, ou polo menos mentres non mude a estrutura do Estado, cun marco estatal, porque a lexislación estatal sobre o mercado de traballo, sobre a negociación colectiva, é unha competencia do Estado. Polo tanto, ten que haber un marco galego de relacións laborais, pero vai haber un marco estatal. É nese sentido onde temos que enfrontar os problemas que hai aí.

O último cambio —e a proposición do BNG recólleo ben— que hai na normativa laboral sobre convenios colectivos é a reforma laboral do ano 2012. Esa reforma ten un efecto demoledor sobre os salarios, porque utiliza unha técnica que é cambiar a prevalencia dos convenios colectivos. Antes un convenio colectivo sectorial non podía ser substituído por un convenio colectivo de empresa que baixara os salarios ou aumentara a xornada. O convenio do sector marcaba o mínimo e a partir de aí se unha empresa quería negociar no metal ou no téxtil, porque era moi grande, pois negociaba un convenio de empresa, pero sempre superando o convenio do sector, porque a prevalencia era o convenio do sector. Fátima Báñez cargouse ese modelo. E estao utilizando, porque no último concurso público do Ministerio de Emprego gañou unha compañía, Sinergias de Vigilancia y Seguridad, que se presentou ao concurso, e por iso o gañou, coa oferta máis barata de todas. ¿Por que? Porque o salario dun vixilante de seguridade ata o concurso anterior era de 1.100 euros ao mes, e Sinergias, que ten un convenio colectivo que rompe o convenio provincial, lles paga o salario mínimo interprofesional, de 1.100 euros a 700 euros. Iso é para o que serve cambiar a prevalencia dos convenios. Se o convenio da empresa está por riba do convenio do sector, as empresas poden reducir ao salario mínimo interprofesional, e as normas básicas do estatuto dos traballadores, os dereitos dos traballadores e das traballadoras acumulados. Para iso tamén se eliminou a ultraactividade en anos de loita.

E, nese sentido, vou dicilo: nós estamos a favor de que os convenios galegos teñan prevalencia e estean por riba dos convenios estatais. Estamos a favor diso, porque nos parece que iso é positivo. Pero para perfeccionar a proposta do BNG creo que habería que dicir, habería que matizalo dicindo que cando os convenios negociados en Galicia estean por riba do pactado no convenio estatal.

Eu non teño dúbidas de que un convenio asinado pola CIG, por Comisións Obreiras e por UXT nunca negociará por debaixo dun convenio estatal, pero si teño unhas enormes dúbidas de que un convenio, por exemplo, de grandes superficies comerciais, onde existen sindicatos amarelos patrocinados pola patronal, poida negociar un convenio colectivo por debaixo do que establece o convenio estatal. E, polo tanto, en uso desa soberanía e dese marco de relacións laborais poden ser utilizados polos inimigos da clase traballadora para devaluar aínda máis as nosas condicións de traballo, que tan ben definiu o compañeiro do Partido Socialista.

Polo tanto, nós apoiaremos a proposta do BNG, ademais porque —como ben explicou— é unha proposta pechada que vén dun sindicato, da CIG, dun dos sindicatos máis representativos do noso país. E nese sentido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...é pouco modificable. Pero pensamos que se perfeccionaría máis esa proposta se se introduce este elemento: marco galego de relacións laborais; convenios galegos con prevalencia sobre o convenio estatal, pero sempre que melloren as condicións do convenio estatal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Supoño que a señora Santos abandonou o seu escano porque xa se deu conta de que ningún membro do seu grupo parlamentario saíu a defender o que o pasado domingo escribiu na súa conta de Twitter. (*Aplausos.*) Díganlle á señora Santos que se lle esgota o tempo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vamos ao asunto, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para pedir desculpas polas calumnias verquidas contra os membros do Partido Popular de Galicia, chamándonos a través das redes sociais asasinados de mulleres.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia ao asunto.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¡Simplemente inadmisible, simplemente intolerable! E a señora Santos, que non está aquí, sábeo. ¿E sabe porque non está aquí? Porque non é capaz de manternos a mirada cando nos diriximos a ela. Por iso non está agora aquí a señora Santos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia ao asunto, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, vemos a súa actitude e a actitude cómplice do señor Villares. Nós imos ter que darlle a razón ao deputado de En Marea...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tellado, vaia ao asunto.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que dicía que ese partido parecía unha patera asquerosa. Aínda están a tempo de pedir desculpas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, perdón. Desculpe un momento, señor Tellado. Desculpe un momento, por favor. Escoiten.

Vaia á cuestión, e, por favor, pídolles ao resto dos deputados que escoiten a quen ten o uso da palabra.

Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: Indo á cuestión, creo que neste tema xa están perfectamente retratados —señor Sánchez, estea tranquilo—, perfectamente retratados.

Indo á cuestión. Seguen criticando as reformas laborais, que son as que permitiron sacar a España da situación de crise económica na que nos meteu o Partido Socialista. Sigán criticando, pero o certo é que hoxe en España crece a economía, hoxe en España se crea emprego, e iso é grazas ás reformas laborais. Primeiro a que aprobou o Partido Socialista, que na iniciativa do BNG é criticada. Vostede calou, o señor da Marea, porque agora non se sabe moi ben onde están, pero foi esa reforma, a do Partido Socialista e a nosa, a que permitiu flexibilizar o mercado laboral no noso país para que o despido fose a última alternativa posible, e conseguímolos. E aí están os datos que demostran que a situación ten mudado.

Señor Díaz Villoslada, fálanos vostede dende o Partido Socialista como se a crise nada tivera que ver con vostede e co seu partido, e vostedes deixaron tres millóns de parados máis cando abandonaron o Goberno de España. Polo tanto, eu pídolle que non recorra a comparar os datos de España e Europa, porque mentres en Europa había países, había gobernos, que adoptaban medidas, vostedes diciánnos que estabamos na *Champions League*, e presentáronse a esas eleccións proponendo o pleno emprego.

Señores do BNG, alégrome de que presenten esta iniciativa porque con ela van desvelando un pouco cal vai ser a súa estratexia de oposición nestes catro anos. No debate de orzamentos presentaron as mesmas emendas que en anos anteriores. Vostedes tiran de arquivo para a súa actividade parlamentaria, a nós parécenos ben. E o certo é que con isto sucede un pouco o mesmo. Vostedes demostran que non pretenden facer nada novo por Galicia, están instalados en posturas antigas. Esta mesma iniciativa xa a debatemos neste pleno, neste Parlamento, hai exactamente un ano, polo tanto, eu creo que vostedes traen iniciativas simplemente para que as votemos en contra. Esa é a vitoria pírrica que presentan. E nós respectamos a súa actitude, a súa estratexia, pero non a compartimos.

Alegrámonos tamén de que presenten esta iniciativa porque van obrigarnos a retractarse ao Partido Socialista e Ás Mareas de Podemos. Van obrigálos a retractarse porque veremos se se fan partícipes das súas propias contradicións, do que fan, do que logo votan e do que defenden.

Vostedes, amosando o seu minifundismo ideolóxico, propoñen que toda a negociación colectiva sexa de ámbito autonómico; unha postura que non defende nin UGT Galicia nin Comisión Obreiras en Galicia. Non o defenden eses sindicatos —maioritarios no conxunto de España, por certo—, co cal veremos que din os representantes do PSdeG-PSOE, e quedan os representantes de Comisións Obreiras diluídos nas Mareas de Podemos, esa é a realidade.

De feito chama a atención as referencias á necesidade de que toda negociación colectiva debe desenvolverse no ámbito galego, xa que precisamente non o quere nin UGT Galicia nin Comisión Obreiras de Galicia, señor da Marea.

Cabe recordar que os dous sindicatos maioritarios, UGT e Comisión Obreiras, asinaron coa CEOE, señor da Marea, hai dous anos un acordo de negociación colectiva. Trátase do Terceiro acordo para o emprego e a negociación colectiva para os anos 2015, 2016 e 2017. Señor Lago, vostede estaba en Comisións Obreiras no momento en que se firmou este acordo, e hoxe pretende apoiar algo que di o contrario dese acordo, que foi publicado no BOE do 20 de xuño de 2015, fixando a estrutura de negociación colectiva en todo o Estado, e o que queren a maioría sindical e empresarial en España e en Galicia. Polo tanto, vostede hoxe vai defender o contrario do que defendía hai dous anos tan só. Paréceme ben, pero fágase pai das súas propias contradicións.

Cómpre recordarlle ao BNG que hai convenios estatais, autonómicos, provinciais e de empresa, e hai unhas normas de repartición das competencias no Estatuto dos traballadores que se deben respectar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Con todo, pódese e débese potenciar o marco galego de relacións laborais, nós estamos de acordo, pero cremos que non é exclusivo, e, polo tanto, non compartimos a súa iniciativa.

Nós acabamos de rexistrar unha proposición non de lei que debateremos en próximos plenos, defendendo que haxa un marco galego de relacións laborais, pero que non sexa excluínte, que non sexa contradictorio, como vostedes pretenden...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque cren que en Galicia empeza e acaba todo. Nós vivimos nun mundo aberto, señores do BNG, e se o que vostedes pretenden é poñer fronteiras, dende logo non contan con nós. Se o que pretenden é mellorar a negociación colectiva, mellorar as condicións dos traballadores de Galicia, si poderán contar con nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Pasáronlle mal os apuntamentos, señor Tellado. Esta iniciativa foi unha das últimas en debaterse antes da disolución da lexislatura. Non foi hai un ano, foi en xuño, en xuño. Pasáronlle mal os apuntamentos, efectivamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non dialoguen, por favor. Escoiten a quen está no uso da palabra.

A señora PRADO CORES: Efectivamente. Pero mire, vostede non pensará nin por un momento que porque o Partido Popular vote en contra de que teñamos un marco galego de relacións laborais, o BNG vai deixar de reivindicar a existencia dun marco galego de relacións laborais. ¡Vamos, é que non lle pode pasar pola cabeza! O BNG vai seguir traendo aquí, efectivamente —cada dez de marzo, se é posible—, que neste Parlamento se debata que hai un día da clase obreira galega. Porque, señor Tellado, eu non son unha desclasada, e no BNG tampouco. Eu pertenzo á clase traballadora galega, e a clase traballadora galega celebra o 10 de marzo o Día da clase obreira galega; así, sen ningún tipo de complexo; outros acompléxanse doutras cousas. Dende logo, no BNG non nos acomplexamos nin de ser galegos nin de representar a clase obreira galega, ¡así de sinxelo!

Esta iniciativa, precisamente, o que demanda é iso, que nos autorresponsabilicemos. Que aquí reside a soberanía do pobo galego, e que esa soberanía do pobo galego se traduza en lexislación para defender os intereses da clase obreira galega e do pobo galego. ¡Que cousa máis rara que o Parlamento de Galiza queira ter instrumentos para actuar en defensa do seu pobo! A verdade é que é psicodélico. ¡Estes do Bloque é que *somos una cosa...*! De verdade, ¡*somos una cosa* que non lle pasa a ninguén pola cabeza! (*Aplausos.*)

A verdade é que deberían ser outros e outras os que tiveran que xustificarse. Como sendo representantes do pobo galego non queren instrumentos para defender o pobo galego. Deberían ser outros os que tiveran que xustificarse e explicarse.

Eu non podo aceptar a emenda do Partido Socialista porque, evidentemente, nós reivindicamos un marco galego, sen estar supeditados a ningún marco estatal nin a ningún marco de Alemaña. Se hai marcos noutros lados, superiores, temos que loitar en Galiza por telos mellores que noutros lados. Pero precisamente o que reivindicamos é que nos autorresponsabilicemos e que nós decidamos aquí cales son as normas coas que queremos rexernos.

Entón, eu insisto en que lamento que este Parlamento hoxe diga que non. Ademais é a unha declaración de vontade así expresada. É unha declaración de vontade de camiñar cara a consecución dun marco galego de relacións laborais en beneficio da clase obreira galega. A verdade é que di moi pouco, cando ao final vaian votar non, dun Parlamento, duns deputados

e dunhas deputadas que se senten moi cómodos no papel de submisión, que se senten moi cómodos e moi cómodas no papel de que decidan noutros lados o que debemos facer aquí, que se senten moi cómodos con que en Madrid decida que marco e en que sitio, como e de que xeito podemos facer as cousas.

Dende logo, no BNG non imos renunciar a traer aquí iniciativas que fagan que este Parlamento demande que sexa autenticamente o sitio onde reside a soberanía do pobo galego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e onde se tomen medidas consonte esa soberanía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Pasamos agora a debater a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscripción dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Como saben todas as súas señorías, cando falamos de ensinanzas artísticas superiores, estamos a referirnos a conservatorios superiores de música, a escolas superiores de arte dramática, escolas de conservación e restauración de bens culturais, conservatorios superiores de danza, escolas superiores de deseño e artes plásticas, é dicir, aos estudos da cultura, da arte e da conservación do patrimonio, que son vitais para o noso país e, dende logo, estratégicas dende o punto de vista económico.

Todas estas ensinanzas están implantadas en Galicia. Todas elas, teño que dicir, cun gran prestixio, pero tamén é certo que todas elas nunha situación crítica, nunha grave situación que veñen denunciando profesores, asociacións de alumnos, asociacións de pais, sindicatos, partidos políticos e asociacións profesionais.

Problemas moi graves que veñen de moi lonxe, que vou tentar resumir e que teñen, señorías, unha solución política e un problema de vontade política, nada máis ca iso. Teñen unha solución académica que depende dunha vontade política, que é o que pido a esta Cámara que teña para poder solucionar o problema destes alumnos e profesores.

Digo que vou resumir moi brevemente cales son os últimos acontecementos que poñen a estas ensinanzas nun problema moi grave.

O Real decreto 1614/2009 establecía a ordenación das ensinanzas artísticas superiores en España, no noso país, e nel se consideraba que as ensinanzas artísticas superiores debían converxer co Espazo Europeo de Educación Superior, e para iso dáballes a capacidade de outorgar o título de grao.

Pero en 2012, despois dunha sentenza do Tribunal Supremo por instancias e reclamacións da Universidade de Granada, eliminouse a posibilidade de que estas institucións puideran dar un título de grao, limitando tan só ás universidades, polo tanto ás facultades tamén, a posibilidade de dar este título.

Ante esta situación —estamos no ano 2012—, a LOMCE intentou dar unha solución e recuperou a antiga denominación de titulación superior: título superior en conservación, título superior en teatro, etc., e afirmouse nun decreto posterior que as escolas superiores e este título superior en arte dramática, en música era equivalente ao grao, era equivalente.

Claro, isto non soluciona en absoluto o problema pola súa ambigüidade, porque este título de equivalente non existe en ningún sitio, tan só existe nun decreto en España, nin sequera é recoñecido —como veremos máis tarde— por institucións deste país. Os países europeos non recoñecen esta equivalencia, porque, realmente, o que estamos é nun limbo legal.

Ademais de nun limbo legal, isto sitúa aos alumnos e aos profesores nunha ordenación, nunha normativa, de ensinanzas secundarias, é dicir, igual que ensinanzas medias. Iso quere dicir que estes alumnos non teñen ningún dos dereitos dos alumnos universitarios: nin becas universitarias nin residencias, e, sobre todo, non poden completar o ciclo de formación, cursando posteriormente o equivalente ao grao, un máster ou un doutorado; non poden chegar nas súas especialidades a cursar esta formación superior.

Os profesores non poden tampouco optar a axudas de investigación. Pero, ademais, como dicía antes, ten un pésimo encaixe en Europa. Están deixando a estes alumnos cun título que non serve en Europa e, polo tanto, con múltiples problemas cando eles queren aumentar e ampliar os seus estudos en universidades ou escolas de música europeas ou americanas ou cando queren ir a unha universidade doutro país. No mellor dos casos teñen que validar o título con todo o que trae de papeleo, de taxas, e, no peor dos casos, cursar de novo boa parte da titulación na universidade onde queren ir.

Este vacío legal, estes problemas que xa levan estando presentes dende o ano 2012 están sendo aproveitados polas universidades privadas. Si, señorías, porque moitas universidades privadas que ven o negocio están implantando títulos de graos universitarios —estes si, ple-

namamente universitarios— en titulacións de ensinanzas artísticas: graos en música, en teatro, en danza etc. E están ofertando estes títulos de grao, loxicamente, previo pago. Por exemplo, na Universidade Europea de Madrid ou na Universidade Alfonso X o Sabio, pódense estudar graos en Interpretación Musical, iso si, por uns 13.000 euros.

Outras universidades están ofertando a convalidación das materias cursadas nas escolas superiores para optar a un grao que eles teñen. E outras escolas privadas están adscribindo os títulos e a escola a universidades estranxeiras. Bueno, isto sen contar —porque isto xa é absolutamente inadmisibile— con que na titulación de Conservación e Restauración de Bens Culturais son as propias universidades públicas as que teñen o grao universitario nesta titulación. E todo isto está levando a unha devaluación total destes títulos superiores, que son equivalentes —pero que non serve a equivalencia— ao grao.

Ante esta situación, creouse a Plataforma Galega para a Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no ano 2012 en Galicia —agora xa é nacional—, que é onde plantexan, loxicamente, primeiro, a defensa dos seus intereses ante estes graves problemas. E, en segundo lugar, a única solución que cremos que é a máis lóxica, a máis fácil e que é a permitida por todas as leis —dende a LOMCE, que no artigo 58.7 di que as administracións educativas autonómicas poden adscribir os centros de ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenios, a outras como a Lei do sistema universitario de Galicia ou a Lei orgánica de universidades— está en pasar un proceso de adscrición destas titulacións e centros ás universidades —por certo, as universidades están tamén de acordo—, para logo ir a un proceso de integración ou quedar nunha adscrición, como pode ser.

Dende logo, primeiro hai que ter en conta unha cousa, estas titulacións en toda Europa, agás en Italia, e en América tamén son universitarias; ou están en facultades universitarias ou son titulacións adscritas ás universidades. Tan só España e Italia mantemos este réxime, que é realmente do século XIX. E digo que é do século XIX porque moitas outras titulacións superiores conseguiron con esforzo, pero conseguírono ademais con moi bo rendemento, entrar na universidade e ser adscritas sen ningún problema. Belas Artes, a primeira, que tivo tamén problemas para entrar, pero entrou cos resultados magníficos que coñecemos.

Pero tamén houbo voces discrepantes, e conseguíse que titulacións como Maxisterio, Enfermería, Educación Física ou Relacións Laborais se integraran na universidade a través de adscrición. Incluso titulacións de Defensa, porque resulta que a Escola Naval de Marín puido ser adscrita á Universidade de Vigo. É dicir, o que é posible para titulacións do Ministerio de Defensa, desenvolvidas polo Ministerio de Defensa, parece que non é posible para as ensinanzas artísticas. Claro, comprenderán, señorías, que isto non ten lóxica.

Máis pronto que tarde vai chegarse a esta solución, porque non hai outra, e porque, ademais, nestes momentos as escolas de ensinanzas artísticas están na posibilidade de facelo. Non se están pedindo privilexios, que conste, e quero deixalo ben claro. Ninguén está pedindo privilexios. Elas teñen que ser adscritas e logo integradas, cumprindo todas as normativas de organización, de cualificación de profesorado e todas as normas que marcan as leis universitarias; todas nese momento poden ser adscritas.

Polo tanto, o que nós pedimos nesta proposición non de lei, intenta ser —créanme— a petición dun consenso de que entre todos logremos arranxar unha situación que está causando moitísimo dano a estudantes da nosa comunidade, a estudantes galegos, que pode arranxarse con vontade política, que pode arranxarse sentándonos todos —e refírome a todos os afectados: universidades, escolas e consellería— nunha mesa de traballo para ver como se desenvolve e en que datas esta adscrición.

Nin sequera damos datas, é unha resolución moi sinxela que pode desbloquear o problema e que pode converternos na primeira comunidade que vai facer o que van terminar facendo todas, porque Madrid vai terminar facendo un tipo de organización e de lexislación deste tipo. Por unha razón, señorías, porque non hai outra resposta a este problema.

E, dende logo, non podo crer que os centros públicos, que a ensinanza pública, non lles dea unha resposta aos problemas destes alumnos, que si lles está dando á universidade e aos centros privados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...—remato—. Polo tanto, é necesario que sexa a educación pública e, neste caso tamén, a vontade política de todos nós, a que arranxe definitivamente este problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos dar o noso apio a esta proposición non de lei do Partido Socialista por recoller unha reivindicación do alumnado e do profesorado das ensinanza artísticas superiores do noso país que compartimos e que xa temos defendido tanto nesta Cámara como no Congreso dos Deputados como en Europa como noutras administracións, como é o Concello de Pontevedra, co caso concerto e paradigmático, por exemplo, da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza.

Pode ser polo minifundismo ideolóxico —que diría o señor Tellado— que temos as forzas da oposición, ou pode ser porque realmente esta é unha cuestión xa absolutamente sangrante que se arrastra desde hai anos e que ninguén, nin na comunidade educativa nin nas forzas da oposición, entende por que non se lle busca unha solución.

A compañeira do Partido Socialista fixo unha exposición sucinta dos detalles desta cuestión, polo que non me estenderei demasiado.

A nivel xeral os centros públicos de ensinanzas artísticas superiores levan tempo demandando algunha vía para a integración no sistema universitario público —público, e quero remarcalo— galego, para que o seu alumnado poida ter unha titulación recoñecida como grao que sexa equiparábel ás titulacións existentes en Europa e así corrixir unha situación de desigualdade que só favorece en última instancia o ensino privado, a desincentivación ou que finalmente hoxe as alumnas escollan outras vías formativas e non unha formación que, ao final, é formación a prol da nosa riqueza cultural como pobo.

Xa comentaba a compañeira que desde 2009, a través do Real decreto 1614, se establecía a ordenanza das ensinanzas artísticas e se abría a porta co Plan Boloña a unha futura integración dentro dos estudos, pero iso nunca chegou, as administracións nunca cumpriron. Sorprendeume que hoxe pola mañá lle escoitei citar ao señor Rey Varela as ensinanzas artísticas, e eu pensei que íamos levar unha sorpresa, que nos ía avanzar, por fin, unha solución e que non íamos ter que debater esta proposición non de lei pola tarde, pero, desafortunadamente, citou as ensinanzas artísticas como quen inclúe un artigo demostrativo ou un artigo indeterminado nunha oración, sen máis dilación.

E destes polvos, estes resultados; temos que a día de hoxe o alumando ten unha titulación superior en vigor no marco do Estado español, pero non a nivel europeo, que non a recoñece de xeito automático, e que, polo tanto, tería que meterse nun proceso de convalidación que suporía un investimento, xa non só de diñeiro, senón tamén de tempo, sen ter asegurado un resultado final, e atopámonos con que numerosas sentenzas do Tribunal Supremo avalaron esta situación de clara discriminación e que a LOMCE non nos valeu, señores e señoras, nin sequera para isto. Nada se fixo diante desta situación ante a Consellería de Educación, que debiera de ter sido bandeira das necesidades que Galiza ten neste sentido, e continuamos un ano máis nesta situación.

Xa en 2013-2014 saíu a primeira promoción co título superior de Ensinanzas Artísticas, que a día de hoxe ten este límite marcado na súa carreira profesional, e, polo tanto, non poden acadar títulos de mestrado ou de doutorado se non acoden a universidades privadas, como xa se explicou por parte do Partido Socialista. Lentitude e custo económico. E todo isto lévamos a un escenario no que as ensinanzas artísticas se converten nuns estudos que estarán marcados pola desigualdade e polas elites, porque só as elites económicas poderán acceder a este tipo de estudos. A compañeira introducía a cuestión das bolsas, que é preocupante, pero non o é menos que para fomentar unha especialización neses estudos teñan que acabar indo ao ensino privado e que, como xa quedou dito, se vaia agrandando esa bolsa de ofertas e atopando un novo mercado aí.

Nós entendemos que esta é unha situación anómala, que no resto dos países do mundo o habitual é que este tipo de ensinanzas xa se incorporen dentro do marco universitario regrado e que, polo tanto, non ten sentido que sigamos sendo esa excepción, xunto con Italia.

Nós apoiamos esta reivindicación da plataforma en apoio desta cuestión que trae hoxe o Partido Socialista, e continuaremos a facelo, de forma repetida, como lle gusta ao Partido Popular, porque mentres non asuman que esta é unha cuestión de sentido común e que hai

que buscar unha saída lexislativa, que ademais non é para nada complicada, pois teremos que seguir con esta cuestión sobre a mesa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde, señor presidente. Boa tarde a todas e a todos.

Non podo estar máis de acordo coas dúas compañeiras que acaban de falar, a compañeira do Bloque Nacionalista Galego, Noa, e a compañeira Concepción Burgo.

Eu creo que a reivindicación das escolas de artes é unha reivindicación tan sensata, é unha reivindicación tan necesaria, que soamente falta esa vontade, efectivamente, porque nós tamén dende sempre apoiamos isto —xa en decembro tivemos reunións coa plataforma—. Xa en decembro unha compañeira nosa, Alexandra Fernández, instou o Ministerio de Educación a buscar iniciativas parlamentarias rexistradas na Cámara baixa para que nas comunidades autónomas se iniciase un diálogo e se abordase este tema, que, como ben se dixo, está nun limbo; é dicir, está nunha absoluta indefinición.

O que se pide é moi lóxico, o que se pide é a integración. ¿A integración onde? No Espazo europeo. ¿E por que? Porque isto permitiría afianzar, prestixiar e, ademais, ter unha repercusión que ata o de agora non se nomeou, e que é unha repercusión social, que é unha repercusión cultural, de grandes dimensións e de gran riqueza para o noso país.

Entón, os efectos socioeconómicos serían moi beneficiosos para toda a sociedade no seu conxunto. E, en particular, se pensamos nas escolas de arte dramática, ¿que ensinanzas imparten en arte dramática? Nada menos que Dramaturxia, nada menos que Escenografía, nada menos que Dirección. Tres oficios que están sendo, dende hai milleiros e miles de anos, desenvolvidos por xente de alta talla e procedentes doutros oficios, xa que arquitectos, xa que pintores, xa que xente de moitísima envergadura, grandes dramaturgos e dramaturgas son os que dan unha sociedade viva, porque un pobo sen cultura é un pobo morto. Temos que coidar a nosa formación.

Ademais, hai un amplo consenso —estou simplemente elixindo aqueles aspectos que non se dixeron xa nas intervencións anteriores para non redundar—. A adscrición —e vou citalo porque é importante telo en conta—. Hai 16 asociacións que teñen a súa importancia e que están apoiando esta plataforma: a Academia Galega do Audiovisual, a Asociación Cultural A Pipa, de Becerreá, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Acre (Asociación de Conservadores e Restauradores), a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), Afearte (Asociación de Festivais de Escena de Galicia), a AGAG (Asociación de Guionistas), a Asociación de Circo, a Asociación Profesional de Circo —tamén—, a Asociación de Tradutores, Educadores e Educadoras de Galicia, Dramaturga. Asociación de Dramaturgos e Dramaturgas, Escena Galega (a asociación de compañías), Fegatea (Asociación Galega de Teatro Afec-

cionado), Nova Escola Galega e Unima (Asociación de titiriteiros). E, bueno, todos os sindicatos, a sociedade civil e todas as asociacións, o profesorado e, naturalmente, o alumnado.

Nomeamos algúns dos estudos de arte dramática, pero podemos nomear algúns dos estudos de música, de escolas superiores de música, como Interpretación, Composición, Pedagogía, Dirección. ¿Que valoración ten o Goberno do Partido Popular destas ensinanzas? Se realmente queren —como dixo esta mañá o señor conselleiro— apoiar a arte, pois déanlle rango, que é posible. É posible por dous camiños: o camiño da adscrición provisional ou o camiño da adscrición definitiva.

Creemos que a arte nos dá vida, que traer a cultura ao corazón da Administración tamén é necesario, porque está a arte no noso país —con todo o orgullo podemos dicilo— á vangarda da tolerancia, en loita contra os prexuízos, en loita contra a discriminación social.

Poderíamos seguir falando de todos os estudos, como a arqueoloxía, a escultura, a pintura... Coidemos, protexamos; realmente esta é unha encomenda constitucional e do Estatuto de autonomía de Galicia.

E nada máis. Moitas grazas —en tempo—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular seguimos agardando polas desculpas ante as calumnias vertidas contra todos os membros do Partido Popular nas redes sociais, chamándonos «asasinos de mulleres». (*Aplausos.*)

Gustárame sinalar unha serie de apreciacións, en primeiro lugar, sobre o tema que imos tratar e que eu creo que hai que poñer enriba da mesa.

En primeiro lugar, eu quero pensar —e así o fago e así o entendo— que das súas intervencións non se desprende unha crítica ou un cuestionamento da calidade das ensinanzas artísticas superiores en Galicia. Porque nós, dende logo, defendemos que o sistema de ensinanzas artísticas superiores en Galicia é un sistema de calidade; e, ao final, os sistemas educativos teñen que estar definidos, entre outras cousas, pola calidade do ensino que se imparte. Polo tanto, entendemos que o labor dos profesionais que imparten as ensinanzas nestes centros e o labor de toda a comunidade educativa nestes centros é para poñer en valor e para ter presente, para destacar e non dúbida, dende logo, da calidade destes centros educativos.

Dito isto, hai outra cuestión que me gustaría sinalar tamén, e é que aquí hai diferentes aspectos que hai que poñer en xogo e que creo que se deben valorar por parte de todos os gru-

pos. Como todos sabemos, estas ensinanzas teñen un carácter práctico e personalizado para o alumnado. Son ensinanzas que xeralmente requiren dunha impartición de carácter case individual, con criterios de avaliación totalmente diferentes e con probas de acceso específicas tamén e independentes das probas de acceso á universidade. Iso por unha banda.

Por outra banda, eu creo que hai que poñer tamén enriba da mesa un concepto do que, dende logo, non se falou por parte de ningún dos outros grupos, como é a autonomía universitaria. Nós, dende logo, respectamos a autonomía da organización das universidades. Eu creo que vostedes saben —e así o sabemos todos os que estamos aquí— que as universidades, se queren, poden tomar a iniciativa de solicitar á Xunta a adscrición dun centro. E, de cumprirse cos requisitos normativos, comezaría o procedemento para facelo a través dun convenio. Eu creo que todos sabemos iso.

E ademais sabemos tamén que as universidades tamén poden decidir, crear e ofertar ensinanzas artísticas de ensino superior de carácter universitario. Todos sabemos iso, ¿verdade? Pois, polo tanto, eu creo que esas cuestións tamén se teñen que poñer enriba da mesa.

A situación actual —como ben se comentou— é unha situación na que se foron dando unha serie de cambios lexislativos, unha serie de pasos, pero hai que sinalar que o Goberno do Estado, en consonancia co establecido na LOMCE e co fin de reforzar precisamente o carácter das ensinanzas superiores, ubícaaas ao mesmo nivel dun grao universitario. Para iso publicouse o Real decreto 96/2014, que viña modificar os reais decretos de 2011 e de 2007. En concreto, na modificación que afecta o anexo do Real decreto de 2011 quedan establecidos cales son os niveis e as cualificacións dentro do Marco español de cualificacións para a educación superior. No primeiro nivel, de técnico superior, estarían os técnicos superiores de formación profesional de Artes Plásticas e Deseño e os técnicos deportivos superiores. E no segundo nivel, no nivel de grao, estarían os títulos de grao universitario e os títulos superiores das ensinanzas artísticas superiores. Están ao mesmo nivel e dentro do mesmo rango no Marco español de cualificacións para a educación superior.

Polo tanto, ademais vostedes falaron de sentenzas do Tribunal Supremo. Efectivamente, pero é que, precisamente por razón desas sentenzas, se publicou tamén o Real decreto 21/2015, polo que se modificaba o Decreto de 2009 e que establecía unha absoluta seguridade xurídica para o alumnado que está a cursar estas ensinanzas, polo que non se explica a existencia dese interese por pintar unha situación como se estas ensinanzas non valesen para nada. Estamos a falar de títulos equivalentes ao título de grao.

Na Comunidade Autónoma de Galicia están plenamente desenvolvidas as ensinanzas artísticas superiores e contan con eses centros específicos dos que vostedes falaron: estudos superiores de Música na Coruña e en Vigo; de Arte Dramática en Vigo; de Deseño na Coruña, Santiago, Lugo e Ourense; e estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra. Polo tanto, Galicia conta cunha rede de centros de ensinanzas artísticas superiores nos ámbitos da música, da arte dramática, do deseño, da conservación e restauración de bens culturais que ten demostrada a súa calidade. E, ademais, téñense establecido liñas de colaboración coas universidades —vou poñer un exemplo—. Co obxecto de reforzar a colaboración entre estas ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais no

ámbito universitario en 2014 a Consellería de Cultura asinou un convenio coa Universidade de Vigo para a realización do título de máster oficial en Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural a través desta Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

O feito de intentar poñerlles unha etiqueta nova non garante unha mellora na calidade da ensinanza. Por iso dicía que para nós é vital manter a calidade desta ensinanza, que entendemos que se está a dar con calidade.

E, ademais —e xa para rematar—, hai un criterio que vostedes tamén sinalaron nas súas intervencións, que é o criterio económico. E probablemente tamén o que terían que dicir en moitos casos é que se se equiparan ou se adscriben a centros universitarios estas escolas, as taxas que se están pagando por crédito en cada unha delas veríanse altamente incrementadas para elevalas ao nivel das taxas que se están pagando nos centros universitarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Polo tanto, neste sentido, pediríalles que fosen máis rigorosos nas súas exposicións e que, se entendemos que a calidade destes centros e que o ensino...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...que se dá nestes centros é de calidade, non temos por que modificar a nosa posición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Gil, ¿vostede coñece a existencia das becas universitarias, que son as que pagan as matrículas? Claro, como vostede non cre na entrada das economías máis débiles na universidade, por iso di isto de que as taxas van subir e logo non poden entrar. *(Aplausos.)* Non, claro, claro... Os seus fillos, á universidade, e os fillos dos máis pobres, a outro tipo de ensinanzas. Iso é o que vostede acaba de dicir, que me parece desde todo punto de vista inaceptable.

Mire, señor Fernández Gil, existe un consenso unánime de todas as escolas de ensinanzas artísticas, que queren ir pola senda da adscrición. Polo menos iso merece un respecto, señor Fernández Gil, porque, mire, son eles os que están todos os días cos problemas que a lexislación actual está causando. Son eles os que están tratando cos alumnos, son eles os que están intentando solucionar os problemas que todo isto está causando aos alumnos. Polo tanto, polo menos merecen o respecto de que, cando dan unha solución, é que é a solución máis acaída. Ademais, non buscan nada, señor Fernández Gil, porque vostede imaxino que

sabe que é moito máis difícil e que lles vai levar un reto, un traballo extra, adscribirse e cumprir con todos os requisitos da universidade, pero, mire, é que poden. Porque eu empecei dicindo que teñen un gran prestixio, e vostede xa está tentando cambiar as cousas. Claro que teñen un gran prestixio, pero o que teñen tamén son grandes problemas para desenvolver o seu traballo. Porque, mire, vostede se a un fillo ou filla seu ou doutra persoa — dáme igual, a un alumno —, que pode pagar a universidade, lle dan un grao de Conservación e Restauración de Bens Culturais e en fronte ten un título superior equivalente a grao, ¿que escolle? Señor Fernández Gil, ¿que escolle para ese alumno, hipotético fillo seu? ¡Ah!, seguramente o grao universitario, ¿verdade? Porque isto xa non ten sentido.

E, mire, isto de que a equivalencia é real e que non hai problema... Voulle ler un *email* dunha alumna dirixido á Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais posterior a todos os decretos do PP de ordenación das ensinanzas artísticas, que di o seguinte —está en castelán—: «Buen día, me llamo XXX, con DNI XXX. He cursado estudios en ese centro y me he titulado en el 2009. Quiero inscribirme en las listas de la Xunta para Ayudante de museo, y el requisito es ser diplomada universitaria. El pasado año no me admitieron en las listas por considerar que mi titulación no equivalía a una diplomatura. Para que no me vuelva a suceder lo mismo, este año les solicito que me hagan una certificación donde se ponga de manifiesto esa equivalencia o me indiquen en que norma se puede ver de forma clara que mi título equivale a una diplomatura para poder adjuntarla a mi solicitud. ¿Me lo pueden enviar?». Esta é a equivalencia do PP, que non serve nin sequera para a Xunta de Galicia. (Aplausos.) ¡Que manda truco! (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Nin sequera a Xunta de Galicia admite a estes alumnos. (Aplausos.)

Perderon vostedes a oportunidade de ser a cabecilla, de ser os innovadores neste proceso. Señor Fernández Gil, ¿apostamos algo a que a isto se vai chegar? Pero, como sempre, Galicia vai estar na cola e non na cabeza.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Pasamos ao debate da seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de Juan José Merlo Lorenzo; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dolores Toja Suárez; e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Monserrat Prado Cores.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Juan José Merlo Lorenzo e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 123/2011, de 16 de xuño, co obxectivo de afondar na coxestión en materia pesqueira.

Incrementar a dotación orzamentaria das partidas destinadas á investigación e análise técnica do sector e ás súas pesquerías. Suprimir a capacidade discrecional da Consellería no nomeamento de parte deste órgano.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a que promova a elaboración dun informe de carácter anual sobre a situación do sector pesqueiro galego por parte do Consello Galego de Pesca. Este informe debe ser remitido ao Parlamento de Galicia, e celebrárase unha sesión informativa sobre del no seo da Comisión 8ª, de acordo co establecido no artigo 143 do Regulamento do Parlamento. Este informe debe propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación pesqueira, marisqueira e acuícola co fin de mellorar a competitividade e a sostibilidade do sector.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir, despois de «elaboración dun informe», «vinculante».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Grazas, presidente.

Señoras e señores deputados, os deputados e deputadas do PP estamos pendentes de que nos pida desculpas a señora Carmen Santos. (Aplausos.)

Imos falar aquí do Consello de Pesca... *(Murmurios.)* Os aplausos de Antón Sánchez despístanme. *(Risos.)* Non sei se mos dá como bolchevique ou como gran amigo. *(Risos.)* *(Aplausos.)*

Imos falar do Consello Galego de Pesca, que, como saben, é un órgano colexiado de participación conxunta e de asesoramento para a Consellería en todos os temas relacionados coa pesca, coa acuicultura e co marisqueo.

Foi o Partido Popular o que creou e promoveu o funcionamento deste organismo a través do Decreto 246/2002, e que logo mellorou e reformou co Decreto 123/2011, do 16 de xuño. A súa principal función é a de colaborar coa Consellería na elaboración e na planificación pesqueira, marisqueira e acuícola e na programación de estudos e informes de distintas actividades que poidan favorecer o desenvolvemento pesqueiro do noso país galego.

Tamén a función do Consello é estudar e propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación e incidencias no sector pesqueiro galego, así como propoñer reformas, canalizar recomendacións e achegar suxestións respecto das políticas que afectan o sector no seu conxunto. A través deste órgano tamén se lles realizan consultas a outros organismos e institucións e tamén se lle piden informes e ditames.

O Consello Galego de Pesca componse do pleno e dun total de dez comisións sectoriais con temas específicos en cada área. Hai unha cousa importante, e é que eles mesmos, cada sector, elixe os seus representantes.

Nós somos especialmente defensores do funcionamento deste órgano, e por iso fixemos posible que tomara forma, pero, ademais de crealo, este goberno convoca con asiduidade as reunións deste órgano para ir dando propostas, e así, no último ano, reuniuse cinco veces. Non é soamente que se reunise cinco veces, senón que se fixeron seis grupos de traballo que están preparando seis ditames moi importantes para o desenvolvemento da pesca en Galicia. Non sempre foi así, houbo épocas, do 2005 ao 2009, no Goberno bipartito, en que as reunións foron máis esporádica, en que o seu funcionamento era máis triste e non había ese dinamismo. E así, no ano 2005, reuniuse unha vez; no ano 2006 reuniuse outra vez; no ano 2007 reuniuse outras dúas veces, pero no ano 2008 reuniuse catro veces; catro veces nun mes, nun mes de especial dinamismo conflitivo no sector, e había que reunirse para escoitar que era o que querían. En resumo, durante o Goberno bipartito oito veces en toda unha lexislatura; co Goberno do PP, case esas mesmas veces nun ano.

En definitiva, desde o Partido Popular queremos que se reúna este organismo co sector e coa frecuencia que sexa necesaria para traballar da man con eles. Por iso a nós, dende o Grupo Popular, parécenos moi importante que isto ocorra así e, de feito, conseguimos que fose aprobado por unanimidade o ditame da PCP, algo moi importante e que nunca se conseguira.

Para este partido é moi importante ir da man do sector, e por iso presentamos esta iniciativa, para que sexa un acordo desta Cámara. Eu estou seguro de que imos votar todos que si. Por iso, coñecedores da importancia do papel que ten este órgano, onde se atopa representado todo o sector pesqueiro, para velar polos seus intereses, canalizamos do mellor xeito posible e facemos esta proposta:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover por parte do Consello Galego de Pesca a elaboración dun informe con carácter bianual no que se plasmen as inquedanzas e problemas, así como tamén os obxectivos e liñas de actuación a curto, medio e longo prazo, co senso de mellorar a competitividade e sostibilidade do sector».

Unha serie de actuacións e éxitos da xestión da Consellería de Pesca poderían servir para avalar o que aquí propoñemos con este Consello Galego de Pesca. Hai unha serie de aspectos positivos, como as cotas, por exemplo. A negociación en Europa permitiu que as nosas cotas aumentaran dende o ano 2012 un 13 % en toneladas e un 55 % en valor. Este é un aspecto moi importante e é unha liña que sempre ten presente a Consellería, e principalmente a súa conselleira. Non é o máis importante sacar o recurso do mar; é importante sacar o recurso do mar, pero é importante que quede recurso para que siga habendo, e o que é máis importante é que este recurso do mar proporcione beneficios ao colectivo. De pouco vale —cun exemplo sinxelo enténdese— sacar 100 quilos de sardiñas, e sacamos 100 euros, se logo aumentamos, sacamos 150 quilos de sardiñas, pero só sacamos 101 euros. Isto non vale. Isto é antiecolóxico e antieconómico. Por iso é importante regular as cotas.

Temos tamén as descargas en lonxas. O valor económico das vendas de peixe e marisco do 2016 acada a mellor cifra dos últimos vinte anos, 372 millóns de euros. Mantemento e ampliación da actividade: 900 buques regularizados na nosa frota pesqueira, grazas á mellora na normativa da regularización promovida desde a Consellería. Case oito millóns de metros cúbicos de zonas de marisqueo recuperadas; repito, 8 millóns de metros cúbicos. Estes son aspectos que xa non podemos esquecer e que se deben a ese intercambio, a esa interacción entre o Consello Galego de Pesca e a propia Consellería. Aí, nese Consello Galego de Pesca, é onde queda demostrada a anulación total, na Xunta en xeral, pero na Consellería de Pesca, do pensamento único. Aquí non hai unha soa dirección, aquí interactúan as distintas partes implicadas e conseguen fórmulas para seguir avanzando.

O cerco tamén tivo as súas melloras. Hai un aspecto importante, a matrícula nas escolas náuticas. A posta en marcha de grupos de acción costeira é moi importante, e vese, por certo, cando un ten a procedencia da política municipal na costa, vese na importancia que tiveron nestes últimos sete anos as aportacións que fixeron os grupos de acción costeira, onde non só mellorou o sector, senón que se propiciou o desenvolvemento dos recursos que tiñan estes concellos limítrofes co mar. Incluso persoas que por diversas razóns querían abandonar a actividade mariscadora e pesqueira puideron facelo por outras actividades apoiadas por estes grupos, que repartiron, distribuíron, en total, 25 millóns de euros, creando 250 novos postos de traballo.

Logo tamén está a loita contra o furtivismo. Isto é algo que se utiliza moito politicamente, o do furtivismo. Ben, pois foi o Partido Popular o que conseguiu que se fora mellorando a loita contra o furtivismo, conseguindo introducir no Código penal e reforzando o carácter penal do furtivismo reincidente.

Por último, a difusión do valor engadido dos produtos do mar, a diferenciación, aumentado a marca de calidade pescadeRías nun 1.800 %, e a internacionalización.

Así podíamos seguir nomeando unha serie de melloras no sector pesqueiro, no sector marisqueiro, no sector da acuicultura, que fan que nós propoñamos aos demais grupos deste Parlamento que voten a favor desta PNL.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor López, teño que recoñecerlle que estaba intrigada por saber a que respondía este afán de traer a este Parlamento iniciativas instando o Consello Galego de Pesca a traballar e a reunirse, porque na Comisión 8ª, do 14 de febreiro, tamén presentou unha iniciativa para que o Consello Galego de Pesca realizara unha análise particularizada da situación dos caladoiros, os descartes, as consecuencias do *Brexit*... Hoxe vén traer outra, e eu dicía: ¿pero por que terá tantas ganas de poñerlle deberes ao Consello Galego de Pesca? E, menos mal que xa mo aclarou: para que se reúna máis veces que durante o Bipartito. Bueno, todo ten unha explicación. Pero era máis fácil, ¡home!, podía facelo e mandarlle unha notita de que se reuniran sen ter necesidade de traer aquí estas iniciativas.

Permítame que faga unha brincadeira, porque, dende logo, igual é malísimo que os grupos da oposición traíamos aquí iniciativas e, cando non nolas aproban, volvamos insistir. Igual iso é malísimo; agora, traer ese tipo de iniciativas, eu xa non sei como cualificalo. O meu compañeiro, Luis Bará, un día cualificounas de «iniciativas botafumeiro». Pareceulles mal, pois, bueno, iniciativas...

Eu, claro, con este afán de darlle traballo ao Consello Galego de Pesca, de que faga análises, estudos, de que propoña cales son as alternativas, as liñas de actuación que hai que facer no curto, no medio e no longo prazo, igual a seguinte iniciativa que trae é a de que se disolva a Consellería e que pase a ser o Consello Galego de Pesca o que estableza a política a seguir en pesca; ao cal, dende logo, o BNG non se vai opoñer e vainos parecer fantástico. Pero, dende logo, a un Consello Galego de Pesca que se convoca cando a presidencia, a conselleira ou alguén da Consellería quere, para o que quere e en función do que quere, pois, a verdade, non sei eu que deberes lle quere poñer.

Por iso o BNG presentamos unha emenda, e é unha emenda para darlle valor a ese traballo que fai o Consello Galego de Pesca, porque lle está vostede poñendo tantos deberes, pedíndolle que faga tantos informes, que o que pedimos no BNG é que eses informes sexan vinculantes. Xa que vostede trae aquí continuamente iniciativas para que faga informes, pois que eses informes sirvan para algo, non para que despois poida vir vostede aquí dicir que nun ano se reuniu máis veces que en catro do Bipartito. Igual non se acaba de aclarar vostede de por que se reuniu tantas veces o ano pasado o Consello Galego de Pesca. ¿Non sería porque había unha lei de acuicultura coa que o Partido Popular estaba moi preocupado? ¡Ah, non! Non ten nada que ver. Perdón, estou eu así un pouco confundida.

Bueno, pois presentamos unha emenda para que teña valor o traballo do Consello Galego de Pesca, para que sexa vinculante, para que faga informes, pero que logo o Goberno teña a obriga de facerlles caso a eses informes e de levalos a cabo, porque, bueno, parécenos que é o menos que se pode facer.

Porque, mire, o que vostede lle pide na iniciativa é que plasme nese informe as inquiredanzas e problemas. Pois a verdade é que o sector ten bastante claro cales son as inquiredanzas e os problemas, señor López, señoras e señores do Partido Popular. ¿E cales son as inquiredanzas? Pois que se renovou a política pesqueira común no ano 2014 e non se revisou o principio de estabilidade relativa, que condena o noso sector pesqueiro a cada vez ter menos relevancia e a pasar de ser dos máis estratéxicos a ser cada vez menos. Esas son cuestións que lle preocupan ao sector.

Ou, ¿que lle preocupa ao sector? Pois o despezamento de 30 barcos no Gran Sol nos últimos sete anos, ou que os *lobbys* na Unión Europea se impoñan aos *lobbys* e que consigan incrementar licenzas e capturas para as súas frotas mentres a frota galega cada vez é máis expulsada de caladoiros históricos, como o de Mauritania ou o de Marrocos, ou o modelo dos TAC, que é demoledor para o mantemento da actividade e do emprego, ou que os fondos da Unión Europea estean deseñados non para axudar unha zona altamente dependente da pesca, como é o noso país, como é Galiza, senón para reducir tonelaxe, repartición individual ou para facilitar a implantación de capitais estranxeiros.

¿Ou cales son as inquiredanzas do sector? Pois que o Estado español vén aplicando os criterios impostos por Bruxelas: a adaptación da frota aos recursos asignados, reparticións individuais, maior control da actividade, cunha Xunta de Galiza totalmente submisa e que non abre a boca. Esas son as inquiredanzas do sector. Ou que na aplicación do Plan operativo para a redución da frota...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ata o ano 2020 se comprometen a desmantelar 569 barcos, ou a mortalidade do berberecho, ou que na actualidade os barcos do litoral están en desaparición e que, de 98 barcos cando chegou Feijóo ao Goberno da Xunta, agora quedan 43. Esas son as inquiredanzas do sector e que vostedes xa saben.

Ao que non están dispostos é a facer nada. Traen aquí estas cousas para que se fagan informes para parecer que se fai algo, que teñen preocupación e para que lle compute como iniciativa traída, pero realmente non teñen ningunha vontade de que esas inquiredanzas do sector plasmadas logo nun documento e nun informe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sexan de obrigado cumprimento para a Xunta de Galiza. Co cal, con todo o respecto, señor López, pois, ¿que quere que lle diga?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Pregúntolle, xa para empezar, que se tanto se están reunindo, ¿para que traen este tipo de iniciativas? Iso xa para empezar.

Unha vez máis, tal e como nos ten acostumados o PP, hoxe trae a debate unha iniciativa que non di nada. Eu voulle chamar de agora en diante a este tipo de iniciativas «iniciativas placebo», porque —como saben— o placebo é unha substancia que non serve para nada pero engana a quen o toma. E eu me pregunto a quen intentan enganar con este tipo de iniciativas que presentan, non o entendo.

Esta iniciativa placebo, en concreto, bate todos os récords do que teñen presentado ata agora mesmo, e dígolle por que. Mire, xa no DOG do 1 de xullo de 2011 se publicou por parte da Consellería do Mar o Decreto 123/2011, do 16 de xuño, polo cal se regulaba o Consello Galego de Pesca. E no artigo 2, funcións, como o seu nome indica, establecía as funcións de tal consello. E dentro das funcións estaba colaborar coa Consellería do Mar na elaboración da planificación pesqueira, marisqueira e acuícola e na programación de estudos. No apartado b), estudar e propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación pesqueira. No c), propoñer reformas, canalizar recomendacións, aportar suxestións. É dicir, o PP, coa súa iniciativa, o que vén dicir é que o Consello Galego de Pesca elabore un informe bianualmente, pero en lugar de propoñer directamente reformas, que estableza obxectivos e liñas de actuación. É dicir, coa súa iniciativa vai promover que o Consello Galego de Pesca faga o que ten que facer, o motivo polo que nace, a súa razón de ser. O Parlamento vai instar o Goberno a facer algo que xa está marcado no artigo 2 do Decreto 123/2011, do 16 de xuño, e traen esta iniciativa hoxe aquí. ¡A min paréceme unha tomadura de pelo!

Pregúntolles, ¿vostedes teñen algún interese real polo sector pesqueiro? ¿Algún interese, de verdade? ¡Porque mire que hai cuestións importantes como a repartición de cotas, a situación de abandono no que se encontran as infraestruturas portuarias, o estado das nosas rías... en fin, e nos traen este tipo de temas! ¿Por que non traen temas importantes?

Díxonos ademais que o cerco tivo as súas melloras. Mire, o cerco o que quere é que se mellore a situación da súa repartición de cotas, e o outro día no Congreso aprobouse modificar a repartición de cotas do cerco cos votos en contra do PP. Iso é o que quere o cerco, non que se reúnan para dicirlle que queren que se modifiquen as cotas. Iso é o que queren, que apoie este tipo de iniciativas. Iso é o que quere o cerco. *(Aplausos.)*

Como saben, nós presentamos unha emenda, e presentamos esa emenda para que cando o Consello Galego de Pesca faga o que ten que facer, é dicir, o que establece o artigo 2 do Decreto 123/2011, cando faga as súas funcións, facendo un exercicio de transparencia, traia á

Comisión 8ª, de acordo co que estable o artigo 143 do Regulamento do Parlamento, estes informes e que se dean a coñecer. Porque non hai que esquecer que todos e todas as que estamos aquí representamos os galegos e galegas, todos e todas. E é con fondos destes galegos e galegas cos que se fan ditos informes. Entón, é de xustiza que se traian á comisión e que se compartan.

Ademais, ditos informes deben propoñer, como indica o artigo 2, reformas que se consideren precisas na regulamentación pesqueira. Porque o que vostedes propoñen son obxectivos, liñas de actuación a curto, medio e longo prazo; todos os prazos que existen: curto, medio e longo.

Obxectivos. A estas alturas preguntolles, ¿non teñen claros cales son os obxectivos do sector pesqueiro? ¿Cos orzamentos feitos imos falar de obxectivos? Co Plan estratéxico 2015-2020 feito, ¿imos falar de obxectivos?, ¿en serio? ¿A curto, medio e longo?, ¿todos os prazos? ¿Parécelles serio? A min non. Non me parece serio, para nada, traer este tipo de iniciativas.

Mire, voulle dicir, estas iniciativas ao final son o modo de vestir a súa incompetencia, e pensan que como teñen maioría vale todo. Pensan e ademais cren, se non, non presentarían este tipo de iniciativas totalmente baleiras de contido, nas que non se establece ningún tipo de compromiso. E iso ten un nome: chámase demagogia. Os gregos foron os creadores da democracia, pero tamén da súa antítese, a demagogia, que vostedes practican a diario. Os máximos representantes da antítese e da dexeneración da democracia: a demagogia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Boas tardes.

Señorías, o malo de falar de último entre os emendantes é que precisamente moitas veces se pisan os argumentos. Pero, realmente, fronte a esa exposición documental sobre o Consello Galego de Pesca que fixo a introdución desta PNL, a realidade é que existe ese real decreto, no ano 2011, que regula no seu artigo 22 a periodicidade da mesma. Polo tanto, o que fixo ata ese momento vén máis condicionado por dito regulamento que por outras cuestións vinculadas a un partido ou a unha formación política.

Nós cremos que o Consello Galego de Pesca é unha ferramenta importante, pero cremos que precisamos afondar moito máis no desenvolvemento do que é ese Consello Galego de Pesca. Necesita unha articulación intermedia, na que os diferentes sectores poidan trasladar dunha forma máis efectiva, máis real, os seus posicionamentos aos seus representantes, para que estes poidan ter un posicionamento realmente apoiado polo seu sector.

Cremos que é moi necesario afondar na creación desas estruturas en aras de acadar un funcionamento plural e participado dese consello. Nel cremos que sobran figuras políticas e faltan figuras sociais.

O tema do mar é moi serio, e non se poden andar poñendo parches a todas as problemáticas que van xurdindo. Debemos acordar posturas con todas as partes e forzas políticas, especialmente no referido a posicionamentos de cara a aplicar normas, vedas, cotas etc.

Cremos imprescindible un maior apoio e presenza da investigación e da análise nos informes do Consello Galego de Pesca. Isto só pode garantirse cunha maior aposta orzamentaria das partidas destinadas a investigación e a análise técnica dos sectores e das súas pesqueiras.

Cremos tamén que a elección dos representantes do Consello de Pesca, dada a súa propia natureza, debe estar reformulada para garantir non só a pluralidade do mesmo, senón tamén un maior grao de independencia da consellería. Pensamos que isto é fundamental, precisamente porque iso lle daría máis potestade.

Por último, un informe anual suporía facer —como xa dixeron as compañeiras— un único informe durante esta décima lexislatura. Tendo en conta que o mar xera 24.000 postos de traballo directo; que por cada posto de traballo directo no mar xéranse 4 postos de traballo en terra; que entre as 10 principais conserveiras de Galicia suman xa unha facturación anual aproximada de 1.500 millóns de euros; que temos máis de 3.350 bateas e máis de 1.100 viveiros, pensamos que o tema do mar é un tema moi serio. Entón, non sei se o pensaron ben, pero hai que darse conta de que cun único informe de carácter orientativo durante toda esta lexislatura, non imos solucionar demasiado e non é unha forma de tomarse moi en serio a problemática do sector.

Respecto a esta PNL, propoñemos unha emenda de substitución, precisamente recollendo as cuestións que acabo de expoñer. E presentámola porque o que pide o PP na mesma está recollido expresamente —como xa dixeron algunhas compañeiras— no capítulo I, artigo 2, parágrafo e)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moito murmullo na sala.

Grazas.

O señor MERLO LORENZO: ...do Decreto 123/2011, que regula o Consello Galego de Pesca, e que di textualmente: «Emitir informes e ditames en todos os casos en que así o dispoña o propio consello, así como cando o solicite a Consellería do Mar». É dicir, eu non vou cualificar de nada a proposta, pero entendo que, xa que estamos aquí, imos tratar de sacar algo en positivo diso.

Polo tanto, transmitimos unha emenda de substitución que di: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 123/2011, do 16 de xuño, co obxectivo de afondar na coxestión en materia pesqueira. Incrementar a dotación orzamentaria das partidas destinadas á investigación e análise técnica dos sectores e as súas pesqueiras. Suprimir a capacidade discrecional da consellería no nomeamento de parte deste órgano».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Si, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Carmen Santos, seguimos esperando as súas desculpas. *(Aplausos.)* Esperámolas de verdade.

Falei do Bipartito, señora Prado. A min gústame —díxeno un día—, eu utilizo aquí ás veces o método socrático, que ten a parte irónica e a maiéutica. Na irónica convenio o interlocutor de que está nun erro. E na maiéutica dígolle os camiños por onde vou para chegar onde nos interesa, que é mellorar o sector da pesca.

Repítolle. ¿Por que eu falo do Bipartito? Iso é política comparada pura e dura. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Vostedes rinse, vostedes rinse, pero outras persoas desa marxe esquerda vinculannos politicamente cun ditador morto o 20 de novembro do ano 1975. *(Murmurios.)* Iso tamén é política comparada, pero é unha política comparada erroneamente. Eu falo porque... vostedes no Bipartito... eu falei de tristeza, e non falei de tristeza social, falei de tristeza porque non funcionaba aquilo.

Xa sei que lle chaman iniciativas campanario. Creo que foi a señora Vilán nun ton humor; eu creo que está ben. Máis ocorrente estivo o señor Xulio Torrado, que falou de «lavado e masaxe en unidade de acto». Iso xa foi... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, o de «unidade de acto» dígoos eu. É un termo xurídico, non sei se vostede o utilizaría. Unidade de acto dígoos eu, dixo o de lavado e masaxe.

Di vostede que se reúne o Consello Xeral de Pesca cando quere a conselleira. Non é certo. Non é certo. Non é certo. Iso é posible que fora cando vostedes eran goberno. Por iso se reunía poucas veces, porque non lles gustaba escoitar. É certo que se reúne cando queren os membros dese Consello Galego de Pesca.

Vostedes fan unha proposta, pero fan unha proposta que din que sexa vinculante. Pero ¿é que cren...? Eu non sei o cualificativo, ¿cren que os membros do Consello Galego de Pesca padecen de papanatismo colectivo? ¿Ou cre que os acordos que adoptan son para tirar á papeleira ao rematar a reunión? Non é vinculante legalmente, pero é vinculante porque as persoas que están alí teñen o compromiso de mellorar. Eu ben sei que con iso da palabra vostedes non andan moi sobrados.

O do PSOE, señora Toja, de verdade que se non acabara vostede como acabou, falando dunha emenda, eu pensaba que non estaba sendo vostede. Pero logo presenta unha emenda moi ben artellada, tan ben artellada que a imos estudar, eu voules ofrecer unha transacción na que practicamente vai incluírse a súa emenda. ¿Como nos di logo que esta é unha iniciativa...? ¿Sabe que lle entendín? Que só servía para medir a miña incapacidade. E iso é posible, iso

é posible, pero a miña soa, non a do Partido Popular nin a das persoas que integran o Consello Galego de Pesca. Onde, por certo —e dígollo ao de En Marea—, a consellería ten atribucións para nomear só o 15 %. Polo tanto, está salvagardada a súa... —só o 15 %— ...independencia.

Eu o da demagogia, señora Toja...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: Remato.

É vostede moi nova. Nunca lle chame demagogo a un político de 67 anos. Pode sacar de curriculum e deixar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. As emendas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: A transcripción xestual, a transcripción xestual. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio.

O señor LÓPEZ CRESPO: A señora Blanco Rodríguez é altamente elocuente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: As emendas...

O señor LÓPEZ CRESPO: É a segunda vez que llo digo.

O señor PRESIDENTE: Señor López Crespo, as emendas.

O señor LÓPEZ CRESPO: A transcripción xestual da señora Blanco Rodríguez é elocuente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LÓPEZ CRESPO: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Remate coas emendas.

O señor LÓPEZ CRESPO: Desculpe, ¿podo falar das emendas?

O señor PRESIDENTE: Si, si, fale, e dígame que vai facer.

O señor LÓPEZ CRESPO: Repartireille... Non... ¿É para falar da emenda?

O señor PRESIDENTE: Si.

O señor LÓPEZ CRESPO: Voulle levar unha emenda para que a vexan, e mañá, se teñen a ben, sen micrófono...

O señor PRESIDENTE: Transacción.

O señor LÓPEZ CRESPO: Voulle levar a emenda. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, señor Torrado, ¿para que quere a palabra?

Home, foron de refilón. *(Murmurios.)* Tamén a señora Vilán. ¡Veña, va! Un minuto. A ver se acabamos rápido con isto.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

Pero non me conceda a alusión como quen que lle dá un donativo a alguén.

O señor PRESIDENTE: Non, non... foi unha cousa...

O señor TORRADO QUINTELA: Perdón, señor presidente, que estou no uso da palabra e teño un minuto. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Tivemos un anterior pleno no que alguén fixo unha apelación por alusións lida, o cal creo que é mencionable. Eu, señor deputado, non dixen nunca iso que dixo vostede. Dixo que facía actuacións de baño e masaxe.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero, vista a iniciativa de hoxe...,

O señor PRESIDENTE: Correcto.

O señor TORRADO QUINTELA: ...aquilo quedou curto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Silencio. As alusións interprétaas a Presidencia, como ben saben. Así o di o Regulamento.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición ao punto 1.

Débese engadir, ao final do punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte contido:

Engadir in fine: «..., creando, como mínimo, novas prazas de fiscal en Lugo, Santiago, Ourense, Vigo e Cambados».

Emenda de adición ao punto 2.

Débese engadir, ao final do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte contido:

Engadir in fine: «... e adscrito ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, señorías.

Boa tarde.

Traemos aquí hoxe esta iniciativa porque, mal que lles pese a deputadas como a señora Paula Prado, os casos de corrupción do partido Popular, e do PPdeG en concreto, non son, desafortunadamente, casos illados, senón unha triste realidade enquistada de tal xeito que a sociedade xa case a ve como algo inevitable, e estamos facendo que a asuma como algo que é intrínseco ao sistema ou ao poder e que nada ten que ver, ademais, coas súas preocupacións e co seu día a día como pode ser chegar a fin de mes e a uns servizos públicos de calidade aos que teñen dereito a ter acceso.

A verdade é que non hai nada máis lonxe da realidade. Obviamente, por unha banda, porque a corrupción afecta á saúde da nosa democracia, e, en segundo lugar, porque está vencellada na maior parte dos casos ao roubo ou ao destino ilexítimo dos cartos públicos, deses cartos cos que deberían pagarse infraestruturas, persoal sanitario, escolas, pensións, medicamentos, impulso ao emprego de todos os galegos e galegas.

Señora Prado, hai uns días na Comisión número 1, moi indignada, pediu a palabra despois dunha pregunta que fixemos sobre as tarxetas Black á Xunta —e non nos contesta se existían

ou non tarxetas Black— para afirmar que, debido á miña intervención, o seu partido, onde gobernaban, tiñan uns índices de corrupción ínfimos. E afirmou tamén que no seu partido o que existían eran casos illados de corrupción e persoas que antes eran militantes do Partido Popular pero que os avergoñaban e que non tiñan nada xa que ver con eles, tipo, por exemplo, o superministro señor Rato, do que antes estaban moi orgullosos e agora repudian publicamente. Afirmaba, polo tanto, que non era xusto meter a todos no mesmo saco. E afirmaba iso con absoluta vehemencia, cando aínda a día de hoxe descubrimos que o señor Rajoy non pode facer dimitir o presidente de Murcia, acusado de corrupción urbanística, por cuestións internas.

Gustaríanos saber a que lle ten medo o señor Rajoy, a que lle ten medo o Goberno e que pretenden agochar, porque, se non, non lle encontramos moita explicación.

Como pode dicir algo así, sendo vostede deputada, se o seu partido ten o triste honor de ser o primeiro partido da democracia en ser imputado diante da xustiza: a operación Campeón, Pokémon, Cóndor, Orquesta, Baltar, Gürtell, Púnica, Bárcenas, Taula... Se nos remontamos ao pasado, o mal famoso caso Naseiro. Podemos seguir, pero díganme vostedes entón, señores do Partido Popular —os que quedan aquí presentes— cantos casos son necesarios para que consideremos a corrupción como un problema real e non como casos illados, ¿1, 2, 3, 50, 500? A verdade é que nos gustaría que nos respostaran con honestidade e seriedade.

Tamén podemos poñer enriba da mesa algúns dos casos máis recentes e próximos a nós, como pode ser a imputación do presidente do Consello Consultivo de Galicia, o señor Costas Pillado, investigado por corrupción no marco da operación Cóndor, relacionado cunha suposta trama de blanqueo e tráfico de influencias.

Segundo pinchazos telefónicos, o empresario Raúl López, presidente de Monbús, pretendía evitar coas xestións de Costa Pillado un precepto que supostamente prexudicaría os seus intereses no negocio de transporte de viaxeiros por carretera que lidera aquí en Galiza.

Tamén a señora Paula Prado, coa que comparto a Comisión 1ª, estivo presente cando se lle preguntou ao señor Costas Pillado sobre esta cuestión, a cal negou rotundamente, e ela tamén defendeu a honorabilidade do señor Costas Pillado con total vehemencia. Días despois enteirámonos de que está imputado.

Dicía estes días o ex-portavoz de Xuíces para a democracia, Joaquim Bosch, que o índice de casos de corrupción xustificaba unha fiscalía específica para Galicia —igual á que nós reclamabamos na nosa PNL— por varios motivos: porque temos casos dabondo como os citados e porque non só a corrupción, o desfalco ou o tráfico de influencias, senón a corrupción legalizada como as portas xiratorias, son unha mostra de que neste país é absolutamente necesario este fiscal anticorrupción. Todos vostedes saben ben de quen falo, de casos, por exemplo, como Ence ou a AP-9.

Imos concretar. Ence é unha empresa á cal o señor Mariano Rajoy, cando era presidente en funcións, lle ampliou a concesión para que esta puidera seguir estando ao lado da ría de Pontevedra ata o ano 2073, cando antes da reforma a lei obrigaba a esta multinacional a

abandonar o seu actual emprazamento no ano 2018. Estando en funcións, aproban isto. Casualidade ou non, formaban parte do Consello de Administración de Ence tres persoas relacionadas co Partido Popular: a ex-ministra de Medio Ambiente entre os anos 1996 e 2000, Isabel Tocino; o ex-conselleiro de Medio Ambiente da Xunta entre os anos 1997 e 2003, Carlos del Álamo, e o que fora secretario de Estado de Augas e Costas no Goberno de José María Aznar, Pascual Fernández, ¡que casualidade! Esta é unha mostra máis de como utilizar un escano ou un posto público para enriquecerse despois nas multinacionais para as que se legisla.

Outro caso de corrupción legalizada, pero que segue sendo corrupción, é o caso da AP-9, e voulle explicar o porqué.

No ano 2000, cando era presidente da Xunta o señor Fraga Iribarne e ministro de Fomento Álvarez Cascos, ampliouse a concesión desta autoestrada 25 anos, do 2023 ata o 2048, tema da AP-9, ademais, do que recorrentemente estamos falando nesta Cámara. Casualidade ou non, tres anos despois desta concesión AUDASA foi comprada por Sacyr Vallehermoso, empresa tamén investigada na trama Gürtell por manter relacións un tanto estrañas co Partido Popular. Xusto nesas datas, cando a AP-9 foi privatizada, o señor Feijóo ocupaba o cargo de conselleiro de Ordenación do Territorio, e, aínda que xa tiña peso político, non se opuxo o máis mínimo a esta privatización. E sabemos perfectamente por que non se opuxo, porque non se ía atrever a levarlle a contraria ao señor Fraga, xa que dependía del que el puidera ser presidente da Xunta ou candidato á Xunta. Como bo delfín, aceptou e calou, e agora di que é inasumible que a A-9 estea en mans privadas, pero no momento en que el podía facer algo ao respecto, deu o silencio por resposta e aí demostrou para quen el está gobernando, e no é precisamente para o benestar dos galegos e das galegas, senón para os intereses doutras partes que non están neste Parlamento nin se votan nas eleccións.

Se realmente estiveramos falando de mazás podres nun cesto, habería que sacalas do mesmo para non estragar as mazás sas —iso creo que o entende calquera—, pero se é todo o cesto ou a árbore a que está afectada, o que necesitamos é dispoñer de todas as medidas necesarias para erradicar a infección coa maior axilidade.

De aí a esencia desta PNL; unha PNL que hoxe presentamos aquí e na que reclamamos unha fiscalía anticorrupción propia para Galicia, defendida e reclamada tamén por persoas de relevancia dentro do mundo da xudicatura. Por exemplo, falamos do presidente da Unión Progresista de Fiscais e o fiscal de Medio Ambiente de Galicia, Álvaro García Ortiz, que hai uns meses consideraba absolutamente incomprensible que en Galicia non existise unha fiscalía anticorrupción. Afirmaba tamén que ter un órgano especializado suporía unha maior eficacia, xa que tendo especialistas no tema todo iría moito máis rápido, algo que sería moi necesario nos casos de corrupción política porque soen ser moi complexos e tenden a prolongarse no tempo, e vemos a indignación que provoca isto na cidadanía.

Aparte do señor García Ortiz, houbo máis persoas que se posicionaron con respecto a este tema. O propio Fernando Suanzes, nada máis e nada menos que o fiscal superior de Galicia, afirmaba hai apenas tres meses que, polos delitos de corrupción que se rexistran aquí, Galicia necesitaba un fiscal especializado.

Mais debemos defender tamén que para que este problema sexa realmente combatido necesita que aqueles casos condenados por corrupción conleven unha pena maior na normativa legal. Joaquim Bosch —ao que xa me referín antes— di que as nosas leis penais son moi duras coas condutas vinculadas á liberdade de expresión, así como á criminalización da pobreza, pero son extremadamente suaves coa delincuencia política e financeira. Só así se pode explicar que persoas como Iñaki Urdangarín, e moito máis recentes como Blesa ou Rato, non entraran en cadea despois de ser condenados, ante a indignación popular, e si tres menores —tres rapaces universitarios de Santiago, mellor dito—, que entran en prisión por un escrache a un profesor que ditaba consignas homófobas na clase, por non falar dos titiriteiros ou do rapeiro, que de seguro xa todos e todas aquí coñecemos, por desgraza.

As leis deben ser moito máis duras contra a corrupción política, e a xustiza debe eliminar, dunha vez por todas, a aplicación das normas legais en función de que nos atopemos entre cidadáns de primeira ou cidadáns de segunda, segundo este sistema que están vostedes perpetuando, porque non podemos ter unha xustiza desigual para todas. A xente normal, cando cre que non está ben defendida, cambia de avogado. O Partido Popular cambia directamente de fiscais. Precisamos unha xustiza independente, unha independencia real, se realmente cremos e defendemos a democracia.

Seguramente falarán na réplica da famosa lei de transparencia que elaboraron xusto antes das eleccións o ano pasado, ou deberían falar diso. É unha lei que, por certo, segue sen ter unha aplicación efectiva polos escasos recursos destinados para facela cumprir. É unha mágoa que non estea a deputada que criticou o Partido Socialista pola lei de dependencia, dicindo que non se poden aprobar leis cunha vontade real para facelas viables e que se executen cando non se dotan de recursos. Pois ¡aplíquense o conto na lei da transparencia!, porque é difícil de crer que vostedes teñen vontade de loitar contra a corrupción sen dotar de orzamento esta lei, e se ao mesmo tempo que a elaboraban estaba recibindo botellas de viño Vega Sicilia o seu goberno. Dende logo para nós, para o Grupo de En Marea, é unha postura que non ten ningunha coherencia.

Estes días, vindo para Santiago, escoitaba nunha emisora da radio unha vella canción de La Polla Récorde que se chama «Igual para todos», e nun momento da letra di: *«Dime, dime, para quien hicieron la cárcel, porque el rico nunca entra y el pobre nunca sale.»*

Falamos dunha letra dos anos oitenta que aplica directamente e que recollerá o sentir de milleiros de persoas. Andrés Bódalo, sindicalista condenado pola defensa de traballadores e traballadoras, díxolle a Pablo Iglesias a pasada fin de semana algo que define unha triste realidade do noso Estado: *«En esta cárcel somos 600 y ninguno es rico.»*

Por iso, señorías, xa para finalizar a miña exposición, hoxe teñen a oportunidade no Grupo Popular de amosar se realmente se avergoñan dalgúns dos seus compañeiros e compañeiras como afirman dicir, e, sobre todo, se cren na democracia e na división de poderes que deben sustentala, ou se, pola contra, prefiren seguir acomodados no confort duns delitos reais ou presuntos polos que parecen que só pagan facturas as vítimas, é dicir, os cidadáns e cidadás, vendo mermados os seus recursos para o Estado do benestar, para a xeración de emprego, para as coberturas sociais e para todo o que eles necesitan.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Á marxe das consideracións xurídicas que a voceira de En Marea nos teña exposto na súa intervención, a verdade é que o señor Bódalo foi condenado por unha agresión a un compañeiro do Partido Socialista, non foi condenado por outra cousa, e polo tanto, foi condenado pola comisión dun delito. (*Aplausos.*)

Eu, para comezar, teño que dicir que a parte expositiva desta iniciativa realmente só fala da designación dun fiscal anticorrupción, aínda que realmente na súa proposición hai dúas solicitudes: o necesario incremento do cadro de persoal do Ministerio público en Galicia —e diría máis, no resto de España tamén é necesaria—, e en concreto unha medida de loita contra a corrupción a través do nomeamento dun fiscal anticorrupción.

En canto á primeira, o imprescindible incremento do cadro de persoal do Ministerio fiscal na nosa comunidade autónoma é algo que nin sequera nega, efectivamente, o fiscal superior de Galicia, e nas memorias da Fiscalía do ano 2012⁴ e do ano 2015 así se reivindica. Hai escaseza de fiscais en todo o territorio, é indubidable, pero sobre todo hai escaseza de fiscais en Lugo, nas fiscalías de Lugo, en Santiago, en Ourense, en Vigo e en Cambados. Así as fiscalías destes cinco sitios teñen recollido expresamente estas peticións nas súas memorias, na memoria da Fiscalía, cada vez que vén a este Parlamento, dos anos 2014 e 2015.

Cremos que, en lugar de falar de planta da Fiscalía —porque pode haber unha confusión coa planta xudicial, aínda que non hai planta de Fiscalía—, quizais o termo máis axeitado sería falar de cadro de persoal dos fiscais, porque os fiscais son funcionarios que dependen do Ministerio de Xustiza e non teñen nada que ver coa planta xudicial, pero entendemos que a planta do Ministerio Fiscal fai referencia ao cadro de persoal do Ministerio Fiscal.

E en relación con estas fiscalías en concreto, que teñen solicitado expresamente que necesitan unha praza imprescindible de fiscal nos seus sitios, vai a primeira parte do texto da nosa emenda, en canto a que como mínimo cremos que é imprescindible que haxa novas prazas de fiscal en Lugo, en Santiago, en Ourense, en Vigo e en Cambados, que son as que as propias fiscalías veñen reclamando dende o ano 2014 e que o propio fiscal superior de Galicia confirmou na súa comparecencia este ano e o ano anterior.

A segunda cuestión desta proposición non de lei é a relativa á corrupción, e como ben dicía a voceira de En Marea, Álvaro García Ortiz é un firme defensor da figura dun fiscal anticorrupción en Galicia por múltiples razóns. Cando un fala con el, quizais a máis convincente é que este fiscal só lle daría información a un fiscal que sería o seu xefe anticorrupción, non tería —digamos, para ser elegante— vinculacións territoriais e sería así un pouco máis libre nas súas decisións.

Nós cremos que debemos falar dun fiscal anticorrupción que estea adscrito ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, cun equipo imprescindible para poder traballar e co compromiso institucional, neste caso do Ministerio de Xustiza, de poñer medios ao servizo da administración de Xustiza de maneira prioritaria. E nesa liña, precisamente, vai o punto número 2 da nosa emenda de substitución.

O que se pide non é nada difícil nin estraño nin é unha ocorrencia, porque en Valencia ou en Murcia hai fiscais anticorrupción, polo tanto, non sería algo novidoso para Galicia. En Murcia todos sabemos o que está a pasar nestes días. Saíu á palestra o caso Púnica —como dicía antes a voceira de En Marea—, e por parte da acusación popular pídese proceder contra o que foi o presidente de Murcia e contra Pilar Barreiro, que foi senadora e ex-alcaldesa de Cartagena. Non por calquera cousa. Segundo a acusación popular, hai indicios suficientes para acusar ao presidente de fraude, suborno e revelación de información reservada; e á ex-senadora de fraude, malversación de caudais públicos, suborno, prevaricación continuada, revelación de información reservada e falsificación de documento oficial. *¡Ahí es nada!*

Este señor e esta señora pertencen a un partido político, ao mesmo partido político que vostedes, pertencen ao Partido Popular, e o que entendemos que non debe pertencer ao Partido Popular —non debe, non é que o entendamos, é que non debe de pertencer— é o Fiscal Xeral do Estado. Pero, polo visto, é afín ao Partido Popular e decidiu non actuar contra o presidente de Murcia porque el entende que non se prexudicaron as arcas públicas. Curiosamente, non coincide coas fiscais que se encargaron da investigación que lles tocou a elas, que consideran que, supostamente, este señor elaborou un plan criminal para desviar ás empresas do seu conseguidor fondos públicos da Consellería autonómica de Educación.

Pero o Fiscal Xeral do Estado non pensa o mesmo. Todos sabemos que chirría bastante a designación do Fiscal Xeral do Estado, e quizais por iso Torres Dulce, que é un home intelixente e tremendamente culto, decidiu deixalos a vostedes na estacada —ao Goberno de Mariano Rajoy, que é do mesmo partido que vostedes— e decidiu non seguir sendo Fiscal Xeral do Estado porque non aguantaba esa presión á que vostedes están acostumados sobre os fiscais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando, señor presidente.

En Galicia temos o chamado caso Campeón. Por certo, a Asesoría xurídica da Xunta non coincide coa Fiscalía e decide non imputar ou non pedir a imputación para dous ex-altos cargos do Partido Popular e un ex-deputado do Partido Popular. Ou a operación Pokémon, na que está implicado como investigado o presidente do Consello Consultivo.

De seguro estarían máis avanzados se un fiscal anticorrupción se puidese encargar de maneira exclusiva destes asuntos, que van lentísimos na súa instrución, e non se vulnerarían os dereitos fundamentais das persoas implicadas, que entendemos que é o principal.

Remato, presidente. Imos votar a favor, pero agardamos que as nosas emendas sexan aceptadas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Teño que dicir que me pareceu lamentable o espectáculo que deu ao longo de hoxe o Partido Popular neste Parlamento. (*Aplausos.*) Por certo, chama a atención que a estas horas da tarde estean cheas as bancadas do Grupo Popular, normalmente non ocorre así. (*Aplausos.*) Sería que tiñan que participar agora nun paripé para os medios de comunicación.

Isto contradí algunhas decisións que tomaron vostedes recentemente. Eu pensei que cambiaran a gaivota polo albatros e que iso significaba a inauguración dun novo tempo político, pero volven vostedes ás prácticas da gaivota do voo baixo e das súas técnicas alimentarias, neste caso trasladadas ao ámbito político (*Risos.*)

Indo ao asunto, que ten bastante que ver, en todo caso, con esta cuestión, o BNG non vai apoiar esta iniciativa. E non a vai apoiar non pola cuestión concreta das posibles bondades que poida ter esta proposta, senón porque pensamos que forma parte dun debate máis profundo que nos interesa, ademais, traer aquí; un debate sobre o poder xudicial e a Fiscalía, tanto desde o punto de vista histórico como na actualidade. E isto non é política comparada, é política continuada, política continuísta, desde o franquismo ata a segunda restauración borbónica. Diso é do que se trata.

Polo tanto, queremos falar desde o punto de vista histórico do papel que xogaron e seguen xogando estas institucións na pervivencia e na impunidad das estruturas do poder franquista, porque a realidade é que no poder xudicial non houbo transición, non pasou por el a transición. Os mesmos integrantes dos tribunais de orde pública do franquismo seguiron despois campando na restauración borbónica, ocupando postos como, por exemplo, na Audiencia Nacional —que, por certo, foi a substituta dos tribunais de orde pública— e despois no Tribunal Supremo.

Isto explica, por exemplo, en moitas ocasións, os posicionamentos a respecto da ditadura ou da monarquía, que foron e son institucións intocables durante corenta anos e aínda na actualidade, como acabamos de ver recentemente.

Por se isto fose pouco, nos últimos tempos, na actualidade, temos aínda máis razóns para a desconfianza e para o descrédito do poder xudicial. Por exemplo, todo o que ten que ver co papel da Fiscalía como correa de transmisión do Goberno, do que tivemos múltiples exemplos nos últimos anos. A utilización vergonzosa da policía ao servizo do Goberno para perseguir, para espiar, para fabricar probas contra determinadas opcións políticas; por certo, opcións políticas molestas para o réxime. Ou o papel da Fiscalía nos principais casos de corrupción que houbo nos últimos tempos; e cando non o fai, resulta que purgan os fiscais que se negan a ser servís, obedientes e submisos.

Temos moitos exemplos recentes dese papel do Poder Xudicial e da Fiscalía, como, por exemplo, esa sentenza benévola que o propio Tribunal Supremo cualificou de exigua. Fixá-

devos, o Tribunal Supremo cualifica de exigua a sentenza dos directivos das caixas galegas, as sentenzas a Rato, por exemplo, ou a Blesa por roubar a mans cheas, que non se pode dicir doutra maneira. Ou a sentenza do caso Nóos, por exemplo. Por certo, sentenza do caso Nóos que nós consideramos que chegou tarde pero non chegou ben, e nós non a compartimos en absoluto.

Polo tanto, a sensación que hai nunha grande parte da xente do pobo é que hai unha xustiza para ricos e unha xustiza para persoas que teñen menos recursos ou que non teñen recursos; e nos últimos tempos, ademais, houbo unha grande involución neste sentido.

Polo tanto, vemos como se está utilizando sistematicamente o poder xudicial e o aparato do Estado para perseguir dereitos democráticos. Vivimos nunha realidade, polo tanto, escandalosa, que pon cada día de manifesto con todos estes acontecementos, con todos estes escándalos, a crise do sistema político e económico e tamén a crise do réxime da monarquía constitucional da segunda restauración borbónica.

Asistimos continuamente a casos públicos e notorios de corrupción, ante a que hai unha sensación de pasividade, de permisividade, de conivencia e de utilización política dos tribunais de xustiza, sobre todo dos altos tribunais do Estado e do Tribunal Constitucional.

Con respecto á iniciativa, pensamos que supón ou presupón unha confianza excesiva nas bondades do poder xudicial, en supostas solucións máxicas e na creación de normas e instrumentos para reformar un sistema e un réxime que nós entendemos que é intrinsecamente cruel, corrupto e inxusto. Polo tanto, pensamos que a mellor maneira de combatelo non é o reformismo, a mellor maneira de loitar contra el é transformalo radicalmente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Santos, perdeu vostede a oportunidade de pedir desculpas. *(Aplausos.)*

Ata agora tiñamos en Galicia un partido que se adicaba a dar carnés de galegos. Agora irrompeu na escena política de Galicia un partido que dá carnés de culpables e inocentes. Fan falla máis xuíces nos xulgados e menos xuíces xulgando dende os escanos, señorías, moitos menos. *(Aplausos.)*

Aquí dá igual se o caso está arquivado pola xustiza. Pouco importa se a Fiscalía pide o seu arquivo. Todo depende do xuízo mediático e político, e nada de se se actuou ou non conforme a dereito. Podemos atoparnos co caso de que o fiscal pide o arquivo e manifestan que está ao servizo do Goberno. Podemos atoparnos con que o fiscal pide continuar e o xuíz pide o arquivo, pero tamén o xuíz está ao servizo do Goberno. Tamén podemos atoparnos con que fis-

cal e xuíz pidan o arquivo, e se archive, pero a culpabilidade para este grupo tamén existe, a pesar de todo. Pero tamén hai algún caso no que fiscal e xuíz piden continuar coa investigación e reinventan o Código penal con novas formas xurídicas como a prevaricación loable.

Señora Santos, mire, a lei que permite imputar a partidos políticos aprobouna o Partido Popular co voto en contra de toda a esquerda deste país; esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Presentan vostedes unha iniciativa solicitando a creación dunha fiscalía anticorrupción. Pois mire, o Grupo Parlamentario Popular non comparte esta necesidade porque tecnicamente a ratio de casos en Galicia non xustifica a creación dunha fiscalía anticorrupción. Todos os fiscais xerais do Estado, baixo diferentes gobernos de diferente cor política en España, dixeron que en Galicia non se cubría esta ratio. Por tanto, se non se cobre a ratio legalmente exixida para que se cree unha fiscalía anticorrupción, non é unha decisión nin do Partido Popular nin do Goberno.

Se a Fiscalía solicita a creación desa fiscalía especializada, non teñan ningunha dúbida de que o Grupo Parlamentario Popular apoiará esa creación, e a Xunta tamén estou segura de que a apoiará. Pero vostedes insisten en crear esa fiscalía para xerar a aparencia de que existe corrupción.

A corrupción é horizontal, señoría, afecta a todos os partidos políticos, incluso ás Mareas de Podemos. Podemos falar da beca black do señor Errejón, que foi inhabilitado por cobrar sen ir á universidade; contratos familiares e nepotismo da señora Tania Sánchez, da señora Colau, da señora Carmena... e así poderíamos dicir moitos máis. Os pisos de protección pública do señor Pablo Iglesias ou do señor Espinar; pisos cos que se fixo negocio, adxudicados sen concurso. Os informes B do señor Monedero. E o que nos toca máis cerca, a prevaricación loable do señor Duarte. Por non falar da imputación do alcalde de Santiago de Compostela, señorías. *(Aplausos.)*

Pero miren, tamén é corrupción combater a liberdade de expresión con ameazas, e tamén habería que perseguir o acoso a xornalistas. Quen acuñou o novo concepto xurídico-delitivo de prevaricación loable, acaba de amosar a peor cara da corrupción: a corrupción ética.

Dicía Dussel, señora Santos, que a ética é o único incorruptible. Pois a señora Santos vén de demostrar que non, que a corrupción ética é posible. Os populistas senten que é lícito facer o que lles veña en gana, dicir o que lles pareza e que iso non teña ningunha consecuencia. Cren que todo vale e que todo é ético, aínda que se contradigan as normas máis básicas de convivencia e mesmo aínda que se contradiga a lexislación vixente, porque —como eles teñen dito— as leis que non lles gustan están para non cumprilas. Esa é a súa filosofía.

Mire, señora Santos, vostede non pode falar en nome de todas as mulleres de Galicia porque vostede non me representa cando di que os meus compañeiros de partido son asasinados de mulleres, *(Aplausos.)* porque eu non convivo con asasinados, eu non son cómplice de ningún delito de violencia de xénero. Toda a miña traxectoria profesional e política, está presidida pola defensa da igualdade, pola defensa das mulleres e pola defensa de combater a violencia de xénero. Vostede non pode dicir que eu son cómplice de violencia de xénero porque os

meus compañeiros non asasinan mulleres vítimas de violencia de xénero. Ten sorte de que a cortesía parlamentaria non me permite dicir o que penso de vostede.

Pero mire, señora Santos, vostede acaba de dicir aquí outra cousa moi grave. Vostede acaba de defender aquí ao señor Bódalo. ¿Sabe vostede que un dos antecedentes do señor Bódalo é a agresión dunha embarazada? (*Protestas.*) Pois iso, xunto co desta fin de semana, inhabilitaa para falar de igualdade, para defender as mulleres e para ir a esas marchas feministas que lle quentan a boca para poñer os tuit e barbaries que vostede di despois desas marchas.

Vostedes non precisan gobernar para sufrir desgaste, a súa deterioración é ética. Ata os seus votantes están cansos das súas liortas e coiteladas, das pelexas polos personalismos, das mentiras cínicas e dos seus discursos modulados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, a ética será o seu verdugo. Chegará un momento no que esas reservas morais que vostedes pensan que só teñen vostedes, e asumiron como súas, caian polo seu propio peso, polo peso da corrupción ética, da mentira, do cinismo. Porque a xente tamén quere propostas que lle resolvan os seus problemas, que propoñamos reformas que a sociedade precisa. Fáltalles ética e sóbranlles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...actitudes indignas.

Dos dez deputados de En Marea que interviñeron no día de hoxe, nin un só, señora Santos, defendeu a súa postura.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Só o señor Bará, sorprendentemente —supoño que será porque quere o apoio de En Marea para Pontevedra—... (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...saíu a defendela a vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostede leva catro meses no Parlamento, (*Murmurios.*) e o único que fai vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...cada vez que fala é degradar a actividade política.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: E lonxe de facer propostas que melloren a vida das mulleres...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...vostede insulta...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: ...inxuria e agride...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Sexa útil, señora Santos. Pida desculpas. Aínda está a tempo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Santos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora SANTOS QUEIRUGA: Por suposto, non esperabamos outra cousa. *(Murmurios.)*

En primeiro lugar —non nos imos entreter máis—, darlle as grazas polo apoio ao PSdeG; aceptamos as súas emendas, sen problema. Sentimos o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego, aínda que respectamos todas as opinións, pero gustaríanos que apoiaran esta proposta, a verdade. E agradecerlle tamén as palabras iniciais.

O que está claro é que aquí se segue facendo máis que nunca demagogia, e aquí acabamos de velo tamén con respecto ao Partido Popular. Non nos esperabamos que foran apoialo, sinceramente. Tiñamos un mínimo de esperanza, pero a verdade é que era obvio o que ía pasar. Porque unha cousa é dicir unha cousa, pero os feitos despois amosan xusto o contrario. Demostran ben pouco que lles importe realmente a loita contra a corrupción, tomar medidas concretas e amosar a verdadeira vontade política de darlle solución a algo, por moito que se empeñen en intentar ocultar —como soen facer habitualmente— os casos supostamente illados que están dentro do Partido Popular nos sitios onde gobernan... Efectivamente, non fai falta que argumenten nada máis, porque por desgraza neste país, como estamos vendo constantemente, os xornais, os medios de comunicación e o que ditan os xuíces... ¡Menos mal que lles parece ben o que os xuíces din! Non lles gustan tanto os fiscais, sobre todo os que os investigan. Non tivemos máis que ver o que pasou a semana pasada con respecto ao cese de todos os fiscais que investigaban os casos nos cales estaban acusados por causas relacionadas coa corrupción. Entón, están moi preocupados por incidir na liberdade de expresión da xente coas cousas que non comparten; iso si que é o importante, iso si que hai que penalizalo, demonizalo... Os casos de corrupción non existen, a corrupción non existe, está todo dentro da nosa imaxinación.

É bastante curioso que teñan este posicionamento e que despois falen de que nós facemos xuízos de valor e de opinión. Non sei que foi o que observamos aquí hai un momento, debemos tamén de imaxinar o xuízo paralelo que acaba de facer a señora Prado.

O que é moi doado é ter titulares como os de hoxe, do novo líder das Novas Xuventudes, que di textualmente que «o PP debe ser implacable coa corrupción para achegarse aos mozos e mozas», e ao mesmo tempo coñecemos a nova de que en Castela-León a presidenta das súas Cortes, do PP —é unha noticia de hoxe, de índole nacional—, gastou máis de 700.000 euros en publicidade e en reportaxes no ano 2016, e en cousas tan importantes e tan pouco superfluas como cafeteiras de luxo e vaixelas.

A corrupción, fan como se non existise. O que está claro é que a xustiza xusta parece que tampouco existe moito con respecto a estas cuestións, ou é a percepción que temos todas, ou tamén debe ser produto da nosa imaxinación. Os propios xuíces son os que denuncian que non existe separación de poderes moitas veces, que sofren presións, que hai un pacto da gran coalición para renovar o Tribunal Constitucional. Sen embargo, a presión cidadá si funciona, como nas manifestacións de Murcia, pois vemos que a cidadanía está en contra de que se aparten os xuíces por cuestións políticas.

É unha mágoa que non apoien isto, que demostren realmente cun mínimo xesto, en vez de facer aquí o paripé e o espectáculo, que realmente se dedican a aprobar cousas que lle afectan directamente á xente, e con eses cartos incidirían directamente no seu benestar, en múltiples facetas do emprego e do Estado de benestar; pero, sen embargo, seguen no mesmo.

Entón finalizo coas palabras de Joaquim Bosch, portavoz de Xuíces para a Democracia, que di: «Que o tribunal que debe xulgar casos dunha enorme relevancia adique unha porcentaxe tan importante do seu tempo a perseguir tuiteros e chistes máis ou menos desafortunados, di bastante do retroceso de liberdades que estamos a vivir». Dende logo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...dende o Grupo de En Marea seguiremos traballando e loitando sen ningún tipo de medo para que isto cambie. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Esgotados os puntos da orde do día, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25